XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*

UNIÓN EUROPEA

# PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020

galicia

# PROGRAMA OPERATIVO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE) 2014-2020 GALICIA

| | |
|---|---|
| CCI | CCI 2014ES05SFOP009 |
| Título | Programa operativo Fondo Social Europeo (FSE) 2014-2020 Galicia |
| Versión | 1 |
| Primeiro ano | 2014 |
| Último ano | 2020 |
| Subvencionable desde | 01/01/2014 |
| Subvencionable ata | 31/12/2023 |
| Número da decisión da Comisión Europea | C(2015)8894 |
| Data da decisión da Comisión Europea | 08/12/2015 |
| Número da decisión de modificación do Estado membro | |
| Data da decisión de modificación do Estado membro | |
| Data de entrada en vigor da decisión de modificación do Estado membro | |
| Rexións NUTS que abrangue o programa operativo | ES11 - Galicia |

# Índice de contidos


**0. PRESENTACIÓN ... 9**

**1. ESTRATEXIA DA CONTRIBUCIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO Á ESTRATEXIA DA UNIÓN PARA UN CRECEMENTO INTELIXENTE, SUSTENTABLE E INTEGRADOR E AO LOGRO DA COHESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL ... 11**

*1.1. Estratexia da contribución do programa operativo á estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sustentable e integrador e ao logro da cohesión económica, social e territorial ... 11*

1.1.1. Descrición da estratexia do programa para contribuír ao desenvolvemento da estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sustentable e integrador e ao logro da cohesión económica, social e territorial ... 11

1.1.2. Xustificación da selección dos obxectivos temáticos e das prioridades de investimento correspondentes ... 32

*1.2. Xustificación da asignación financeira ... 45*

**2. EIXES PRIORITARIOS ... 61**

*2.A. Descrición dos eixes prioritarios distintos da asistencia técnica ... 61*

*2.A.1. Eixe prioritario 1B: obxectivo temático 8 ... 61*

2.A.2. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría da rexión, obxectivo temático ou fondo (cando proceda) ... 61

2.A.3. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión ... 61

2.A.4 Prioridade de investimento 8i ... 62

2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ... 62

2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ... 71

*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ... 71*

*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ... 73*

*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ... 74*

*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ... 74*

*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ... 74*

2.A.4 Prioridade de investimento 8iii ... 75

2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ... 75

2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ... 79

*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ... 79*

*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ... 80*

*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ... 82*

*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ... 82*

*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ... 82*

2.A.4 Prioridade de investimento 8iv ... 82

2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ... 83

2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ... 90

*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ... 90*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ... 92*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ... 93*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ... 93*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ... 93*
2.A.4 Prioridade de investimento 8v ... 95
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ... 95
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ... 99
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ... 99*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ... 100*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ... 101*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ... 101*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ... 101*
2.A.7. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7 ... 102
2.A.8. Marco de rendemento ... 103
2.A.9. Categorías de intervención ... 105
2.A.10. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e o control dos programas e beneficiarios (cando proceda) ... 108
*2.A.1 Eixe prioritario 2B: obxectivo temático 9 ... 108*
2.A.2. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría da rexión, obxectivo temático ou fondo (cando proceda) ... 108
2.A.3. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión ... 109
2.A.4. Prioridade de investimento 9i ... 109
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ... 109
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ... 112
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ... 112*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ... 115*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ... 116*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ... 116*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ... 116*
72.A.4. Prioridade de investimento 9iii ... 117
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ... 117
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ... 120
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ... 120*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ... 121*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ... 122*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ... 122*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ... 123*

2.A.4. Prioridade de investimento 9iv ..... 123
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ..... 123
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ..... 126
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ..... 126*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ..... 128*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ..... 129*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ..... 129*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ..... 129*
2.A.7. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 ao 7 ..... 130
2.A.8. Marco de rendemento ..... 131
2.A.9. Categorías de intervención ..... 133
2.A.10. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (cando proceda) ..... 135
*2.A.1. Eixe prioritario 3B: obxectivo temático 10 ..... 136*
2.A.2. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría da rexión, obxectivo temático ou fondo (cando proceda) ..... 136
2.A.3. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión ..... 136
2.A.4. Prioridade de investimento 10i ..... 136
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ..... 137
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ..... 140
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ..... 140*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ..... 142*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ..... 143*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ..... 143*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ..... 143*
2.A.4. Prioridade de investimento 10ii ..... 144
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ..... 144
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ..... 147
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ..... 147*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións ..... 148*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda) ..... 149*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda) ..... 149*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión ..... 149*
2.A.4. Prioridade de investimento 10iii ..... 150
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ..... 150
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ..... 153
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios ..... 153*

*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións* ... *153*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)* ... *154*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)* ... *154*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión* ... *154*
2.A.4. Prioridade de investimento 10iv ... 155
2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados ... 155
2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento ... 158
*2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios* ... *158*
*2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións* ... *158*
*2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)* ... *160*
*2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)* ... *160*
*2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión* ... *160*
2.A.7. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 ao 7 ... 160
2.A.8. Marco de rendemento ... 162
2.A.9. Categorías de intervención ... 164
2.A.10. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e o control dos programas e beneficiarios (cando proceda) ... 167
*2.B. Descrición dos eixes prioritarios relativos á asistencia técnica* ... *167*
*2.B.1. Eixe de asistencia técnica* ... *167*
2.B.2. Xustificación para establecer un eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión (cando proceda) ... 167
2.B.3. Fondo e categoría de rexión ... 167
2.B.4. Obxectivos específicos e resultados esperados ... 168
2.B.5. Indicadores de resultados ... 170
2.B.6. Accións que van ser obxecto de axuda e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos (por eixe prioritario) ... 171
*2.B.6.1. Descrición das accións que van ser obxecto de axuda e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos* ... *171*
*2.B.6.2. Indicadores de produtividade que se espera que contribúan aos resultados (por eixe prioritario)* ... *172*
2.B.7. Categorías de intervención (por eixe prioritario) ... 173

**3. PLAN DE FINANCIAMENTO ... 175**

*3.1. Crédito financeiro procedente de cada un dos fondos e importes para a reserva de rendemento* ... *175*
*3.2. Crédito financeiro total por fondo e cofinanciamento nacional (en EUR)* ... *176*

**4. ENFOQUE INTEGRADO DO DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL ... 179**

*4.1. Desenvolvemento local participativo (cando proceda)* ... *182*
*4.2. Accións integradas para o desenvolvemento urbano sustentable (cando proceda)* ... *182*
*4.3. Investimento territorial integrado (IT) (cando proceda)* ... *182*
*4.4. Medidas a favor de accións interrexionais e transnacionais, no marco do programa operativo, con beneficios situados en, polo menos, outro Estado membro (cando proceda)* ... *183*
*4.5. Contribución das accións previstas no marco do programa ás estratexias macrorrexionais e de bacías marítimas, suxeitas ás necesidades da zona do programa identificadas polo Estado membro (cando proceda)* ... *183*

**5. NECESIDADES ESPECÍFICAS DAS ZONAS XEOGRÁFICAS MÁIS AFECTADAS POLA POBREZA OU DOS GRUPOS DESTINATARIOS QUE CORREN MAIOR RISCO DE DISCRIMINACIÓN OU EXCLUSIÓN SOCIAL (CANDO PROCEDA) .................................. 184**

*5.1. Zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social ........................................................ 184*
*5.2. Estratexia para abordar as necesidades específicas das zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou dos grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social e, de ser o caso, contribución ao enfoque integrado recollido no acordo de asociación.................................................................................. 185*

**6. NECESIDADES ESPECÍFICAS DAS ZONAS XEOGRÁFICAS QUE PADECEN DESVANTAXES NATURAIS OU DEMOGRÁFICAS GRAVES E PERMANENTES (CANDO PROCEDA)........................................................................................................... 187**

**7. AUTORIDADES E ORGANISMOS RESPONSABLES DA XESTIÓN, DO CONTROL E DA AUDITORÍA E PAPEL DOS SOCIOS PERTINENTES ........................................................ 189**

*7.1. Autoridades e organismos pertinentes ......................................................................... 189*
*7.2. Participación dos socios pertinentes.............................................................................. 189*
7.2.1. Accións emprendidas para que os socios pertinentes participen na preparación do programa operativo e o seu papel na execución, no seguimento e na avaliación deste ................................................................................................................. 189
7.2.2. Subvencións globais (para o FSE, cando proceda) ............................................ 195
7.2.3. Asignación dunha cantidade para o desenvolvemento de capacidades (para o FSE, cando proceda)............................................................................................ 195

**8. COORDINACIÓN ENTRE OS FONDOS, O FEADER, O FEMP E OUTROS INSTRUMENTOS DE FINANCIAMENTO DA UNIÓN E NACIONAIS, ASÍ COMO CO BEI ............................... 196**

**9. CONDICIÓNS *EX ANTE*........................................................................................... 203**

*9.1. Condicións ex ante..................................................................................................... 203*
*9.2. Descrición das accións para cumprir as condicións ex ante, organismos responsables e prazos.......................................................................................................................... 252*

**10. REDUCIÓN DA CARGA ADMINISTRATIVA PARA OS BENEFICIARIOS.......................... 253**

**11. PRINCIPIOS HORIZONTAIS ....................................................................................... 260**

*11.1. Desenvolvemento sustentable.............................................................................. 260*
*11.2. Igualdade de oportunidades e non discriminación .............................................. 261*
*11.3. Igualdade entre homes e mulleres ....................................................................... 262*

**12. ELEMENTOS INDEPENDENTES.................................................................................. 265**

*12.1. Grandes proxectos que se van executar durante o período de programación .... 265*
*12.2. Marco de rendemento do programa operativo .................................................... 265*
*12.3. Socios pertinentes que participan na preparación do programa.......................... 266*

**13. ANEXOS DO PROGRAMA OPERATIVO ..................................................................... 269**

*13.1. Informe da avaliación ex ante, xunto cun resumo executivo............................... 269*
*13.2. Documentación relativa á avaliación da aplicabilidade e o cumprimento das condicións ex ante ........................................................................................... 269*
*13.3. Ditame do organismo responsable de igualdade ................................................ 269*

*13.4. Resolución da autoridade ambiental da C.A. de Galicia ..................................... 269*
*13.5. Indicadores de resultado ..................................................................................... 269*
*13.6. Metodoloxía do sistema de indicadores .............................................................. 269*

**14. RESUMO FINANCEIRO PREVISTO DO PROGRAMA OPERATIVO POR OBXECTIVO TEMÁTICO, PRIORIDADES DE INVESTIMENTO, OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E CAMPOS DE INTERVENCIÓN.......................................................................................................... 270**

# 0. PRESENTACIÓN

As Orientacións integradas Europa 2020, que están relacionadas coas políticas económicas e de emprego dos Estados membros da UE, constitúen en 2010 os documentos de referencia inicial para o novo período de programación 2014-2020, xa que marcan as pautas básicas de actuación para o deseño da nova política de cohesión comunitaria.

A Comisión Europea puxo en marcha en marzo de 2010 a Estratexia Europa 2020, co obxectivo de saír da crise e preparar a economía da UE para afrontar os retos da próxima década.

Para contribuír á creación dun marco político de apoio a un crecemento económico na UE, a Comisión Europea presentou entre 2010 e 2011 as sete iniciativas emblemáticas que forman parte da Estratexia Europa 2020, que están vinculadas coa axenda dixital, a mocidade en movemento, a innovación, a política industrial integrada, a axenda de novas cualificacións e empregos, a plataforma europea contra a pobreza e a exclusión social, e a utilización eficaz dos recursos.

Co obxectivo de facilitar o proceso de programación e coordinación dos fondos estruturais e de investimento europeos para o próximo período de 2014 a 2020 nos Estados membros e nas rexións da UE, a Comisión presentou en 2012 o Marco estratéxico común, un documento que ten en conta os retos territoriais clave para distintos tipos de territorios e establece uns principios reitores estratéxicos que serven de base para redactar os acordos de asociación entre a UE e os Estados membros, e contribúen ao cumprimento dos obxectivos europeos.

A política de cohesión reformada, que representa máis dun terzo do orzamento total comunitario 2014-2020, converteuse na principal ferramenta de consecución dos obxectivos da UE para 2020: o crecemento económico; a creación de emprego; a loita contra o cambio climático e a dependencia enerxética, e a redución do abandono escolar, a pobreza e a exclusión social. Instrumentalízase fundamentalmente a través de 3 fondos: Feder, FSE e de Cohesión, e vai dirixida a todas as rexións europeas. Son as rexións máis pobres as que reciben niveis máis elevados de investimento. Galicia, por ter un PIB per cápita superior ao 90 % do PIB medio da UE-27, calculado sobre as cifras da Unión correspondentes ao período 2007-2009, encádrase no grupo de "rexións máis desenvolvidas".

Na elaboración do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 interviñeron tanto as administracións públicas involucradas (comunitaria, estatal, autonómica e local) como outras institucións e axentes económicos sociais galegos, que contribuíron a definir unha estratexia de desenvolvemento rexional FSE, logo de análise DAFO do diagnóstico da situación socioeconómica e territorial da Comunidade Autónoma.

Neste proceso de planificación dos traballos que se van realizar, que foron coordinados pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia, sobresae a participación interactiva dos socios pertinentes, a través das mesas de traballo específicas e do espazo web que a Consellería de Facenda habilitou para o efecto para a programación dos fondos estruturais 2014-2020.

A axuda FSE asignada pola UE ao Estado español, que está vinculada coa potenciación da política rexional comunitaria 2014-2020, ascende a 7.589,6 millóns de euros, que se articulará a través de programas operativos rexionais e plurirrexionais. A parte nacional que se investirá en Galicia relacionada co FSE ao longo do período supoñerá 853,9 millóns de euros, dos cales 313,1 corresponden ao PO FSE Galicia e o resto aos programas FSE plurirrexionais de emprego xuvenil, de emprego, formación e educación, de inclusión social e economía social, do Fondo Europeo de Axuda aos máis Desfavorecidos, e de Asistencia técnica.

O custo total previsto do presente programa ascende a 391,4 millóns de euros, dos cales o 80 % corresponde á axuda comunitaria FSE (313,1 millóns de euros) e o 20 % restante será cofinanciado pola Xunta de Galicia (78,3 millóns de euros).

O enfoque e a selección dos investimentos estratéxicos que se prevén cofinanciar con este programa distribúense nunha primeira desagregación a través de 4 eixes e 12 prioridades de investimento, e mostran un grao alto de coherencia co Regulamento (UE) nº 1304/2013 sobre o FSE, co Regulamento (UE) nº 1303/2013 sobre as disposicións comúns e xerais dos fondos EIE, co documento Posición dos servizos da Comisión sobre o desenvolvemento do Acordo de asociación e de programas en España no período 2014-2020 e co Acordo de asociación UE-España 2014-2020.

O eixe 1B, Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral, representa o 31 % do FSE do programa, con 97 millóns de euros. O eixe 2B, Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación, absorbe o 26,6 %, con 83,3 millóns de euros. O eixe 3B, Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente, é o de maior importe, con 124,4 millóns de euros, que supón o 39,7 %. E, finalmente, o eixe 8B de Asistencia técnica, con 8,5 millóns de euros, representa o 2,7 % do total da axuda.

Destaca a alta concentración temática da axuda FSE nas prioridades de investimento 8.3, 9.1, 9.3, 10.1 e 10.4, que conxuntamente supoñen o 80,2 % da axuda sen ter en conta a asistencia técnica, e están relacionadas respectivamente coa promoción do traballo e a creación de empresas, coa inclusión activa, a participación activa e a empregabilidade, coa non discriminación e o fomento da igualdade de oportunidades, coa redución do abandono escolar temperán e o fomento da igualdade de oportunidades no acceso á educación, e coa mellora dos sistemas de educación e formación orientados ao mercado laboral. Por outra parte, tamén sobresae a concentración dos investimentos do obxectivo temático 9, que representan o 27,3 % do FSE total, excluída a asistencia técnica.

O contido da presente edición responde á versión aprobada pola Comisión Europea o 8.12.2015, á cal se engade a actualización da distribución financeira dos programas plurirrexionais FSE que se investirán en Galicia nas seccións 1 e 8, un resumo financeiro previsto do PO por eixes/obxectivos temáticos, prioridades de investimento, obxectivos específicos e campos de intervención e a copia do documento de aprobación do programa operativo.

O programa que se presenta a continuación detalla, para o período 2014-2020, unha estratexia rexional concertada FSE para facer fronte aos principais retos do desenvolvemento económico e social de Galicia e acelerar a converxencia coa UE.

# 1. ESTRATEXIA DA CONTRIBUCIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO Á ESTRATEXIA DA UNIÓN PARA UN CRECEMENTO INTELIXENTE, SUSTENTABLE E INTEGRADOR E AO LOGRO DA COHESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL

## 1.1. Estratexia da contribución do programa operativo á estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sustentable e integrador e ao logro da cohesión económica, social e territorial

### 1.1.1. Descrición da estratexia do programa para contribuír ao desenvolvemento da estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sustentable e integrador e ao logro da cohesión económica, social e territorial

**Introdución**

A estratexia do programa operativo FSE de Galicia para o período 2014-2020 deseñouse a partir:

- Da análise do conxunto dos **obxectivos da Estratexia Europa 2020** e, especificamente, daqueles obxectivos que están en maior medida relacionados co campo de actuación do FSE (emprego, pobreza, e educación e formación), así como das **Recomendacións específicas realizadas a España por parte da Comisión Europea (CE)**, tras a avaliación do Plan nacional de reformas e programa de estabilidade no marco do Semestre europeo.

- Dunha completa **análise da situación socioeconómica de Galicia**, sintetizada nunha matriz DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades), que permitiu identificar as principais necesidades e retos que se deberían abordar en Galicia para contribuír ao logro do progreso económico e social e á cohesión territorial de Galicia.

- Da **análise das políticas, plans e estratexias en vigor en Galicia**, coa finalidade de garantir que a programación do FSE contribúa e sexa complementaria tanto ao desenvolvemento da política de cohesión da Unión como á consecución dos obxectivos marcados pola Xunta de Galicia en relación cos ámbitos de intervención do FSE.

- Da celebración dun **proceso participativo**, en que unha pluralidade de axentes (Administración pública a nivel rexional e local, organizacións empresariais, sindicatos, entidades do terceiro sector, representantes da sociedade civil, etc.) fixo as súas achegas ás análises anteriores e contribuíu á definición das liñas estratéxicas do programa.

- Da experiencia adquirida e **das leccións aprendidas no período de programación anterior 2007-2013**, que achegan un valor engadido á hora de deseñar o programa operativo e de reflexionar sobre o proceso de seguimento e avaliación que se aplicará ao novo período de programación 2014-2020.

- Da análise da complementariedade, das actuacións e recursos financeiros con outros programas operativos e outras fontes de financiamento nacionais.

## Contexto socioeconómico

A análise do contexto territorial galego permitiu identificar un conxunto de necesidades nos principais ámbitos de intervención do Fondo Social Europeo:

- A **análise demográfica** evidenciou que a poboación galega se caracteriza pola súa dispersión territorial, por presentar unha representación feminina de arredor do 51 % en todas as súas provincias, estar inmersa nun importante proceso de envellecemento e polas consecuencias derivadas dos procesos migratorios empezados no século pasado. Analizando as proxeccións de poboación a curto prazo, prevese a continuación da perda da poboación galega, a continua diminución das taxas de fecundidade e o aumento das de mortalidade que, debido ao envellecemento da poboación, provocan o retorno a valores negativos das taxas de crecemento da poboación.

  Ademais, a rexión galega caracterízase polo fenómeno de inmigración de retorno: pasouse de ter menos de 10.000 entradas a finais dos anos noventa a un máximo de 26.000 inmigracións no ano 2007, onde a maioría era representada por españois que retornaban a Galicia tras emigraren en épocas anteriores. Isto implicou a recuperación das cifras de poboación, sobre todo nalgúns grupos de idade (como as persoas maiores de 50 anos). En 2013 (último ano completo dispoñible) o fluxo de inmigración procedente do estranxeiro é de só 8.414 mentres que as emigracións ascenden a 12.300, segundo a estatística de migracións do INE.

  As **proxeccións de poboación** a curto prazo estiman en 2020 un descenso do 2,8 % fronte ao crecemento do 1,2 % da UE-28, cun descenso do 15 % da poboación do grupo de idade de 22-44 anos, fronte ao incremento do 22 % da poboación de 85 e máis anos.

- En canto aos **indicadores macroeconómicos**, preséntase a seguinte situación:

  - Galicia figura dentro das rexións máis desenvolvidas da Unión Europea ao superar no período de referencia (2007-2009 na base 2008) o 90 % do **PIB per cápita** da UE-27. A nova base contable 2010, recentemente publicada polo INE e Eurostat, mostra un menor crecemento da economía galega nos últimos anos que provoca unha perda de converxencia. Así, en 2014, o PIB per cápita sitúase no 87,6 % da media española e en 2013, segundo Eurostat, o PIB per cápita en PPS de Galicia é o 83 % da media da UE-28. O emprego total estimado en termos de contabilidade nacional ascendeu en 2014 a 1.020.800 persoas, un 16,5 % menos que o máximo alcanzado en 2008. O 82 % son asalariados.

    A **produtividade real** por persoa ocupada crece en 2014 un 5,6 % respecto ao ano base 2010, 3 décimas máis que en España e 1,1 puntos máis que a media da UE-28, derivado de que a destrución de emprego é superior ao descenso real do PIB.

  - Analizando os **sectores de actividade económica**, prevalece o sector servizos, que en 2014 representou o 68,3 % da economía galega, seguido por industria (14,6 %), construción (6,9 %), sector enerxético (5,4 %) e sector primario (4,9 %). Por índices de especialización, pódese afirmar que a especialización produtiva de Galicia está moi relacionada co aproveitamento dos recursos naturais, xa que a pesca e acuicultura é o sector en que a Comunidade Autónoma presenta unha especialización relativa máis forte, especialmente na comparativa coa UE, seguido polo sector da silvicultura e explotación forestal.

  - En canto ao **comercio exterior galego**, e segundo datos da AEAT, a Comunidade Autónoma presenta unha taxa de apertura superior á española e europea, ao tratarse dunha economía rexional integrada nun mercado nacional que, pola súa vez, forma parte

dun mercado común europeo. En 2014, as exportacións galegas representan o 7,4 % das exportacións do conxunto do Estado, superando en algo máis de 2 puntos o peso do PIB. Por outro lado, as importacións supoñen o 5,5 % do total de España. O comercio exterior con terceiros países presenta en 2014 unha taxa de cobertura do 122,6 %, e existe un saldo comercial positivo desde o ano 2007. O saldo positivo nos intercambios coa UE supera amplamente o saldo negativo co resto do mundo.

- Galicia caracterízase por un baixo gasto en **I+D**, en 2013 a estatística de I+D do INE presenta unha porcentaxe deste gasto sobre o PIB do 0,86 %, por debaixo da media nacional (1,24 %) e lonxe do 2,02 % da UE-28. Por sectores que realizan o gasto, a repartición está concentrada no ensino superior e no sector empresarial, en 2013 o primeiro sector supoñía case o 40,0 % do gasto e o segundo, o 46,0 %.

- Segundo o directorio de empresas do IGE, o 96 % do tecido empresarial está formado por microempresas e case o 60 % son persoas físicas. Nos últimos anos, o número de pemes activas descende, acumulando un descenso do 4,3 %. A taxa de **actividade emprendedora** en 2013 é do 7,1 %.

◙ A análise do **mercado de traballo** presenta a seguinte situación:

- En canto ás estimacións da Enquisa de poboación activa (EPA) da **poboación activa e taxa de actividade**, desde 2008 Galicia presentaba un elevado índice de poboación activa que empezou a diminuír, situándose en 2014 no 53,8 % do total da poboación, con diferenzas notables entre a franxa costeira e as zonas interiores, onde o valor se reduce como consecuencia do envellecemento poboacional. A taxa de actividade da poboación galega entre 16 e 64 anos alcanzou o 72,9 % en 2014.

- A **taxa de ocupación** do grupo de idade de 16 a 64 anos tivo unha tendencia similar á da economía da Comunidade Autónoma, cun punto de inflexión en 2008 cando a crise económica empezou a afectar a realidade laboral galega, ata situarse no 57,0 % en 2014. Por xénero, a fenda que existía entre a taxa de ocupación dos homes e a das mulleres foise reducindo debido a que a crise influíu de distinto xeito en ambos os dous grupos; os maiores afectados foron os homes dos sectores da construción e da industria.

- O 16,6 % dos ocupados pertence ao grupo de idade de **55 e máis anos**, mentres que en España esa porcentaxe é 2 puntos inferior. Esta porcentaxe aumenta respecto ao período de inicio da crise, na cal os mozos constitúen o colectivo máis afectado por esta.

- Respecto á **ocupación por sector económico**, no sector servizos hai máis de 710 mil ocupados, o 71 % do total. Destaca a rama do comercio, transporte e hostalaría, onde traballa o 28,1 % dos ocupados galegos. A porcentaxe de ocupados nas administracións públicas, en educación, sanidade e servizos sociais en Galicia corresponde ao 22,5 %, mentres que os ocupados na industria galega representan o 15,4 %. No sector da construción hai o 6,7 % dos ocupados, mentres que no sector primario se reduciu ata o 6,6 % en 2014 debido aos procesos de terciarización e de migracións do medio rural ás cidades.

- As contas económicas de Galicia reflicten unha estrutura produtiva que cambiou significativamente nos últimos 30 anos. En 1980 o sector primario representaba o 14 % do valor engadido, mentres que a industria manufactureira o 20 % e o sector servizos o 52 %. Na actualidade apréciase unha terciariación da economía (68,3 %) e o sector primario representa o 4,9 % do total. En termos de emprego acontece algo similar, xa que na actualidade o sector servizos aglutina o 71 % dos ocupados, cando en 1980 apenas representaban o 31 % e o sector primario concentraba o 42 % da ocupación. En canto aos sectores con perspectivas de crecemento, a Estratexia de especialización intelixente

(RIS3) identifica ámbitos con elevado potencial no marco dos retos establecidos: mar, acuicultura, enerxías renovables, turismo-TIC, sectores industriais tractores (naval, automoción, téxtil), economía do coñecemento, envellecemento activo e nutrición-alimentación. Para a dinamización destes sectores é necesario fomentar a adaptación ao cambio dos traballadores, das empresas e dos empresarios, a través da formación e cualificación das persoas.

- Ao longo dos anos, a **taxa de temporalidade** en Galicia, segundo a EPA, foi diminuíndo ata alcanzar o 23,5 % en 2014, que equivale a 183.000 asalariados. Por xénero, a redución afectou tanto homes coma mulleres, alcanzando respectivamente o 23,2 % e o 23,8 %. Respecto á distribución por idade, a poboación galega menor de 34 anos presenta unha alta taxa de temporalidade, que corresponde ao 43,3 %, fronte á taxa do 16 % dos maiores de 34 anos.

- Polo que concirne á **duración da xornada laboral**, a taxa de parcialidade estimada pola EPA incrementouse nos últimos anos e en 2014 chega ao 14,2 %, é dicir, 142.200 ocupados con xornada a tempo parcial. Entre as mulleres galegas a porcentaxe das que teñen xornada parcial é do 22,6 % fronte ao 6,7 % dos homes, xa que soportan o maior peso da conciliación e son as que principalmente se ocupan das tarefas de coidado de familiares ou do fogar.

- Con respecto á **evolución salarial**, esta considérase un dos factores que inciden negativamente no emprego e na produtividade do factor traballo en España. Outro dato relevante é o PIB per cápita en euros en España, que no ano 2014 foi de 22.780 euros e en Galicia de 19.954 euros. No **salario bruto anual** estimado na enquisa de estrutura salarial pode destacarse a apreciable diferenza por sexos xa que o salario medio anual feminino alcanza só o 78,2 % do masculino. Tamén existen grandes desigualdades por rangos de idade: o salario medio bruto anual dos menores de 25 anos alcanza o 63,6 % da media galega (51,7 % no caso das mozas galegas menores de 25 anos e 77,7 % para o tramo dos 25 aos 34 anos).

- Respecto aos **traballadores por conta propia**, Galicia conta cunha maior porcentaxe de empresarios que España e a UE-28: o 15,5 % dos ocupados galegos son empresarios sen asalariados, fronte ao 12,2 % en España e ao 10,8 % da UE-27.

- En canto á **taxa de paro (EPA**), nos últimos anos en Galicia, como noutras rexións españolas, aumentou notablemente ata alcanzar o 21,7 % no ano 2014 (275.800 parados), cifra que, en calquera caso, demostra certa robustez da economía galega fronte ao resto do conxunto de comunidades, dado que a taxa que ofrece a media nacional é bastante superior na actualidade (24,4 %) pero lonxe da media europea que se encontraba no 10,2 % no dito ano.
  Por xénero, a **taxa de desemprego** feminina e a masculina é similar nos tres últimos anos. En 2014, a fenda de xénero na taxa de desemprego é de sete centésimas en Galicia, 1,8 puntos en España e dúas décimas na UE.
  En canto ao nivel de formación, obsérvase como as maiores subas na taxa de paro se rexistraron entre o colectivo con niveis educativos máis baixos. Deste modo, entre a poboación analfabeta e con estudos primarios a taxa de paro subiu do 9,8 % en 2008 ata o 29,4 % en 2014. Non obstante, entre a poboación con educación superior a variación foi de 8 puntos: do 6,8 % ata o 14,9 %.

- A **poboación inactiva** ascende a 1.094.700 persoas segundo a EPA e concéntrase maiormente nos grupos de idade dos extremos, é dicir, entre os menores de 25 anos e, fundamentalmente, entre os maiores de 55 (72 % do total de inactivos). Ademais, o peso

da poboación inactiva tamén é maior entre as mulleres que entre os homes, en 2014 as mulleres representan o 57,5 % das persoas inactivas.

- A taxa de desemprego das persoas galegas que levan máis dun ano en busca de emprego en 2014 ascende ao 12,9 % da poboación activa fronte a un 15,1 % en España. Este colectivo representa sobre o total de parados o 60 % e o 62 %, respectivamente.

- En canto aos/ás **parados/as menores de 25 anos**, Galicia presenta uns datos moi negativos, xa que alcanza unha taxa de paro do 48,5 % en 2014, que equivale a 34.200 mozos. Non hai diferenzas apreciables a nivel de xénero (homes, 48,9 %; mulleres, 47,9 %), e presenta un elevado crecemento, posto que en 2008 esta taxa era do 21,2 %. Non alcanza as cotas tan altas que se dan para o conxunto nacional, onde en 2014 o 53,2 % dos menores de 25 anos que buscan emprego non o encontran.

- O colectivo das persoas con discapacidade, segundo a enquisa de discapacidades, caracterízase pola baixa participación no mercado de traballo e o incremento do desemprego nos últimos anos nunha porcentaxe moi superior ao incremento na poboación xeral. Os seguintes datos caracterizan esta poboación: o número de persoas con discapacidade na nosa comunidade autónomas ascende a máis de 233.000 persoas, das cales o 45 % son persoas en idade laboral. Das persoas en idade laboral, arredor de 9.000 son mozos de entre 16 e 30 anos. Galicia é a cuarta comunidade autónoma con menor taxa de actividade entre as persoas con discapacidade a nivel nacional: un 33,4 % fronte ao 36,6 % da media de España. A taxa de actividade das persoas con discapacidade en Galicia está 42,5 puntos por debaixo da taxa de actividade da poboación xeral galega. A taxa de paro das persoas con discapacidade en Galicia é do 28,1 % fronte ao 22,1 % da poboación xeral galega. A taxa de ocupación das persoas con discapacidade en Galicia está 8 puntos por debaixo da taxa de ocupación da poboación xeral.

- O diagnóstico en canto á situación de **pobreza e exclusión social** sinala que, segundo a Enquisa de condicións de vida do IGE, en 2012 o 23,6 % da poboación galega se encontraba en situación de risco de pobreza ou exclusión social, que equivale a 637.000 persoas, cunha taxa de risco de pobreza correspondente ao 16,5 %. Por rangos de idade, a poboación entre 16 e 24 anos é a que presenta unha taxa máis elevada (31,3 % para os homes e 32,1 % para as mulleres), ao contrario dos maiores de 65 anos, que presentan unha taxa máis reducida (13,7 % para os homes e 15,9 % para as mulleres). As mulleres presentan unha taxa 4 décimas superior aos homes (23,8 %).

    - A porcentaxe de persoas que viven en **fogares con carencia material severa** corresponde ao 6,9 %, un punto máis alto que en España, aínda que moito máis baixo que na UE-28, mentres que o 13,8 % de persoas de 0 a 59 anos que vive en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo é un valor moi superior ao da UE-28 pero medio punto inferior ao de España. Por último, o 26,3 % dos fogares con nenos a cargo está en situación de risco de pobreza ou exclusión social, e é especialmente significativo o caso dos fogares monoparentais, dos que máis da metade están nesa situación.

    - Por nacionalidade, a poboación estranxeira residente en Galicia supón o 3,6 % do total da poboación, mentres que en España esa porcentaxe é do 10,7 %. As principais nacionalidades en Galicia en 2014 son portuguesa, romanesa, brasileira, marroquí e colombiana, por esta orde. Por grupos de idade obsérvase que a franxa de poboación entre 16 a 44 anos é a máis significativa. Soamente hai 14 concellos en Galicia cunha porcentaxe de poboación de persoas beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional superior ao 3 %. En canto á inserción laboral, en 2014 contabilizouse un total de 41.133 contratos, dos cales o 72 % foi no sector servizos,

tamén o de maior número de demandantes de emprego, seguido polo sector primario, agricultura e pesca. A taxa de risco de pobreza ou exclusión social alcanza neste colectivo o 60 % en 2012, o que triplica a media da poboación.

- En canto ao colectivo de poboación xitana, na actualidade sitúase ao redor das 12.000 persoas en Galicia, inferior ao 0,5 % do total da poboación e que representa só o 2,6 % deste colectivo en España (menos da metade do peso da poboación total). Caracterízase por presentar un conxunto de situacións de desvantaxe económica e social, sobre todo nos ámbitos da educación, vivenda, saúde, emprego e promoción económica. En primeiro lugar, obsérvase que neste colectivo se presentan aínda fendas en todos os indicadores de nivel educativo, coa maior taxa de analfabetismo absoluto, que afecta o 13 % da poboación xitana, e con menores taxas en todos os niveis educativos. Un 25 % de poboación xitana galega reside en chabola ou infravivenda, segundo datos da Fundación Secretariado Gitano de 2007. A súa esperanza de vida é inferior á do conxunto da poboación. Esta última estímase entre 10 e 20 anos por debaixo da establecida para a poboación total. No que respecta á situación laboral presentan, así mesmo, de novo unha dobre fenda, agravada pola crise, xa que mostran peores datos de emprego que o resto da poboación galega e que o resto de poboación xitana en España, e prodúcese ademais un importante avance de situacións de economía informal e de ocupación en actividades económicas de carácter familiar, que revelan a existencia de subemprego.

◙ En canto á **educación e formación**, Galicia presenta a seguinte situación:

- A taxa de **abandono escolar temperán** de Galicia estimada na EPA alcanza o 18,5 % en 2014; dese xeito é a oitava comunidade autónoma con menor abandono escolar. Por xénero, Galicia presenta valores máis altos entre os homes (21,7 %) que entre as mulleres (15,2 %).

- En relación co **grao de ocupación das persoas con abandono temperán dos seus estudos** no ano 2014, Galicia presenta unha taxa de actividade da poboación de entre 25 e 64 anos con estudos finalizados de nivel primario ou inferior do 47,7 %. A **taxa de actividade** aumenta ata o 61,7 % entre a poboación de 25 a 34 anos. Por xénero, a taxa de actividade é inferior entre as mulleres, que alcanza o 41,7 %. Respecto á **taxa de emprego** para persoas que teñen o nivel de educación de primaria ou inferior, o valor medio galego corresponde ao 33,6 % e tamén é superior en homes, 37,3 %, que en mulleres, 30,4 %.

- En relación coa **educación superior**, os datos de 2014 da EPA indican que en Galicia o 44,1 % de persoas de entre 30 e 34 anos completou os estudos superiores, sendo o 42,3 % en España. En ambos os dous casos a porcentaxe está por riba da media da UE-28 (36,8 %).

- En canto á **transición do sistema educativo ao mercado laboral** e a adecuación do nivel formativo á demanda laboral, a idade incide positivamente como un factor corrector en relación coas baixas taxas de actividade nos sectores da poboación con niveis educativos básicos, o que se debe á experiencia profesional acumulada. Comparando os datos por xénero, as mulleres presentan valores moi baixos respecto aos homes en todos os rangos de idade e etapas educativas, o que exixe unha formulación específica ao seu favor, principalmente naquelas persoas con niveis educativos máis baixos.

- A **taxa de emprego segundo o nivel de formación alcanzado** mostra unha correlación positiva entre o nivel de educación e o nivel de empregabilidade ou ocupación das persoas con taxas desfavorables para a muller en todos os niveis formativos.

- En canto á **formación profesional para o emprego**, en Galicia as mulleres son as que máis participan neste tipo de programas formativos (56,7 % respecto a un 43,3 % de homes). Por rangos de idade, prevalece a poboación superior a 35 anos (50,1 %) e con estudos de educación secundaria xeral (48,2 %).

- No ano 2013 o 10,2 % de traballadores galegos participara en accións de **formación continua.** Respecto á tipoloxía de cursos formativos, no ano 2013 o 20,9 % das empresas galegas proporcionaron actividades formativas en tecnoloxías da información e a comunicación ao seu cadro de persoal. Este valor é inferior na construción (13,5 %) e superior no sector servizos (16,4 %) e industria (20,6 %).

- Un dos activos máis importantes dun territorio á hora de valorar o seu potencial é o nivel de capacitación alcanzado pola súa poboación, o capital humano é fundamental no aumento da produtividade do traballo e a competitividade. En Galicia o 59,4 % da poboación maior de 16 anos só alcanza o nivel educativo de primeira etapa da educación secundaria (ESO). A elevada taxa de abandono escolar temperán, 18,5 % en 2014, indica que case unha de cada cinco persoas de entre 18 a 24 anos abandona o sistema educativo sen completar a segunda etapa da ESO e non segue ningún tipo de educación ou formación. Isto contribúe a que esta porcentaxe da poboación con baixo nivel educativo se reduza lentamente; así, un terzo da poboación de entre 20 e 30 anos posúe estudos inferiores ou iguais á primeira etapa da ESO. Esta poboación con baixa cualificación presenta unha taxa de actividade e de emprego moi inferior ás de maior cualificación, a taxa de emprego da poboación con educación primaria ou inferior é do 33,7 % e a da poboación con nivel de primeira etapa da ESO é do 56,8 % fronte á taxa da poboación con segunda etapa da ESO (66,2 %) e con educación superior (76,4 %), na taxa de paro obsérvase unha situación similar. Por outro lado, segundo a enquisa de condicións de vida, o 8,7 % dos ocupados utiliza un idioma foráneo no seu traballo.

- En 2014, a poboación que nunca usou a internet, segundo a enquisa TIC-H do INE, sitúase no 30,7 % e a que usa a internet de forma regular no 79 %, no caso dos colectivos desfavorecidos no 47 %, polo que Galicia se encontra moi lonxe dos obxectivos europeos establecidos na Axenda dixital. Por iso, adoptaranse medidas de formación en TIC dos traballadores no ámbito da PI8v para avanzar na capacitación profesional dixital. Así mesmo, dentro dos itinerarios de inclusión social, apoiarase a alfabetización e capacitación dixital no ámbito da PI9i.

- **En canto ao rendemento académico**, medido a través do Informe PISA, Galicia presenta mellores medias que España e que a media europea nas tres áreas de avaliación, cun valor de 499 en lectura, 489 en matemáticas e 512 en ciencias.

- En relación coa **taxa de idoneidade** publicada polo Ministerio de Educación, obsérvase que se reduciu na última década para homes e mulleres a todas as idades agás aos 15 anos, onde as taxas aumentan na última década.

## OBXECTIVOS EUROPA 2020

Os obxectivos Europa 2020 desenvolven o panorama ideal da Unión Europea naqueles ámbitos considerados clave. Estes obxectivos, que deben considerarse unha guía a medio prazo para cada programación, están concretados pola súa vez en obxectivos nacionais, permitindo así a cada país avaliar a súa situación e analizar as súas estratexias respecto ao seu avance cara a estas metas.

A través das medidas programadas prevese unha aproximación cara a estes obxectivos en cada aspecto, tendo en conta que non son independentes senón que o avance en cada ámbito é dependente e está relacionado cos demais.

Aqueles ámbitos que se relacionan de forma máis directa co Fondo Social Europeo (emprego, educación e formación, e inclusión social e pobreza) e a actualidade e meta de cada indicador para Galicia, España e a UE son:

***Indicadores de Europa 2020 no ámbito do emprego, educación e formación, inclusión social e pobreza.***

| | Galicia | España | UE | Obxectivo de España | Obxectivo UE | Distancia de Galicia ao obxectivo de UE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Taxa de emprego da poboación de 20-64 anos (2014) | 59,7 % | 59,9 % | 69,2 % | **74,0 %** | **75 %** | **15,3** |
| Taxa de abandono prematuro escolar da poboación de 18 a 24 anos (2014) | 18,5 % | 21,9 % | 11,1 % | **15 %** | **10 %** | **8,5** |
| Porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos con estudos superiores (2014) | 44,1 % | 42,3 % | 37,9 % | **44 %** | **44 %** | |
| Porcentaxe de poboación en risco de pobreza ou exclusión social (2013) | 23,6 % | 27,3 % | 24,5 % | **1,4-1,5 M** | **20M** | |

***Fonte: elaboración propia mediante datos Eurostat e IGE***

## RETOS

Os **retos** que servirán como directrices estratéxicas no deseño das accións do programa operativo son os seguintes:

- Mellorar a taxa de emprego e a redución da temporalidade adaptando a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado laboral, así como mediante a creación de postos de traballo caracterizados pola estabilidade e sustentabilidade, especialmente os dirixidos aos colectivos con máis dificultades para o emprego e mediante a incentivación do emprego por conta propia e a mellora da cultura empresarial.
- Aumento da cohesión social e da integración sociolaboral dos colectivos máis desfavorecidos mellorando a accesibilidade e a calidade dos servizos sociais, así como mediante a súa capacitación para a incorporación ao mercado laboral e a mellora das súas habilidades para facilitar o seu desenvolvemento persoal e familiar, así como garantir a igualdade de oportunidades mediante medidas que favorezan a conciliación laboral e familiar.
- Aumento da oferta de ciclos formativos de grao medio á vez que se reduce o abandono prematuro da educación e a formación, ademais de diminuír o fracaso escolar e mellorar

as competencias profesionais das e dos investigadores e promover a súa participación en proxectos de investigación.

A estes tres retos únese o de contribuír aos obxectivos de Europa 2020 cun enfoque na programación dirixido á obtención de resultados.

**OBXECTIVOS E ESTRATEXIA DO PROGRAMA OPERATIVO FSE 2014-2020**

O programa operativo do FSE 2014-2020 de Galicia estrutúrase, de acordo coa normativa comunitaria de aplicación, en obxectivos temáticos ou eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos. Derivado de todo o anterior, incidiuse nunha serie de obxectivos específicos sobre a base das accións que a Xunta de Galicia identificou como prioritarias nos obxectivos temáticos 8, 9 e 10, en liña cos retos identificados e cos obxectivos de Europa 2020 en materia de emprego, educación e de loita contra a pobreza e a inclusión social.

**OBXECTIVO TEMÁTICO 8: PROMOVER A SUSTENTABILIDADE E A CALIDADE NO EMPREGO E FAVORECER A MOBILIDADE LABORAL**

O obxectivo Europa 2020 persegue unha taxa de emprego da poboación de 20 a 64 anos do 74 % para España. No ano 2014 a taxa de emprego en Galicia era do 59,7 %; era similar á media española, 59,9 %, e inferior á europea, 69,2 %. No caso de Galicia a taxa de emprego é superior en homes que en mulleres, 63,0 % e 56,4 %, respectivamente. Neste sentido e a pesar de estar por riba da media nacional, Galicia encóntrase a 14,3 puntos de distancia deste obxectivo, o que implica a necesidade da posta en marcha de medidas para a mellora da taxa de emprego, tanto en mulleres coma en homes.

Observando os datos de Galicia, o mercado laboral sufriu unha deterioración empezada no ano 2008 como consecuencia da crise económica que afectou todo o país. Nos últimos seis anos (2008-2014) reducíronse os ocupados en 203.200 persoas e incrementouse o número de parados en 162.600 persoas; este problema acentuouse entre a poboación xuvenil, que pasou dunha taxa de paro do 21,2 % en 2008 ao 48,5 % en 2014. Por xénero, a taxa de desemprego feminina e a masculina é similar, aínda que neste caso algo maior no caso dos homes, motivado pola citada destrución maior de emprego en sectores nos cales estes están tradicionalmente suprarrepresentados.

O nivel educativo da poboación é un factor decisivo na empregabilidade, a análise da porcentaxe de persoas que teñen emprego en función do nivel de estudos alcanzado mostra unha correlación positiva entre o nivel de educación e o nivel de empregabilidade ou ocupación das persoas; así, a taxa de actividade en 2014 da poboación galega de entre 25 e 64 anos con estudos primarios é do 47,8 % e a de ocupación do 33,7 %; estas taxas son do 74,2 % e 55,1 %, respectivamente, se consideramos a poboación con estudos de primeira etapa de educación secundaria obrigatoria (ESO); na poboación con estudos de segunda etapa de ESO as porcentaxes son do 82,5 % para a actividade e do 66,7 % para a ocupación; por último, a taxa de actividade da poboación con estudos superiores é do 89 % e a de ocupación do 76,3 %. Se consideramos soamente a poboación máis nova, entre 25 e 34 anos, observamos unha situación similar, a taxa de ocupación pasa do 38,4 % (estudos primarios) ao 70,7 % (estudos superiores), o que indica a importancia do nivel educativo á hora de ter emprego. Ademais, obsérvase como as maiores subas na taxa de paro se rexistraron entre o colectivo con niveis educativos máis baixos. Deste modo, entre a poboación analfabeta e con estudos primarios a taxa de paro subiu do 9,8 % en 2008 ata o 29,4 % en 2014. Entre a poboación con educación superior a variación foi de 8 puntos: do 6,8 % ata o 14,9 %.

Respecto da ocupación por sector económico, o número de efectivos que traballan no sector primario en Galicia sufriu unha importante mingua debido aos procesos de terciarización e de migracións do medio rural ás cidades. No ano 1980, o 41,6 % dos ocupados galegos realizaba o seu labor neste sector, mentres que esta porcentaxe caeu ata o 6,6 % en 2014. Con todo, o peso da agricultura e da pesca na ocupación é maior na Comunidade Autónoma de Galicia que en España e na UE-28. Cabe destacar a división da pesca e acuicultura, que dá traballo ao 1,7 % dos ocupados en Galicia fronte ao 0,1 % da UE-28.

Por outra parte, o peso do sector industrial en Galicia (15,4 %) é superior ao do conxunto de España (13,7 %) pero inferior ao da UE-28 (17,4 %). Unha análise un pouco máis detallada mostra que a industria agroalimentaria, a téxtil e a industria da madeira teñen máis importancia na ocupación en Galicia que na UE-28, mentres que o peso do resto da industria é maior na UE-28. Polo que concirne ao sector servizos, destaca a rama do comercio, transporte e hostalaría, onde traballa o 25,9 % dos ocupados galegos. Esta porcentaxe supera en 3,8 puntos a media da UE-28 pero é 1,9 puntos inferior á de España.

Por último, a porcentaxe de ocupados nas administracións públicas, en educación, sanidade e servizos social en Galicia (22,5 %) sitúase 2,8 puntos por debaixo do valor da UE-28.

A taxa de temporalidade en Galicia foi diminuíndo ata alcanzar o 23,5 % en 2014, afectando de xeito similar tanto homes como mulleres, respectivamente o 23,2 % e 23,8 %. O segmento de poboación máis afectada é representado polos mozos de entre 16 e 34 anos con taxa de temporalidade que corresponde ao 43,2 %.

No salario bruto anual pódese destacar unha importante diferenza por sexos xa que o salario medio anual feminino alcanza só o 78,2 % do masculino. Tamén existen grandes desigualdades por rangos de idade. O salario medio bruto anual dos menores de 25 anos alcanza o 63,5 % da media galega. Outra diferenza é a taxa de parcialidade, que se incrementou nos últimos anos e en 2014 chega ao 14,2 %. Entre as mulleres galegas, a porcentaxe das que teñen xornada parcial é do 22,6 % fronte ao 6,7 % dos homes. Entre os motivos principais que teñen as traballadoras galegas para ter unha xornada laboral de duración parcial están: non poder encontrar un traballo de xornada completa (62,8 %); o coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores (11,7 %); non querer un traballo de xornada completa (8,3 %); outros deberes familiares ou persoais (5,3 %), e outros motivos (11,8 %).

A promoción da formación permanente é un factor clave para a mellora do capital humano, co que se persegue contribuír á adaptabilidade dos traballadores, mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral, ao mesmo tempo que mellorar e adaptar os sistemas de formación de acordo coas necesidades reais da economía e das empresas.

A crise económica dos últimos anos afectou especialmente a poboación xuvenil. En Galicia un 55 % da poboación de entre 16 e 29 era considerada economicamente activa en 2014, porcentaxe que diminuíu máis de catro puntos con respecto a 2010. Desta poboación, un 34,1 % ten emprego e a taxa de paro sitúase no 38 % da poboación activa deste grupo de idade. Por sexo, a taxa de paro é similar entre homes e mulleres e a taxa de actividade é do 56,1 % nos homes e do 53,9 % nas mulleres.

Por último, procede resaltar algunhas referencias sobre o autoemprego debido á importancia que representa no conxunto da estratexia do presente programa e, en concreto, dentro deste obxectivo temático na súa prioridade de investimento 8.3, dedicada a promover o traballo por conta propia. É preciso comezar sinalando que o 14,4 % dos ocupados galegos son empresarios sen asalariados, que un 58,8 % deles traballan no sector servizos e un 20,7 % no sector primario. En canto aos

datos máis relevantes que serven para determinar a estratexia e xustificar as actuacións programadas, pódese destacar principalmente que desde o inicio da crise económica (2008) ata 2014 a tendencia en canto ao número de persoas emprendedoras non deixou de diminuír, o que supón 26.300 persoas menos en valores absolutos (de 170.000 en 2008 a 143.700 en 2014). Por outra parte, en canto aos datos por sexo, estes evidencian a existencia dun forte desequilibrio, xa que o 58,5 % do total son homes fronte ao 41,5 % de mulleres. Por último, tendo en conta a idade, é necesario destacar que en 2014 o 54,6 % ten 45 anos ou máis.

Tendo en conta os parágrafos anteriores e a complementariedade con outros fondos explicada posteriormente, a programación neste obxectivo temático farase nas seguintes prioridades de investimento e obxectivos específicos:

**Prioridade de investimento 8i:** o acceso ao emprego por parte dos demandantes de emprego e das persoas inactivas, incluídos os desempregados de longa duración e as persoas afastadas do mercado laboral, así como as iniciativas de emprego locais e o fomento da mobilidade laboral.

> Obxectivo específico.8i.2. Mellorar a empregabilidade das persoas demandantes de emprego, a través da adquisición e/ou actualización de competencias profesionais.
>
> Obxectivo específico.8i.5. Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente daquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, incluídas as iniciativas locais de emprego.

**Prioridade de investimento 8iii:** fomentar o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas, incluídas as microempresas e as pequenas e medianas empresas innovadoras.

> Obxectivo específico.8iii.1. Aumentar as competencias emprendedoras e incrementar o número de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables creadas, facilitando o seu financiamento mellorando a calidade e eficiencia dos servizos de apoio e de consolidación.

**Prioridade de investimento 8iv:** promover a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluído o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo.

> Obxectivo específico.8iv.1. Aumentar a contratación de mulleres, especialmente en sectores económicos que presentan un alto potencial de emprego con escasa presenza feminina.
>
> Obxectivo específico.8iv.2. (Re)integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral.

**Prioridade de investimento 8v:** a adaptación dos traballadores e traballadoras, as empresas e o empresariado ao cambio.

> Obxectivo específico.8v.1. Adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado laboral, así como mellorar a súa situación contractual para garantir o seu mantemento no emprego e permitir a súa progresión profesional.

As actuacións financiadas con FSE neste obxectivo temático contribuirán fundamentalmente ao obxectivo da Estratexia Europa 2020 de aumentar a taxa de emprego, tanto en homes como mulleres.

**OBXECTIVO TEMÁTICO 9: PROMOVER A INCLUSIÓN SOCIAL, LOITAR CONTRA A POBREZA E CALQUERA FORMA DE DISCRIMINACIÓN**

En canto á **porcentaxe de poboación en risco de exclusión ou pobreza**, o obxectivo en Galicia é diminuír o 23,6 % de 2012 e achegarse ao obxectivo Europa 2020 nesta materia. Sendo o obxectivo para España do 20 %, Galicia encóntrase a 3,6 puntos de distancia do cumprimento do dito obxectivo.

Cabe destacar o maior risco de pobreza entre o grupo de mulleres novas galegas (32,1 %) e menor risco no grupo de homes maiores de 65 anos (13,7 %). Ao respecto, débese ter en conta que os niveis de pobreza infantil e xuvenil se agravaron especialmente. Pola contra, nos últimos tempos, as persoas maiores diminuíron os seus niveis de pobreza relativa, algo que supón un cambio de tendencia que hai que ter en conta á hora de deseñar as políticas de asistencia social.

A porcentaxe de persoas que viven en fogares con carencia material severa corresponde ao 6,9 %, un punto máis alto que en España, mentres que o 13,8 % de persoas de 0 a 59 anos viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo. Polo tanto, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social aumenta a medida que diminúe a intensidade do traballo nas persoas do fogar.

O 26,3 % dos fogares con nenos a cargo está en situación de risco de pobreza ou exclusión social, e é especialmente significativo o caso dos fogares monoparentais, dos cales máis da metade están nesa situación.

En canto á poboación estranxeira residente en Galicia, esta presenta unha taxa de risco de pobreza moi elevada respecto á da poboación española, que corresponde ao 48,7 %, o que demostra un incremento da pobreza moito máis acusado entre os estranxeiros que entre os españois.

En canto ao colectivo das persoas con discapacidade, caracterízase pola baixa participación no mercado de traballo e o incremento do desemprego nos últimos anos nunha porcentaxe moi superior ao incremento na poboación xeral. O número de persoas con discapacidade ascende a máis de 233.000 persoas, das cales o 45 % son persoas en idade laboral.

Polo tanto, a programación neste obxectivo temático farase nas seguintes prioridades de investimento e obxectivos específicos:

**Prioridade de investimento 9i:** a inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de encontrar un emprego.

> Obxectivo específico.9i.1. Mellorar a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social a través da activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción.

**Prioridade de investimento 9iii:** a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

> Obxectivo específico.9iii.1. Aumentar a integración sociolaboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables, a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, e eviten, pola súa vez, a discriminación múltiple.

**Prioridade de investimento 9iv:** o acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral.

> Obxectivo específico.9iv.1 Mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables a servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación, incluíndo a eliminación dos estereotipos.

As actuacións financiadas con FSE neste obxectivo temático contribuirán fundamentalmente ao obxectivo da Estratexia Europa 2020 de reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social.

**OBXECTIVO TEMÁTICO 10: INVESTIR EN EDUCACIÓN, FORMACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA A ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES E A APRENDIZAXE PERMANENTE**

No que se refire aos obxectivos en materia de educación, por unha parte, a taxa de abandono prematuro escolar da poboación de 18 a 24 anos en Galicia corresponde ao 18,5 % en 2014, polo tanto está a 8,5 puntos de distancia do cumprimento do dito obxectivo para a UE, a pesar do descenso de case 7 puntos nos últimos dez anos; é necesario seguir reducindo esta taxa nos próximos anos a un ritmo superior ao actual para converxer coa media europea. Por outra parte detéctase un nivel baixo de persoas que queren acceder á formación profesional e un nivel de prazas deste tipo de educación inferior á demanda. Por último, Galicia presenta unha porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos con estudos superiores correspondente ao 44,1 %, máis elevada que a media española.

En canto ao **grao de ocupación das persoas con abandono escolar temperán** en 2014, Galicia presenta unha taxa de actividade da poboación de entre 25 e 64 anos con estudos finalizados de nivel primario ou inferior do 47,7 %. A **taxa de actividade** aumenta ata o 61,7 % se o rango de idade escollido é o de 25 a 34 anos, pero analizando o dato por xénero diminúe entre as mulleres ata alcanzar o 41,7 %.

Os datos do nivel educativo da poboación ocupada na Comunidade Autónoma de Galicia remarcan **a importancia que a educación e a formación teñen sobre o emprego, ao seren un elemento clave do conxunto da estratexia** e, en concreto, para a selección de dúas prioridades de investimento consideradas como idóneas para investir dentro deste obxectivo temático. Así, a porcentaxe de poboación ocupada con educación secundaria, que é moi superior ao resto, alcanza máis da metade da poboación ocupada en detrimento da poboación con nivel de estudos primarios, que apenas alcanza o 5,7 %. Pola súa banda, a poboación ocupada con estudos superiores, cun 40,4 % do total, pon de relevo a importancia do nivel educativo á hora de obter emprego.

No Informe da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento (OCDE) "Skill beyond School (competencias máis alá da escola)" resáltase que España, en 2012, ocupa o 5º posto pola cola en canto a **taxa de titulados de formación profesional**. Poucos estudantes españois estudan formación profesional e destes aínda menos teñen a oportunidade de cursar programas coa metodoloxía da aprendizaxe baseada no traballo. O intenso crecemento económico español entre mediados dos 90 e 2008 veu acompañado dunha notable oferta de emprego, en moitas ocasións pouco exixente coa cualificación dos mozos. Esta situación produciu como resultado que os mozos que non encontraban satisfacción na educación formal fosen atraídos polo mercado laboral, mesmo sen finalizar a educación secundaria obrigatoria. A irrupción da crise económica en 2008 modificou substancialmente a situación, como mostra a elevada taxa de paro da poboación galega de 16 a 29 anos (38 %); ademais o nivel educativo do 42 % desta poboación é inferior á segunda etapa da educación secundaria obrigatoria.

Os datos anteriores indican a necesidade de **aumentar a participación na formación profesional de grao medio e superior**. Actualmente, na Comunidade Autónoma de Galicia, no proceso de admisión nos ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional participan ao redor duns 46.772 mozos para un total de 27.171 prazas. Como resultado do proceso quedan un total de 8.333 mozos, menores de 30 anos, sen praza en formación profesional (o 45,9 % en ciclos de grao medio e o 54,1 % restante en ciclos de grao superior).

**En canto ao rendemento académico**, medido a través do Informe PISA, Galicia presenta mellores medias que España e que a media europea nas tres áreas de avaliación, cun valor de 499 en lectura, 489 en matemáticas e 512 en ciencias.

Polo tanto, os obxectivos serán, por un lado, diminuír a taxa de abandono prematuro escolar e, por outro lado, polo menos manter a porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos con nivel educativo terciario, mellorar o rendemento académico para achegalo ás rexións máis desenvolvidas de Europa, incrementar a participación na formación profesional e mellorar a súa calidade e mellorar a empregabilidade das persoas, adecuando a formación e a educación ás necesidades do mercado de traballo.

Polo tanto, a programación neste obxectivo temático farase nas seguintes prioridades de investimento e obxectivos específicos:

**Prioridade de investimento 10i:** a redución e a prevención do abandono escolar temperán e o fomento da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de boa calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe formais, non formais e informais encamiñados a permitir a reintegración no proceso de educación e formación.

> Obxectivo específico.10i.2. Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizadas e de proxectos dos centros ou dos organismos competentes.

**Prioridade de investimento 10ii:** a mellora da calidade, a eficacia e a accesibilidade da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para os grupos desfavorecidos.

> Obxectivo específico.10ii.1. Aumentar o número dos alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres.

**Prioridade de investimento 10iii:** a mellora da igualdade de acceso á aprendizaxe permanente para todos os grupos de idade en estruturas formais, non formais e informais e dos coñecementos, as competencias profesionais e as capacidades de traballadores e traballadoras, así como a promoción de itinerarios de aprendizaxe flexibles, tamén a través da orientación profesional e a validación das competencias adquiridas.

> Obxectivo específico.10iii.2. Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de competencias profesionais ou certificación de experiencia laboral ou de nivel educativo.

**Prioridade de investimento 10iv:** a mellora da importancia dos sistemas de educación e formación para o mercado laboral, facilitando a transición desde a escola ao traballo e fortalecendo os sistemas de educación e formación profesional e a súa calidade, a través, entre outros, de mecanismos de anticipación de destrezas e habilidades, adaptación de títulos

profesionais e o establecemento e desenvolvemento de sistemas de aprendizaxe no lugar de traballo, incluíndo sistema de formación dual e programas de aprendizaxe

> Obxectivo específico.10iv.1. Aumentar a participación na formación profesional de grao medio e superior e mellorar a calidade da formación profesional.

As actuacións financiadas con FSE neste obxectivo temático contribuirán fundamentalmente aos obxectivos da Estratexia Europa 2020 de reducir o abandono escolar prematuro e á mellora da taxa de emprego, a medio e longo prazo. Aínda que con menor impacto, o indicador do peso do gasto en I+D sobre o produto interior bruto tamén se verá beneficiado polas axudas á etapa de formación predoutoral.

**CONTRIBUCIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO ÁS ESTRATEXIAS REXIONAIS**

Os obxectivos específicos do programa operativo FSE 2014-2020 de Galicia están aliñados con outras estratexias e plans rexionais, onde destaca principalmente:

- **RIS3.** A Estratexia galega de especialización intelixente 2014-2020 concibiuse como un instrumento para incrementar a competitividade das actividades en que Galicia está especializada, a través do desenvolvemento de todo o seu potencial científico e tecnolóxico, relacionando de xeito cooperativo os axentes rexionais entre si e co exterior, e maximizando os recursos e capacidades existentes.

- **Programa de garantía xuvenil.** Enmarcado dentro da Estratexia de emprendemento e emprego novo 2013-2016.

- **Galicia Inviste.** Axudas a proxectos de investimento empresarial 2013-2015.

- **Estratexia de internacionalización 2020.** Fomento, coordinación e facilitación da internacionalización das empresas galegas, impulsando o investimento e a creación de emprego por estas.

- **Axenda de competitividade industrial 2014-2020.** Reforzo dos sectores competitivos da economía galega, diversificación da actividade industrial e facilitación da innovación nos procesos e produtos nas empresas galegas.

- **IV Plan galego para a igualdade entre homes e mulleres 2013-2015.** A través de 6 eixes este programa desenvolve unha serie de medidas cuxo obxectivo é tratar de eliminar a discriminación que poden sufrir as mulleres en calquera dos ámbitos da súa vida. Aborda tanto apartados de fomento da igualdade entre homes e mulleres como de eliminación da violencia de xénero.

- **Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020.** Contén un marco de intervencións orientadas a dar resposta efectiva e coordinada ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, establecendo os tipos de apoios que se van realizar co obxectivo de lograr a súa inclusión social.

- **Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016.** Inclúe 53 medidas orientadas a beneficiar e mellorar a situación das 19.500 familias de Galicia, incluíndo axudas á vivenda, protección social, educación, etc.

- **Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016.** Inclúe diferentes vantaxes, entre elas fiscais, de acceso á vivenda e ao transporte público para fomentar e incentivar aquelas persoas que deciden ter fillos/as. Está conformado por un total de 67 medidas orientadas a atallar o problema demográfico galego.

- **Programa de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.** Desde 2013, expón a normativa que permite crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais na busca dunha acción integral, destinada a satisfacer os dereitos e necesidades dos/as nenos/as con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias.

- **Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia. Horizonte 2020.** Establece unha serie de obxectivos e recomendacións que permiten orientar a organización e o funcionamento dos diferentes servizos (sociais, sanitarios e educativos) que logren mellorar as condicións de vida das persoas en termos de saúde e autonomía persoal, así como apoiar a prevención dos factores de risco e de limitacións funcionais e á atención integral.

- **Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia 2013.** Marca as tres liñas estratéxicas para o desenvolvemento de accións asistenciais sociosanitarias, que pasan por conseguir un sistema de atención coordinado e compartido entre a rede de servizos sociais e sanitarios; identificar e atender as persoas con necesidades sociosanitarias no ámbito sanitario e, por último, garantir un nivel de excelencia a través da innovación, o desenvolvemento dos sistemas de información e a promoción das novas tecnoloxías.

- **Plan proxecta**. Busca a integración na planificación anual dos centros de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo.

- **Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras.** Marca as pautas e programas que se deberán seguir para mellorar as competencias do alumnado galego en comprensión e expresión oral e escrita nunha lingua estranxeira, basicamente inglés, que lle permitan ser un usuario independente desta, conforme os requisitos do nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas, así como de dotar progresivamente o profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación do alumnado.

- **Plan anual de formación do profesorado 2014/2015.** Integra a oferta de actividades de formación e responde ás necesidades e demandas do profesorado a que vai dirixido, así como ás estratexias, plans e programas priorizados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- **Contratos programa 2014/2015.** Este programa pretende adaptar as diferentes liñas de traballo ás novidades introducidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e pretende potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave, especialmente da competencia matemática, así como a mellora da convivencia nos centros e o logro da excelencia educativa.

- **Plan de emprendemento no Sistema educativo de Galicia.** Conforma o marco de fomento do espírito emprendedor na educación galega, establecendo a estratexia coas liñas que se deberán seguir para realizar as actuacións.

- **Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2011/2015.** Define os recursos con que contan as universidades galegas, así como o seu ordenamento para este período.

### CONTRIBUCIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO ÁS ESTRATEXIAS NACIONAIS

En canto ás estratexias e plans nacionais, cabe sinalar as seguintes:

- **Estratexia española de activación para o emprego 2014-2016.**

A Estratexia española de activación para o emprego incorpora, entre outros aspectos, as tendencias do mercado de traballo e as actividades económicas e ocupacións con mellores perspectivas de emprego. Polo tanto, é unha referencia básica que se debe ter en conta no desenvolvemento dos programas operativos.

Entre as ocupacións con maiores posibilidades de creación de emprego no conxunto de España e especificamente en Galicia destacan o turismo, a hostalaría, o lecer e a restauración, tanto polo seu dinamismo como pola súa marxe para a innovación e modernización. Ademais, destaca o potencial innovador da actividade agroalimentaria, as ocupacións relacionadas co comercio exterior, os novos nichos de emprego no sector da construción relacionados coas enerxías renovables ou a arquitectura urbana sustentable e, en xeral, as actividades que teñen relación coas novas tecnoloxías, a comunicación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico dos procesos produtivos. Finalmente, é especialmente relevante a potencialidade do sector sanitario e todo o relacionado coa mellora da calidade de vida e a atención ás persoas maiores e dependentes.

Para poder crear emprego nestes sectores, a estratexia formula unhas necesidades formativas tanto transversais como sectoriais. Dentro das primeiras destacan as relacionadas con idiomas e novas tecnoloxías, as competencias básicas xerais e as relacionadas coa organización empresarial e a xestión de empresas. Entre as necesidades formativas sectoriais destacan aquelas do sector agroalimentario relacionadas coas novas tecnoloxías e o respecto ao ambiente, as do sector enerxético relacionadas coa eficiencia enerxética ou a biomasa, e outras asociadas ao ambiente como as de mantemento de plantas de reciclaxe de residuos ou a xestión hídrica. Así mesmo, proponse a formación necesaria para a creación de empresas de turismo rural ou ecolóxico ou as microempresas de produtos artesanais diferenciados. Obsérvase, polo tanto, unha énfase na formación en tecnoloxías relacionadas coa economía verde, que contribúan á creación de emprego por conta allea como a través do emprendemento.

- O **Plan nacional para a inclusión social do Reino de España 2013-2016**, que dá resposta ás necesidades derivadas da pobreza e a exclusión social que se acentuaron coa crise económica, todo iso no marco dos obxectivos que a Unión Europea marcou na súa Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sustentable e integrador.

- A **Estratexia nacional para a inclusión social da poboación xitana en España 2012-2020,** que incide nas catro áreas clave para a inclusión social: educación, emprego, vivenda e saúde. En cada unha delas marca uns obxectivos cuantitativos, que se concretan en porcentaxes de poboación, que se deberán alcanzar no ano 2020. Ademais destas catro áreas, a estratexia establece liñas de actuación complementarias en materia de acción social, participación, mellora do coñecemento deste colectivo, igualdade da muller, non discriminación, promoción da cultura e unha especial atención á poboación xitana procedente doutros países.

- A **Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020,** que afonda no proceso aplicativo da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

## CONTRIBUCIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO ÁS ESTRATEXIAS DA UNIÓN

- O programa operativo atende varias das prioridades de financiamento que a Comisión Europea recomenda atender en España no ***Position Paper***, entre as cales destacan:

  - O aumento da participación no mercado laboral dos grupos máis vulnerables.

  - O apoio á adaptación do sistema produtivo a actividades de maior valor engadido mediante a mellora da competitividade das pemes e o fomento dun ámbito empresarial favorable á innovación

- Reforzo do sistema de investigación, desenvolvemento e innovación.

- Da análise realizada pola Comisión sobre o **Programa de estabilidade para o período 2013-2016** e sobre o **Programa nacional de reformas 2014**, esta plasmou as súas conclusións para España en 9 recomendacións, que se tiveron en conta no deseño do programa operativo. A seguir indícase a cales delas atende o programa operativo do FSE 2014-2020 de Galicia.

## Recomendación 3

Impulsar novas medidas para reducir a segmentación do mercado de traballo en prol da calidade e sustentabilidade do emprego, por exemplo reducindo o número de tipos de contrato e garantindo un acceso equilibrado aos dereitos de indemnización por despedimento. Proseguir a supervisión periódica das reformas do mercado de traballo. Velar por que a evolución dos salarios reais sexa coherente co obxectivo de creación de emprego. Reforzar os requisitos de busca de emprego para a percepción das prestacións de desemprego. Mellorar a eficacia e a focalización das políticas activas do mercado de traballo, incluídas as axudas á contratación, sobre todo para os que teñen máis dificultades para acceder ao emprego. Reforzar a coordinación entre as políticas do mercado de traballo e as de educación e formación. Acelerar a modernización dos servizos públicos de emprego para que presten un asesoramento personalizado eficaz, proporcionen formación axeitada e garantan a correspondencia entre a demanda e a oferta de emprego, prestando especial atención aos parados de longa duración. Garantir a aplicación eficaz, antes de finais de 2014, das iniciativas de cooperación entre os sectores público e privado nos servizos de colocación e supervisar a calidade dos servizos proporcionados. Garantir o funcionamento efectivo do Portal único de emprego e combinalo con medidas adicionais de apoio á mobilidade laboral.

Os principais aspectos que se abordan no PO FSE de Galicia céntranse en responder a mellorar a eficacia e a focalización das políticas activas do mercado de traballo e o reforzo da coordinación entre as políticas do mercado de traballo e as de educación e formación. As prioridades de investimento relacionadas con estas recomendacións son: 8i, 8iii, 8iv, 8v, 10ii, 10iii e 10iv. Os demais aspectos relacionados con esta recomendación aténdense tendo en conta a complementariedade coas medidas dos PO plurirrexionais e as reformas nacionais.

## Recomendación 4

Aplicar a Estratexia de emprendemento e emprego novo 2013-2016 e avaliar a súa eficacia. Proporcionar ofertas de boa calidade para oportunidades de emprego, contratos de aprendizaxe e períodos de prácticas para mozos e mellorar o achegamento aos mozos non rexistrados como desempregados, de conformidade cos obxectivos dunha garantía xuvenil. Aplicar eficazmente os novos programas educativos para mellorar a calidade da educación primaria e secundaria. Mellorar o apoio e asesoramento proporcionados aos grupos que presentan risco de abandono escolar prematuro. Aumentar a pertinencia, para o mercado de traballo, dos distintos tipos de formación profesional e do ensino superior, en particular mellorando a cooperación cos empregadores e fomentando a formación de titores e profesores.

As actuacións previstas neste PO céntranse na aplicación dos novos programas educativos, as medidas de redución de abandono escolar e en mellorar a pertinencia para o mercado de

traballo, da formación profesional e ensino superior. Estes puntos aténdense, fundamentalmente, a través das prioridades de investimento 8iii, 10i, 10ii e 10iv. Os demais aspectos relacionados con esta recomendación considéranse coas medidas incluídas nos PO plurirrexionais (POEFE e POEX no que se refire á aplicación da garantía xuvenil).

**Recomendación 5**

Aplicar o Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016 e valorar a súa eficacia para a consecución da totalidade dos seus obxectivos. Reforzar a capacidade administrativa e a coordinación entre os servizos sociais e de emprego co fin de brindar itinerarios integrados de apoio a quen se encontre en situación de risco, e impulsar entre as administracións públicas encargadas dos programas de renda mínima procedementos racionalizados para facilitar as transicións entre os sistemas de rendas mínimas e a incorporación ao mercado de traballo. Mellorar a orientación dos programas de apoio ás familias e os servizos de calidade dando prioridade aos fogares de rendas baixas con fillos, para garantir a eficacia e a progresividade das transferencias sociais.

O presente PO responde, fundamentalmente, a través das prioridades de investimento 9i, 9iii e 9 iv á recomendación de brindar itinerarios integrados de inclusión social e os programas de apoio a familias e servizos de calidade. Os restantes aspectos relacionados con esta recomendación aténdense coas reformas nacionais e co Programa operativo de inclusión social e da economía social.

**PROGRAMA NACIONAL DE REFORMAS ESPAÑA 2014**

**AGS. 3. Fomentar o crecemento e a competitividade actual e futura**

**EIXE 3. Capital humano**

**Medidas:**

- Novo modelo de formación para o emprego
- Creación do Marco español de cualificacións para a aprendizaxe
- Impulso á eficiencia, excelencia e internacionalización do Sistema universitario español
- Impulso á cultura e á competencia dixital no ámbito educativo

Estas medidas son acordes con:

**OT10. Investir na educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente.**

**AGS 4. Loitar contra o desemprego e as consecuencias sociais da crise**

**EIXE 1. Mercado de traballo e políticas activas de emprego**

**Medidas:**

- Fomento do emprego indefinido a través dunha redución das cotizacións á Seguridade Social (AGS 4.1.2).
- Estratexia española de activación para o emprego 2014-2016

Estas medidas son acordes con:

**OT8. Promover a sustentabilidade e a calidade do emprego e favorecer a mobilidade laboral.**

**ELEMENTOS DOUTROS PROGRAMAS OPERATIVOS DOS FONDOS EIE QUE PODEN FAVORECER A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

A seguir, e sen prexuízo do seu desenvolvemento na sección 8 deste documento, inclúense unha serie de medidas contidas noutros programas, incluídos os programas nacionais do FSE e os programas nacionais e rexionais do Feder, das cales se pode beneficiar a Comunidade Autónoma de Galicia no marco do programa operativo FSE 2014-2020 e, en concreto, en cada un dos seus eixes prioritarios:

No que se refire ao eixe prioritario 1, Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade, o programa operativo de emprego formación e educación contribuirá ao eixe dedicando unha parte moi importante dos seus recursos (aproximadamente o 50 %) a este eixe; as medidas do Programa operativo de emprego xuvenil contribuirán a favorecer a rexión mediante a integración das persoas novas no mercado laboral a través do desenvolvemento do Sistema nacional de garantía xuvenil, así como mediante accións de formación para a obtención de certificados de profesionalidade, acceso á FP de grao medio e á FP dual superior, cursos para a obtención do título de ESO e bolsas para estudos de idiomas.

A isto engádense as medidas de fomento das empresas de economía social e da RSE en empresas de economía social previstas no Programa operativo de inclusión social e da economía social.

Outro apoio para os obxectivos deste eixe prioritario vén desde o Programa operativo crecemento intelixente, na súa liña de fomento do emprendemento, especificamente no sector TIC, a través de diferentes mecanismos de asesoría e financiamento.

Existen medidas relacionadas co eixe 2, Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación, principalmente no Programa operativo de inclusión social e da economía social, entre os que destacan os itinerarios de inserción sociolaboral dirixidos á poboación xitana, programa de mellora da empregabilidade para mulleres xitanas, apoio á regularización de actividades non declaradas, inserción en emprego protexido, formación para o emprego, loita contra estereotipos, capacitación do persoal de servizos de emprego e sociais, reforzo educativo ao alumnado xitano e acceso a servizos sociais e sanitarios.

O Programa operativo crecemento sustentable prevé certas medidas relacionadas con este eixe, entre os que destacan a elaboración de mecanismos para favorecer o acceso aos servizos públicos de colectivos con dificultades a través de novas tecnoloxías da información e da comunicación. Na mesma liña prevese a realización doutras medidas para eliminar a fenda dixital a través da mellora da alfabetización dixital, especificamente para que o acceso aos servizos públicos mediante as TIC se realice en condicións de igualdade.

O programa operativo Feder rexional contribúe a ese eixe ao programar actuacións de investimento en infraestrutura social e sanitaria como a adquisición e instalación de equipamentos para o Hospital de Vigo, investimentos en centros de inclusión social en novas tecnoloxías e en adaptación ás necesidades funcionais dos usuarios e melloras de acceso da poboación a elementos técnicos de apoio.

Por último, en canto ao eixe 3, Investimento en educación, formación e mellora das competencias profesionais, destacan as medidas previstas no Programa operativo de emprego, formación e educación como anticipación da elección e novos itinerarios en 3º e 4º ESO, FP básica, apoio ao alumnado con necesidades especiais, colaboración entre escolas ordinarias e centros de educación especial, información e orientación ao alumnado sobre FP ademais da actualización do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

O Programa operativo crecemento intelixente, cofinanciado co Feder, relaciónase, pola súa vez, con este eixe, a través da liña “Programa de educación da Axenda dixital para España", onde se prevé a incorporación das TIC nas aulas, tanto para fomentar a adquisición de competencias neste sector como para canalizar e con iso potenciar a aprendizaxe doutras materias con estas ferramentas. Co Feder rexional realizaranse medidas de construción de novos centros educativos e ampliación e rehabilitación doutros centros.

A actuación de contratación de mozos/as investigadores en fase predoutoral que se prevé cofinanciar mediante este PO de FSE compleméntase con accións que se incluirán no PO Feder de Galicia coa liña de axudas á realización de proxectos de investigación e con accións do Programa operativo de emprego xuvenil (liña de axudas para os estudos de máster). Así mesmo, nas etapas anteriores ao máster existen bolsas aos estudos de grao, financiadas con fondos nacionais exclusivamente. Deste xeito, conséguese articular medidas de apoio aos distintos niveis mediante a coordinación dos distintos fondos de financiamento nacionais e europeos.

A través do **Programa operativo de asistencia técnica** impulsaranse a creación e o desenvolvemento de mecanismos de colaboración e complementariedade entre organismos intermedios estatais e rexionais, e complementará as actuacións que se programen nas rexións para a mellora da xestión dos recursos do FSE, especialmente a través de capacitación en materias en que se detectasen carencias e a través do desenvolvemento das medidas consideradas no Plan de acción elaborado pola autoridade de xestión.

### 1.1.2. Xustificación da selección dos obxectivos temáticos e das prioridades de investimento correspondentes[1]

A continuación preséntase nunha única táboa a información referente á análise das prioridades de financiamento marcadas polo *Spain Position Paper*, as actuacións recollidas no PNR no marco das áreas prioritarias identificadas no Estudo prospectivo anual sobre o crecemento 2013 (AGS, siglas en inglés de *Annual Growth Survey*), a Estratexia Europa 2020 e as debilidades e prioridades de actuación identificadas na Análise diagnóstico realizada sobre a situación de Galicia de forma comparativa coas rexións españolas e europeas no marco dos obxectivos temáticos do FSE 2014-2020.

***Cadro 1. Xustificación da selección dos obxectivos temáticos e as prioridades de investimento.***

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| OT.8. Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral. | PI.8i. Facilitar o acceso ao emprego por parte dos e das demandantes de emprego e das persoas inactivas, incluídas as persoas desempregadas de longa duración e as persoas afastadas do mercado laboral, así como as iniciativas de emprego locais e o fomento da mobilidade laboral. | Coa programación nesta prioridade preténdese primar o emprego de carácter estable e aquel que beneficia as persoas máis afastadas do mercado laboral (como as persoas desempregadas de longa duración, sen perder a perspectiva de xénero) a través de orientación profesional, adquisición ou actualización de competencias e adquisición de experiencia profesional.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D8.1 Taxa de paro e de desemprego de longa duración superiores á media europea.<br>• D8.3 Taxa de actividade inferior á media europea e española.<br>• D8.5 Taxa de actividade inferior en mulleres que en homes (10 puntos porcentuais máis baixa no caso das mulleres).<br>• D8.8 Continuación da tendencia de diminución de taxa de emprego.<br>• D8.9 Efecto crise que expulsou do mercado laboral máis homes (desde 2008 a 2013 145.400 H), sobre todo dos sectores da construción e a industria, que mulleres (desde 2008 a 2013 57.000 M), sobre todo do sector servizos e a industria.<br>• D8.12 O grupo de nivel educativo baixo (analfabeto, primaria e primeira etapa de secundaria) conta con salarios brutos do 79,6 % da media galega (63,4 % se se consideran as mulleres con niveis de educación baixos). |

[1] Tomando en consideración o acordo de asociación, baseado na identificación das necesidades rexionais e, de ser o caso, nacionais, incluída a necesidade de abordar os problemas identificados nas recomendacións pertinentes específicas de cada país adoptadas de conformidade co artigo 121, número 2, do TFUE e nas recomendacións pertinentes do Consello adoptadas de conformidade co artigo 148, número 4, do TFUE, tendo en conta a avaliación *ex ante*.

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | • D8.14 Alta temporalidade, cun 67,9 % de mozos (16 a 24 anos) que traballan de forma temporal involuntariamente en 2013.<br>• D8.15 Difícil acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social.<br>Pola súa vez, tanto a Comisión Europea coma o Consello da UE consideran prioritario para España o incremento do emprego e a mellora da súa calidade:<br>1) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br>• Incrementar o emprego e mellorar as condicións laborais de persoas novas, maiores, mulleres, persoas pouco cualificadas e grupos vulnerables, reducindo o número de persoas en situación de desemprego de longa duración.<br>2) Recomendacións específicas para España nº 4, 5 e 6 do Consello.<br>- Consecuentemente, esta prioridade aparece recollida no Programa nacional de reformas por parte do Estado español e constitúe un dos retos que debe abordar o programa operativo:<br>3) PNR 2014: medidas de fomento da contratación laboral e de activación das persoas desempregadas. |
| | PI.8iii. Promover o traballo por conta propia, o espírito empresarial e a creación de empresas. | O emprego por conta propia mostrou ser un refuxio en épocas de crise e un elemento catalizador do desenvolvemento económico en momentos de maior estabilidade. O impulso das iniciativas empresariais, así como a súa sustentabilidade, obtén maiores garantías de éxito se se realiza a través de servizos de apoio e de consolidación.<br><br>O autoemprego é un factor xerador de innovación e, polo tanto, de desenvolvemento económico, así como de inclusión, en especial de colectivos con dificultades de acceso ao traballo por conta allea, como poden ser as persoas novas.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D8.1 Taxa de paro e de desemprego de longa duración superiores á media europea.<br>• D8.3 Taxa de actividade inferior á media europea e española.<br>• D8.6 Desequilibrio territorial entre as provincias de litoral e de interior respecto aos niveis de actividade e desemprego.<br>• D8.7 Dificultades adicionais de acceso ao emprego en zonas rurais de baixa densidade de poboación.<br>• D8.8 Continuación da tendencia de diminución da taxa de emprego. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | • D8.9 Efecto crise que expulsou do mercado laboral máis homes, sobre todo dos sectores da construción e a industria, que mulleres, sobre todo do sector servizos e a industria.<br>• D8.14 Alta temporalidade, cun 67,9 % de mocidade que traballa de forma temporal involuntariamente en 2013.<br>• D8.16 Predominio de especialización produtiva en actividades de baixo valor engadido e intensidade tecnolóxica.<br>• D8.17 Reducido tamaño da maioría de empresas empregadoras: escasa capacidade formadora, escasa capacidade innovadora e de incorporación de tecnoloxía.<br><br>Neste sentido, esta prioridade aparece considerada para España tanto nas estratexias nacionais coma no posicionamento da Comisión e nas recomendacións do Consello:<br><br>1) Desenvolvemento da Estratexia de emprendemento e emprego novo 2013-2016 (para colectivo distinto ao NEET).<br><br>2) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br><br>○ Promover viveiros de empresas e outros tipos de apoio a persoas emprendedoras e autónomas, en particular en áreas que ofrezan potencial de crecemento.<br><br>3) Recomendación específica para España nº 5 do Consello:<br><br>○ Aplicar as medidas de loita contra o desemprego xuvenil expostas na Estratexia de emprendemento e emprego novo 2013-2016.<br><br>4) PNR 2014: medidas de apoio ao emprendemento. |
| | PI.8iv. A igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluído o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo. | A aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes non só é un mandato dos regulamentos comunitarios que se aplican aos fondos EIE, senón fundamentalmente unha cuestión de xustiza social para cuxo avance se require a achega comunitaria que impulse as políticas e actuacións nacionais na materia. Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D8.5 Taxa de actividade inferior en mulleres que en homes (10 puntos porcentuais máis baixa no caso das mulleres). |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | • D8.9 Efecto crise que expulsou do mercado laboral máis homes, sobre todo dos sectores da construción e a industria, que mulleres, sobre todo do sector servizos e a industria.<br>• D8.10 O salario medio anual feminino alcanza só o 78,2 % do masculino.<br>• D8.13 Escasa empregabilidade dos mozos, especialmente das mulleres con menor nivel de formación.<br>• D10.7 Taxa de emprego menor das mulleres e tamén segundo o nivel de formación alcanzado, que é desfavorable á muller en todos os niveis educativos.<br><br>Neste sentido, a selección desta prioridade alíñase coas estratexias nacionais na materia e coas recomendacións do Consello da UE e as prioridades de financiamento para España da Comisión Europea:<br><br>1) Desenvolvemento do Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016.<br><br>2) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br><br>○ Aumento da participación no mercado laboral, cunha atención especial aos grupos máis vulnerables e ás diferenzas por razón de sexo.<br><br>3) Recomendación específica para España nº 6 do Consello:<br><br>○ Aumentar a empregabilidade das persoas con menor acceso ao mercado de traballo.<br><br>4) Art. 7 dos regul. (UE) 1303/2013 e 1304/2013: fomento da igualdade entre homes e mulleres. |
| | PI.8v. Facilitar a adaptación dos traballadores e traballadoras, as empresas e o empresariado ao cambio | Nun momento de rexeneración do modelo produtivo, no cal resulta indispensable a mellora da adaptabilidade das persoas traballadoras e do empresariado aos posibles cambios do mercado e á aparición de novos sectores e nichos de emprego, débese potenciar a súa cualificación e recualificación que sente as bases dun maior mantemento no emprego e progresión da carreira profesional.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D8.1 Taxa de paro e de desemprego de longa duración superiores á media europea.<br>• D8.8 Continuación da tendencia de diminución de taxa de emprego. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | • D8.12 O grupo de nivel educativo baixo (analfabeto, primaria e primeira etapa de secundaria) conta con salarios brutos do 79,6 % da media galega (63,4 % se se consideran as mulleres con niveis de educación baixos).<br>• D8.13 Escasa empregabilidade da poboación nova, especialmente das mulleres con menor nivel de formación.<br>• D10.8 En Galicia o valor medio da taxa de emprego para persoas que dispoñen do nivel de educación de primaria ou inferior é do 33,7 %<br>• D8.16 Predominio de especialización produtiva en actividades de baixo valor engadido e intensidade tecnolóxica.<br>• D8.17 Reducido tamaño da maioría de empresas empregadoras: escasa capacidade formadora, escasa capacidade innovadora e de incorporación de tecnoloxía.<br><br>A selección desta prioridade de investimento é consoante cos plans e medidas nacionais e coa visión que para o período 2014-2020 teñen para España o Consello e a Comisión:<br><br>1) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br><br>○ Deseñar e aplicar as medidas necesarias para axudar á transición da poboación activa cara a novas cualificacións e empregos.<br><br>2) Recomendación específica para España nº 4 do Consello:<br><br>○ Reforzar a eficacia dos programas de recualificación para as persoas traballadoras de máis idade e de escasa cualificación.<br><br>3) PNR 2014: medidas destinadas a cubrir as necesidades dos sectores produtivos e das persoas traballadoras ocupadas. |
| OT 9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza. | PI. 9i. A inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de encontrar un emprego. | Experiencias pasadas, como as iniciativas comunitarias, mostran que o traballo en partenariado entre distintos actores clave potencia o rendemento dos recursos nacionais e comunitarios, aumenta a súa visibilidade e fomenta a innovación e a transferencia de coñecementos, e é especialmente relevante no caso dos colectivos máis vulnerables, que requiren de atención |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | personalizada.<br><br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D9.3 A renda media por unidade de consumo en Galicia é inferior á media nacional.<br>• D9.4 Descenso medio anual do 1,2 % no ingreso medio por fogares desde 2009 a 2012.<br>• D9.5 O ingreso medio por unidade de consumo é inferior ao de España, aínda que se recortaron as diferenzas, pasando do 88,2 % da media estatal en 2004 a un 97,2 % en 2012.<br>• D9.7 Necesidades crecentes para a protección social, para a loita contra a pobreza e a promoción da inclusión.<br>• D9.9 Altas taxas de fracaso escolar sen alternativas para as persoas non cualificadas.<br>• D9.10 Necesidades de mellorar a eficacia e a eficiencia das políticas activas de emprego e risco de que os grupos máis vulnerables queden excluídos.<br>• D9.11 Risco de exclusión de grupos vulnerables no acceso ao emprego e formación, especialmente mocidade ou colectivos con múltiple discriminación.<br><br>A xeración de valor engadido xustifica a selección desta prioridade de investimento, en liña coas posturas nacionais e comunitarias:<br><br>1) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br><br>○ Aumento da participación no mercado laboral, cunha atención especial aos grupos máis vulnerables, incluídas as persoas xitanas, inmigrantes e as persoas con discapacidade, proporcionando axuda aos pactos territoriais, ás iniciativas locais de emprego e integración social e ás estratexias municipais de desenvolvemento local.<br><br>2) Recomendación específica para España nº 6 do Consello.<br><br>3) Fomento do partenariado e do traballo en rede.<br>4) Recomendación de inclusión activa (IA) da CE. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | PI.9iii. A loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades. | O crecemento integrador, unha das bases da Estratexia Europa 2020, promove a loita contra a pobreza e a exclusión social co fin de aumentar a conciencia e recoñecer os dereitos fundamentais das persoas que sofren pobreza e exclusión social.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D9.1 Os niveis de pobreza xuvenil e dos fogares monoparentais con fillos/fillas a cargo agraváronse especialmente.<br>• D9.2 Elevada taxa de risco de pobreza na poboación estranxeira residente en Galicia.<br>• D9.2 A poboación en risco de pobreza sitúase principalmente en áreas próximas ás grandes cidades das provincias de Ourense e Pontevedra.<br>• D9.6 Progresivo envellecemento da poboación.<br>• D9.7 Necesidades crecentes para a protección social, para a loita contra a pobreza e a promoción da inclusión.<br>• D9.8 Desaxustes entre as políticas educativas e as necesidades do mercado de traballo, especialmente máis evidentes na formación profesional de primeiro e segundo grao.<br>• D9.9 Altas taxas de fracaso escolar sen alternativas para as persoas non cualificadas.<br>• D9.11 Risco de exclusión de grupos vulnerables no acceso ao emprego e formación, en concordancia co Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016.<br><br>Neste sentido, a selección desta prioridade alíñase coas estratexias nacionais na materia e coas recomendacións do Consello da UE e as prioridades de financiamento para España da Comisión Europea:<br><br>1) Desenvolvemento do Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016.<br><br>2) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br><br>○ Aumento da participación no mercado laboral, cunha atención especial aos grupos máis vulnerables e ás diferenzas por razón de sexo.<br><br>3) Recomendación específica para España nº 6 do Consello: |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | ○ Aumentar a empregabilidade das persoas con menor acceso ao mercado de traballo.<br><br>4) Art. 7 dos regul. (UE) 1303/2013 e 1304/2013: fomento da igualdade entre homes e mulleres. |
| | PI.9iv. O acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral. | A poboación galega caracterízase por estar inmersa nun proceso de envellecemento e nun declive demográfico. Ademais, conta coa maior dispersión xeográfica de España, xa que case a metade das entidades singulares de poboación de todo o territorio nacional se encontran en Galicia. Cada vez máis, determinados colectivos da sociedade necesitan dunha maior protección social, non só para a mellora da súa calidade de vida senón tamén para os efectos de poder lograr a igualdade de trato en todos os ámbitos.<br>Por todo isto é necesario actuar mediante políticas sociais integrais co obxectivo de lograr unha mellor accesibilidade aos servizos sociais para as persoas máis vulnerables.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D9.1 Os niveis de pobreza xuvenil e dos fogares monoparentais con fillos/fillas a cargo agraváronse especialmente.<br>• D9.2 A poboación en risco de pobreza sitúase principalmente en áreas próximas ás grandes cidades das provincias de Ourense e Pontevedra.<br>• D9.3 A renda media por unidade de consumo en Galicia é inferior á media nacional.<br>• D9.4 Descenso medio anual do 1,2 % no ingreso medio por fogares desde 2009 a 2012.<br>• D9.5 O ingreso medio por unidade de consumo é inferior ao de España, aínda que se recortaron as diferenzas, pasando do 88,2 % da media estatal en 2004 a un 97,2 % en 2012.<br>• D9.6 Progresivo envellecemento da poboación.<br>• D9.7 Necesidades crecentes para a protección social, para a loita contra a pobreza e a promoción da inclusión.<br>• Necesidade de adaptar os servizos ás necesidades e características das persoas máis vulnerables.<br>A selección desta prioridade alíñase coas estratexias nacionais na materia e coas recomendacións do Consello da UE e as prioridades de financiamento para España da Comisión Europea:<br>1) Recomendación de inclusión activa (IA) da Comisión<br>2) O Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016 |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| OT10. Investir na educación, no desenvolvemento das capacidades e na aprendizaxe permanente. | 10i. A redución e a prevención do abandono escolar temperán e o fomento da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de boa calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe formais, non formais e informais encamiñados a permitir a reintegración no proceso de educación e formación | A loita contra o abandono temperán da educación e a formación é unha das grandes prioridades educativas e un investimento de futuro para evitar unha man de obra de baixa cualificación e para dotar as xeracións vindeiras dun espírito crítico baseado nuns coñecementos sólidos e consolidados.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D10.1 A taxa de abandono escolar temperán en Galicia situouse no 18,5 % no ano 2014, 3,4 puntos por debaixo da nacional, pero 7,4 puntos por riba da da UE-28 e 3,5 puntos superior ao obxectivo fixado pola Estratexia Europa 2020 para España.<br>• D10.2 Taxa de abandono educativo temperán superior nos homes. En Galicia o 25,0 % para os homes fronte ao 15,4 % nas mulleres.<br>• D10.4 Os niveis máis baixos de actividade encóntranse na poboación con nivel formativo de educación primaria ou inferior.<br>• D10.5 A taxa de actividade da poboación de entre 25 e 64 anos con estudos finalizados de nivel primario ou inferior é do 58,0 % e do 46,2 % en España e Galicia, respectivamente.<br>• D10.8 En Galicia o valor medio da taxa de emprego, para persoas que dispoñen do nivel de educación de primaria ou inferior, é moi similar ao nacional (33,7 %) e tamén é superior en homes (38,0 %) que en mulleres (30,4 %).<br>• D10.11 Baixa taxa de poboación, que se gradúa na formación profesional de grao medio e superior, arredor do 21,0 % e 25,6 %, respectivamente.<br>A selección desta prioridade alíñase coas estratexias nacionais na materia e coas recomendacións do Consello da UE e as prioridades de financiamento para España da Comisión Europea:<br><br>1) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br><br>○ Reducir o abandono temperán e promover a igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de calidade.<br><br>2) Recomendación específica para España nº 5 do Consello:<br><br>○ Reducir o abandono temperán da educación e a formación. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | 3) PNR 2014: medidas encamiñadas á redución do abandono temperán. |
| | 10ii. A mellora da calidade, a eficacia e a accesibilidade da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para os grupos desfavorecidos. | É necesario impulsar as titulacións científicas para facilitar o acceso a profesións cualificadas por parte dos estudantes, especialmente dos que sofren algunha situación de desvantaxe de partida. O obxectivo é potenciar a formación e posterior ocupación dos recursos humanos en actividades de I+D+i que redunde no desenvolvemento e fortalecemento das capacidades científicas e innovadoras da sociedade e en procesos de inserción laboral estables da poboación nova.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D1.1 Segundo o índice de innovación rexional calculada en 2011, Galicia encóntrase no grupo de economías cun compoñente innovador moderado.<br>• D1.2 Tendencia descendente do gasto en investigación e desenvolvemento (I+D) desde o ano 2008.<br>• D1.5 Baixa presenza de mulleres entre o persoal e investigadores en I+D no sector empresarial, menos do 30 %.<br>• D10.9 A porcentaxe de homes de entre 30 e 34 anos con estudos superiores diminuíu.<br>• D10.10 Na última década a taxa de idoneidade diminuíu tanto para homes coma para mulleres nos rangos de idade de estudo de 8 a 15 anos.<br>• D10.11 Baixa taxa de poboación que se gradúa na formación profesional de grao medio e superior, arredor do 21,0 % e 25,6 %, respectivamente.<br>• D10.12 Galicia e España non dispoñen de avaliacións externas estandarizadas. 24 dos 34 países da OCDE si as posúen.<br>A selección desta prioridade alíñase coas estratexias nacionais na materia e coas recomendacións do Consello da UE e as prioridades de financiamento para España da Comisión Europea:<br>1) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br>• Necesidade de mellorar a produtividade laboral, redución do abandono escolar prematuro e incremento da participación na formación profesional e na formación continua<br>• Necesidade de fomentar o espírito empresarial e a competitividade das pemes, incluídas as agrícolas.<br>2) Recomendación para España 2014 nº 4: aumentar a pertinencia, para o mercado de traballo dos distintos tipos de formación profesional e do ensino superior. |

<table>
<tr><th>Obxectivo temático seleccionado</th><th>Prioridades de investimento seleccionado</th><th>Xustificación da selección</th></tr>
<tr><td></td><td></td><td>3) PNR 2015: medidas de apoio á calidade dos recursos humanos.</td></tr>
<tr><td></td><td>10iii. A mellora da igualdade de acceso á aprendizaxe permanente para todos os grupos de idade en estruturas formais, non formais e informais e dos coñecementos, as competencias profesionais e as capacidades dos traballadores e traballadoras, así como a promoción de itinerarios de aprendizaxe flexibles, tamén a través da orientación profesional e a validación das competencias adquiridas.</td><td>A aprendizaxe ao longo da vida, nas súas distintas versións, constitúe unha ferramenta á cal debe poder acceder a cidadanía para a súa adecuada integración nun mundo cambiante, no cal determinados coñecementos, como poden ser os relacionados coas novas tecnoloxías, contribúen a un maior desenvolvemento persoal e social, á vez que evitan que grupos non adaptados poidan quedar á marxe. A validación e acreditación destes coñecementos e da experiencia adquirida contribuirán a unha mellor inserción sociolaboral.<br><br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br><br>• D10.4 Os niveis máis baixos de actividade encóntranse na poboación con nivel formativo de educación primaria ou inferior.<br>• D10.5 A taxa de actividade da poboación de entre 25 e 64 anos con estudos finalizados de nivel primario ou inferior é do 58,0 % e do 46,2 % en España e Galicia, respectivamente.<br>• D10.6 A taxa de actividade é inferior para as mulleres nos grupos de idade 25-64 e 25-34.<br>• D10.7 Taxa de emprego menor das mulleres e tamén segundo o nivel de formación alcanzado, sendo desfavorable á muller en todos os niveis educativos.<br>• D10.8 En Galicia o valor medio da taxa de emprego, para persoas que dispoñen do nivel de educación de primaria ou inferior, é moi similar ao nacional (33,7 %) e tamén é superior en homes (38,0 %) que en mulleres (30,4) %.<br>• D10.11 Baixa taxa de poboación que se gradúa na formación profesional de grao medio e superior, arredor do 21,0 % e 25,6 %, respectivamente.<br><br>Nesta mesma liña suxírense actuacións desde o ámbito comunitario:<br><br>1) Position paper da CE: prioridades de financiamento:<br><br>○ Promover o recoñecemento e a acreditación de competencias profesionais facilitando a validación da experiencia laboral.</td></tr>
</table>

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | 2) Recomendación específica para España nº 5 do Consello:<br>○ Potenciar a educación permanente<br>3) PNR 2014: medidas de fomento da educación e da formación permanente, e de recoñecemento de experiencia adquirida. |
| | 10iv. Mellorar a importancia dos sistemas de educación e formación para o mercado laboral, facilitando a transición desde a escola ao traballo e fortalecendo os sistemas de educación e formación profesional e a súa calidade, a través, entre outros, de mecanismos de anticipación de destrezas e habilidades, adaptación de títulos profesionais e o establecemento e desenvolvemento de sistemas de aprendizaxe no lugar de traballo, incluíndo un sistema de formación dual e programas de aprendizaxe. | A adecuación dos sistemas de educación e formación ás necesidades do mercado laboral é unha condición indispensable para lograr unha transición máis fluída entre o ámbito formativo e o sector produtivo.<br>A recente posta en marcha dun sistema de formación profesional dual verase impulsada coa axuda comunitaria, favorecendo o colectivo de mozos que presenta dificultades de acceso ao mercado laboral.<br>Os datos estatísticos que sustentan esta necesidade son:<br>• D10.1 A taxa de abandono escolar temperán en Galicia situouse no 18,5 % no ano 2014, 3,4 puntos por debaixo da nacional pero 7,4 puntos por riba da da UE-28 e 3,5 puntos superior ao obxectivo fixado pola Estratexia Europa 2020 para España.<br>• A taxa de paro da poboación con educación superior é do 14,9 %, as dos estudos primarios e secundarios de primeira etapa son do 29,3 % e do 27,4 %.<br>• A poboación ocupada con nivel de estudos primarios é do 5,8 %, o que significa a importancia do nivel de formación para alcanzar un posto de traballo.<br>As estratexias e programas nacionais e as recomendacións e prioridades de financiamento comunitarias para España confirman a selección desta prioridade de investimento:<br>1) *Position paper* da CE: prioridades de financiamento:<br>○ Mellorar a oferta, calidade e adecuación ao mercado laboral da formación profesional e estimular medidas de formación no posto de traballo, como a formación profesional dual. |

| Obxectivo temático seleccionado | Prioridades de investimento seleccionado | Xustificación da selección |
|---|---|---|
| | | 2) Recomendación específica para España nº 5 do Consello:<br><br>○ Aplicación da formación profesional dual.<br><br>3) Desenvolvemento da Estratexia de emprendemento e emprego novo 2013-2016 (para colectivo distinto ao NEET).<br><br>4) PNR 2014: medidas destinadas ao desenvolvemento do modelo de FP dual. |

## 1.2. Xustificación da asignación financeira

A asignación financeira do programa operativo FSE 2014-2020 de Galicia ascende a 313.142.972 euros en termos de axuda e de 391.428.715 euros de custo total. A repartición da programación xustifícase na selección previa das prioridades de investimento que se realizou sobre a base do diagnóstico territorial da rexión e tendo en conta outras estratexias tanto de carácter nacional coma a nivel de Galicia. O programa operativo FSE Galicia, de acordo coa condición de "rexión máis desenvolvida", realiza unha concentración temática no obxectivo temático 9 de polo menos un 20 % e unha concentración de polo menos 80 % en 5 prioridades de investimento, en liña co establecido no artigo 4 do Regulamento EU 1304/2013. En concreto, o obxectivo temático 9 supón o 27,33 % do financiamento total (sen ter en conta a asistencia técnica). As prioridades de investimento 8iii, 9i, 9iii, 10i e 10iv supoñen o 80,02 % do total do financiamento.

Así mesmo, concéntranse os recursos en liña cos retos identificados na análise do diagnóstico que non están cubertos por outros programas operativos e fontes de financiamento.

- A promoción do emprendemento e o autoemprego.
- A redución das taxas de pobreza e promoción da inclusión social.
- A diminución do abandono educativo temperán.
- O investimento en formación permanente e en formación profesional.

A asignación financeira por eixe temático do FSE de Galicia é a seguinte: o eixe 1 supón o 31 % do PO (97.001.292 €); o eixe 2, o 26,6 % (83.258.868 €); o eixe 3, o 39,7 % (124.378.765 €), e o eixe da asistencia técnica, o 2,7 % (8.504.047). Para establecer esta asignación financeira tívose en conta a complementariedade financeira e temática cos programas plurirrexionais do FSE a través dos cales a Administración xeral do Estado vai investir en Galicia (POEFE, POISES e PO de emprego xuvenil, que tamén vai xestionar a Administración autonómica. Galicia recibirá, no período de programación 2014-2020, fondos estruturais procedentes do FSE nunha contía indicativa de 853,9 millóns de euros, incluído o FEAD) e outros fondos (Feder e os de investimento sectoriais, Feader e FEMP). Os programas plurirrexionais do FSE invisten en Galicia un 55,6 % no eixe 1, un 31 % no eixe 2, un 10,3 % no eixe 3 e un 3,1 % na asistencia técnica. A estrutura por eixe conxunta de todos os PO FSE en Galicia é a seguinte: o eixe 1 supón o 46,6 % do total; o eixe 2, o 29,4 %; o eixe 3, o 21,1 %, e o eixe da asistencia técnica, o 3,0 %.

No eixe 1, as actuacións do PO rexional articúlanse arredor de 4 prioridades de investimento (8i, 8iii, 8iv e 8v), as restantes prioridades de investimento son atendidas por programas plurirrexionais, a 8ii polo POEX, a 8i, 8iii, 8iv, 8v son complementadas polo POEFE e a 8iii, 8 iv polo POISES; ademais, a este eixe contribúen directamente medidas financiadas con fondos propios da Comunidade Autónoma e fondos finalistas do Estado, cuxos obxectivos son diminuír a taxa de paro, aumentar a inserción laboral e o emprendemento, mellorar a capacitación e cualificación dos ocupados e a empregabilidade dos desempregados, tal e como se recolle no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

No eixe 2, as actuacións articúlanse a través de 3 prioridades de investimento (9i, 9iii e 9iv). As prioridades de investimento 9ii e 9v están cubertos polo POISES, ademais a prioridade 9i compleméntase co POEFE e POISES e a 9iii co POISES; con fondos propios tamén se financian medidas complementarias de inclusión social recollidas na Estratexia de inclusión social 2015-2020 da Xunta.

Por último, no eixe 3 as actuacións articúlanse arredor de 4 prioridades de investimento (10i, 10ii, 10iii e 10iv); ademais, o POEFE complementa estas prioridades de investimento.

Nos seguintes parágrafos detállase o investimento do PO FSE de Galicia e a complementariedade cos demais fondos.

A distribución dos fondos plurirrexionais FSE segundo o instrumento de intervención en que van ir consignados é a que se reflicte na seguinte táboa:

| INSTRUMENTO DE INTERVENCIÓN | AXUDA Millóns de € |
|---|---|
| PO FSE Galicia 2014-2020 *xestionado pola Xunta de Galicia* | 313,1 |
| PO FSE emprego xuvenil *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 97,8 |
| PO FSE emprego, formación e educación *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 299,0 |
| PO FSE inclusión social e economía social *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 112,4 |
| PO FSE asistencia técnica *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 3,3 |

No seguinte gráfico móstrase unha estimación da distribución por eixe temático dos fondos FSE destinados a Galicia.




Obsérvase que a distribución do conxunto dos fondos dos programas plurirrexionais se concentra no eixe 1 (55,6 %) e só o 10,3 % se destina ao eixe 3. O FSE de Galicia distribúese dunha forma máis uniforme concentrando unha parte importante dos seus fondos no eixe 3. Estas distribucións implican unha distribución conxunta, que asigna o 46,6 % dos recursos ao eixe 1, o 29,4 % ao eixe 2 e o 21,1 % ao eixe 3.

A distribución financeira do montante total correspondente ao FSE en España foi acordada entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e as comunidades e cidades autónomas. Nesta

distribución hai unhas contías que, no ámbito das súas competencias, corresponde executar de xeito directo ás comunidades e cidades autónomas e outras cuxa execución é responsabilidade da Administración xeral do Estado, no marco dos programas operativos estatais.

No ámbito da Comunidade Autónoma actuarán tanto o PO FSE rexional desta como os programas operativos FSE de ámbito estatal:

- PO de emprego xuvenil;
- PO de emprego, formación e educación;
- PO de inclusión social e da economía social;
- PO de asistencia técnica.

No ámbito do PO de emprego xuvenil, o importe da Iniciativa de emprego xuvenil (IEX) que se ten que executar no territorio de cada comunidade e cidade autónoma foi distribuído nun 50 % segundo o peso da súa poboación maior de 16 anos e menor de 30 non ocupada nin integrada nos sistemas de educación ou formación respecto ao conxunto do Estado, e repartiuse o 50 % restante segundo o que representa a súa poboación de mozos parados menores de 25 anos respecto ao conxunto estatal. Utilizouse en ambos os dous casos a estatística correspondente á media anual do ano 2012, segundo a Enquisa de poboación activa que foi facilitada polo Instituto Nacional de Estatística.

O importe do FSE que obrigatoriamente hai que asignar á Iniciativa de emprego xuvenil incorpórase ao eixe 5 do programa operativo e procede da asignación financeira correspondente a cada comunidade autónoma -no caso do tramo rexional do PO- e da correspondente á AXE -no caso do tramo estatal.

Ademais da asignación obrigatoria a cargo do FSE no eixe 5, estableceuse unha asignación financeira do FSE no eixe 1 para permitir que as actuacións deseñadas para atender o colectivo destinatario deste programa se poidan estender a todo o período de programación 2014-2020. Determinouse que as administracións públicas intervenientes neste programa operativo deberían asignar, tamén a cargo do FSE, polo menos un importe equivalente ao 50 % da asignación orzamentaria específica da IEX que lle corresponda executar. A partir destes mínimos, e de forma voluntaria, tanto a AXE coma cada comunidade e cidade autónoma poden aumentar a contía a cargo da súa asignación prevista de FSE.

O Programa operativo de emprego xuvenil desenvolverá actuacións deseñadas para o colectivo destinatario deste programa baixo as prioridades de investimento 8.2 e 8.7 do obxectivo temático "Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral".

No ámbito do PO de emprego, formación e educación, os recursos por comunidade e cidade autónoma foron distribuídos dando prioridade ao eixe 3, que contribúe á efectiva implantación da reforma educativa. Neste sentido, respectáronse as contías propostas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte debatidas coas rexións no marco da conferencia sectorial de educación. Por outra parte, é o programa operativo sobre o que recae o peso principal das actuacións relacionadas co emprego e a empregabilidade (obxectivo temático 8) a través do eixe 1, para aqueles colectivos non atendidos polo Programa operativo de emprego xuvenil.

As contías restantes foron repartidas entre o resto de eixes do Programa operativo de emprego, formación e educación, o Programa operativo de inclusión social e da economía social e o Programa operativo de asistencia técnica, ata alcanzar os importes previstos para o FSE por comunidade e cidade autónoma notificados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

O Programa operativo de emprego, formación e educación desenvolve medidas correspondentes ás prioridades de investimento 8.1, 8.3, 8.4 e 8.5 do obxectivo temático "Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral", á prioridade de investimento 9.1 do obxectivo temático "Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación" e ás prioridades de investimento 10.1, 10.2, 10.3 e 10.4 do obxectivo temático "Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente".

No Programa operativo de inclusión social e da economía social, a distribución rexional garda coherencia coa repartición da pobreza e a exclusión en España, e teñen un maior peso aquelas rexións que se encontran dentro da tipoloxía de rexións menos desenvolvidas e en transición. Similar situación acontece cos eixes 1 e 2 do Programa operativo de emprego, formación e educación, nos cales, considerando as taxas de desemprego rexionais, a distribución financeira se concentra na rexión menos desenvolvida e nas rexións en transición, con pesos superiores aos que teñen estas categorías de rexión no conxunto da programación dos recursos FSE 2014-2020.

O Programa operativo de inclusión social e da economía social poñerá en marcha medidas encadradas na prioridade de investimento 8.3 e 8.4 do obxectivo temático "Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral" e nas prioridades de investimento 9.1, 9.2, 9.3 e 9.5 do obxectivo temático "Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación".

En relación co seguimento das actuacións previstas nos programas operativos estatais e desenvolvidas en cada comunidade ou cidade autónoma, a autoridade de xestión poderá solicitar unha desagregación rexional destas e dos seus resultados, cuxo agregado por categoría de rexión se plasmará no informe anual de execución, tal e como recolle o modelo deste informe no anexo V do Regulamento de execución (UE) 2015/207 da Comisión, do 20 de xaneiro de 2015.

Así mesmo, para efecto das avaliacións dos programas operativos estatais, serán solicitados datos rexionais de cada organismo intermedio participante neles que poidan axudar, se é o caso, á reorientación das actuacións para incrementar a súa eficacia.

**OBXECTIVOS TEMÁTICOS**

No **OBXECTIVO TEMÁTICO 8**, **dirixido a promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral**, concéntrase un 31,0 % do financiamento. Non obstante, tal e como se comenta anteriormente, dos recursos financeiros globais do FSE destinados a Galicia a través dos distintos programas operativos, aproximadamente o 47 % está destinado ao obxectivo temático 8, fundamentalmente por medio do POEFE, en que teñen especial relevancia as políticas activas de emprego.

Da análise das necesidades detectadas relacionadas co emprego e co mercado de traballo, destaca o desenvolvemento de políticas activas de emprego (cuberta polo POEFE), xunto á necesidade de que se xeren postos de traballo, ben a través das empresas ben a través de iniciativas de autoemprego ou da aplicación da garantía xuvenil (cuberta polo POEX). Este espírito empresarial débese impulsar a través de políticas de apoio do emprendemento, de modo que se incremente a creación de empresas e de traballos por conta propia.

Outras necesidades de especial sensibilidade son o apoio aos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral mediante o desenvolvemento de políticas específicas e o apoio ás familias galegas mediante mecanismos que permitan unha axeitada conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar.

Prevese que con esta asignación se alcance o reto definido para este obxectivo temático, como é o de mellorar a taxa de emprego a través de incentivos á contratación por conta allea de carácter

estable e de colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral; da adaptación da cualificación das persoas ás necesidades do mercado laboral; da incentivación do emprego por conta propia e a través de medidas de conciliación laboral e familiar.

Por outro lado, aos retos identificados neste ámbito contribúen directamente medidas financiadas con fondos propios da Comunidade Autónoma e fondos finalistas do Estado distribuídos rexionalmente na conferencia sectorial de emprego, ademais das actuacións previstas no POEFE.

Indirectamente, a medio e longo prazo, as medidas de loita contra o abandono escolar e o fomento da participación na formación profesional e mellora da súa calidade contribuirán a corrixir os actuais desequilibrios do mercado laboral.

As actuacións do PO rexional neste eixe articúlanse arredor de 4 prioridades de investimento (8i, 8iii, 8iv e 8v), as restantes prioridades de investimento son atendidas por programas plurirrexionais, a 8ii polo POEX, ademais o POEFE e o POISES complementan as prioridades 8i, 8iii, 8iv, 8 v (POEFE) e 8 iii, 8 iv (POISES).

- **P.I. 8i**. A prioridade de investimento 8i representa un 3,7 % da asignación financeira e contribúe a mellorar a situación de acceso ao emprego das persoas demandantes de emprego e dos colectivos con máis dificultade para a súa integración laboral, a través de medidas que melloren a súa empregabilidade, mediante a adquisición de competencias profesionais e o fomento da contratación. Na dita asignación tívose en conta que, no marco do POEFE, esta prioridade de investimento é a máis dotada economicamente.

  Para atender esta prioridade prográmase nos seguintes obxectivos específicos: **8i.2** Mellorar a empregabilidade das persoas demandantes de emprego, a través da adquisición e/ou actualización de competencias profesionais; **8i.3** Aumentar a contratación de carácter estable das persoas desempregadas e/ou demandantes de emprego, incluíndo as de longa duración e aquelas de máis idade, e 8i.5 Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente daquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, incluídas as iniciativas locais de emprego. Os obxectivos específicos **8i.1** e **8i.4** cóbrense coas actuacións do POEFE; ademais, este fondo tamén inviste no obxectivo específico **8i.5**.

  Nesta prioridade inclúese tamén a formación en materia de emerxencias, que como medida de mellora da empregabilidade está dirixida prioritariamente a persoas desempregadas. As distintas modalidades de riscos, nos cales Galicia presenta un alto grao de vulnerabilidade, fan necesario un sistema integrado de protección civil e emerxencias formado por persoal capacitado para levar a cabo as actuacións máis convenientes para facer fronte á situación e que sexa capaz de aplicar as medidas de protección á poboación, ao ambiente, aos bens e ao propio persoal encargado. Actualmente non existe en Galicia ningún título de formación profesional que permita a obtención dun título oficial (de formación regrada) en materia de protección civil e emerxencias. A Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) é un centro acreditado para impartir os cursos que dan lugar á obtención do certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas e en espazos naturais acuáticos. Tamén imparte formación tendente a obter a certificación profesional na área da extinción de incendios e salvamento e na xestión e coordinación en protección civil e emerxencias. A formación obtida na Agasp polos seus destinatarios posibilita que estes poidan obter un certificado de profesionalidade que acredite a súa cualificación non só en Galicia senón en toda a Unión Europea (Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de setembro de 2005 relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais). Para desempeñar as súas funcións, a Agasp dispón de recursos económicos que proceden na súa maioría de fondos propios da Comunidade Autónoma (83 %) e unha cantidade adicional (17 %) de fondos procedentes do FSE, destinados exclusivamente á formación dos alumnos en materia de protección civil e emerxencias.

- **P.I. 8iii**. Así mesmo, destaca a relevancia das accións de promoción do emprego por conta propia e o emprendemento da prioridade de investimento 8iii, que acaparan un 18,8 % do financiamento, con medidas complementarias ás do POEFE e ao PO Feder Galicia. Persegue favorecer a creación de emprego, de forma que as persoas desempregadas creen o seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, tendo en conta ademais que o colectivo de traballadores por conta propia experimentou un importante retroceso durante estes anos, desde o inicio da crise económica (2008) ata 2014, o que supón 26.300 persoas menos en valores absolutos (de 170.000 en 2008 a 143.700 en 2014).

  Na área de emprego, o PO FSE Galicia 2007-2013 centrou as súas actuacións en intentar resolver dous dos principais problemas que naquel momento presentaba o mercado de traballo en Galicia: por un lado, a alta taxa de temporalidade que nalgúns momentos do período 2007-2013 alcanzou case o 40 %, motivada, fundamentalmente, por que o sector tractor de creación de emprego era a construción, un sector que absorbía traballadores temporais que se contrataban por obra ou servizo e, por outra parte, o difícil tránsito que tiñan os nosos mozos da etapa formativa á laboral. Por estes motivos, a través do PO FSE Galicia 2007-2013 financiáronse actuacións dirixidas a favorecer a contratación indefinida, inicial ou por transformación dun contrato temporal dos traballadores galegos e a contratación temporal, con limitacións, dos mozos como medida de mellora da súa empregabilidade e das persoas con discapacidade, así como das persoas que pertencían aos colectivos en risco de exclusión social.

  No ano 2008 iniciouse a crise a nivel mundial pero é a partir de 2010 e sobre todo de 2011 cando os seus efectos se comezaron a reflectir no mercado de traballo de España e Galicia. A evolución da crise tivo o seu reflexo no número de solicitudes destes incentivos, cun descenso continuo do número de traballadores desempregados ou con contrato en precario polos cales se solicitou subvención, finalizando en 2013 con dous terzos menos de traballadores con contrato indefinido polos cales se solicita subvención respecto a 2008.

  Non obstante, no Programa de promoción de emprego autónomo obsérvase que nos tres primeiros anos da crise hai un número constante de solicitudes, ao redor de 5.000 cada ano, pera a partir de 2011 increméntase o número de solicitudes. Por iso, dedúcese que como consecuencia da crise as empresas deixaron de contratar traballadores desempregados e a reducir o cadro de persoal, cando non pechar, e que os traballadores desempregados apostaron máis decididamente pola fórmula do autoemprego como vía de incorporación ao mercado de traballo.

  No PO FSE Galicia 2014-2020, na asignación de recursos ás distintas prioridades de investimento tívose en conta a complementariedade cos programas operativos plurirrexionais e coas políticas de emprego que se van desenvolver con fondos propios do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Tendo en conta estas premisas, apóstase pola promoción do emprego autónomo e apoio dos emprendedores tanto por motivos vinculados ao propio mercado de traballo como por motivos de financiamento:

  - En Galicia os traballadores autónomos representan o 24,23 % dos cotizantes á Seguridade Social, 5,53 puntos máis que o Estado. Este é un dato que demostra que o tecido produtivo galego está aínda máis atomizado, e que prevalecen os traballadores autónomos e as microempresas fronte ás pequenas, medianas e grandes empresas.

  - Nesta época de crise aínda seguen apostando moitos traballadores desempregados polo autoemprego como vía de reincorporación ao mercado de traballo.

  - Nos últimos anos demostrouse tamén que o emprego autónomo subvencionado é un emprego de máis calidade e sustentable no sentido de que foron menos os traballadores

autónomos subvencionados que non mantiveron o seu emprego un mínimo de 2 anos que os traballadores desempregados contratados por conta allea xa que as empresas en épocas de crise como esta prefiren eliminar os custos de persoal aínda que teñan que asumir o reintegro das axudas.

- Os contratos indefinidos e temporais xa contan con bonificacións estatais á Seguridade Social, polo que queremos centrar o noso apoio ás contratacións indefinidas de colectivos desfavorecidos desde unha perspectiva laboral: maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas en risco de exclusión social e a contratación indefinida e temporal de mozos sempre que estea xustificada como mellora da empregabilidade, polo que reducimos os recursos destinados a estas prioridades de investimento.

- Por último, a Administración xeral do Estado reduciu drasticamente, vía conferencia sectorial, o financiamento aos programas de promoción de emprego autónomo procedente de fondos finalistas do Estado.

- **P.I. 8.iv**. A asignación financeira desta prioridade de investimento supón o 3,2 % do total (10,1 millóns de euros), e concéntrase fundamentalmente en mellorar as súas condicións de acceso ao mercado laboral en condicións de igualdade e en manter os seus empregos fomentando as medidas de conciliación da vida laboral coa persoal.

  Para atender esta prioridade prográmase nos obxectivos específicos **8iv.1** Aumentar a contratación de mulleres, especialmente en sectores económicos que presentan un alto potencial de emprego con escasa presenza feminina e **8iv.2** (Re)integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral.

- **P.I.8.v**. Na prioridade 8.v, que representa o 5,2 % da asignación financeira, ademais de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos e medidas de capacitación de empresarios, directivos e traballadores de pemes, propóñense medidas de promoción da formación permanente. Esta medida é complementaria doutras actuacións que leva a cabo a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de políticas activas de emprego e que se financian con fondos de distinta procedencia. Por existiren liñas de financiamento que dan cobertura ás necesidades formativas dos desempregados e desempregadas galegos (e, en particular, ao colectivo dos mozos e ao dos desempregados de longa duración), e por existiren, igualmente, outros fondos destinados a financiar a formación intersectorial dos ocupados e ocupadas galegos (fondos finalistas do Estado), o Programa operativo 2014-2020 céntrase en proporcionar formación sectorial ao colectivo dos traballadores ocupados, que é o único ámbito que neste momento non está a ser cuberto por ningunha outra actuación desta comunidade autónoma.

  As experiencias previas indican o éxito destas medidas; de feito, no bienio 2010-2011 (convocatoria que mellor se axusta ás que se formulan no marco deste PO) participaron máis de 20.000 alumnos, cun custo medio de 412,8 € en termos de axuda. Estas medidas van dirixidas á formación sectorial do colectivo de traballadores ocupados, único ámbito que non está a ser cuberto na Comunidade Autónoma con outras fontes de financiamento.

No que respecta á mellora da empregabilidade, sustentabilidade e adquisición de competencias dos grupos de poboación máis afastados do mercado laboral e con maiores dificultades, a avaliación das medidas financiadas garantirá a calidade das actuacións que se van desenvolver, de forma que se poida reorientar para o caso de que non quede demostrada a sustentabilidade.

Por outro lado, aos retos identificados neste ámbito contribúen directamente medidas financiadas con fondos propios da Comunidade Autónoma e fondos finalistas do Estado distribuídos rexionalmente na Conferencia Sectorial de Emprego, ademais das actuacións consideradas no

POEFE. Para as medidas en políticas activas de emprego implementadas con fondos propios ou fondos distintos do PO FSE de Galicia realizarase un seguimento do cal se dará conta nos informes de seguimento do PO FSE de Galicia.

Cabe destacar que tanto a prioridade 8i coma a 8iv, relativas ao fomento da sustentabilidade e calidade no emprego, son de carácter sensible, o que significa que os resultados obtidos se verán favorecidos pola evolución do resto do PO.

No caso do **OBXECTIVO TEMÁTICO 9, Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza,** a concentración é do 26,6 % do financiamento total do PO. Dos recursos financeiros globais do FSE destinados a Galicia a través dos distintos programas operativos, aproximadamente o 29,4 % está destinado ao obxectivo temático 9, fundamentalmente por medio do POISES e do PO rexional, no cal teñen especial relevancia as políticas de inclusión social.

No ámbito deste obxectivo, responderase á necesidade de promover a inserción sociolaboral da poboación galega en risco de exclusión, identificada no diagnóstico, e reforzaranse, así mesmo, as políticas de loita contra as distintas formas de discriminación e de promoción da igualdade de oportunidades.

Adoptarase o enfoque de inclusión activa promovido desde as institucións comunitarias[2], impulsando políticas favorecedoras dun mercado laboral máis inclusivo para as persoas con maiores dificultades de acceso, que constitúe, así mesmo, un dos tres eixes en que se sustenta a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, con medidas de atención específica e acción positiva para a intervención sobre os factores de vulnerabilidade que sitúan en desvantaxe as persoas destinatarias.

As actuacións do PO rexional neste eixe articúlanse a través de 3 prioridades de investimento (9i, 9iii e 9iv). As prioridades de investimento 9ii e 9v están cubertas polo POISES; ademais, a prioridade 9i compleméntase co POEFE e co POISES e a 9iii co POISES.

- **P.I. 9i**. A asignación financeira desta prioridade ligada á redución da pobreza alcanza un 17,4 % do total. As principais medidas incluídas nesta prioridade están aliñadas co Plan de inclusión social de Galicia co obxecto de reducir as taxas de pobreza e exclusión social. Os itinerarios de inserción, as medidas de acompañamento, formación e o apoio para a inserción social e os incentivos a empresas de inserción laboral influirán positivamente no emprego, así como na loita contra a exclusión, coincidindo nestes propósitos cun número importante de prioridades do PO.

  Para atender esta prioridade prográmase no obxectivo específico **9i.1** Mellorar a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, a través da activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción.

- **P.I.9iii**. Esta prioridade de investimento dirixido á loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades representa o 7,0 % do financiamento. As importantes fendas de xénero que persisten en multitude de ámbitos e a necesidade de incrementar o apoio ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade son os motivos da programación de actuacións nesta prioridade coa dita asignación financeira. Ademais, esta prioridade, polo seu carácter influente, incide positivamente nas prioridades de emprego e de inclusión.

  Para atender esta prioridade prográmase no obxectivo específico **9iii.1** Aumentar a integración sociolaboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables a través de actuacións

[2] Recomendación da Comisión do 3 de outubro de 2008 sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral (notificada co número C(2008) 5737) 2008/867/CE.

que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, e eviten, pola súa vez, a discriminación múltiple.

- **P.I. 9iv**. Esta prioridade, con 7 millóns de euros, supón o 2,2 % do total, co obxectivo de mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables a servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación.

  Para atender esta prioridade prográmase no obxectivo específico **9iv.1** Mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables a servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación, incluída a eliminación dos estereotipos.

**O OBXECTIVO TEMÁTICO 10, 'Investir na educación, no desenvolvemento das capacidades e na aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación',** acapara o 39,7 % do financiamento. O POEFE destina a Galicia un investimento aproximado de 50 millóns de euros, co cal se financiará a aplicación da LOMCE durante os catro primeiros cursos de vixencia. Conxuntamente co investimento dos distintos PO, a concentración no OT10 ascende aproximadamente ao 21,5 % do total de recursos do FSE en Galicia.

Coas medidas recollidas en materia de educación búscase, en primeiro lugar, recortar as taxas de abandono educativo temperán para reducir a fenda coa media europea, ao tempo que se establecen mecanismos de integración das persoas que abandonaron os sistemas de educación formal. En segundo lugar, da análise de necesidades realizada resulta fundamental mellorar os sistemas de formación profesional, impulsando a participación e garantindo a calidade e a adecuación ás demandas do mercado de traballo.

No Programa operativo de emprego, formación e educación, nas comunidades e cidades autónomas desenvólvense medidas correspondentes ás prioridades de investimento dos obxectivos temáticos: 8 "Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral", 9 "Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación" e 10 "Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente".

A distribución da axuda do FSE dese PO realízase no marco dos mecanismos de cooperación regulados na lexislación española, en particular, a Conferencia de Educación. Esta foi constituída no marco do previsto no artigo 4 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico, e no artigo 5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Os recursos financeiros distribuídos por comunidades e cidades autónomas dan prioridade ao eixe 3, contribuíndo á implantación da reforma educativa promulgada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). En maior medida contribúen ás medidas seguintes: os novos ciclos de formación profesional básica e a anticipación de novos itinerarios en 3º e 4º da ESO, correspondentes ao obxectivo estratéxico 10.1.1. En menor medida, ás medidas seguintes: a avaliación e acreditación de competencias profesionais, o OE 10.3.2 e as accións de calidade en formación profesional do sistema educativo español no OE 10.4.1.

O financiamento do obxectivo temático 10 da Comunidade Autónoma tamén é prioritario dentro do conxunto de temas prioritarios e está en sintonía co PO de emprego, formación e educación. As medidas que financia compleméntanse coas previstas a nivel nacional e non existe solapamento entre elas.

As actuacións do PO rexional neste eixe artícúlanse arredor de 4 prioridades de investimento (10i, 10ii, 10iii e 10iv); ademais o POEFE complementa estas prioridades de investimento.

- **P.I.10i**. Esta prioridade supón un investimento do 24,3 % do total e executarase a través do obxectivo específico 10i.2 coa finalidade de reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos, especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas. Estas medidas son complementarias coas financiadas no marco do POEFE, que se executarán no obxectivo específico 10i.1 (reducir o número de alumnos que abandonan de forma temperá o sistema educativo mediante a implantación da formación profesional básica e os itinerarios da educación secundaria obrigatoria.

  Segundo a Estratexia de emprendemento e emprego xove 2013-2016 do entón Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (actual Ministerio de Emprego e Seguridade Social), hai un conxunto de debilidades estruturais que inflúen directamente no emprego xuvenil, tales como:

  - Alta taxa de abandono escolar, que supera en 7,4 puntos os valores da UE-28.

  - Marcada polarización do mercado de traballo, onde uns mozos abandonan os seus estudos con escasa cualificación e outros, altamente cualificados, están subempregados.

  - Escaso peso relativo da formación profesional de grao medio.

  - Escasa empregabilidade dos mozos, especialmente no relativo ao coñecemento de idiomas estranxeiros, entre outras debilidades.

  A porcentaxe máis alta de mozos parados sitúase entre os 16 e 19 anos e unha porcentaxe significativa de mozos abandona o sistema educativo sen obter o título de graduado en ESO. Se a isto engadimos outra debilidade, como o escaso peso relativo da formación profesional de grao medio, son razóns suficientes para que o PO se inclinase por prioridades de investimento nas medidas que a longo prazo teñen como finalidade reducir o fracaso escolar e o abandono educativo temperán, potenciar a calidade e o prestixio da formación profesional de grao medio nas súas modalidades de formación ordinaria, formación dual e formación para persoas adultas, e favorecer tanto a permanencia no sistema educativo como as oportunidades de acceso e permanencia no mercado laboral.

  Tal e como recomenda o Consello da Unión Europea, "Se se inviste agora no capital humano que constitúen os mozos europeos obteranse beneficios a longo prazo e contribuirase á consecución dun crecemento económico sustentable e inclusivo. A Unión poderá recoller todos os froitos que dá unha man de obra activa, innovadora e capacitada e, ao mesmo tempo, evitará os elevados custos que supón o feito de que haxa mozos que nin traballan nin estudan nin seguen formación ningunha («ninis»), custos que representan actualmente un 1,2 % do PIB".

- **P.I.10ii**. Esta prioridade supón un investimento de 12 millóns de euros, equivalente ao 3,8 % do total e executarase a través do obxectivo específico 10ii.1, coa finalidade de fomentar a formación predoutoral dos alumnos universitarios que contribúa a achegar a I+D+i galega á media española e europea en canto a persoal investigador, produción científica e actividade inventiva.

- **P.I.10.iii**. Representa un investimento do 1,2 % do total, executarase a través do obxectivo específico 10iii.2 e contribuirá á mellora da igualdade de acceso á aprendizaxe permanente, dos coñecementos, as competencias profesionais e as capacidades dos traballadores para a validación das competencias adquiridas.

- **P.I.10.iv**. Supón o 10,3 % do montante total do programa e contribúe a aumentar a participación na formación profesional de grao medio e superior e a mellorar a calidade da formación profesional, a través da posta en marcha de novos ciclos formativos de grao medio

de FP en centros públicos para o alumnado que finaliza a educación secundaria obrigatoria ou que finaliza a formación profesional básica (FPB) e quere mellorar as súas competencias profesionais. Ademais, para os alumnos que non teñen os títulos mencionados posibilitarase que poidan acceder a estas ensinanzas a través das probas de acceso.

A execución da totalidade das medidas previstas nos programas operativos contribuirá á consecución das prioridades e obxectivos principais da Estratexia Europa 2020 por un crecemento intelixente, sustentable e integrador.

Os datos remarcan a importancia que a educación e a formación teñen sobre o emprego, e é un elemento clave do conxunto da estratexia a contribución das accións en materia de educación á mellora do mercado de traballo a medio e longo prazo.

Gran parte da axuda concéntrase nas prioridades estratéxicas e influentes da intervención, o que garante un nivel elevado de sinerxías e fortalece a estratexia xeral do PO FSE de Galicia 2014-2020.

**ASISTENCIA TÉCNICA**:

O importe financeiro da **asistencia técnica**, 2,7 % do total, determinouse a partir das previsións en actuacións de apoio de preparación, xestión, seguimento, avaliación, control, comunicación e peche das operacións cofinanciadas, que se prevén executar no marco deste PO. Tivéronse en conta as leccións aprendidas no período de programación 2007-2013, así como os novos retos que presenta o período de programación 2014-2020. A eficacia da asistencia técnica dependerá en boa medida dunha mellor utilización dos recursos dispoñibles. Por iso, traballarase na implantación de modelos organizativos innovadores que permitan a mellora na eficacia e a eficiencia do programa operativo.

A seguir detállanse as medidas previstas no Plan de acción para a mellora da administración do Fondo Social Europeo en España 2014-2020 da UAFSE para mellorar o goberno, lograr unha xestión máis eficaz e establecer un sistema reforzado de verificacións de xestión e evitar fraudes en relación co Fondo Social Europeo.

En relación co seguimento das actuacións previstas nos programas operativos estatais e desenvolvidas en cada comunidade ou cidade autónoma, a Autoridade de Xestión poderá solicitar unha desagregación rexional destas e dos seus resultados, cuxo agregado por categoría de rexión se plasmará no informe anual de execución, tal e como recolle o modelo deste informe no anexo V do Regulamento de execución (UE) 2015/207 da Comisión, do 20 de xaneiro de 2015.

En xaneiro de 2016 crearase un sistema reforzado de comprobacións da autoridade de certificación. Reforzarase o sistema de comprobacións da autoridade de certificación co fin de evitar duplicidades nas verificacións xa realizadas pola autoridade de xestión e orientar o seu traballo cara á análise da calidade das verificacións de xestión realizadas.

Estes últimos puntos contribuirán eficazmente a paliar posibles fraudes, deficiencias e irregularidades en procedementos de contratación. O artigo 125.4.c) do Regulamento UE 1303/2013 establece como función da autoridade de xestión aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas, tendo en conta os riscos detectados, e en cumprimento diso prevese reforzar os mecanismos non só de verificacións senón tamén de actuacións de control.

Describirase un marco que garanta que se realizarán exercicios de xestión de risco adecuados, sempre e cando sexa necesario e, en particular, en caso de modificacións importantes das actividades. Todo iso tendo moi presente o principio de proporcionalidade que, evidentemente, vai asociado ao nivel de axuda asignada.

Este marco de xestión de riscos recollerá, á vez, novos procedementos (modelo de avaliación ou autoavaliación de riscos, que, pola súa vez, ten a derivación das medidas antifraude) e procedementos xa utilizados con anterioridade (sistema de verificacións).

A aplicación dun modelo de xestión de riscos e o afondamento nas verificacións de xestión persegue un beneficio superior: a detección e redución das irregularidades asociadas á xestión e, na dita medida, a mitigación do impacto da actividade fraudulenta. Por iso, hai que entender os riscos de fraude como unha categoría dentro das irregularidades. Canta maior prevención e maior control, maior incidencia na diminución de irregularidades e, por conseguinte, menor probabilidade de fraude.

Este marco quedará plasmado nos manuais e fichas de procedementos xerais de xestión.

No que respecta á estratexia antifraude, a autoridade de xestión constituirá un equipo especializado en avaliación de risco. Desde o dito equipo estableceranse a coordinación e os mecanismos homoxéneos que deben operar nos modelos de xestión de riscos. Estableceranse as directrices e o desenvolvemento destas, e servirá de elemento unificador entre as diferentes organizacións con modelos de xestión de riscos. As accións de formación e sensibilización non só axudarán a conseguir que unha estratexia de xestión de riscos poida alcanzar os resultados previstos senón que tamén servirán para concienciar da importancia do desenvolvemento dunha cultura antifraude.

Ademais, o Estado español, mediante o Real decreto 802/2014, do 19 de setembro, creou o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, ao cal corresponden, sen prexuízo das competencias da Axencia Estatal da Administración Tributaria, as seguintes funcións:

- Dirixir a creación e posta en marcha das estratexias nacionais e promover os cambios lexislativos e administrativos para protexer os intereses da UE.

- Identificar as posibles deficiencias dos sistemas nacionais para a xestión de fondos da UE.

- Establecer as canles de coordinación e información sobre irregularidades e sospeitas de fraude entre as diferentes institucións nacionais e a Oficina Europea de Loita contra a Fraude.

- Promover a formación para a prevención e loita contra a fraude.

O Servizo Nacional de Coordinación Antifraude contará coa Autoridade de Auditoría para a avaliación dos sistemas de xestión e control para o Marco de programación 2014-2020 no relativo ao establecemento das medidas máis eficaces e proporcionadas. Así mesmo, este servizo reforzará a coordinación institucional e a comunicación para mellorar a prevención e a loita contra a fraude no ámbito dos fondos europeos.

**En resumo, o Programa operativo de FSE Galicia** concentra os seus recursos nas necesidades que se consideran máis relevantes para a rexión nos ámbitos de intervención do FSE, tendo en conta a complementariedade coas intervencións da Administración xeral do Estado en Galicia, definidas nos programas operativos plurirrexionais. Preténdese deste xeito contribuír ao logro dos obxectivos que se propón a Estratexia Europa 2020 en materia de emprego, educación, loita contra a pobreza e cohesión económica, social e territorial.

Polo tanto, os retos detectados no diagnóstico cóbrense tanto co presente programa operativo FSE de ámbito rexional como cos programas FSE de ámbito rexional, con outros fondos estruturais e/ou de investimento, políticas da Administración galega e reformas nacionais, como se explica nos parágrafos anteriores desta sección.

Así mesmo, para efecto das avaliacións dos programas operativos estatais, serán solicitados datos rexionais de cada organismo intermedio participante neles que poidan axudar, se é o caso, á reorientación das actuacións para incrementar a súa eficacia.

***Cadro 2. Presentación da estratexia de investimento do programa operativo.***

| Eixe prioritario | Fondo | Axuda da Unión (en EUR) | Obxectivo temático | Prioridades de investimento | Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Eixe prioritario 1 B | FSE | 3.600.000 | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 8i | Obxectivo específico 8i.2.2 | CR03 |
| Eixe prioritario 1 B | FSE | 2.000.000,00 | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 8i | Obxectivo específico 8i.3.3 | CR04 |
| Eixe prioritario 1 B | FSE | 6.000.000,00 | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 8i | Obxectivo específico 8i.5.5 | CR04 |
| Eixe prioritario 1 B | FSE | 58.960.240,00 | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 8iii | Obxectivo específico 8iii.1.1 | CR03,CR04, ER31 |
| Eixe prioritario 1 B | FSE | 3.452.132,00 | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 8iv | Obxectivo específico 8iv.1.1 | CR04 |

| Eixe prioritario | Fondo | Axuda da Unión (en EUR) | Obxectivo temático | Prioridades de investimento | Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Eixe prioritario 1 B | FSE | 6.689.000,00 | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 8iv | Obxectivo específico 8iv.2 | ER02,ER10 |
| Eixe prioritario 1 B | FSE | 16.299.920,00 | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 8v | Obxectivo específico 8. v.1 | CR03, CR07 |
| Eixe prioritario 2B | FSE | 54.400.000,00 | Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 %. | Prioridade de investimento 9i | Obxectivo específico 9i.1 | ER01 |
| Eixe prioritario 2B | FSE | 21.858.868,00 | Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 %. | Prioridade de investimento 9iii | Obxectivo específico 9iii.1 | ER10 |
| Eixe prioritario 2B | FSE | 7.000.000,00 | Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 %. | Prioridade de investimento 9iv | Obxectivo específico 9iv.1 | ER32, ER33, ER34 |
| Eixe prioritario 3B | FSE | 76.170.256,00 | Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 10i | Obxectivo específico 10i.2 | CR02, CR03 |

| Eixe prioritario | Fondo | Axuda da Unión (en EUR) | Obxectivo temático | Prioridades de investimento | Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento | Indicadores de resultados comúns e específicos do programa para os cales se fixou un valor previsto |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Eixe prioritario 3B | FSE | 12.000.000,00 | Investir na educación, no desenvolvemento das capacidades e na aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 10ii | Obxectivo específico 10ii.1 | CR03 |
| Eixe prioritario 3B | FSE | 3.840.000,00 | Investir na educación, no desenvolvemento das capacidades e na aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 10iii | Obxectivo específico 10iii.2 | ER16 |
| Eixe prioritario 3B | FSE | 32.368.509,00 | Investir na educación, no desenvolvemento das capacidades e na aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento das infraestruturas de educación e formación en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % | Prioridade de investimento 10iv | Obxectivo específico 10iv.1 | CR03 |
| Eixe prioritario 8B | FSE | 8.504.047,00 | Asistencia técnica | | | |

# 2. EIXES PRIORITARIOS

## 2.A. Descrición dos eixes prioritarios distintos da asistencia técnica

### 2.A.1. Eixe prioritario 1B: obxectivo temático 8

| | |
|---|---|
| Identificación do eixe prioritario | *Eixe 1B* |
| Título do eixe prioritario | Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 % |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | Non procede |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | Non procede |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | Non procede |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | Non procede |

### 2.A.2. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría da rexión, obxectivo temático ou fondo (cando proceda)

[Non procede]

### 2.A.3. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| | |
|---|---|
| Fondo | Fondo Social Europeo |
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida |
| Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Gasto total subvencionable |
| Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte (cando proceda) | Non procede |

## 2.A.4 Prioridade de investimento 8i

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI 8i: o acceso ao emprego por parte das persoas demandantes de emprego e das persoas inactivas, incluídos os desempregados e desempregadas de longa duración e as persoas afastadas do mercado laboral, así como as iniciativas de emprego locais e o fomento da mobilidade laboral.<br>Facilitar o acceso ao emprego dos desempregados e persoas inactivas, incluídas as persoas paradas de longa duración e persoas afastadas do mercado laboral, incluídas as iniciativas locais de emprego e apoio á mobilidade laboral |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.8i.2. |
| Obxectivo específico | Mellorar a empregabilidade das persoas demandantes de emprego, a través da adquisición e/ou actualización de competencias profesionais. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | O elevado impacto da crise económica sobre o mercado laboral galego reflíctese nos principais indicadores como a taxa de paro (21,65 % en 2014) e a caída do emprego desde 2008 (16,9 %). Esta repercusión é superior no colectivo de persoas sen formación ou con menor formación, que evidencia a forte correlación existente entre maiores niveis de cualificación e maior acceso ao emprego.<br><br>En Galicia hai unha gran diversidade e existencia de distintas modalidades de riscos cun alto grao de vulnerabilidade, que fan necesario un sistema integrado de protección civil e emerxencias formado por persoal capacitado que leve a cabo as actuacións máis convenientes para facer fronte á situación e que sexa capaz de aplicar as medidas de protección á poboación, ao ambiente, aos bens e ao propio persoal encargado.<br><br>Actualmente non existe en Galicia ningún título de formación profesional que permita a obtención dun título oficial (de formación regrada) en materia de protección civil e emerxencias. Por iso, tendo en conta a debilidade do sistema educativo para proporcionar titulacións habilitantes para o exercicio de actividades relacionadas coa protección civil e as emerxencias, prográmanse actuacións de formación neste ámbito.<br><br>A Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) é un centro acreditado para impartir os cursos que dan lugar á obtención do certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas e en espazos naturais acuáticos. Tamén imparte formación tendente a obter a certificación profesional na área da extinción de incendios e salvamento e na xestión e coordinación en protección civil e emerxencias. A formación obtida na Agasp polos seus destinatarios posibilita que estes poidan obter un certificado de profesionalidade que acredite a súa cualificación, non só |

| | |
|---|---|
| | en Galicia senón en toda a Unión Europea (Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, de 2005 relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais).<br><br>O cambio esperado consiste en lograr unha mellora na empregabilidade das persoas que participan na formación de protección civil e emerxencias, que lles facilite a obtención de títulos oficiais de profesionalidade, á vez que se atenden de forma máis profesional as distintas modalidades de riscos que afectan Galicia.<br><br>Para lograr este obxectivo prográmase unha liña de actuacións que levará a cabo a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp).<br><br>Para medir o logro do resultado proponse o indicador común de resultado inmediato Número de participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación.<br><br>No PO FSE de Galicia 2014-2020 garántese o seguimento e avaliación a través do sistema de indicadores eficaz, completo e relevante, segundo o disposto no Regulamento 1304/2013, do FSE e sobre a base da "Guía de seguimento e avaliación da política de cohesión Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, de xuño de 2014".<br><br>O sistema de indicadores do PO FSE de Galicia establece os tres tipos de indicadores determinados nos ditos documentos normativos e metodolóxicos, indicadores financeiros, de execución (un subconxunto destes formará o marco de rendemento) e de resultados. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

## Obxectivo específico 8i.2

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade medida | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR03 | Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Desempregados, incluídos os de longa duración | 7.285 | 1.492 | 8.777 | Número | 2014 | 7.467 | 1.529 | 8.996 | FSE 2007-2013, restrinxido a novo enfoque | Anual |

O criterio seguido pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a valoración do indicador de resultados de participantes que obteñen un emprego tras a súa participación presenta un maior grao de exixencia para o seu cómputo, xa que se engaden unhas condicións máis rigorosas que están relacionadas coa certificación do gasto. Así, trátase de promover a estabilidade nun enfoque global de cambio estrutural na composición dos cadros de persoal das empresas galegas, as cales, ademais de **alcanzaren unha determinada taxa de estabilidade** para poder ser beneficiarias dos incentivos á contratación, deberán **mantela, en medias anuais, ao longo dun tempo determinado, que no período 2007-2013 comezou sendo de 3 anos** seguintes á contratación, o mesmo que o **emprego fixo** e o **emprego neto** que as novas contratacións deberán supoñer, ademais de, por suposto, manter o traballador subvencionado.

| Identificación | OE.8i.3. |
| --- | --- |
| Obxectivo específico | Aumentar a contratación de carácter estable das persoas desempregadas e/ou demandantes de emprego, incluídas as de longa duración e aquelas de máis idade. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A taxa de paro de Galicia no ano 2014 foi do 21,65 %, que rebaixou catro décimas o rexistro do ano anterior. A pesar desta mellora o nivel de desemprego mantense en valores excesivamente elevados posto que o proceso de destrución de emprego que se iniciou no ano 2007 foi moi intenso.<br><br>A taxa de desemprego das persoas galegas que levan máis dun ano en busca de emprego en 2014 ascende ao 12,9 % da poboación activa, fronte a un 15,1 % en España. Este colectivo representa sobre o total de parados o 60 % e o 62 %, respectivamente. Ademais, o colectivo xuvenil tamén sufriu unha incidencia do paro especialmente negativa, cunha taxa de paro do 48,45 % e, así mesmo, naqueles colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, como son as persoas desempregadas maiores de 45 anos, os desempregados que levan tempo fóra do mercado laboral e que esgotaron o dereito a recibir calquera tipo de prestación por desemprego, aquelas persoas que se encontran en situación de desemprego e que presentan dificultades engadidas xa que na súa unidade familiar non perciben ningún tipo de renda, entre outros.<br><br>O cambio esperado consiste en lograr que as persoas desempregadas pasen á situación de empregadas, corrixindo as disfuncionalidades que presenta o mercado de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia respecto destes colectivos de desempregados con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, mediante a creación e mantemento do emprego estable.<br><br>Para lograr este obxectivo prográmanse actuacións de incentivos á contratación por conta allea de carácter estable: subvencionaranse os contratos de carácter indefinido como unha ferramenta para fomentar a estabilidade das novas contratacións á vez que lograr unha redución da temporalidade nos cadros de persoal das empresas galegas.<br><br>Cando se trate de incentivos ao emprego de persoas novas, garantirase que serán os queden fóra do PO de emprego xuvenil.<br><br>Para medir os resultados proponse o indicador común de resultado inmediato Número de participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación.<br><br>No PO FSE de Galicia 2014-2020 garántese o seguimento e avaliación a través do sistema de indicadores eficaz, completo e relevante, segundo o disposto no Regulamento 1304/2013, do FSE e sobre a base da "Guía de seguimento e avaliación da política de cohesión Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, de xuño de 2014".<br><br>O sistema de indicadores do PO FSE de Galicia establece os tres tipos de |

| | |
|---|---|
| | indicadores determinados nos ditos documentos normativos e metodolóxicos, indicadores financeiros, de execución (un subconxunto destas formará o marco de rendemento) e de resultados. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Obxectivo específico 8i.3.**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade medida | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR04 | Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Desempregados, incluídos os de longa duración | 147 | 98 | 245 | Número | PO FSE 2007-2013: anos 2008 e 2009 para mozos menores de 30 anos e 2007-2013 para o resto de colectivos | 159 | 106 | 265 | Indicadores FSE 7-13 | Anual |

O criterio seguido pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a valoración do indicador de resultados de participantes que obteñen un emprego tras a súa participación presenta un maior grao de exixencia para o seu cómputo, xa que se engaden unhas condicións máis rigorosas que están relacionadas coa certificación do gasto. Así, trátase de promover a estabilidade nun enfoque global de cambio estrutural na composición dos cadros de persoal das empresas galegas, as cales, ademais de **alcanzaren unha determinada taxa de estabilidade** para poder ser beneficiarias dos incentivos á contratación deberán **mantela, en medias anuais, ao longo dun tempo determinado, que no período 2007-2013 comezou sendo de 3 anos** seguintes á contratación, o mesmo que o **emprego fixo** e o **emprego neto** que as novas contratacións deberán supoñer, ademais de, por suposto, manter o traballador subvencionado.

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.8i.5. |
| Obxectivo específico | Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente daquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, incluídas as iniciativas locais de emprego. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A taxa de paro de Galicia no ano 2014 foi do 21,65 %, que rebaixa catro décimas o rexistro do ano anterior. A pesar desta mellora, o nivel de desemprego mantense en valores excesivamente elevados posto que o proceso de destrución de emprego que se iniciou no ano 2007 foi moi intenso. A incidencia foi especialmente negativa no colectivo xuvenil, onde a taxa de paro da poboación menor de 25 anos é do 48,45 %, e naqueles colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, como son as persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos ou aqueles que xa esgotaron a prestación por desemprego, que sofren maiores dificultades de inserción laboral, agudizadas pola situación do mercado laboral.<br><br>Outro problema que posúe o mercado laboral é o requisito da experiencia laboral, que é o obstáculo que con máis frecuencia encontran os mozos cando desexan acceder a un posto de traballo; non obstante, a forma de adquirir esta experiencia é accedendo a un posto de traballo.<br><br>O cambio esperado que se pretende conseguir é lograr que as persoas desempregadas pasen á situación de empregadas, por medio da adquisición de experiencia laboral, obtendo un emprego de calidade, corrixindo as disfuncionalidades que presenta o mercado de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia respecto destes colectivos de desempregados con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, mediante a creación e mantemento do emprego.<br><br>Para lograr este obxectivo prográmanse actuacións que integran, entre outros, os seguintes: Programa de incentivos á contratación por conta allea para diferentes colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, dirixidos a mellorar a empregabilidade dos demandantes de emprego, como son: os contratos de formación, os contratos de prácticas, os de primeira experiencia laboral, prácticas laborais para a adquisición de competencias profesionais, formación en proxectos de mellora das pemes, comercio internacional, apoio ao emprendemento, vixilancia competitiva e promoción de negocio sectorial.<br><br>As subvencións á contratación dirixiranse principalmente ao colectivo de mozos que queden fóra do PO de emprego xuvenil e a outros colectivos de desempregados con especiais dificultades de inserción laboral, como desempregados de longa duración ou de máis de 45 anos, persoas desempregadas que esgotaron as súas prestacións por desemprego ou procedentes de sectores que foron afectados pola crise de forma máis intensa, persoas desempregadas pertencentes a unidades familiares nas cales ningún membro percibe ningún tipo de renda.<br><br>Para medir os resultados propóñense os seguintes indicadores: número de participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación. |

| | |
|---|---|
| | No PO FSE de Galicia 2014-2020 garántese o seguimento e avaliación a través do sistema de indicadores eficaz, completo e relevante, segundo o disposto no Regulamento 1304/2013, do FSE e sobre a base da "Guía de seguimento e avaliación da política de cohesión Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, de xuño de 2014".<br><br>O sistema de indicadores do PO FSE de Galicia establece os tres tipos de indicadores determinados nos ditos documentos normativos e metodolóxicos, indicadores financeiros, de execución (un subconxunto destes formará o marco de rendemento) e de resultados. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Obxectivo específico 8i.5.**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade medida | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR04 | Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Desempregados, incluídos os de longa duración | 349 | 254 | 603 | Número | 2008 | 384 | 283 | 667 | Indicadores FSE 7-13 | Anual |

O criterio seguido pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a valoración do indicador de resultados de participantes que obteñen un emprego tras a súa participación presenta un maior grao de exixencia para o seu cómputo, xa que se engaden unhas condicións máis rigorosas que están relacionadas coa certificación do gasto. Así, trátase de promover a estabilidade nun enfoque global de cambio estrutural na composición dos cadros de persoal das empresas galegas, as cales, ademais de **alcanzaren unha determinada taxa de estabilidade** para poder ser beneficiarias dos incentivos á contratación, deberán **mantela, en medias anuais, ao longo dun tempo determinado, que no período 2007-2013 comezou sendo de 3 anos** seguintes á contratación, o mesmo que o **emprego fixo** e o **emprego neto** que as novas contratacións deberán supoñer, ademais de, por suposto, manter o traballador subvencionado.

### 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

#### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI. 8i. O acceso ao emprego por parte das persoas demandantes de emprego e das persoas inactivas, incluídas as persoas desempregadas de longa duración e as persoas afastadas do mercado laboral, así como as iniciativas de emprego locais e o fomento da mobilidade laboral. |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**MEDIDAS DE FORMACIÓN DOS VOLUNTARIOS E PROFESIONAIS DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS, A TRAVÉS DE ITINERARIOS DE APRENDIZAXE FLEXIBLES QUE FACILITEN A OBTENCIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS**. Esta liña de actuacións consistirá na formación dos voluntarios e profesionais de protección civil e emerxencias a través de itinerarios de aprendizaxe flexibles que faciliten a obtención de títulos oficiais.

A operación circunscríbese de forma prioritaria no marco da obtención da adecuada formación, prioritariamente para desempregados e inactivos e a obtención do seu certificado que mellore a súa empregabilidade.

Por outra parte, trátase de promover que as competencias profesionais adquiridas, tanto a través de procesos formativos (formais e non formais) como da experiencia laboral, sexan obxecto de acreditación. A Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) trata de adaptar os contidos dos cursos do seu plan de formación aos dos módulos formativos considerados nas cualificacións da familia profesional do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (CNCP) máis directamente relacionada, a de Seguridade e Medio Ambiente, co obxecto de facilitar a acreditación das competencias profesionais adquiridas a través de vías non formais de formación de acordo co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 5/2002.

A Agasp ten a acreditación ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para impartir formación regrada que permita obter certificados de profesionalidade da familia profesional de Socorrismo en Espazos Acuáticos Naturais e Socorrismo en Instalacións Acuáticas, e está en proceso a de Seguridade e Medio Ambiente. Tamén se está a traballar para o desenvolvemento curricular dos títulos de técnico superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil e de técnico en Emerxencias e Protección Civil, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DE CARÁCTER ESTABLE PARA DIFERENTES COLECTIVOS CON MAIORES DIFICULTADES DE ACCESO AO MERCADO LABORAL.** Subvencionaranse os contratos de carácter indefinido como unha ferramenta para fomentar a estabilidade das novas contratacións á vez que lograr unha redución da temporalidade nos cadros de persoal das empresas galegas, coa obriga de permanencia por

un tempo non inferior a 24 meses.

**PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DE CARÁCTER TEMPORAL PARA DIFERENTES COLECTIVOS CON MAIORES DIFICULTADES DE ACCESO AO MERCADO LABORAL.** Subvencionaranse todos aqueles contratos temporais que van dirixidos a mellorar a empregabilidade dos demandantes de emprego, como son:

- Contratos con vinculación formativa
- Contratos en prácticas
- Primeiro emprego

Estes incentivos irán acompañados doutras actuacións de mellora da empregabilidade, como a formación profesional tanto regrada como ocupacional, a formación dual, a orientación profesional, a acreditación de competencias profesionais, que serán financiadas ben con este PO ou con programas operativos plurirrexionais, ou con fondos propios.

Os participantes ou colectivos a que van dirixidas estas axudas son:

- Persoas desempregadas mozas menores de 30 anos.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas que esgotaron as súas prestacións por desemprego.
- Persoas desempregadas procedentes de sectores que maiormente foron afectados pola crise
- Persoas desempregadas pertencentes a unidades familiares nas cales ningún membro percibe ningún tipo de renda.

**MEDIDAS DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS**. Programas mixtos de formación, titorización e prácticas laborais para a adquisición de competencias profesionais; os programas de formación inclúen proxectos de mellora de pemes; comercio internacional; apoio ao emprendemento; vixilancia competitiva e promoción de negocio sectorial...

Os programas de adquisición de competencias profesionais reúnen dous obxectivos principais: achegan coñecemento ás empresas galegas (especialmente pemes e micropemes) que necesitan incorporar profesionais **cualificados e melloran a empregabilidade dos traballadores.**

**As accións de c**apacitación propostas parten sempre do tecido produtivo. Colabórase cos principais representantes do sector na definición das epígrafes en que se vai formar e os instrumentos aplicados (axudas en que participan empresas e entidades colaboradoras) garanten o interese do sector produtivo, posto que deben contribuír en boa medida ao seu cofinanciamento.

No que respecta ao apoio para unha inserción laboral duradeira, hai que ter en conta que nestas actividades formativas se tratará de aproveitar as oportunidades que xorden nas actividades de promoción económica para formar profesionais en actividades de alto nivel de cualificación (comercio internacional, aplicación de técnicas de organización, estratexia empresarial, deseño de produto). Trátase de programas de adquisición de competencias profesionais completamente prácticos, xa que as persoas que participan neles adoitan ter xa unha sólida formación teórica que é necesario complementar coa experiencia, o que facilita a súa inserción laboral duradeira.

Unha mellora da empregabilidade, sustentabilidade e adquisición de competencias dos grupos de poboación máis afastados do mercado laboral e con maiores dificultades. A avaliación das medidas financiadas garantirá a calidade das actuacións que se van desenvolver, de forma que

| |
|---|
| se poida reorientar para o caso de que non quede demostrada a sustentabilidade. |

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.8i |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención de FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica aos colectivos afastados do mercado laboral.
- Mantemento do emprego nas empresas que se beneficien de incentivos á contratación.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a

incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.

- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, así como priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa*** *(por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o Feder).*

**Prioridade de investimento 8i**

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| CO01 | Desempregados, incluídos os de longa duración | Número | FSE | Máis desenvolvida | 9.415 | 3.010 | 12.425 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira /custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020, que se asignou a cada actuación.

## 2.A.4 Prioridade de investimento 8iii

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI 8iii: o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas, incluídas as microempresas e as pequenas e medianas empresas innovadoras. |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE. 8iii.1 |
| Obxectivo específico | Aumentar as competencias emprendedoras e incrementar o número de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables creadas, facilitando o seu financiamento mellorando a calidade e a eficiencia dos servizos de apoio e consolidación. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | O mercado laboral en Galicia nos últimos anos mostra unha forte deterioración debido á crise económica sufrida, como mostran os seguintes indicadores: a taxa de desemprego en 2014 foi do 21,65 %, superior en máis de 11 á media europea; a taxa de ocupación situouse no 57 % en 2014, moi por debaixo do 75 %, obxectivo establecido para España na Estratexia Europa 2020. A caída do emprego en Galicia entre os anos 2007 e 2014 foi do 16,4 % (de 1.193,3 miles de ocupados en 2007 pasouse a 998 miles de ocupados en 2014), o colectivo dos traballadores por conta propia e traballadores independentes experimentou un retroceso superior cunha caída do 19,4 % (86.900 traballadores).<br><br>O cambio que se espera lograr ao programar neste obxectivo específico é favorecer a creación de emprego, de tal forma que as persoas desempregadas creen o seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia e que desenvolvan a súa actividade empresarial en Galicia, así como pequenas iniciativas de emprego con base científica e tecnolóxica e empresas de economía social. Preténdese, así mesmo, mellorar a cultura empresarial, as competencias empresariais das persoas que abordan proxectos emprendedores e a consolidación e competitividade das estruturas empresariais de base social a través da formación, profesionalización e colaboración en rede.<br><br>Para iso programaranse actuacións como:<br><br>• axudas á promoción do emprego autónomo,<br>• incentivos ao emprego en empresas de economía social (fundamentalmente cooperativas e sociedades laborais) mediante:<br>- axudas á incorporación ás ditas entidades, como socias, de persoas desempregadas ou con contrato temporal. |

| | |
|---|---|
| | - axudas económicas para a constitución e posta en marcha de novas cooperativas ou sociedades laborais.<br>- formación, asesoramento e titorización para a posta en marcha de novos proxectos empresariais.<br>- formación orientada á profesionalización das persoas que forman parte dunha entidade de economía social, como socios ou xestores, para mellora da competitividade e sustentabilidade.<br>- impulso á consolidación de empresas de economía social a través do apoio aos procesos de intercooperación e integración cooperativa, creación de entidades de 2º grao e creación e consolidación de redes de cooperación.<br>- formación aos membros da rede de apoio ao emprendemento.<br>- iniciativas de formación no espírito emprendedor no ámbito educativo (secundaria e universidade).<br><br>Como garantía de sustentabilidade do emprego nas actuacións de emprendemento en economía social exixirase a permanencia da condición de socio daquelas persoas polas que se obtivo subvención durante un mínimo de tempo, así como o mantemento da actividade económica e da forma xurídica da empresa (cooperativa ou sociedade laboral). Así mesmo, para garantir a calidade do emprego, prevense varios mecanismos:<br><br>- por un lado, potenciando o emprego a xornada completa fronte ás xornadas reducidas<br><br>-en segundo lugar, establecendo un filtro aos proxectos empresariais subvencionados consistente na análise previa da súa viabilidade, de forma que aqueles que se consideren non viables non serán subvencionados<br><br>- finalmente, ofrecendo aos emprendedores que opten pola fórmula cooperativa formación específica, asesoramento permanente e acompañamento e titorización durante o inicio da actividade. Para iso, a C.A. de Galicia conta cunha rede específica (a Rede Eusumo) formada por institucións públicas e privadas que ofrecen a dita formación, asesoramento e acompañamento<br><br>Para medir a consecución dos obxectivos propóñense os seguintes indicadores de resultado: número de participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación, participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación e empresas que se consolidaron seis meses despois de finalizar o proxecto. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Obxectivo específico 8iii.1**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para valor referencia e previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR03 | Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Desempregados, incluídos os de longa duración | 849 | 566 | 1.415 | Número | 2014 | 900 | 600 | 1.500 | Indicadores FSE 7-13 restrinxidos a actividades e financiamento | Anual |
| CR04 | Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Desempregados, incluídos os de longa duración | 3.608 | 3.476 | 7.084 | Número | 2007-2013 | 3.834 | 3.695 | 7.529 | Indicadores FSE 7-13 | Anual |
| ER31 | Empresas que se consolidaron seis meses despois de finalizar o proxecto | Máis desenvolvida | Número | Empresas que reciben axuda FSE | | | 417 | Número | 2007-2013 | | | 425 | Indicadores FSE 7-13 | Anual |

O valor indicador de resultado CR04, "Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación", relaciónase con tres liñas de actuación das catro incluídas neste OE, que son as seguintes:

- Fomento do emprego a través de cooperativas e entidades de economía social
- Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), e
- Programa de promoción do emprego autónomo

O valor que figura no cadro 4 deste OE reflexa que con estas tres liñas de actuación se estima lograr un resultado global do 75 %, é dicir, que dos 10.051 desempregados, incluídos os de longa duración que se prevé que participen (5.120 homes e 4.931 mulleres), lograrán un emprego, incluído por conta propia, un total de 7.529, coa desagregación por sexo que figura no cadro 4.

Ademais, segundo se indicou anteriormente, no que respecta a este indicador nos obxectivos específicos 8i.3 e 8 i.5, tamén aquí o cómputo dos resultados atende a un criterio de valoración máis exixente, xa que se contabilizan soamente aquelas persoas participantes que manteñen o emprego durante un período de tempo maior, nalgún caso ata os dous anos, a partir do lapso de catro semanas de recibir o incentivo, xa que desta forma se obteñen os resultados en coherencia cos requisitos que a Consellería de Traballo e Benestar introduce nas bases reguladoras.

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

<table>
<tr><td>Prioridade de investimento</td><td>PI. 8iii. Promover o traballo por conta propia, o espírito empresarial e a creación de empresas, incluíndo pemes e microempresas innovadoras</td></tr>
<tr><td colspan="2">Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:<br><br>INICIATIVAS DE APOIO AO EMPRENDEMENTO. Nesta liña de actuacións prevense, entre outras, as seguintes accións: titorización de emprendedores, seminarios e talleres de formación na cultura emprendedora, elaboración da análise de viabilidade de proxectos empresariais, plans formativos á medida para os membros da rede de apoio ao emprendemento, intervencións de asesoramento e crecemento empresarial, realización de estudos sobre a situación do emprendemento para a posta en marcha de políticas públicas.<br><br>MEDIDAS DE FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DE COOPERATIVAS E ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL. As principais actividades previstas nesta liña de actuación son:<br><br>- axudas á incorporación ás ditas entidades, como socias, de persoas desempregadas ou con contrato temporal<br><br>- axudas económicas para a constitución e posta en marcha de novas cooperativas ou sociedades laborais<br><br>- formación, asesoramento e titorización para a posta en marcha de novos proxectos empresariais<br><br>- formación orientada á profesionalización das persoas que forman parte dunha entidade de economía social, como socios ou xestores, para mellora da competitividade e sustentabilidade<br><br>- impulso á consolidación de empresas de economía social a través do apoio aos procesos de intercooperación e integración cooperativa, creación de entidades de 2º grao e creación e consolidación de redes de cooperación.<br><br>Non serán obxecto de subvención as achegas ao capital social dos socios de cooperativas ou sociedades laborais ou outras formas de economía social.<br><br>Refórzase a orientación a resultados xa que se prevén accións formativas dirixidas a público obxectivo concreto: como destinatarios prioritarios, persoas interesadas en emprender, especialmente desempregados; persoas socias de empresas de economía social; persoas que formen parte dos órganos de xestión e goberno das ditas empresas, co fin de mellorar a competitividade destas, e, de forma secundaria, estudantes próximos a incorporarse ao mundo laboral e axentes intermedios, que teñen como misión a formación, asesoramento e titorización de emprendedores.</td></tr>
</table>

Refórzase igualmente a través do tipo de actuacións previstas xa que se incluirán actividades formativas específicas, e especialmente asesoramento e titorización previa e posterior á constitución das empresas, para garantir a viabilidade e sustentabilidade dos proxectos.

Garántese que non haberá solapamento coas actuacións similares previstas no PO de inclusión e economía social, xa que se constatan tres razóns para evitalo: en primeiro lugar, hai que indicar que cada un dos programas (rexional e POISES) actúan no ámbito das súas respectivas competencias, coa correspondente separación; en segundo lugar, nas convocatorias do POISES prevese nas súas bases que non haberá solapamento e, en terceiro lugar, as axudas do POISES actúan de forma complementaria ao PO rexional, xa que non son suficientes para abordar todas as necesidades detectadas neste ámbito en Galicia.

**INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT**). A través desta liña de actuación impulsarase a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, dinamizando a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitando o potencial emprendedor das persoas dedicadas á investigación, así como o impulso á transformación do coñecemento creado nas universidades e centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e emprego.

**MEDIDAS DE PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO**. Con esta liña de actuacións preténdese axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas.

Trátase de incentivar o establecemento e desenvolvemento de iniciativas económicas e profesionais por conta propia, favorecendo a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, para persoas desempregadas que se dean de alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional como persoa traballadora autónoma e axudarase a financiar os seus proxectos empresariais, facilitando así a creación do seu propio posto de traballo.

Polo que respecta ás medidas destinadas a mozos, non haberá solapamento de actuacións, xa que as medidas consideradas neste PO serán complementarias das incluídas no POEX, e haberá garantía de non duplicidade (sempre serán incompatibles dous tipos de axudas cando coincida o obxecto ou gasto subvencionable).

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI. 8iii |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención de FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións a que responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica aos colectivos afastados do mercado laboral.
- Nas axudas para a constitución de cooperativas ou sociedades laborais, e para a incorporación a estas de socios traballadores, valorarase a viabilidade do proxecto como requisito previo á concesión e exixirase un período mínimo de mantemento da actividade e a forma xurídica; ademais, nas axudas á incorporación de socios exixirase o mantemento da condición de socio durante un período mínimo; priorizarase o emprego a xornada completa a través dun mellor tratamento para o acceso á axuda; finalmente, potenciaranse as actuacións dirixidas a garantir a competitividade e sustentabilidade das entidades a través de accións de formación, asesoramento, acompañamento e titorización de proxectos.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e a execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

### 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

### 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

### 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa*** *(por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o Feder).*

**Prioridade de investimento 8iii**

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| CO01 | Desempregados incluídos os de longa duración | Número | ESF | Máis desenvolvida | 7.820 | 6.731 | 14.551 | Expedientes das operacións | Anual |
| EO31 | Número de empresas que desenvolven proxectos de consolidación | Número | ESF | Máis desenvolvida | | | 547 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira/custo unitario.

Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

## 2.A.4 Prioridade de investimento 8iv

| Prioridade de investimento | PI 8iv: a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluída o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual |
|---|---|

| | |
|---|---|
| | remuneración por igual traballo. |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| Identificación | OE. 8iv.1 |
|---|---|
| Obxectivo específico | Aumentar a contratación de mulleres, especialmente en sectores económicos que presentan un alto potencial de emprego con escasa presenza feminina. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A situación das mulleres no mercado de traballo dista moito de ser igualitaria, a taxa de actividade das mulleres en 2014 foi do 49,01 %, 10 puntos porcentuais inferior á dos homes, a taxa de ocupación tamén é inferior cunha fenda de 6 puntos, o 53,9 % das mulleres de entre 16 e 64 anos están ocupadas fronte ao 60,0 % dos homes. Por último, a taxa de paro non mostra diferenzas significativas entre mulleres e homes debido a que durante a crise a poboación activa feminina se incrementou fronte á caída da masculina e a que a perda de emprego afectou máis os homes que as mulleres.<br><br>Así mesmo, o Informe GEM (Global Entrepreneurship Monitor) para Galicia correspondente ao ano 2013 reflectiu unha redución respecto ao ano anterior da participación das mulleres en todas as fases de emprendemento, salvo na fase de emprendemento novo. En 2013, segundo este informe GEM, a taxa de actividade emprendedora feminina (TEA) mantense por debaixo da masculina, mesmo aumenta o diferencial respecto á taxa masculina no último ano, percíbese un descenso do TEA feminino de 1,07 puntos, caída que é lixeiramente superior á que se produce nos homes (0,99). Desta forma, o TEA feminino sitúase en 3,42 % fronte ao 4,80 % dos homes. O diferencial entre o TEA masculino e o feminino en Galicia sitúase no ano 2013 en 1,38 puntos, que é inferior ao diferencial da media española (2,07).<br><br>Obsérvase unha menor presenza das mulleres en todas as fases do proceso emprendedor e con maiores dificultades para o acceso ao crédito (o que limita o tamaño das iniciativas emprendedoras femininas e dificulta a súa internacionalización). As mulleres deben afrontar ademais, á hora de iniciar un proxecto emprendedor, a necesidade de conciliar a vida familiar e profesional xa que, aínda que se avanzou en temas de corresponsabilidade, continúan sendo, de forma maioritaria, as que asumen o coidado das persoas maiores ao seu cargo, así como dos fillos e fillas.<br><br>Ao programar neste obxectivo específico preténdense reducir os efectos negativos das dificultades de acceso ao emprendemento e desenvolvemento de proxectos empresariais para as mulleres, co fin de remover os obstáculos que encontran as mulleres para incorporarse á vida activa, acceder ao emprego e manter a ocupación e co obxectivo prioritario de conseguir un mercado laboral máis igualitario cunha representación da muller máis igualitaria tamén no terreo empresarial.<br><br>Fomentar a incorporación da muller ao empresariado tamén implica a xeración de emprego e de riqueza en beneficio de toda a sociedade, ao supoñer o acceso ao investimento dunha parte da poboación que está en clara minoría na actividade emprendedora. O desenvolvemento do |

| | |
|---|---|
| | empresariado feminino e o aproveitamento do potencial profesional e laboral das mulleres, ademais de ser un medio axeitado para a promoción, participación e progresión das mulleres no mercado laboral, tamén contribuirá a cumprir co obxectivo de conseguir un crecemento sustentable e integrador, dous dos principios da Estratexia Europa 2020.<br><br>Para o logro do obxectivo inclúense neste obxectivo específico Medidas de emprendemento feminino de Galicia, programa EMEGA, para facilitar a creación e pervivencia de empresas lideradas por mulleres xunto con medidas de acompañamento, asesoramento e titorización dos proxectos emprendedores para a súa implantación e consolidación.<br><br>O indicador proposto para medir o logro formulado é o seguinte: participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Obxectivo específico 8iv.1**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para valor referencia e previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR04 | Participantes que obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Desempregados, incluídos os de longa duración | | 290 | 290 | Número | Media 2007-2013 | | 324 | 324 | Expedientes das convocatorias de axudas | Anual |

| | |
|---|---|
| Identificación | OE. 8iv.2 |
| Obxectivo específico | (Re)integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A situación das mulleres no mercado de traballo dista moito de ser igualitaria, a taxa de actividade das mulleres en 2014 foi do 49,01 %, 10 puntos porcentuais inferior á dos homes, a taxa de ocupación tamén é inferior cunha fenda de 6 puntos, o 53,9 % das mulleres de entre 16 e 64 anos están ocupadas fronte ao 60,0 % dos homes. Por último, a taxa de paro non mostra diferenzas significativas entre mulleres e homes debido a que durante a crise a poboación activa feminina se incrementou fronte á caída da masculina e a que a perda de emprego afectou máis os homes que as mulleres.<br><br>Por outra parte, a repartición dos "roles sociais" contribuíu á exclusión da muller do mercado laboral (traballos precarios, menor nivel de ingresos, carreiras profesionais descontinuas, etc.) e determina ao mesmo tempo unha situación social discriminatoria. En 2011 o número de mulleres que coidan dependentes foi de 82.052, un 69 % do total de persoas que coidan dependentes. No ano 2012 a porcentaxe de mulleres sobre os traballadores con nenos menores de 13 anos que reducen a xornada está 47 puntos por riba dos homes e o das que flexibilizan ou coordinan o horario de traballo é 11 puntos superior. Se utilizamos o tempo dedicado a distintas tarefas, en 2010 as mulleres dedicaban unha media diaria de 4 horas e 31 minutos ao fogar e á familia fronte a 2 horas e 40 minutos dos homes.<br><br>Ao programar neste obxectivo específico preténdese reducir os efectos negativos das dificultades de conciliación que seguen recaendo de xeito prioritario sobre as mulleres e da falta de repartición igualitaria das responsabilidades familiares, co fin de remover os obstáculos que encontran as mulleres para incorporarse á vida activa, acceder ao emprego e manter a ocupación e co obxectivo prioritario de conseguir un mercado laboral sen segmentacións e equilibrado por razón de xénero.<br><br>Co obxecto indicado e para facilitar medidas e actividades que permitan conciliar a vida laboral e familiar e avanzar no terreo da corresponsabilidade nas tarefas domésticas e familiares, as actuacións que se deberán realizar vertébranse na seguinte tipoloxía:<br><br>• Axudas a entidades sen ánimo de lucro, en particular, constituídas por nais e pais, e a entidades locais que desenvolvan programas, medidas ou actividades dirixidas a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, como medida para dispoñer de recursos próximos e accesibles que permitan a compatibilidade da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadoras, en particular, para favorecer o emprego das mulleres traballadoras con responsabilidades familiares (fillos/as menores ou maiores dependentes); axudas para o fomento da conciliación e corresponsabilidade, dirixidas prioritariamente a familias monoparentais e a homes co obxecto de incentivar que se acollan a medidas de conciliación -redución de xornada, por exemplo-, e como fórmula para avanzar na repartición equitativa das |

| | |
|---|---|
| | responsabilidades familiares e, polo tanto, como medio para facilitar a permanencia no emprego das mulleres traballadoras con responsabilidades familiares (fillos/as menores ou maiores dependentes) e accións de sensibilización e información sobre conciliación e corresponsabilidade, para a concienciación xeral da necesidade de alcanzar un modelo sociolaboral máis xusto e equitativo, con igualdade de oportunidades por razón de xénero.<br>• Fomento da igualdade laboral a través de axudas para a formación sobre igualdade e para a elaboración e implantación de plans de igualdade nas pemes e axudas para a eliminación da infrarrepresentación feminina. Axudas que permitan flexibilizar o tempo destinado ao traballo para permitir a conciliación da vida laboral, persoal e privada.<br><br>O indicador proposto para medir o logro formulado é o seguinte: participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade tras a súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Obxectivo específico 8iv.2**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para valor referencia e previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| ER10 | Participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral | 8.008 | 12.080 | 20.088 | Número | 2007 a 2013 | 8.328 | 12.420 | 20.748 | Datos estudos experiencias similares | Anual |
| ER02 | Empresas que desenvolveron medidas que fomentan a igualdade de xénero | Máis desenvolvida | Número | Empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e de conciliación da vida familiar e laboral | | | 231 | Número | 2008 a 2014 | | | 246 | Datos estudos experiencias similares | Anual |

Cada indicador de resultado correspóndese cunha das dúas liñas de actuación incluídas neste OE:

- Indicador de resultado específico 8 iv.2.1, "Participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade, tras a súa participación", relaciónase coa liña de actuación que desenvolverá a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia "MEDIDAS DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN E DA CORRESPONSABILIDADE FAMILIAR EN GALICIA", cuxo cálculo se realizou tendo como

referencia o indicador de execución específico sobre participantes: participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral.

- Indicador de resultado específico 8iv.2.2, "Empresas que desenvolveron medidas que fomentan a igualdade de xénero", relaciónase coa liña de actuación que desenvolverá a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia "**MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E FOMENTO DA IGUALDADE LABORAL nas empresas"**, cuxo cálculo se realizou tendo como referencia o indicador de execución específico sobre entidades "Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e de conciliación da vida familiar e laboral".

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI. 8iv. A igualdade entre home e mulleres en todos os ámbitos, incluídos o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**MEDIDAS DE EMPRENDEMENTO FEMININO DE GALICIA**. As seguintes actuacións integran axudas para facilitar a creación e pervivencia de empresas lideradas por mulleres xunto con medidas de acompañamento, asesoramento e titorización dos proxectos emprendedores para a súa implantación e consolidación:

- Axudas económicas a través de primas para estimular a posta en marcha de iniciativas empresariais e a creación de autoemprego feminino, que se poderán ver incrementadas se se crean empregos por conta allea para mulleres desempregadas.

- Axudas económicas mediante primas para promover proxectos empresariais de claro carácter innovador, contido científico ou de base tecnolóxica nas empresas lideradas por mulleres.

- Axudas económicas mediante primas para promover a realización de melloras innovadoras nas empresas lideradas por mulleres para a creación de emprego feminino estable e de calidade e a mellora da competitividade.

- Axudas económicas a través de primas para favorecer a reactivación e consolidación de empresas lideradas por mulleres por medio da aplicación de medidas de renovación, relanzamento, ampliación, cambio de localización da actividade, etc. con que conseguir o equilibrio empresarial, sempre que non comporte a destrución de emprego, por conta propia ou por conta allea.

- Complemento ás primas anteriores no caso de promotoras con fillos/as menores de 3 anos, para favorecer a compatibilización do seu exercicio profesional coa maternidade, sempre que se implementen novos sistemas de organización que supoñan flexibilidade no uso dos tempos para a execución do traballo co obxectivo de facilitar o exercicio das responsabilidades familiares compartidas do equipo humano que integra a empresa.

- Titorización e acompañamento das emprendedoras ao longo de todo o proceso emprendedor.

- E accións de sensibilización, información e formación sobre emprendemento, para promover o emprendemento feminino, dando a coñecer as boas prácticas e o éxito de moitos proxectos liderados por mulleres galegas. Todas as accións de información e sensibilización

previstas están directamente relacionadas e vinculadas coas actividades que a Secretaría Xeral da Igualdade propón financiar no marco FSE 2014-2020. Ademais, estas medidas de información e sensibilización teñen carácter residual e existe o compromiso de que o custo destas accións represente como máximo o 7 % do montante total da actividade ou actuación a que está vinculada.

Con carácter xeral, como se desprende do enunciado, as axudas ou primas están condicionadas primordialmente á creación de emprego por e para mulleres sen emprego.

**MEDIDAS DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN E DA CORRESPONSABILIDADE FAMILIAR EN GALICIA**. Co obxectivo de reducir os efectos negativos das dificultades de conciliación que seguen recaendo de xeito prioritario sobre as mulleres e para facilitar medidas e actividades que permitan conciliar a vida laboral e familiar e avanzar no terreo da corresponsabilidade nas tarefas domésticas e familiares, as actuacións que se van realizar vertébranse na seguinte tipoloxía:

- Axudas a entidades sen ánimo de lucro, en particular, constituídas por nais e pais, e a entidades locais que desenvolvan programas, medidas ou actividades dirixidas a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, como medida para dispoñer de recursos próximos e accesibles que permitan a compatibilidade da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadoras, en particular, para favorecer o emprego das mulleres traballadoras con responsabilidades familiares (fillos/as menores ou maiores dependentes). A conciliación é un instrumento indispensable para avanzar na igualdade de oportunidades e conseguir unhas expectativas persoais, laborais e profesionais nun marco social equilibrado por razón de xénero, equitativo e xusto. É unha realidade que o peso das responsabilidades familiares, en particular as derivadas do coidado de fillos menores de doce anos, é asumido polas mulleres de xeito maioritario e é un dos maiores lastres para o seu desenvolvemento persoal e para participar en termos de igualdade no mercado laboral e profesional. Así, as axudas dirixidas as asociacións de nais e pais (ANPA) dos centros escolares de Galicia públicos e concertados (sostidos con fondos públicos), para a realización de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como obxectivo facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, promoverán a conciliación. Para iso, nas convocatorias de axuda exíxese que as actividades se realicen no centro escolar, fóra do horario lectivo, de luns a venres, durante unha hora diaria como mínimo e en horario continuado en relación coa xornada escolar, é dicir que entre o horario escolar e o das actividades extraescolares non haxa interrupción, e comprende tanto as de madrugadores (atención matutina) como as realizadas ao finalizar a xornada escolar. Con isto promóvese unha maior flexibilidade na entrada e saída das escolas, o que permite unha maior acomodación dos horarios nas familias con fillos menores de 12 anos.

- Axudas para o fomento da conciliación e corresponsabilidade, dirixidas prioritariamente a familias monoparentais e a homes co obxecto de incentivar que se acollan a medidas de conciliación -redución de xornada, por exemplo-, e como fórmula para avanzar na repartición equitativa das responsabilidades familiares e, polo tanto, como medio para facilitar a permanencia no emprego das mulleres traballadoras con responsabilidades familiares (fillos/as menores ou maiores dependentes).

- E accións de sensibilización e información sobre conciliación e corresponsabilidade, para a concienciación xeral da necesidade de alcanzar un modelo sociolaboral máis xusto e equitativo, con igualdade de oportunidades por razón de xénero. Todas as accións de información e sensibilización previstas están directamente relacionadas e vinculadas coas actividades que a Secretaría Xeral da Igualdade propón financiar no marco FSE 2014-2020. Ademais, estas medidas de información e sensibilización teñen carácter residual e existe o compromiso de que o custo destas accións represente como máximo o 7 % do montante total da actividade ou actuación a que está vinculada. No ámbito da igualdade de oportunidades, co obxectivo último de poder rematar con todas as formas de discriminación por razón de xénero e

| |
|---|
| coa erradicación do sexismo e da violencia de xénero como manifestación máis reprochable e cruel da desigualdade na nosa sociedade, que produce importantes fendas e segregacións no mercado de traballo e no ámbito social e persoal, considérase que se debe intervir non só con accións concretas e directas senón que tamén é decisivo o labor de información e de sensibilización dirixido a toda a cidadanía, pero con especial incidencia en determinados sectores, especialmente no ámbito educativo e no laboral e profesional, para concienciar a sociedade da importancia e efectos da igualdade de xénero e o respecto mutuo en todos os ámbitos para alcanzar a medio prazo unha sociedade e un mercado laboral máis xusto e equitativo.<br><br>**MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E FOMENTO DA IGUALDADE LABORAL**. Fomento da igualdade laboral a través de axudas dirixidas ás empresas de Galicia, para a formación sobre igualdade e para a elaboración e implantación de plans de igualdade nas pemes. Axudas para a eliminación da infrarrepresentación feminina e a conciliación da vida laboral, persoal e privada mediante medidas que permitan flexibilizar o tempo destinado ao traballo e que lles faciliten ás persoas traballadoras distribuír o seu tempo de xeito máis eficiente para compaxinar outros aspectos da esfera persoal e familiar. Axudas económicas e/ou apoio técnico para a promoción da elaboración e execución de plans de conciliación no ámbito empresarial, apoio á creación de redes colaboradoras entre empresas que favorezan a conciliación, premios de distinción a empresas que favorezan a conciliación, medidas de mercadotecnia social e difusión de empresas que favorezan a conciliación, accións no ámbito empresarial de sensibilización e intercambio de boas prácticas. |

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI. 8iv |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención de FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións, aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.

- Implantación de medidas de conciliación da vida laboral coa vida persoal que faciliten o acceso e o uso dos servizos e recursos ofertados e a inserción laboral.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa** (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o Feder).*

**Prioridade de investimento 8iv**

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| CO01 | Desempregados, incluídos os de longa duración | Número | FSE | Máis desenvolvida | - | 348 | 348 | Expedientes das operacións | Anual |
| EO12 | Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral. | Número | FSE | Máis desenvolvida | 8.430 | 13.170 | 21.600 | Expedientes das operacións | Anual |
| EO32 | Empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e de conciliación da vida familiar e laboral | Número | FSE | Máis desenvolvida | | | 308 | Expedientes das operacións | Anual |

Cada indicador de execución correspóndese cunha das tres liñas de actuación incluídas nesta prioridade de investimento:

- Indicador común de participantes CO01, "Desempregados, incluídos os de longa duración", correspóndese co Programa EMEGA de medidas de emprendemento feminino, promovido pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
- Indicador específico de participantes 8iv.2.1, "Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral", relaciónase coa liña de actuación que desenvolverá a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia "MEDIDAS DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN E DA CORRESPONSABILIDADE FAMILIAR EN GALICIA". As actuacións dirixidas a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral terán como destinatarios últimos os pais e nais que se beneficien das axudas a entidades sen ánimo de lucro e a entidades locais, e os homes e mulleres no caso de familias monoparentais, que serán os que se beneficien de forma directa das actuacións de axudas á redución de xornada para promover a corresponsabilidade.
- Indicador específico de entidades, "Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e de conciliación da vida familiar e laboral", relaciónase coa liña de actuación que desenvolverá a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

"**MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E FOMENTO DA IGUALDADE LABORAL nas empresas"**, método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de desempregadas, de persoas participantes e as empresas que se estima que recibirán axudas no ámbito desta prioridade de investimento pola Secretaría

Xeral da Igualdade, da Vicepresidencia e da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, que son os dous indicadores de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira/custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020, que se asignou a cada actuación.

## 2.A.4 Prioridade de investimento 8v

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI 8v: a adaptación dos traballadores e traballadoras, as empresas e o empresariado ao cambio |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE. 8v.1 |
| Obxectivo específico | Adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado laboral, así como mellorar a súa situación contractual para garantir o seu mantemento no emprego e permitir a súa progresión profesional. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | O elevado impacto da crise económica sobre o mercado laboral galego reflíctese nos principais indicadores como a taxa de paro (21,65 % en 2014) e a caída do emprego desde 2008 (16,9 %). Esta repercusión é superior no colectivo de persoas sen formación ou con menor formación, a caída do emprego entre 2008 e 2013 do colectivo de traballadores con educación primaria foi do 48,3 %; a dos que alcanzaron primeira etapa de educación secundaria do 19,2 %, e a dos de segunda etapa de educación secundaria foi un 18,3 %; en cambio a caída foi do 2,9 % entre os que posúen ensino universitario de primeiro e segundo ciclo. Se utilizamos a taxa de paro, as conclusións son similares, a taxa de paro da educación superior é do 14,9 % fronte ao 29,3 % en estudos primarios e ao 27,4 % e 21,5 % en estudos secundarios de primeira e segunda etapa, respectivamente.<br><br>Outro dos déficits do mercado de traballo en Galicia é a temporalidade no emprego, xa que o alto índice de precariedade laboral constitúe un dos máis importantes problemas estruturais do mercado laboral, que en 2014 alcanza o 23,5 % para o total de asalariados, taxa que se incrementa considerablemente para os de menor idade, co 51 %.<br><br>A formación profesional para o emprego ten por obxecto impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados unha formación |

| | |
|---|---|
| | que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.<br><br>Con esta formación preténdese que os traballadores e empresas se adapten aos cambios continuos da economía globalizada, ofrecendo ás persoas ocupadas novos coñecementos e habilidades para o desempeño das súas funcións actuais e futuras, e se formen naquelas competencias que lles faciliten unha recualificación profesional adaptada ao seu posto de traballo, para incrementar a competitividade destas e, en consecuencia, as súas posibilidades de mantemento do emprego.<br><br>Así mesmo, para fomentar o emprego estable e de calidade, os incentivos de transformación de contratos temporais en indefinidos son unha ferramenta adecuada.<br><br>O cambio esperado consiste en lograr que as persoas con traballos en precario consigan un emprego de carácter estable, corrixindo as disfuncionalidades que presenta o mercado de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia respecto da temporalidade e rotación dos traballadores no mercado laboral mediante o mantemento do emprego, así como reducir a actual taxa de temporalidade do mercado de traballo en Galicia.<br><br>As actuacións que se programan para lograr este obxectivo son convocatorias de subvencións destinadas a financiar os custos das accións formativas para as persoas ocupadas nos seus centros de traballo e a transformación de contratos temporais en indefinidos.<br><br>Os indicadores que medirán os resultados que se pretenden conseguir son participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación e participantes que mellorasen a súa situación no mercado de traballo no prazo dos seis meses seguintes á súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Obxectivo específico 8v.1**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade medida | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR03 | Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia | 10.238 | 9.668 | 19.906 | Número | 2008 a 2011 | 10.878 | 10.273 | 21.151 | Datos estudos experiencias similares | Anual |
| CR07 | Participantes que mellorasen a súa situación no mercado de traballo no prazo dos seis meses seguintes á súa participación | Máis desenvolvida | Número | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia | 291 | 269 | 560 | Número | Media 2007-2013 | 312 | 288 | 600 | Datos medios de 2007-2013 | Anual |

Estes dous indicadores non se corresponden coas tres liñas de actuación incluídas neste OE senón que cada un se relaciona exclusivamente con determinadas actuacións:

- Indicador de resultado común inmediato CR03, "Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación", relaciónase con dúas liñas de actuación de formación:
  - Liña de actuación que desenvolverá a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia "PROGRAMAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO".
  - Liña de actuación que desenvolverá o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) da Xunta de Galicia "Iniciativas de formación para a industria 4.0".

Para ambas as dúas liñas, o cálculo do resultado realizouse tendo como referencia o indicador de execución común de participantes "Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia". O valor que figura no cadro 4 deste OE reflicte que con estas dúas liñas de actuación se estima lograr un resultado global do 85 %, é dicir, que das 24.883 persoas con emprego que melloran a súa adaptabilidade ao participar nunha actuación formativa na empresa que se prevé que participen (12.085 homes e 12.798 mulleres) lograrán unha cualificación 21.151 persoas, coa desagregación por sexo que figura no cadro 4.

A porcentaxe de éxito estimada para o ano 2020 significa un incremento do 5 % respecto ao de referencia, que xa en si mesmo é un dato alto, en todo caso superior á porcentaxe de resultado obtida noutras tipoloxías de formación, como na destinada a persoas en desemprego, por exemplo, e que non se prevé que alcance unha maior cota, debido a que a dita taxa implica unha dobre condición, por un lado que finalicen o curso ou módulo formativo (xa que o indicador de execución se computa ao inicio da operación) e, ademais, cumprir coa condición de que se obteña o aproveitamento suficiente que implique poder outorgar o diploma que acredite o dito cumprimento".

- Indicador de resultado común a longo prazo CR07, "Participantes que mellorasen a súa situación no mercado de traballo no prazo dos seis meses seguintes á súa participación", relaciónase coa liña de actuación que desenvolverá a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia "PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACION DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS", cuxo cálculo do resultado se realizou tendo como referencia o indicador de execución común de participantes "Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia". O valor que figura no cadro 4 deste OE reflicte que con esta liña de actuación se estima lograr un resultado do 75 %. O criterio seguido pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a valoración deste indicador de resultado presenta un maior grao de exixencia para o seu cómputo, xa que se engaden unhas condicións máis rigorosas, que están relacionadas coa certificación do gasto, polas que exixe que se demostre a estabilidade do emprego nun prazo maior, como xa se indicou nas PI 8i e 8iii.

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI. 8v. A adaptación das e dos traballadores, as empresas e o empresariado ao cambio |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**MEDIDAS DE CAPACITACIÓN DE EMPRESARIOS, DIRECTIVOS E TRABALLADORES, ESPECIALMENTE DE PEMES**. Na liña da iniciativa emblemática europea "Unha política industrial para a era da mundialización", en Galicia temos a necesidade de contar cun conxunto amplo de empresarios, directivos e traballadores formados para facer fronte aos retos da industria do futuro (robótica, organización industrial avanzada, procesamento de novos materiais, fabricación aditiva, dixitalización) e dos negocios integrados en cadeas de valor globais. O obxectivo é contar con empregados capacitados na industria, pero tamén con empregadores idóneos que poidan ofertar postos de traballo de alta calidade de xeito sustentable.

Neste sentido, formúlase a realización dun amplo programa de capacitación mediante iniciativas propias e tamén colaborando cos principais axentes neste campo, co fin de asegurar que as empresas -especialmente as pemes- coñezan e apliquen as mellores prácticas e coñecementos en ámbitos como a fabricación avanzada, a organización, as operacións, a creación de equipos de alto rendemento, o lanzamento e comercialización de novos produtos, os retos da internacionalización, etc.

**MEDIDAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO**. Con esta liña de actuación preténdense financiar os custos de accións formativas para ocupados impartidas en centros de traballo para que os traballadores e empresas se adapten aos cambios continuos da economía globalizada, ofrecendo ás persoas ocupadas novos coñecementos e habilidades para o desempeño das súas funcións actuais e futuras, e se formen naquelas competencias, entre as cales se encontran as competencias de formación en TIC para avanzar na capacitación profesional dixital, como parte do itinerario de formación das persoas empregadas, que lles faciliten unha recualificación profesional adaptada ao seu posto de traballo, para incrementar a competitividade destas e, en consecuencia, as súas posibilidades de mantemento do emprego.

**PROGRAMA DE INCENTIVOS Á TRANSFORMACION DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS.** Co obxecto de fomentar a estabilidade e reducir as elevadas taxas de temporalidade das empresas galegas, establécense incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos, ligados á mellora da empregabilidade, co obxecto de lograr a permanencia destes colectivos no mercado de traballo. O colectivo de participantes a que vai dirixida esta operación son persoas traballadoras cun contrato temporal que aspiran a lograr unha estabilidade no seu emprego.

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI. 8v |
| --- | --- |

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención do FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións, aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións" que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica aos colectivos afastados do mercado laboral.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de

selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa*** *(por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o Feder).*

**Prioridade de investimento 8v**

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| CO05 | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia | Número | FSE | Máis desenvolvida | 13.214 | 12.469 | 25.683 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira /custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia; neste caso tomouse como referencia o bienio 2010-2011, por ser a convocatoria do pasado que mellor se axusta ás que se van programar no período 2014-2020. Neste caso aplicouse como referencia que a axuda media FSE por participante é de 413 €/part., no ámbito das actuacións da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, cunha desagregación por sexo de homes (51 %) e mulleres (49 %).

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

## 2.A.7. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 a 7

| Eixe prioritario | Eixe prioritario 1 B |
|---|---|

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS Á INNOVACIÓN SOCIAL**

Dentro do presente eixe, prevese executar actuacións que contribúan e fomenten a innovación social desde diferentes aspectos. Concretamente, as actuacións que se prevé executar neste sentido son:

- Programa de emprendemento feminino.
- Fomento da economía social mediante incentivos á creación de empresas de base cooperativa e novos proxectos empresariais, fomentando o emprego colectivo e a intercooperación.
- Promoción do cooperativismo e da economía social e das súas estruturas representativas.
- Impulso da colaboración en rede para o fomento do cooperativismo e da economía social para a promoción do emprendemento colectivo.
- Accións encamiñadas a potenciar e reforzar a competitividade empresarial cooperativa mediante o impulso da I+D+i, a inmersión nas TIC, o fomento da comercialización e a internacionalización das cooperativas.
- Accións encamiñadas a implantar a igualdade nas pequenas e medianas empresas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS Á COOPERACIÓN TRANSNACIONAL**

Concretamente no marco deste eixe non se prevé contribuír á cooperación transnacional de xeito específico, aínda que se fomentará o impulso da colaboración en rede para o fomento do cooperativismo e a economía social para a promoción do emprendemento colectivo, que terá un enfoque encamiñado á cooperación transnacional.

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS AOS OBXECTIVOS TEMÁTICOS 1 AO 7**

Pola propia tipoloxía das accións previstas no presente eixe prioritario non existe ningunha que contribúa especificamente aos obxectivos temáticos 1 ao 7.

## 2.A.8. Marco de rendemento

***Cadro 6. Marco de rendemento do eixe prioritario***

| Eixe prioritario | Tipo de indicador | Identificación | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fondo | Categoría de rexión | Fitos para 2018[3] | | | Meta final (2023)[4] | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador, cando proceda |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| 1B | O | CO01 | Desempregados, incluídos os de longa duración | Número | FSE | Máis desenvolvida | 5.814 | 3.644 | 9.458 | 17.235 | 10.089 | 27.324 | Indicadores FSE 7-13 | |
| 1B | F | F02 | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo art. 126.c do RDC | Euros | FSE | Máis desenvolvida | | | 30.628.600 | | | 121.251.615 | | |

[3] Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. "H» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.
[4] Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

***Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento*** *(opcional)*

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos e, especificamente, co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 1 'Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posta en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a que se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FSE en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecer o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificaren qué actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma axeitada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 1, 'Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral', seleccionouse un indicador de produtividade: 'CO01 Desempregados, incluídos os de longa duración'. A concentración financeira das actuacións ligadas a este indicador supón un 76,3 % do total, de maneira que se supera o 50 % de concentración requirida polo regulamento.

Respecto á medición do desempeño financeiro, seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total de 30.628.600 € para o fito de implementación no ano 2018, e o total do financiamento (121.251.615 €) do eixe prioritario 1 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 1.

## 2.A.9. Categorías de intervención

***Cadros 7 a 11. Categorías de intervención[5]***

***Cadro 7. Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 1B | 102 Acceso ao emprego dos demandantes de emprego e das persoas inactivas, incluídos os desempregados de longa duración e as persoas afastadas do mercado laboral, tamén a través de iniciativas locais de emprego e apoio á mobilidade laboral | 11.600.000,00 |
| Eixe prioritario 1B | 103 Integración sustentable dos mozos no mercado laboral, en particular os que nin traballan nin seguen estudos ou formación, incluídos os mozos que corren risco de exclusión social e os de comunidades marxinadas, tamén a través da execución da Garantía xuvenil | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 104 Traballo por conta propia, espírito emprendedor e creación de empresas, incluídas as microempresas e pemes innovadoras | 58.960.240,00 |
| Eixe prioritario 1B | 105 Igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos, mesmo no acceso ao emprego, o desenvolvemento da carreira e a conciliación do traballo e a vida privada, e promoción da igualdade de retribución por un mesmo traballo | 10.141.132,00 |
| Eixe prioritario 1B | 106 Adaptación ao cambio de traballadores, empresas e emprendedores | 16.299.920,00 |
| Eixe prioritario 1B | 107 Envellecemento activo e saudable | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 108 Modernización das institucións do mercado laboral, como os servizos de emprego públicos e privados, e mellora da súa adecuación ás necesidades do mercado, mesmo a través de medidas que aumenten a mobilidade laboral transnacional e de programas de mobilidade, e reforzo da cooperación entre as institucións e as partes interesadas pertinentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 109 Inclusión activa, en particular para promover a igualdade de oportunidades e a participación activa e mellorar a empregabilidade | 0,00 |

[5] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

***Cadro 8. Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 1B | 01 Subvención non reembolsable | 97.001.292,00 |
| Eixe prioritario 1B | 02 Subvención reembolsable | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 07 Primas | 0,00 |

***Cadro 9. Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 1B | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 41.242.403,60 |
| Eixe prioritario 1B | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 33.430.751,20 |
| Eixe prioritario 1B | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 11.220.137,20 |
| Eixe prioritario 1B | 04 Zonas de cooperación interrexional | 504.000,00 |
| Eixe prioritario 1B | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 504.000,00 |
| Eixe prioritario 1B | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 |

| | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario 1B | 07 Non procede | 10.100.000,00 |

***Cadro 10. Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 1B | 01 Investimento territorial integrado: urbano | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 03 Investimento territorial integrado: non urbano | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 |
| Eixe prioritario 1B | 07 Non procede | 97.001.292,00 |

***Cadro 11. Dimensión 6. Tema secundario do FSE ( 1 ) (só FSE)***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 1B | 01 Favorecer a transición a unha economía con baixas emisións de carbono e que utilice eficientemente os recursos | 1.039.604,80 |
| Eixe prioritario 1B | 02 Innovación social | 519.802,40 |
| Eixe prioritario 1B | 03 Fomentar a competitividade das pemes | 29.231.928,00 |
| Eixe prioritario 1B | 04 Promover a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | 2.400.000,00 |
| Eixe prioritario 1B | 05 Mellorar a accesibilidade, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións | 3.247.992,00 |
| Eixe prioritario | 06 Non discriminación | 1.559.407,20 |

| | | |
|---|---|---|
| 1B | | |
| Eixe prioritario 1B | 07 Igualdade entre mulleres e homes | 10.141.132,00 |
| Eixe prioritario 1B | 08 Non procede | 48.861.425,60 |

### 2.A.10. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e o control dos programas e beneficiarios (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.1 Eixe prioritario 2B: obxectivo temático 9

| | |
|---|---|
| Identificación do eixe prioritario | *Eixe 2B* |
| Título do eixe prioritario | OT 9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 %. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | Non procede |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | Non procede |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | Non procede |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | Non procede |

### 2.A.2. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría da rexión, obxectivo temático ou fondo (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.3. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| | |
|---|---|
| Fondo | Fondo Social Europeo |
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida |
| Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Gasto total subvencionable |
| Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte (cando proceda) | Non procede |

## 2.A.4. Prioridade de investimento 9i

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI.9i: a inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de encontrar un emprego. |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.9i.1 |
| Obxectivo específico | Mellorar a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, a través da activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A porcentaxe de persoas en risco de pobreza ou exclusión social en Galicia (indicador AROPE) mostra un elevado valor; ademais presenta un agravamento nos dous últimos anos, que pasa do 22,1 % de 2011 ao 23,6 % no ano 2012, o que supón un punto e medio máis.<br><br>Aínda que en 2012 o indicador AROPE é máis baixo en Galicia que en España e na UE-28, para os tres indicadores que o compoñen a situación é diferente; destaca o elevado dato de persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo, que alcanza o 13,8 %, moi superior á UE-28. En 2012, 636.882 persoas encontrábanse en situación de pobreza ou exclusión social, das cales 45.589 persoas (o 1,7 %) se consideran pobres por sufriren os tres conceptos que comprende o indicador AROPE: taxa de risco de pobreza, carencia material severa e persoas que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo. Ademais, a taxa de pobreza ou cohesión social mostra elevados niveis entre a poboación nova, así como na estranxeira, nos fogares monoparentais con nenos a cargo e naqueles que teñen unha baixa intensidade de traballo.<br><br>Os procesos de (re)integración social e laboral de persoas e familias en situación ou en risco de exclusión social requiren accións sociais específicas, complementarias daquelas que se prestan con carácter xeral para a formación e o emprego. |

| | |
|---|---|
| | As persoas con discapacidade son un colectivo que necesita dunha maior protección social para os efectos de poder lograr a igualdade de trato en todos os ámbitos (social, económico, laboral...). Segundo os datos do Censo de persoas con discapacidade, en 31/12/2013 o número de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % en Galicia ascende 233.774 persoas, o que supón o 9,11 % do total estatal (Base de datos estatal de persoas con discapacidade en 31/12/2013: 2.564.893 persoas) e o 8,5 % do total da poboación galega.<br><br>En Galicia hai unha gran proporción de menores que se encontran incluídos nalgunha medida de protección ou tutela da Administración. Esta situación ten a súa orixe en diversas causas, tanto familiares (maltrato, abuso, abandono, desestruturación familiar...) como sociais (separación familiar, inestabilidade, falta de figuras de apego estables). Estas causas teñen unha incidencia moi negativa na vida dos menores, que fan necesaria unha intervención específica para a preparación destes mozos de cara á súa vida adulta e laboral.<br><br>Polo que respecta aos mozos que cumpren medidas xudiciais por responsabilidade penal, a necesidade de intervir para evitar a súa exclusión social é evidente. O carácter educativo das medidas impostas por un xuíz compleméntase así cunha intervención que facilite a súa incorporación ao mundo laboral e a súa plena integración social.<br><br>Dada esta situación, o cambio esperado é reducir o número de persoas que se encontran en situación de risco de pobreza ou exclusión social, aumentar a cohesión social e a integración sociolaboral dos colectivos máis desfavorecidos, incluídos os menores tutelados e as persoas con discapacidade, que faciliten a súa integración no ámbito social e laboral.<br><br>En definitiva, o resultado previsto é lograr unha mellora da empregabilidade, sustentabilidade e adquisición de competencias dos grupos de poboación máis afastados do mercado laboral e con maiores dificultades. A avaliación das medidas financiadas garantirá a calidade das actuacións que se van desenvolver, de forma que se poida reorientar para o caso de que non quede demostrada a sustentabilidade.<br><br>As actuacións que se programan para lograr este obxectivo son as incluídas na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, a inserción sociolaboral de mozos con medidas de protección ou de responsabilidade penal, asesoramento e formación para persoas con discapacidade e convocatoria de incentivos á contratación de persoas en risco de exclusión social.<br><br>O indicador que medirá os resultados alcanzados é o indicador específico inmediato sobre participantes: número de participantes en situación ou risco de exclusión social que buscan traballo, que se integran nos sistemas de educación ou formación, que obteñen unha cualificación ou obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico*** *(para o FSE e o FC).*

**Prioridade de investimento 9i**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para o valor de referencia e o valor previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| ER01 | Participantes en situación ou risco de exclusión social, que buscan traballo, que se integran nos sistemas de educación ou formación, obteñen unha cualificación ou obteñen un emprego, incluído por conta propia, tras a súa participación. | Máis desenvolvida | Número | Participantes en situación ou risco de exclusión social | 10.943 | 10.380 | 21.323 | Número | 2013 | 10.955 | 10.423 | 21.378 | Indicadores FSE 2007-2013 | Anual |

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI.9i. A inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de encontrar un emprego. |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**MEDIDAS DE APOIO Á INCLUSIÓN SOCIOLABORAL ESPECÍFICAS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020**. Accións individualizadas de formación e acompañamento social coas persoas en situación ou risco de exclusión social; accións cos colectivos desfavorecidos e proxectos de dinamización sociocomunitaria en áreas en exclusión territorial. En todo caso, trátase da realización de itinerarios integrados de inserción, adaptados ás necesidades das persoas en risco de pobreza ou exclusión social, propiciando a inserción sociolaboral. Estes itinerarios e as diferentes actuacións que os comprenden levaranse a cabo no ámbito local, o máis próximo ás persoas participantes nestas actuacións.

As actuacións que se levan a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia a favor dos colectivos de alta vulnerabilidade xestiónanse a través dunha única base reguladora, coa cal se pretende apreciar tanto as súas características comúns como que incida nas súas problemáticas singulares, sen distinguir a priori colectivos de persoas concretos, e diríxense a potenciar as accións de inclusión activa de todas aquelas persoas que están en risco de exclusión social ou vulnerables. Nesta base reguladora prevense distintas entidades para xestionar os itinerarios, que abranguen tanto os servizos que se prestarán nos servizos locais do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, como a través de entidades locais e a través de entidades de iniciativa social.

Este tipo de accións, con carácter xeral, adoitan referenciarse na atención individual aos participantes na operación. Este concepto parte da consideración de que a atención a persoas baixo un principio corrector ou de reforzo, por persoal técnico cualificado, é a base dunha correcta inserción social. A atención a estes colectivos residénciase en actuacións contidas nun proxecto de inclusión sociolaboral que se dirixe á adquisición e desenvolvemento de habilidades sociais e hábitos prelaborais e que se realizan a través de itinerarios de inclusión sociolaboral con acompañamento a persoas e/ou familias de elevada vulnerabilidade á exclusión social e laboral.

Os participantes nestas medidas serán as persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo a Lei de inclusión social de Galicia, que considera un amplo abano de situacións que causan que as persoas que as sofren poidan presentar un elevado risco de exclusión social, que as fai máis vulnerables. Entre estas situacións encóntranse, entre outras: estar nunha situación de cargas familiares non compartidas; estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabituación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante; ter a condición de muller vítima de violencia de xénero; ser unha persoa vítima de violencia doméstica; ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %; ser persoas beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras

formas de protección internacional ou emigrante retornado; proceder de institucións de protección ou reeducación de menores; proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria; ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda; pertencer a unha minoría étnica, etc.

As medidas recollidas serán actuacións integradas e xenéricas nun "itinerario de inclusión social" dirixidas tanto a persoas beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional como ao resto de persoas que sufran algunha das situacións descritas anteriormente ou calquera outro factor non previsto expresamente que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.

Non se incluirán actuacións illadas ou específicas (como por exemplo, de asesoramento ou información) a persoas beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional, só aquelas que se prevexan integradas nun itinerario personalizado.

O cambio esperado con estas actuacións é lograr a inclusión activa con vistas a fomentar a igualdade de oportunidades, a participación activa e a mellora da empregabilidade; pretende axudar á inclusión social activa e a mellorar a inserción laboral das persoas que están en risco de exclusión ou vulnerables, tanto sexan persoas beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional, persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social, persoas sen fogar, etc.,

Estas actuacións compleméntanse coas previstas no Programa nacional de inclusión e economía social (POISES), recollidas así mesmo na PI 9 i e co Fondo de Asilo, Migración e Integración (FAMI).

Estas accións deben ser **complementadas** con outras destinadas a adquirir a formación necesaria para desempeño dun posto de traballo, a apoiar as súas necesidades de conciliación e alfabetización e capacitación dixital. Entre estas inclúense:

- **MEDIDAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIAS**: estas accións deben ser complementadas con outras destinadas a adquirir a formación necesaria para desempeño dun posto de traballo, ou destinadas a adquirir capacitación e/ou habilidades persoais. Esta formación adoptará, tanto no seu contido coma na súa metodoloxía, as adaptacións necesarias en función das persoas destinatarias.

- **MEDIDAS DE APOIO Á CONCILIACIÓN EN COLECTIVOS VULNERABLES**: servizos de atención persoal e/ou familiar, no fogar ou nun recurso comunitario, dirixido a facilitar a participación das persoas nas accións comprendidas nos seus proxectos de inclusión sociolaboral ou mentres reciben formación complementaria.

- **MEDIDAS DE INFORMACIÓN** E ASESORAMENTO a persoas beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional: mención especial merecen as actuacións de información e asesoramento ás persoas beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional, debido a dificultades asociadas á súa condición de estranxeiros (asesoramento en estranxeiría, en habilidades lingüísticas e coñecemento da sociedade de acollida). Esta actuación só se considera cando estea incluída nun itinerario integrado de inclusión social e non como medidas illadas ou específicas.

**MEDIDAS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MOZOS CON MEDIDAS DE PROTECCIÓN OU DE RESPONSABILIDADE PENAL.** Accións de formación para o emprego, en habilidades

persoais e busca activa de emprego que posibilite o acceso ao mercado laboral, a inserción social e a autonomía persoal para mozos de entre 14 e 21 anos.

Os programas diríxense aos mozos que están tutelados pola Administración ou para os que esta mantén algunha outra medida de protección, ou ben mozos que están a cumprir medidas xudiciais. Inclúense, igualmente, aqueles que cumpren unha medida de internamento; para eles desenvólvese un programa de inserción sociolaboral específico.

En xeral trátase de mozos de entre 14 e 21 anos, aínda que en determinados casos poden manterse ata os 25, para o cal se valorará o aproveitamento que o usuario faga do programa, a mellora da formación e empregabilidade que se prevexa conseguir coa prórroga e os apoios familiares con que conte.

En principio, tanto as medidas de protección coma as de reeducación diríxense a persoas menores de idade, pero a intervención socioeducativa que se realiza con estes mozos non se interrompe ao alcanzaren os 18 anos, senón que prosegue adaptándose ás condicións e necesidades individuais de cada un.

Trabállase desde unha perspectiva individualizada, conxuntamente co mozo, que debe ser protagonista do seu proceso, de acordo coas súas capacidades e intereses. Desta forma trabállase a toma de decisións e o protagonismo na súa propia vida, como forma de adquirir a asunción de responsabilidades e, en definitiva, o empoderamento e a emancipación. A voluntariedade, a participación e o compromiso son características intrínsecas a esta forma de traballar.

Búscase incrementar a súa empregabilidade (mellorando as competencias e habilidades que lle permitirán o acceso e a competitividade dentro do mercado laboral) e, en definitiva, a súa inclusión como cidadán de pleno dereito que participa de forma activa e positiva na sociedade.

O proxecto que se deseña xunto co mozo plásmase nun proxecto individualizado de inserción laboral, no cal se definen os obxectivos e se planifican as actividades e a forma de acceder aos recursos necesarios para obtelos.

**INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN PARA COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**. A través desta actuación incentivarase a contratación de traballadores e traballadoras en risco de exclusión social coa finalidade de fomentar e favorecer a súa inclusión laboral. Subvencionarase a través dunha liña de axudas a contratación temporal dunha duración mínima de 6 meses e a contratación indefinida nas empresas con centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

**MEDIDAS DE ASESORAMENTO E FORMACIÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE**. A tipoloxía das operacións que se van desenvolver inclúe actuacións de individualización para cada un dos participantes, entendida como a planificación do proceso formativo prelaboral de cada persoa mediante a avaliación das necesidades e asesoramento, cao asignación daquela formación que máis cumpra coas características do participante, así como os recursos de apoio necesarios. En todo momento, este itinerario personalizado deberá cumprir cos obxectivos de aprendizaxe funcional, construtiva e cooperativa, así como flexibilidade, motivación, participación activa e a interdisciplinariedade. Esta actuación complementarase con campañas de sensibilización destinadas a resaltar a importancia da obtención da cualificación.

A formación que recibirán os participantes (en función do itinerario establecido para cada un) agrúpase nas seguintes áreas: área de desenvolvemento persoal e social (alimentación e hábitos, habilidades do coidado persoal relacionadas coa hixiene, comida, vestido, aseo e aparencia persoal, apoio social...); área básica e prelaboral (formación prelaboral e formación

básica).

Cada itinerario reflectirá as actividades de apoio que a persoa poida necesitar (fisioterapia, logopedia, actividades didáctico-deportivas...) e que se manifestan como necesarias para poder facer unha actuación integral.

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.9i. A inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de encontrar un emprego. |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Na selección de operacións aplicarase o principio de non discriminación recollido na normativa nacional e comunitaria, garantindo a igualdade de trato entre os individuos calquera que sexa a súa nacionalidade, sexo, orixe étnica, a súa relixión ou crenza, discapacidade, idade ou orientación sexual. Así mesmo, incorporarase a accesibilidade universal nas operacións seleccionadas co fin de fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención de FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica aos colectivos de persoas en situación de pobreza e en risco de exclusión social
- Atención específica aos colectivos afastados do mercado laboral.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa*** *(por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FSE).*

**Prioridade de investimento 9i**

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| EO1 | Participantes en situación ou risco de exclusión social | Número | FSE | Máis desenvolvida | 11.742 | 11.066 | 22.808 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira/custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

## 72.A.4. Prioridade de investimento 9iii

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI.9iii: a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades. |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.9iii.1 |
| Obxectivo específico | Aumentar a integración sociolaboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables, a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, evitando pola súa vez a discriminación múltiple. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A partir do diagnóstico socioeconómico de Galicia conclúese que existen fendas de xénero en varios ámbitos: no mercado laboral a taxa de actividade e de emprego feminina está aproximadamente 10 puntos por debaixo da masculina; no salarial obsérvase un salario un 13 % menor nas mulleres; no uso das TIC tamén se detectan diferenzas por sexo nalgunha epígrafe como coñecementos informáticos e compras pola internet, aínda que no uso do ordenador e da internet as mulleres superan os homes; no emprendemento tamén se detectan diferenzas significativas, a taxa de actividade emprendedora é menor entre as mulleres; no tempo dedicado ás actividades do fogar, as mulleres empregan case dúas horas diarias máis que os homes; ademais, o 94,1 % das mulleres realiza estas tarefas fronte ao 70,6 % dos homes.<br><br>O xénero incrementa a vulnerabilidade das mulleres respecto aos factores que poden conducir á exclusión social; fálase xa dunha feminización da pobreza, ao sufrir unha dobre discriminación, por seren mulleres e polas circunstancias de vulnerabilidade que afectan o seu colectivo (minorías, as mulleres beneficiarias ou demandantes de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional, as mulleres con |

| | |
|---|---|
| | discapacidade, as maiores, as viúvas, as mulleres novas embarazadas ou con fillos menores, as vítimas de violencia de xénero, etc). Para iso resulta imprescindible facilitar a posta en marcha e consolidación de programas e recursos integrais para mulleres pertencentes a estes colectivos máis vulnerables, reforzando e reorientado o seu carácter de vehículo dinamizador das posibilidades e expectativas sociolaborais do colectivo.<br><br>Para conseguir resultados máis eficaces coas intervencións que se realicen co obxectivo de reducir ou eliminar esta situación de dobre discriminación, débese levar a cabo unha estratexia dual, programando por un lado accións positivas capaces de lograr obxectivos a curto e medio prazo, ao tempo que se traballa nunha estratexia máis ampla de *mainstreaming* que opere a medio e a longo prazo.<br><br>O cambio esperado é corrixir estas diferenzas de xénero e a situación de dobre discriminación que sofren as mulleres en situación de risco de exclusión social e mellorar as posibilidades de integración sociolaboral.<br><br>Para iso propóñense programas e recursos integrais dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tanto a través de entidades sen ánimo de lucro coma en entidades locais, singularmente con servizos específicos de información e orientación a mulleres nos cales se ofreza unha intervención integral dirixida a mulleres en situación de especial vulnerabilidade que consista en servizos de asesoramento, acompañamento e atención psicolóxica que lles permita superar a dita situación de vulnerabilidade, ao tempo que as reorientan e direccionan cara a accións dirixidas a mellorar a súa situación de cara á súa empregabilidade e incorporación no mercado laboral. Tamén se inclúe o Programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.<br><br>O indicador que medirá os resultados conseguidos é: participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade de xénero, tras a súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico** (para o FSE e o FC).*

## Prioridade de investimento 9iii

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para o valor de referencia e o valor previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| ER10 | Participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade de xénero, tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións. | | 32.084 | 32.084 | Número | Media 2007-2013 | | 48.079 | 48.079 | Extrapolación datos 2007-2013 | Anual |

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI.9iii. A loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades. |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**ACCIÓNS DE RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE PARA IMPULSAR A SÚA INSERCIÓN SOCIOLABORAL E A SÚA INDEPENDENCIA ECONÓMICA**. Axudas a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan programas e recursos integrais dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, como instrumentos ponte para guialas cara a unha actitude proactiva na educación, formación e busca de emprego, por conta propia ou allea, para axudalas no camiño da súa inserción socioprofesional e da súa independencia económica.

**MEDIDAS DE LOITA CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E O TRÁFICO DE SERES HUMANOS, E APOIO ÁS SÚAS VÍTIMAS**. Programa de atención a mulleres en situación de explotación sexual e/ou vítimas do delito de trata de persoas. A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia trata de reforzar, consolidar e ampliar os servizos existentes que traballan con estas vítimas, para abranguer toda a Comunidade Autónoma galega, para o cal é preciso contar coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro, fundamentalmente coas organizacións non gobernamentais que, no marco da Comunidade Autónoma de Galicia, traballan directamente con estes colectivos. Financiaranse programas que prevexan actuacións de orientación laboral, formación sociolaboral, formación para a inserción laboral ou intermediación laboral.

As persoas participantes serán persoas emigrantes e/ou persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión, fundamentalmente mulleres. O cambio esperado é conseguir que estas persoas, maioritariamente mulleres en situación de exclusión social, poidan acceder a recursos sociais e laborais que lles permitan saír desa situación, apoiándoas na súa recuperación e integración social e laboral.

**MEDIDAS DE APOIO Á INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**. Estas actuacións apoiarán mulleres vítimas de violencia de xénero, preferentemente beneficiarias dalgunha axuda económica das articuladas desde a Secretaría Xeral da Igualdade, a través das seguintes accións: diagnóstico competencial e deseño dun plan de acción personalizado para a busca de emprego, adquisición de habilidades sociais/laborais e adestramento (no caso de ser necesario), formación para o emprego (no caso de ser necesario), acompañamento/seguimento, intermediación laboral, asesoramento/apoio na empresa.

Apoiaranse estas actuacións con accións concretas de información, formación e sensibilización, poñendo a énfase no rexeitamento das situacións de violencia de xénero e na existencia dun programa específico para apoiar a inserción laboral das mulleres que sofren esas situacións, así como sobre os outros servizos, actuacións e programas que atenden mulleres pertencentes a outros colectivos vulnerables. Todas as accións de información e sensibilización previstas están

directamente relacionadas e vinculadas coas actividades que a Secretaría Xeral da Igualdade propón financiar no marco do FSE 2014-2020. Ademais, estas medidas de información e sensibilización teñen carácter residual e existe o compromiso de que o custo destas accións represente como máximo o 7 % do montante total da actividade ou actuación a que está vinculada. No ámbito da igualdade de oportunidades, co obxectivo último de poder rematar con todas as formas de discriminación por razón de xénero e coa erradicación do sexismo e da violencia de xénero como manifestación máis reprochable e cruel da desigualdade na nosa sociedade, que produce importantes fendas e segregacións no mercado de traballo e no ámbito social e persoal, considérase que se debe intervir non só con accións concretas e directas, senón que tamén é decisivo o labor de información e de sensibilización dirixida a toda a cidadanía, pero con especial incidencia en determinados sectores, especialmente no ámbito educativo e no laboral e profesional, para concienciar a sociedade da importancia e efectos da igualdade de xénero e o respecto mutuo en todos os ámbitos para alcanzar a medio prazo unha sociedade e un mercado laboral máis xusto e equitativo.

**MEDIDAS DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN ÁS MULLERES NO ÁMBITO LOCAL**. Axudas a entidades locais para a promoción da igualdade de xénero, incentivando a programación integrada a través de actuacións e actividades para a súa execución, singularmente con servizos específicos de información e orientación a mulleres en que se ofreza unha intervención integral dirixida a mulleres en situación de especial vulnerabilidade que consista en servizos de asesoramento, acompañamento e atención psicolóxica que lles permita superar a dita situación de vulnerabilidade, ao tempo que as reorientan e direccionan a accións dirixidas a mellorar a súa situación de cara á súa empregabilidade e incorporación no mercado laboral (orientación profesional, técnicas de busca de emprego e orientación para o autoemprego, animación ás novas tecnoloxías, etc.).

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.9iii. A loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades. |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención de FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos

específicos.

- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica aos colectivos de mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Atención específica aos colectivos afastados do mercado laboral.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e na execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

### 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa** (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FSE).*

**Prioridade de investimento 9.iii**

| Id. | Indicador | Unidad e medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| EO33 | Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións. | Número | FSE | Máis desenvolvida | | 90.260 | 90.260 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta os datos de mulleres participantes en actuacións similares en períodos anteriores. Ademais, tivéronse en conta os novos parámetros das actuacións incluídas nesta PI, que irán destinadas principalmente a mulleres en situación de vulnerabilidade e que se reforza a súa orientación cara á incorporación sociolaboral, polo que se aplicou un coeficiente redutor do 40 %

## 2.A.4. Prioridade de investimento 9iv

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI.9iv: o acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.9.iv.1 |
| Obxectivo específico | Mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables a servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación, incluída a eliminación dos estereotipos. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A poboación galega caracterízase por estar inmersa nun proceso de envellecemento e nun declive demográfico. Ademais, conta coa maior dispersión xeográfica de España, xa que case a metade das entidades singulares de poboación de todo o territorio nacional se encontran en Galicia. Cada vez máis, determinados colectivos da sociedade necesitan dunha maior protección social, non só para a mellora da súa calidade de |

| | |
|---|---|
| | vida senón tamén para os efectos de poder lograr a igualdade de trato en todos os ámbitos.<br><br>Por todo iso é necesario actuar mediante políticas sociais integrais, que no caso do obxectivo específico de lograr unha mellor accesibilidade aos servizos sociais para as persoas máis vulnerables pivotan sobre tres necesidades:<br><br>• A actuación sobre nenos e nenas de 0 a 6 con discapacidade ou risco de padecela, xa que a actuación nos primeiros anos da persoa permite dar resposta, no menor prazo posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presenten, ao estar demostrado que existe un mellor prognóstico na súa evolución canto máis temperá é a idade na cal se aborda a súa atención terapéutica directa. É necesaria a coordinación de tres ámbitos fundamentais: sanidade, servizos sociais e educación, para conseguir unha actuación integral.<br>• Mellorar o acceso a servizos de promoción da autonomía para persoas con discapacidade nos cales se evidencia un crecente número de usuarios e un número limitado de efectivos públicos para dar resposta á demanda.<br>• Mellorar a formación dos traballadores e traballadoras de entidades do terceiro sector que operan no ámbito sociosanitario, que é clave para unha mellora na prestación de servizos de calidade, optimizados e moito máis accesibles ás persoas máis desfavorecidas cunha maior demanda de protección social.<br><br>O cambio esperado é que os destinatarios desta actuación experimenten unha mellora temperá nas súas habilidades que faciliten o seu desenvolvemento persoal e familiar, optimizando as súas capacidades e logrando unha mellor calidade de vida e autonomía, así como unha mellor futura inserción, xunto coa mellora na accesibilidade e na calidade dos servizos sociais por parte das persoas con discapacidade, acurtando o tempo de acceso ao servizo, así como o propio benestar da persoa, que provocará a súa mellor inserción en todos os ámbitos (social, laboral...).<br><br>As actuacións programadas para lograr este cambio son axudas para o acceso a servizos de promoción da autonomía a persoas con discapacidade, axudas para formación de profesionais de entidades do terceiro sector de acción social e implementación da Rede galega de atención temperá para nenos de 0 a 6 anos.<br><br>Os indicadores que miden o logro dos obxectivos esperados son: participantes con discapacidade ou con trastornos de desenvolvemento que melloran a súa inserción social e desenvolvemento tras a súa participación, participantes con discapacidade que melloran a súa calidade de vida tras a súa participación e participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación en accións de formación do terceiro sector de acción social. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico*** *(para o FSE e o FC).*

## Prioridade de investimento 9iv

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para o valor de referencia e o valor previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| ER32 | Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación en accións de formación do terceiro sector de acción social | Máis desenvolvida | Número | Profesionais do terceiro sector de acción social | 3.024 | 3.024 | 6.048 | Número | 2.014 | 3.024 | 3.024 | 6.048 | Estudos sobre experiencias similares | Anual |
| ER34 | Participantes con discapacidade que melloran a súa calidade de vida tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Participantes con discapacidade que reciben axuda FSE | 1.350 | 1.350 | 2.700 | Número | 2.014 | 1.350 | 1.350 | 2.700 | Estudos sobre experiencias similares | Anual |
| ER33 | Participantes con discapacidade ou con trastornos de desenvolvemento que melloran a súa inserción social e desenvolvemento tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Outros desfavorecidos que participan en actuacións do Programa galego de atención temperá | 4.125 | 4.125 | 8.250 | Número | 2.014 | 4.125 | 4.125 | 8.250 | Estudos e datos extraídos de unidades de desenvolvemento infantil e apoio familiar de tres bisbarras | Anual |

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI.9iv. O acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral. |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**AXUDAS PARA O ACCESO A SERVIZOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE**. A prestación dos servizos sociais presenta dificultades asociadas ao crecente número de usuarios e ao número limitado de efectivos públicos para dar resposta á demanda. Todo isto deriva nunha prestación do servizo máis tardía que a iniciativa privada suple en múltiples ocasións. Polo tanto, debido á necesidade de chegar a máis usuarios e dunha forma máis rápida e para lograr un maior éxito na intervención ao reducir o lapso de tempo ata a prestación, establecerase unha prestación económica mediante unha orde de axudas que permita que os destinatarios poidan asumir servizos de promoción da autonomía persoal por entidades de iniciativa privada autorizadas para a prestación de servizos cando non sexa posible o acceso á oferta pública.

**MEDIDAS DE FORMACIÓN UNIVERSAL PARA TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL**. A necesidade de ter recursos humanos formados e actualizados é clave para unha mellora en todos os sentidos na prestación de servizos de calidade, optimizados e moito máis accesibles, neste caso, para as persoas máis desfavorecidas cunha maior demanda de protección social. Actualmente, as entidades do terceiro sector son prestadoras de servizos sociais en todos os ámbitos dos colectivos máis desfavorecidos. Desenvolveranse accións formativas en materia de accesibilidade universal (entendida como a condición que deben cumprir os ámbitos, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible) e o novo Sistema de servizos sociais en Galicia mediante a introdución do sistema de carteiras de servizos sociais como métodos innovadores na regulación e prestación dos servizos. Con este novo sistema o que se prima é a prestación do servizo por diante do espazo físico, buscando unha optimización das estruturas existentes mediante a súa utilización polivalente.

**IMPLEMENTACIÓN DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ**. Para os nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situacións de risco de padecelos establécese a necesidade de coordinación de tres ámbitos fundamentais: sanidade, servizos sociais e educación. Unha actuación coordinada destes redundará nunha actuación integral sobre o menor que en moitas ocasións logre unha mellor inserción en todos os ámbitos. A necesidade da coordinación destes tres ámbitos establécese en Galicia mediante a creación da Rede galega de atención temperá. Esta rede establece tamén a necesidade da homoxeneización deste servizo no territorio, ao sufrir actualmente unha dispersión de servizos e unha falta de coordinación. As actuacións encamíñanse a establecer o servizo de atención temperá da Rede galega de atención temperá mediante a conformación de equipos

multidisciplinares de atención cunha base territorial definida (grupo de municipios), fixada en función das necesidades establecidas (estudos de demanda existentes). Estes equipos multidisciplinares realizan aqueles tratamentos especializados que o/a neno/a precise como, entre outros, estimulación, psicomotricidade, logopedia, fisioterapia, psicoterapia, así como a atención directa á familia, proporcionando esta información, asesoramento e apoio.

Esta acción implementarase a nivel de grupos de municipios, baseada nun equipo con base nun concello que preste servizo para a poboación deste e doutras poboacións de concellos limítrofes ou dentro da área de influencia. Todo iso segundo o mapa de demanda. Nesta acción financiaranse os custos de persoal e material terapéutico dos equipos mediante unha orde de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para as entidades locais.

Son varios os aspectos que xustifican a inclusión destas medidas nesta PI: baixo nivel de cobertura social e dificultades de acceso a prestacións e servizos para as persoas con discapacidade, ao que hai que engadir ademais o feito de que a elevada incidencia do desemprego repercute naqueles colectivos máis vulnerables con maior intensidade, entre os cales están as persoas con discapacidade; Por iso,considérase que a través do Fondo Social Europeo se poden empregar recursos financeiros destinados tanto a garantir prestacións económicas ás persoas con discapacidade que lles permitan acceder aos servizos básicos como tamén prestar servizos a esta poboación con programas específicos.

Estas liñas de actuación están en relación coa estratexia de base para a elaboración do programa, xa que se tiveron en conta, entre outros factores, a análise das políticas, plans e estratexias en vigor en Galicia, coa finalidade de que a programación do FSE contribúa e sexa complementaria tanto do desenvolvemento da política de cohesión da Unión como da consecución dos obxectivos marcados pola Xunta de Galicia en relación cos ámbitos de intervención do FSE. Neste sentido, en Galicia está en marcha a Estratexia de inclusión de Galicia e están ademais en proceso de elaboración outros documentos de planificación como son a Estratexia de infancia, así como a Estratexia de discapacidade, que incluirán ambas as dúas a atención aos nenos e nenas con discapacidade; ademais, neste sentido fíxose unha aposta importante pola prevención e, máis concretamente, pola atención temperá a través da creación da Rede galega de atención temperá, que pretende ser o servizo de proximidade básico pero especializado que atenda as necesidades dos menores de 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, así como as súas familias.

Así mesmo, o impacto destas liñas de actuación está directamente relacionado cos retos definidos na estratexia e, máis concretamente, co reto relativo ao aumento da cohesión social e integración sociolaboral dos colectivos máis desfavorecidos, mellorando a accesibilidade e calidade dos servizos sociais, así como mediante a súa capacitación para a incorporación ao mercado laboral e a mellora das súas habilidades para facilitar o seu desenvolvemento persoal e familiar, así como garantir a igualdade de oportunidades. Finalmente, cabe sinalar a importancia de garantir a accesibilidade universal aos bens, servizos, recursos, etc., de modo que ningunha persoa quede excluída da súa participación no medio por motivo da súa discapacidade.

As liñas de actuación descritas son complementarias, adicionais, ás actuacións e servizos sociais que a propia Xunta de Galicia presta a través da Consellería de Traballo e Benestar.

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.9iv. O acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral. |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento.

Na selección de operacións aplicarase o principio de non discriminación recollido na normativa nacional e comunitaria, garantindo a igualdade de trato entre os individuos calquera que sexa a súa nacionalidade, sexo, orixe étnica, a súa relixión ou crenza, discapacidade, idade ou orientación sexual. Así mesmo, incorporarase a accesibilidade universal nas operacións seleccionadas co fin de fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención do FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións, aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica aos colectivos de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
- Atención específica aos colectivos afastados do mercado laboral.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa.

Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.

- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa*** *(por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FSE).*

**Prioridade de investimento 9iv**

| Id. | Indicador | Unidade medida | Fondo | Categoría de rexión | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| EO34 | Participantes con discapacidade que reciben axuda FSE | Número | FSE | Máis desenvolvida | 1.500 | 1.500 | 3.000 | Expedientes das operacións | Anual |
| EO35 | Outros desfavorecidos que participan en actuacións do Programa galego de atención temperá | Número | FSE | Máis desenvolvida | 5.500 | 5.500 | 11.000 | Expedientes das operacións | Anual |
| EO36 | Profesionais do terceiro sector de acción social | Número | FSE | Máis desenvolvida | 3.600 | 3.600 | 7.200 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o

importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira/custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

Así mesmo, tamén se tiveron en conta estudos sobre a poboación infantil de 0 a 6 anos en Galicia e outras fontes de datos de estatísticas oficiais, e de memorias de experiencias similares.

## 2.A.7. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 ao 7

| Eixe prioritario | Eixe prioritario 2B |
|---|---|

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS Á INNOVACIÓN SOCIAL**

Dentro deste eixe, prevense executar actuacións que contribúan e fomenten a innovación social desde diferentes aspectos. Concretamente, as actuacións que se prevén executar neste sentido son:

- Programas, itinerarios e actuacións encamiñadas á promoción da igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Fomento de programas en materia de servizos sociais.
- Actuacións de formación, sensibilización e acompañamento para servizos de promoción da autonomía.
- Inserción sociolaboral de mozos con medidas de protección ou de responsabilidade penal.

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS Á COOPERACIÓN TRANSNACIONAL**

Das actuacións enmarcadas no presente eixe, as que fan referencia á trata de seres humanos, apoio á inserción de mulleres vítimas de violencia de xénero e demais actuacións relacionadas contribúen de xeito específico á cooperación transnacional, derivado do ámbito transnacional da trata de seres humanos, tal e como xa se viña desenvolvendo no período anterior, co proxecto internacional Itíneris.

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS AOS OBXECTIVOS TEMÁTICOS 1 AO 7**

Pola propia tipoloxía das accións previstas neste eixe prioritario non existe ningunha que contribúa especificamente aos obxectivos temáticos 1 ao 7.

## 2.A.8. Marco de rendemento

***Cadro 6. Marco de rendemento do eixe prioritario.***

| Eixe prioritario | Tipo de indicador (etapa clave de execución, indicador financeiro, indicador de produtividade ou, de ser o caso, indicador de resultados) | Identificación | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fondo | Categoría de rexión | Fitos para 2018[6] | | | Meta final (2023)[7] | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador, cando proceda |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| 2B | O | EO1 | Participantes en situación ou risco de exclusión social | Número | FSE | Máis desenvolvida | 4.348 | 3.989 | 8.338 | 11.742 | 11.066 | 22.808 | | |
| 2B | F | F02 | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FSE | Máis desenvolvida | | | 26.581.450 | | | 104.073.585 | | |

[6] Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

[7] Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

**Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento** *(opcional)*

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos e, especificamente, co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 2 'Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posta en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a cal se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FSE en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificaren qué actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma axeitada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 2, 'Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación', seleccionouse un indicador de produtividade: 'E001 Participantes en situación ou risco de exclusión social'. A concentración financeira das actuacións ligadas a este indicador supón un 65,3 % do total, de maneira que se supera o 50 % de concentración requirida polo regulamento.

Respecto á medición do desempeño financeiro, seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total de 26.581.450 € para o fito de implementación no ano 2018, e o total do financiamento (104.073.585 €) do eixe prioritario 2 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 2.

## 2.A.9. Categorías de intervención

***Cadros 7 a 11. Categorías de intervención[8]***

***Cadro 7. Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 2B | 109 Inclusión activa, en particular para promover a igualdade de oportunidades e a participación activa e mellorar a empregabilidade | 54.400.000,00 |
| Eixe prioritario 2B | 110 Integración socioeconómica de comunidades marxinadas, como a xitana | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 111 Loita contra toda forma de discriminación e fomento da igualdade de oportunidades | 21.858.868,00 |
| Eixe prioritario 2B | 112 Mellora do acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral | 7.000.000,00 |
| Eixe prioritario 2B | 113 Fomento do emprendemento social e da integración profesional nas empresas sociais e a economía social e solidaria co fin de facilitar o acceso ao emprego | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 114 Estratexias de desenvolvemento local participativo | 0,00 |

***Cadro 8. Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 2B | 01 Subvención non reembolsable | 83.258.868,00 |
| Eixe prioritario 2B | 02 Subvención reembolsable | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 |

[8] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

| | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario 2B | 07 Primas | 0,00 |

***Cadro 9. Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 2B | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 44.618.160,40 |
| Eixe prioritario 2B | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 31.866.320,80 |
| Eixe prioritario 2B | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 6.774.386,80 |
| Eixe prioritario 2B | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 07 Non procede | 0,00 |

***Cadro 10. Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 2B | 01 Investimento territorial integrado: urbano | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 03 Investimento territorial integrado: non urbano | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 |

| | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario 2B | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 07 Non procede | 83.258.868,00 |

***Cadro 11. Dimensión 6. Tema secundario do FSE (1) (só FSE)***

| | | |
|---|---|---|
| Fondo | FSE | |
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 2B | 01 Favorecer a transición a unha economía con baixas emisións de carbono e que utilice eficientemente os recursos | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 02 Innovación social | 2.000.000,00 |
| Eixe prioritario 2B | 03 Fomentar a competitividade das pemes | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 04 Promover a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | 0,00 |
| Eixe prioritario 2B | 05 Mellorar a accesibilidade, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións | 1.857.300,00 |
| Eixe prioritario 2B | 06 Non discriminación | 59.252.700,00 |
| Eixe prioritario 2B | 07 Igualdade entre mulleres e homes | 20.148.868,00 |
| Eixe prioritario 2B | 08 Non procede | 0,00 |

## 2.A.10. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e no control dos programas e beneficiarios (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.1. Eixe prioritario 3B: obxectivo temático 10

| | |
|---|---|
| Identificación do eixe prioritario | *Eixe 3B* |
| Título do eixe prioritario | Investir na educación, no desenvolvemento das capacidades e na aprendizaxe permanente en rexións máis desenvolvidas con taxa de cofinanciamento do 80 %. |

| | |
|---|---|
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros | Non procede |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase unicamente con instrumentos financeiros establecidos a nivel da Unión | Non procede |
| ☐ A totalidade do eixe prioritario executarase con desenvolvemento local participativo | Non procede |
| ☐ No caso do FSE: a totalidade do eixe prioritario está dedicada á innovación social, á cooperación transnacional ou a ambas as dúas | Non procede |

## 2.A.2. Xustificación do establecemento dun eixe prioritario que abranga máis dunha categoría da rexión, obxectivo temático ou fondo (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.3. Fondo, categoría de rexión e base de cálculo da axuda da Unión

| | |
|---|---|
| Fondo | Fondo Social Europeo |
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida |
| Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Gasto total subvencionable |
| Categoría de rexión para as rexións ultraperiféricas e as rexións escasamente poboadas do norte (cando proceda) | Non procede |

## 2.A.4. Prioridade de investimento 10i

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI.10i. A redución e a prevención do abandono escolar temperán e o fomento da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de boa calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe |

| | |
|---|---|
| | formais, non formais e informais encamiñados a permitir a reintegración no proceso de educación e formación. |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.10i.2 |
| Obxectivo específico | Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizadas e de proxectos dos centros ou organismos competentes. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | A taxa de abandono escolar temperán en Galicia situouse no 18,5 % no ano 2014, 3,4 puntos por debaixo do nacional pero 7,4 puntos por riba da da UE-28 e 3,5 puntos superior ao obxectivo fixado pola Estratexia Europa 2020 para España. Por sexos, esta taxa é máis elevada nos homes (21,7 %) que nas mulleres (15,2 %); estas últimas presentan unha taxa próxima ao obxectivo Europa 2020. A pesar do descenso de case 5 puntos desde o comezo da crise económica, é necesario seguir reducindo esta taxa nos próximos anos a un ritmo superior ao actual para converxer coa media europea.<br><br>En canto ao rendemento académico, analizado a través do Programa PISA, os alumnos galegos superan a media nacional en lectura, matemáticas e ciencias, pero soamente sobresaen cunha puntuación significativamente superior á media en ciencias se os comparamos con outras comunidades autónomas. Se a comparación se realiza tendo en conta o conxunto de países da OCDE que realizan esta avaliación, a posición galega nas tres competencias está no extremo inferior do nivel 3 (de seis niveis posibles). Ademais, a porcentaxe con baixos niveis (1 e menor de 1) en matemáticas é do 22 %, en comprensión lectora do 26 % e en ciencias do 13 %. Estas cifras indican a necesidade de reducir o número de persoas con baixo rendemento e aumentar o rendemento en xeral.<br><br>O resultado que se espera obter programando actuacións neste obxectivo específico é lograr que un maior número de alumnos consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria, que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, é dicir, contribuír a que os mozos permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria realizando estudos secundarios superiores que conduzan a unha titulación CINE 3. Ademais, preténdese incrementar o rendemento dos alumnos galegos.<br><br>Para a contribución deste obxectivo específico, a Comunidade Autónoma de Galicia vai promover programas e accións de reforzo dirixidos especificamente a incrementar o número de alumnos que obteñen o título de educación secundaria obrigatoria. Estarán dirixidos ao alumnado que está a realizar o 3º ou 4º curso da ESO e ten dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos da educación secundaria; estes alumnos poderán acceder aos programas de diversificación curricular (PDC), con contidos educativos, actividades prácticas e materias do currículo diferentes aos |

| | |
|---|---|
| | establecidos con carácter xeral.<br><br>Aos PDC incorpóranse os alumnos e alumnas do 3º curso da ESO despois de que, en cursos anteriores, tivesen dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e que recibisen medidas complementarias de adaptación do currículo.<br><br>Unha vez que se comece a aplicar a Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE), os PDC deixarán de existir e poñeranse en marcha os programas de mellora da aprendizaxe e rendemento, que utilizarán unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ao establecido con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.<br><br>Tanto os PDC coma os programas de mellora da aprendizaxe e rendemento impártense en grupos diferentes aos grupos ordinarios.<br><br>Estes programas compleméntanse cos novos ciclos de formación profesional básica e a anticipación da elección e novos itinerarios nos cursos 3º e 4º da educación secundaria obrigatoria. A finalidade é que o alumnado poida rematar o ensino secundario obrigatorio e poida seguir estudando o bacharelato ou a formación profesional de grao medio.<br><br>Os indicadores que miden os resultados das actuacións son: participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación e participantes que se integraron nos sistemas de educación ou formación tras a súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Prioridade de investimento 10i**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para o valor de referencia e o valor previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR03 | Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2) | 4.952 | 4.806 | 9.758 | Número | 2014 | 5.180 | 5.026 | 10.206 | Indicadores 2007-2013 | Anual |
| CR02 | Participantes que se integraron nos sistemas de educación ou formación tras a súa participación | Máis desenvolvida | | Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2) | 11.122 | 10.266 | 21.388 | Número | 2013 | 11.340 | 10.466 | 21.806 | Indicadores 2007-2013 | Anual |

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI.10i |
|---|---|
| Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:<br><br>**MEDIDAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E RENDEMENTO E PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR (PDC).** Os programas previstos nesta actuación teñen como finalidade diminuír a porcentaxe de fracaso escolar e abandono prematuro na educación secundaria obrigatoria. Considéranse nesta actuación os programas de diversificación curricular (PDC) para o alumnado que, tras a oportuna avaliación, precisa dunha organización dos contidos educativos, actividades prácticas e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, e dunha metodoloxía específica para alcanzar os obxectivos e competencias básicas da etapa e o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.<br><br>Nestes programas incorporaranse as alumnas e alumnos desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria que en cursos anteriores tivesen dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e que recibisen medidas complementarias de adaptación do currículo. Con carácter xeral, a duración destes programas será de dous anos. Non obstante, poderán establecerse programas dun ano de duración para aquelas alumnas ou alumnos que cursasen o cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou que repetisen o terceiro curso sen superalo. Tamén se consideran os programas de mellora da aprendizaxe e rendemento previstos na nova lei educativa, que utilizarán unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes á establecida con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Estes novos programas aplicaranse a partir de 2º da ESO.<br><br>En aplicación do calendario de implantación da LOMCE, para o curso 2015/16 poñeranse en marcha os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Son medidas de atención á diversidade que poden desenvolverse a partir do segundo curso da educación secundaria obrigatoria, segundo o procedemento que estableza a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha vez que se publique o decreto polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.<br><br>Nos referidos programas utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.<br><br>Estes programas irán dirixidos preferentemente a aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo.<br><br>O equipo docente poderá propoñerlles aos pais ou titores legais a incorporación a un programa | |

de mellora da aprendizaxe ou do rendemento daqueles alumnos e alumnas que repetisen, cando menos, un curso en calquera etapa e que, unha vez cursado o primeiro curso da ESO, non estean en condicións de promocionar ao segundo curso ou que, unha vez cursado o segundo curso, non estean en condicións de promocionar ao terceiro.

O programa desenvolverase ao longo dos cursos segundo e terceiro no primeiro suposto ou só en terceiro curso no segundo suposto.

Aqueles alumnos e alumnas que, cursando terceiro curso da ESO, non estean en condicións de promocionar ao cuarto curso poderanse incorporar excepcionalmente a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir o terceiro curso.

En todo caso, a súa incorporación requirirá a avaliación tanto académica coma psicopedagóxica, a través do informe do equipo docente e do ditame emitido polo departamento de orientación do centro, e realizarase unha vez oídos os propios alumnos e alumnas e os seus pais, nais ou titores legais.

Cada programa deberá especificar a metodoloxía, a organización dos contidos e materias e as actividades prácticas que garantan o logro dos obxectivos da etapa e a adquisición das competencias que permitan ao alumnado promocionar ao cuarto curso ao finalizar o programa e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Ademais, potenciarase a acción titorial como recurso educativo que poida contribuír dun xeito especial a emendar as dificultades de aprendizaxe e do rendemento e terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da ESO, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en desenvolvemento da LOMCE, establecerá normativamente a forma de acceso a estes programas, así como a súa organización e avaliación.

De momento non está establecido o currículo destes programas pero a previsión segura é que se constitúan ámbitos e materias. Os ámbitos incluirán elementos formativos seleccionados entre os obxectivos e contidos curriculares de varias materias. Seguramente se constitúan os ámbitos de carácter lingüístico-social e científico-matemático. Os primeiros serán conformados a partir das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, lingua galega e literatura, e lingua castelá e literatura. Os segundos, coas materias de matemáticas, bioloxía e xeoloxía, e física e química.

Para a impartición dos ámbitos e materias específicas destes programas conformaranse grupos dun número reducido de alumnos e alumnas, arredor de 10, que serán impartidos por profesorado da ESO, pertencentes a un ou dous departamentos didácticos aos cales corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

O sistema educativo galego prevé diversas opcións, a través de distintas modalidades de oferta presencial, semipresencial e a distancia, para que as persoas maiores de dezaoito anos poidan retomar os estudos. Así, ofértanse ensinanzas de educación secundaria, bacharelato e formación profesional para persoas adultas.

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.10i |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención do FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica ás accións dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á

| |
|---|
| consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas |

### 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

### 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

### 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FSE).***

**Prioridade de investimento 10i**

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| CO09 | Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2) | Número | FSE | Máis desenvolvida | 13.034 | 12.030 | 25.064 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: na liña de actuación incluída nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira/custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

Tomáronse como base datos do curso 2012/13, e incorporáronse os cambios que se van producir pola implantación da nova normativa de educación (LOMCE), que supoñen unha redución dese dato.

## 2.A.4. Prioridade de investimento 10ii

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI.10ii. A mellora da calidade, da eficacia e da accesibilidade da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para os grupos desfavorecidos. |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.10ii.1 |
| Obxectivo específico | Aumentar o número de alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Galicia encóntrase posicionada dentro das rexións europeas cualificadas como "Innovadores moderados", segundo a clasificación elaborada polo índice de innovación rexional (datos 2013). O persoal investigador no ano 2012 representa o 4,3 % respecto ao do Estado, porcentaxe sensiblemente inferior ao peso doutras variables socioeconómicas, a participación das mulleres supera lixeiramente o 40 % do total. O persoal total en I+D supón en Galicia o 0,91 % sobre a poboación ocupada, unha porcentaxe moi inferior á media española (1,21 %) e á europea (1,22 %); ademais debemos ter en conta que este indicador está moi influenciado en Galicia e España nos últimos anos polo importante descenso da poboación ocupada. O investimento en I+D+i de arredor do 1 % do PIB encóntrase moi lonxe dos obxectivos fixados para 2020 para o conxunto da UE (3 %) e de España (2 %). Tamén se detecta no diagnóstico que a produción científica e a actividade inventiva medida polo número de patentes son notablemente inferiores ás doutros territorios de España. Ademais, constátase unha atomización de grupos de investigación en universidades e organismos públicos, con baixos niveis de colaboración con outros grupos de investigación, tanto nacionais coma internacionais, como con empresas.<br><br>Coas actuacións que se programan neste obxectivo específico preténdese achegar a I+D+i galega á media española e europea en canto a persoal investigador, produción científica e actividade inventiva.<br><br>Para alcanzar este obxectivo realizaranse actuacións orientadas a financiar a contratación de persoas recentemente tituladas polas universidades do Sistema universitario galego (SUG) para a súa |

| | |
|---|---|
| | formación como doutores. A contratación de persoal investigador nas súas etapas iniciais ten relevancia para lograr que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable con outros países europeos. Constitúe, ademais, a base para que mediante a execución dun proxecto de investigación se adquiran as habilidades propias do persoal investigador.<br><br>O indicador que mide o resultado das actuacións é: participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Prioridade de investimento 10ii**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para o valor de referencia e o valor previsto | Ano de referencia | Valor previsto(2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR03 | Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Persoas con ensino superior ou terciario (CINE 5 a 8) | 15 | 23 | 38 | Número | 2009 | 40 | 60 | 100 | Indicadores 2007-2013 | Anual |

O resultado que figura na táboa presenta un ámbito de restrición superior a actuacións similares desenvolvidas por outros organismos, xa que no caso da Xunta de Galicia a liña de actuación que levará a cabo a Secretaría Xeral de Universidades, de axudas de apoio á etapa predoutoral, cuxa finalidade é promover a captación e o desenvolvemento de recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo a carreira científica e tecnolóxica, presenta características diferenciadoras respecto a outras, sobre todo tendo en conta que os obxectivos que se van perseguir coas axudas á etapa predoutoral son, de acordo co Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, que incentiva a obtención do dito título en tres anos, tanto conseguir que haxa un maior número de egresados como a obtención do título en menor tempo.

Neste contexto, en Galicia financiaranse contratos cunha duración máxima de tres anos, ao igual que nas convocatorias anteriores, e noutras administracións serán dunha duración maior; por exemplo, a nivel nacional, a duración dos contratos predoutorais é de 4 anos, o que posibilita que presenten unha taxa de éxito maior.

De cara a mellorar os resultados de obtención do título de doutor melloráronse as condicións da axuda que se van financiar co PO FSE, xa que se establecerán maiores requisitos que nas anteriores convocatorias, como maior nota no RIS3 e relación máis directa cunha agrupación estratéxica ou centro de investigación, que propicia en maior medida unha mellora no seguimento do director da tese e do coordinador do grupo.

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI.10ii |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**AXUDAS Á ETAPA DE FORMACIÓN PREDOUTORAL**. Esta actuación financia contratos de tres anos de duración destinados a persoas recentemente tituladas superiores e alumnado de terceiro ciclo das tres universidades galegas. Estas persoas serán contratadas polas universidades do Sistema universitario galego (SUG) a través dun contrato predoutoral con dedicación a tempo completo para a súa formación como doutores e doutoras.

As axudas de apoio á etapa predoutoral en Galicia convócanse ao abeiro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C), cuxo marco temporal vai desde 2011 a 2015. Un dos eixes estratéxicos de actuación é a xestión do talento, cuxa finalidade é promover a captación e o desenvolvemento de recursos humanos especialmente capacitados para os procesos de xeración de coñecemento, definindo a carreira científica e tecnolóxica.

Para mellorar a colaboración entre empresas privadas, universidades e centros de investigación, vincularase a actuación á adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas definidas na "Estratexia de especialización intelixente RIS3-Galicia", co obxectivo de mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable a través da innovación naqueles ámbitos que foron seleccionados pola Comunidade Autónoma de Galicia como prioritarios, dentro da estratexia de especialización intelixente RIS3-Galicia.

A valoración da adecuación dos proxectos de investigación ás liñas estratéxicas da RIS3 procura a vinculación da investigación no ámbito das universidades galegas á realidade socioeconómica de Galicia, de forma que os estudos e investigacións que se realicen no marco das tres universidades galegas respondan ás necesidades reais do noso tecido empresarial.

A vinculación do coñecemento co mundo empresarial galego exixe un proceso colaborador de todos os axentes da sociedade, cuxo obxectivo común será a consolidación da economía galega mediante un modelo baseado na competitividade mediante a absorción de tecnoloxías facilitadoras esenciais por parte dos sectores produtivos vinculados ao noso sector económico, que no ámbito concreto do mundo universitario e das axudas á etapa predoutoral pasa pola adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas do RIS3.

Prevese levar a cabo, precisamente, unha reformulación de forma que, para mellorar os resultados e na liña de achegamento ao tecido produtivo e para mellorar a inserción laboral dos investigadores bolseiros, se ofertarán dúas modalidades: unha na cal se financiarían cun contrato de maior contía e tres meses de estadías no estranxeiro aquelas teses que obtivesen mellor nota no RIS3 e desenvolvesen o seu traballo ao abeiro dunha agrupación estratéxica ou centro de investigación, caso en que se garante dalgún xeito o maior seguimento do director de tese e do coordinador do grupo, e outra modalidade que financiaría as demais teses que non alcanzasen as puntuacións exixidas para entrar na anterior modalidade.

Para mellorar os resultados, soamente se financiaría co PO FSE Galicia 2014-2020 a primeira das modalidades, co que a priori se garantiría unha maior taxa de éxito, ademais de que a complementariedade con fondos Feder sería maior, porque no novo programa operativo Feder financiará os centros de investigación e as agrupacións estratéxicas.

Non existen solapamentos entre as intervencións do programa FSE e o programa Feder porque o primeiro, como se indica, vai dirixido a estudantes de terceiro ciclo que van facer o doutoramento co obxectivo de que adquiran as habilidades propias do persoal investigador e as intervencións que se farán baixo o abeiro do programa Feder irán destinadas a centros tecnolóxicos nos cales, de ser o caso, estarán a traballar investigadores posdoutorais.

## 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.10ii |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención de FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Garantía de igualdade de acceso aos servizos e recursos ofertados.
- Atención específica aos colectivos afastados do mercado laboral.

As axudas de apoio á etapa predoutoral na Comunidade Autónoma de Galicia incorporan nos criterios de valoración e selección das candidaturas a adecuación dos proxectos de investigación ás liñas estratéxicas de especialización intelixente de Galicia (RIS3), mediante as que se fixan cales serán os elementos tractores da economía galega, vinculando as políticas de apoio á innovación e o crecemento ao tecido produtivo real da nosa rexión. Valoraranse as candidaturas en función da adecuación con proxectos da RIS3.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do

Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, prever operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, no caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FSE).***

**Prioridade de investimento 10ii**

| Identificación | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| CO11 | Persoas con ensino superior ou terciario (CINE 5 a 8) | Número | FSE | Máis desenvolvida | 80 | 120 | 200 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o

importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira /custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

## 2.A.4. Prioridade de investimento 10iii

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI.10iii. A mellora da igualdade de acceso á aprendizaxe permanente para todos os grupos de idade en estruturas formais, non formais e informais e dos coñecementos, as competencias profesionais e as capacidades de traballadores e traballadoras, así como a promoción de itinerarios de aprendizaxe flexibles, tamén a través da orientación profesional e da validación das competencias adquiridas. |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.10iii.2 |
| Obxectivo específico | Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de competencias profesionais ou certificación de experiencia laboral ou de nivel educativo. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | O número de parados en 2014 foi de 275.800, máis da metade son parados de longa duración (máis de 12 meses no paro). Entre os parados de longa duración case o 60 % ten estudos inferiores á segunda etapa de educación secundaria, porcentaxe que alcanza o 53,4 % no conxunto dos parados. Utilizando a taxa de paro, 21,7 % no ano 2014, obtemos unha imaxe similar, a taxa de paro da poboación con educación superior é do 14,9 %, e as da poboación con estudos primarios e secundarios de primeira etapa son do 29,3 % e do 27,4 %, respectivamente. Entre os parados de longa duración con educación secundaria de primeira etapa a taxa de paro sitúase no 68,7 %, o que duplica a taxa dos que teñen un nivel educativo de educación superior. Esta conclusión reflíctese tamén na taxa de actividade e de ocupación, neste caso, canto menor é o nivel de formación, menor é a taxa de actividade e de emprego.<br><br>Ademais, analizando a estrutura por idades do nivel de formación alcanzado, obsérvase que este é menor ao incrementarse a idade. O 33,3 % da poboación de entre 25 e 40 anos posúe estudos inferiores á segunda etapa da ESO; no grupo de idade de 40 a 60 anos esta proporción elévase ao 51,3 %.<br><br>Estes datos reflicten a dificultade da incorporación dos traballadores con menor cualificación ou sen cualificación ao mercado laboral, dificultade que se incrementa ao aumentar a idade pola maior dificultade para obter |

| | |
|---|---|
| | unha titulación e o maior número de persoas con baixa cualificación.<br><br>A programación neste obxectivo temático pretende recoñecer e acreditar competencias profesionais para persoas con experiencia laboral que lles permitan reincorporarse ao mercado de traballo.<br><br>Para alcanzar este propósito proponse unha liña de actuación consistente na acreditación da competencia profesional, cuxa finalidade consiste en recoñecer e avaliar as competencias profesionais adquiridas polas persoas no desenvolvemento do seu traballo ou por outras vías non formais de formación, mediante procedementos que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación, así como acreditar as competencias profesionais adquiridas polas persoas traballadoras e contribuír así á capitalización do seu saber e ao fomento da súa aprendizaxe ao longo da vida.<br><br>O indicador que mide o resultado esperado é número de persoas acreditadas. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

**Prioridade de investimento 10iii**

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para o valor de referencia e o valor previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| ER16 | Persoas acreditadas | Máis desenvolvida | Número | Número de persoas avaliadas | 3.888 | 4.752 | 8.640 | Número | 2012 | 4.590 | 5.610 | 10.200 | Estudo actuacións realizadas | Anual |

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI.10iii |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA PROFESIONAL**. A finalidade das actuacións de acreditación da competencia profesional consiste en recoñecer e avaliar as competencias profesionais adquiridas polas persoas no desenvolvemento do seu traballo ou por outras vías non formais de formación, mediante procedementos que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación, así como acreditar as competencias profesionais adquiridas polas persoas traballadoras e contribuír así á capitalización do seu saber e ao fomento da súa aprendizaxe ao longo da vida.

### 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.10iii |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención do FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións aos cales responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.

- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír á redución das fendas de xénero identificadas, así como á consecución dos resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa, e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FSE).***

**Prioridade de investimento 10iii**

| Identificación | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| EO14 | Número de persoas avaliadas | Número | FSE | Máis desenvolvida | 5.400 | 6.600 | 12.000 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: nas liñas de actuación incluídas nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira /custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

## 2.A.4. Prioridade de investimento 10iv

| | |
|---|---|
| Prioridade de investimento | PI.10iv. Mellorar a importancia dos sistemas de educación e formación para o mercado laboral, facilitando a transición desde a escola ao traballo e fortalecendo os sistemas de educación e formación profesional e a súa calidade, a través, entre outros, de mecanismos de anticipación de destrezas e habilidades, adaptación de títulos profesionais e o establecemento e desenvolvemento de sistemas de aprendizaxe no lugar de traballo, incluído o sistema de formación dual e programas de aprendizaxe |

## 2.A.5. Obxectivos específicos correspondentes á prioridade de investimento e resultados esperados

| | |
|---|---|
| Identificación | OE.10iv.1 |
| Obxectivo específico | Aumentar a participación na formación profesional de grao medio e superior e mellorar a calidade da formación profesional. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da | A taxa de abandono escolar temperán en Galicia situouse no 18,5 % no ano 2014, 3,4 puntos por debaixo do nacional pero 7,4 puntos por riba da da UE-28 e 3,5 puntos superior ao obxectivo fixado pola Estratexia |

| | |
|---|---|
| Unión | Europa 2020 para España. Por sexos, esta taxa é máis elevada nos homes (21,7 %) que nas mulleres (15,2 %); estas últimas presentan unha taxa próxima ao obxectivo Europa 2020. A pesar do descenso de case 5 puntos desde o inicio da crise económica, é necesario seguir reducindo esta taxa nos próximos anos a un ritmo superior ao actual para converxer coa media europea. Por outra parte, en 2014 a taxa de paro da poboación con educación superior é do 14,9 %, as dos estudos primarios e secundarios de primeira etapa son do 29,3 % e do 27,4 % respectivamente, o que indica que existe unha correlación positiva entre o nivel de estudos e a empregabilidade.<br><br>O intenso crecemento económico español entre mediados dos 90 e 2008 veu acompañado dunha notable oferta de emprego, en moitas ocasións pouco exixente coa cualificación dos mozos. Esta situación produciu como resultado que os mozos que non encontraban satisfacción na educación formal fosen atraídos polo mercado laboral, mesmo sen finalizar a educación secundaria obrigatoria. A irrupción da crise económica en 2008 modificou substancialmente a situación, como mostra a elevada taxa de paro da poboación de 16 a 29 anos (38 %); ademais o nivel educativo do 42 % desta poboación é inferior á segunda etapa da educación secundaria obrigatoria.<br><br>Os datos anteriores indican a necesidade de aumentar a participación na formación profesional de grao medio e superior. Actualmente, na Comunidade Autónoma de Galicia, no proceso de admisión nos ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional participan arredor duns 46.772 mozos para un total de 27.171 prazas. Como resultado do proceso quedan un total de 8.333 mozos, menores de 30 anos, sen praza en formación profesional (o 45,9 % en ciclos de grao medio e o 54,1 % restante en ciclos de grao superior).<br><br>A programación neste obxectivo específico ten como finalidade reducir o número de mozos que quedan sen poder cursar a formación profesional e, ao mesmo tempo, evitar o abandono prematuro e reducir nos próximos anos a taxa de paro xuvenil.<br><br>Para iso preténdese poñer en marcha novos ciclos formativos de grao medio de FP en centros públicos para o alumnado que finaliza a educación secundaria obrigatoria ou que finaliza a formación profesional básica (FPB) e quere mellorar as súas competencias profesionais. Ademais, para os alumnos que non teñen os títulos mencionados posibilitarase que poidan acceder a estas ensinanzas a través das probas de acceso. Incrementarase a oferta de ciclos de grao medio de tal forma que durante o período de execución do PO se incremente a participación en 33.143 alumnos máis, unha media de 4.143 alumnos por curso escolar.<br><br>O indicador de resultado que medirá os logros conseguidos é o número de alumnos que obteñen unha cualificación tras a súa participación. |

***Cadro 4. Indicadores de resultados específicos do programa, por obxectivo específico (para o FSE e o FC).***

## Prioridade de investimento 10iv

| Identificación | Indicador | Categoría de rexión (cando proceda) | Unidade de medida | Indicador de produtividade común utilizado como base para a fixación dun valor previsto | Valor de referencia | | | Unidade de medida para o valor de referencia e o valor previsto | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | | H | M | T | | |
| CR03 | Participantes que obteñen unha cualificación tras a súa participación | Máis desenvolvida | Número | Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2) | 4.380 | 6.574 | 10.954 | Número | 2013 | 6.632 | 9.952 | 16.584 | Indicadores 2007-2013 | Anual |

## 2.A.6. Acción que se vai financiar no marco da prioridade de investimento

### 2.A.6.1. Descrición do tipo de accións que se van financiar, con exemplos, e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos, incluída, cando proceda, a identificación dos principais grupos destinatarios, dos territorios específicos destinatarios e dos tipos de beneficiarios

| Prioridade de investimento | PI.10iv |
|---|---|

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

**CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO DA FORMACIÓN PROFESIONAL**. A formación profesional ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida. A FP no sistema educativo comprende os ciclos de básica, grao medio e de grao superior, cunha organización modular, de duración variable, que integra os contidos teórico-prácticos, tanto das materias instrumentais como dos módulos profesionais, adecuados aos diversos campos profesionais.

A actuación pretende poñer en marcha novos ciclos formativos de grao medio de FP en centros públicos para o alumnado que finaliza a educación secundaria obrigatoria ou que finaliza a formación profesional básica (FPB) e quere mellorar as súas competencias profesionais. Tamén para que un maior número de alumnos poida acceder a estas ensinanzas a través das probas de acceso, alumnos que non teñen os títulos mencionados.

Preténdese reducir o número de alumnos que solicitan praza na FP e quedan sen poder cursala por falta de prazas suficientes ou porque non poden acceder a cursar o ciclo da familia profesional que lles interesa.

Esta liña de actuación inclúe medidas que ofrezan oportunidades e incentivos aos mozos que abandonan os estudos para retomalos ou escoller outros itinerarios, xa que o sistema educativo galego considera diversas opcións, a través de distintas modalidades de oferta presencial, semipresencial e a distancia, para que as persoas maiores de dezaoito anos poidan retomar os estudos. Así, ofértanse ensinanzas de educación secundaria, bacharelato e formación profesional para persoas adultas.

Tamén dentro desta PI está prevista a posta en marcha de ciclos formativos de grao medio polo réxime de adultos, semipresencial e a distancia, precisamente dirixidos a mozos, maiores de 18 anos, que queren retomar os estudos, así como a traballadores que queren completar a súa formación e deciden realizar un ensino de formación profesional por módulos.

### 2.A.6.2. Principios reitores para a selección de operacións

| Prioridade de investimento | PI.10iv |
|---|---|

De acordo co artigo 125.3.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, os criterios de selección de operacións asegurarán a contribución das operacións ao logro dos obxectivos e resultados específicos da prioridade, serán transparentes e non discriminatorios, e terán en conta os principios expostos nos artigos 7 (promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación) e 8 (desenvolvemento sustentable) do mencionado regulamento. Así mesmo, incorporarase o principio de accesibilidade universal para fomentar a inclusión social e a participación activa na sociedade das persoas con discapacidade.

Con carácter xeral, todas as operacións seleccionadas cumprirán co establecido nos artigos 65 a 71 (sobre subvencionabilidade do gasto e durabilidade) do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como co regulado no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1301/2013 (sobre os ámbitos de intervención do FSE).

A continuación descríbense, **a título orientativo e sen ánimo de exhaustividade**, os principios reitores para a selección de operacións a que responderá o documento de "Criterios de selección de operacións", que se presentará ao Comité de Seguimento do programa para a súa aprobación, segundo o artigo 110 do Regulamento (UE) nº 1303/2013:

- A pertinencia e a concordancia co marco estratéxico definido para o programa operativo, así como a adecuación aos eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos.
- Complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas ou fondos comunitarios.
- Capacidade de innovación e de cooperación transrexional e transnacional.
- Desenvolvemento en partenariado e potencial efecto multiplicador.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

**IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES**

Con carácter xeral, a selección de operacións terá en conta o principio establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, promovendo activamente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a integración da perspectiva de xénero nas operacións obxecto de cofinanciamento.

A integración do principio de igualdade nos criterios de selección de operacións farase efectiva mediante a consideración dos seguintes aspectos:

- Os criterios de selección de operacións deseñaranse en concordancia coas fendas de xénero identificadas no diagnóstico, así como cos obxectivos de igualdade do programa. Así, fomentarán que as accións cofinanciadas persigan, de xeito específico ou de modo transversal, a redución das disparidades existentes entre homes e mulleres.
- Nesta liña, os criterios de selección poderán establecer medidas para promover a incorporación da perspectiva de xénero no deseño e execución das operacións, considerar operacións específicas para as mulleres, incorporar o uso de cláusulas de xénero nas subvencións e contratacións públicas, e calquera outro criterio proporcional.
- Co obxecto de contribuír a reducir as fendas de xénero identificadas, así como a conseguir os resultados esperados en materia de igualdade, os criterios de selección das operacións promoverán unha participación equilibrada de mulleres e homes nas accións do programa e o seu acceso equitativo aos recursos, e priorizarán a participación das mulleres, en caso de que se detectasen fendas de xénero significativas.

## 2.A.6.3. Uso previsto de instrumentos financeiros (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.4. Uso previsto de grandes proxectos (cando proceda)

[Non procede]

## 2.A.6.5. Indicadores de produtividade por prioridade de investimento e, cando proceda, por categoría de rexión

***Cadro 5. Indicadores de produtividade comúns e específicos do programa (por prioridade de investimento, desagregados por categoría de rexión para o FSE e, cando proceda, para o FSE).***

**Prioridade de investimento 10iv**

| Identificación | Indicador | Unidade de medida | Fondo | Categoría de rexión (cando proceda) | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | H | M | T | | |
| CO09 | Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2) | Número | FSE | Máis desenvolvida | 18.313 | 14.830 | 33.143 | Expedientes das operacións | Anual |

Método para o establecemento dos indicadores de execución: na liña de actuación incluída nesta prioridade calculouse o número de persoas participantes e, polo tanto, o indicador de execución, tendo en conta o importe total asignado á medida e o seu custo unitario (divídese o importe total da medida polo custo unitario desta): número de participantes = asignación financeira/custo unitario. O resultado deste cálculo depende, polo tanto, da asignación do orzamento total e da estimación do custo unitario. Para aplicar este método, tívose en conta o seguinte:

• O custo medio da actuación determinouse a partir de actuacións similares desenvolvidas anteriormente ou doutras informacións que se desenvolven para cada actuación na nova versión do Anexo_Condicion_Ex_Sistema_Indicadores_Galicia.

• A asignación financeira a cargo do orzamento do período de programación 2014-2020 que se asignou a cada actuación.

Tívose en conta como referencia o alumnado matriculado en FP de grao medio en centros públicos de Galicia no curso escolar 2014/15 e a evolución nos últimos anos do alumnado neste nivel educativo.

# 2.A.7. Innovación social, cooperación transnacional e contribución aos obxectivos temáticos 1 ao 7

| Eixe prioritario | *Eixe prioritario 3B* |
|---|---|

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS Á INNOVACIÓN SOCIAL**

Dentro deste eixe, prevense executar actuacións que contribúan e fomenten a innovación social desde diferentes aspectos, para lograr os obxectivos de reducir o abandono escolar e mellorar a formación profesional e a educación superior, co obxectivo de incrementar o nivel de cualificacións, que redundará nunha mellora da empregabilidade.

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS Á COOPERACIÓN TRANSNACIONAL**

Pola propia tipoloxía das accións previstas neste eixe prioritario non existe ningunha que contribúa especificamente á cooperación transnacional.

**CONTRIBUCIÓN DAS ACCIÓNS PREVISTAS AOS OBXECTIVOS TEMÁTICOS 1 AO 7**

Pola propia tipoloxía das accións previstas neste eixe prioritario non existe ningunha que contribúa especificamente aos obxectivos temáticos 1 ao 7.

## 2.A.8. Marco de rendemento

***Cadro 6. Marco de rendemento do eixe prioritario.***

| Eixe prioritario | Tipo de indicador (etapa clave de execución, indicador financeiro, indicador de produtividade ou, de ser o caso, indicador de resultados) | Identificación | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fondo | Categoría de rexión | Fitos para 2018[9] | | | Meta final (2023)[10] | | | Fonte de datos | Explicación da pertinencia do indicador, cando proceda |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | H | M | T | H | M | T | | |
| 3B | O | CO09 | Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2) | Número | FSE | Máis desenvolvida | 3.571 | 3.296 | 6.867 | 13.034 | 12.030. | 25.064 | | |
| 3B | F | F02 | Importe total do gasto subvencionable anotado no sistema da AC e certificado segundo o art. 126.c do RDC | Euros | FSE | Máis desenvolvida | | | 35.429.756 | | | 155.473.456 | | |

9 Os fitos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T»= total.

10 Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero. «H» = homes, «M» = mulleres, «T» = total.

### *Información cualitativa adicional sobre o establecemento do marco de rendemento (opcional)*

En liña coa normativa sobre a programación dos fondos estruturais europeos e, especificamente, co Regulamento de execución (UE) 215/2014, do 7 de marzo de 2014, elaborouse o marco de rendemento do eixe 3 'Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente'. A súa elaboración desenvolveuse como parte do proceso participativo posto en marcha para o deseño do conxunto do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

O proceso de elaboración do marco de rendemento iníciase a través da identificación dos indicadores de produtividade pertinentes de cada unha das actuacións, no marco de cada obxectivo específico e prioridade de investimento. Foron as entidades xestoras, dentro do seu ámbito de intervención e das actuacións planificadas, as que levaron a cabo a selección dos indicadores. O seu coñecemento das políticas públicas en marcha e da realidade sobre a que se pretende intervir foron claves neste proceso. Os indicadores establecéronse partindo dunha lista de indicadores comúns e específicos presentada pola Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social coa finalidade de manter unha lóxica común entre todos os programas operativos FSE en España.

Despois de identificar estes indicadores e establecido o fito de implementación para o ano 2018 e a meta para o ano 2023, seleccionáronse aqueles indicadores que cumprisen mellor co obxectivo do marco de rendemento: medir o grao de implementación e cumprimento do programa. Nesta parte do proceso, as entidades xestoras desenvolveron tamén un rol clave ao identificaren qué actuacións e indicadores son os máis adecuados para garantir que o marco de rendemento reflicte de forma adecuada os obxectivos e resultados que se pretenden lograr por cada eixe prioritario ou obxectivo temático.

No caso do eixe 3, 'Investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente', seleccionouse un indicador de produtividade: 'CO09 Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2)'. A concentración financeira das actuacións ligadas a este indicador supón un 61,2 % do total, de maneira que se supera o 50 % de concentración requirida polo regulamento.

Respecto á medición do desempeño financeiro, seleccionouse o indicador financeiro F02, que establece un total de 35.429.756 € para o fito de implementación no ano 2018, e o total do financiamento (155.473.456 €) do eixe prioritario 3 para o dato de meta para o ano 2023.

A táboa de marco de rendemento mostra a información relativa aos indicadores seleccionados no marco do eixe prioritario 3.

## 2.A.9. Categorías de intervención

***Cadros 7 a 11. Categorías de intervención*** [11]

***Cadro 7. Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 3B | 115 Diminución e prevención do abandono escolar prematuro e promoción da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe da educación formal, non formal e informal para reintegrarse na educación e a formación | 76.170.256,00 |
| Eixe prioritario 3B | 116 Mellora da calidade e a eficiencia do ensino terciario e equivalente, así como do acceso a ela, co fin de aumentar a participación e o nivel de instrución, especialmente dos grupos desfavorecidos | 12.000.000,00 |
| Eixe prioritario 3B | 117 Mellora da igualdade de acceso á aprendizaxe permanente para todos os grupos de idade nunha actividade formal, non formal e informal, mellora dos coñecementos, as aptitudes e as competencias da poboación activa e promoción de itinerarios flexibles de aprendizaxe permanente, mesmo a través de medidas de orientación profesional e validación de competencias adquiridas | 3.840.000,00 |
| Eixe prioritario 3B | 118 Mellora da adecuación ao mercado laboral dos sistemas de educación e formación, facilitando a transición da educación ao traballo e reforzando os sistemas de educación e formación profesional e a súa calidade, mesmo a través de mecanismos para anticipar a necesidade de cualificacións, a adaptación dos plans de estudo e o establecemento e desenvolvemento de sistemas de aprendizaxe no traballo, con inclusión de sistemas duais e de formación de aprendices | 32.368.509,00 |

***Cadro 8. Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| Fondo | FSE |
|---|---|

[11] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
|---|---|---|
| **Eixe prioritario** | **Código** | **Importe (en EUR)** |
| Eixe prioritario 3B | 01 Subvención non reembolsable | 124.378.765,00 |
| Eixe prioritario 3B | 02 Subvención reembolsable | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de intereses, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 07 Primas | 0,00 |

***Cadro 9. Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| **Eixe prioritario** | **Código** | **Importe (en EUR)** |
| Eixe prioritario 3B | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 38.990.341,29 |
| Eixe prioritario 3B | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 53.196.522,69 |
| Eixe prioritario 3B | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 16.351.901,02 |
| Eixe prioritario 3B | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 |
| Eixe prioritario | 07 Non procede | 15.840.000,00 |

| | | |
|---|---|---|
| 3B | | |

***Cadro 10. Dimensión 4. Mecanismos de aplicación territorial.***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 3B | 01 Investimento territorial integrado: urbano | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 02 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 03 Investimento territorial integrado: non urbano | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 04 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento rural sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 05 Outros enfoques integrados para un desenvolvemento urbano ou rural sustentable | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 06 Iniciativas de desenvolvemento local a cargo das comunidades locais | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 07 Non procede | 124.378.765,00 |

***Cadro 11. Dimensión 6. Tema secundario do FSE ( 1 ) (só FSE)***

| Fondo | FSE | |
|---|---|---|
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida | |
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 3B | 01 Favorecer a transición a unha economía con baixas emisións de carbono e que utilice eficientemente os recursos | 1.348.545,18 |
| Eixe prioritario 3B | 02 Innovación social | 561.893,83 |
| Eixe prioritario 3B | 03 Fomentar a competitividade das pemes | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 04 Promover a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación | 12.000.000,00 |

| | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario 3B | 05 Mellorar a accesibilidade, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e das comunicacións | 0,00 |
| Eixe prioritario 3B | 06 Non discriminación | 2.247.575,30 |
| Eixe prioritario 3B | 07 Igualdade entre mulleres e homes | 1.123.787,65 |
| Eixe prioritario 3B | 08 Non procede | 107.096.963,05 |

### 2.A.10. Resumo do uso previsto da asistencia técnica, incluídas, se é o caso, as accións destinadas a reforzar a capacidade administrativa das autoridades que participan na xestión e o control dos programas e beneficiarios (cando proceda)

[Non procede]

## 2.B. Descrición dos eixes prioritarios relativos á asistencia técnica

## 2.B.1. Eixe de asistencia técnica

| | |
|---|---|
| Identificación do eixe prioritario | *Eixe prioritario 8B* |
| Título do eixe prioritario | Asistencia técnica |

### 2.B.2. Xustificación para establecer un eixe prioritario que abranga máis dunha categoría de rexión (cando proceda)

[Non procede]

### 2.B.3. Fondo e categoría de rexión

| | |
|---|---|
| Fondo | FSE |
| Categoría de rexión | Máis desenvolvida |
| Base de cálculo (gasto total subvencionable ou gasto público subvencionable) | Gasto total subvencionable |

## 2.B.4. Obxectivos específicos e resultados esperados

| Identificación | Obxectivo específico 1 |
|---|---|
| Obxectivo específico | Preparación, execución, seguimento e inspección. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Optimización das actividades necesarias para a boa xestión do programa operativo, consolidando e mellorando os sistemas de xestión, control e auditoría existentes.<br><br>O cambio esperado a través deste obxectivo específico consiste en alcanzar un nivel de xestión de calidade que permita a eficacia e a eficiencia na consecución dos obxectivos do programa operativo, garantindo unhas taxas de erro mínimas.<br><br>Para facer efectivo este obxectivo, a través deste eixe de asistencia técnica apoiarase a realización das actividades que fagan viable a boa xestión, principalmente nos niveis de programación, seguimento e avaliación, control e auditoría<br><br>Reforzaranse especialmente as tarefas de control (especialmente as verificacións de xestión) co obxectivo de permitir unha detección temperá das posibles deficiencias, de tal forma que non sexan incluídas nas solicitudes de pagamento que se envíen á Comisión Europea. Ademais, a redución das taxas de erro pasa polo emprego de métodos de custos simplificados, polo que a través deste eixe tamén se cofinanciarán, en caso de seren necesarias, aquelas actuacións tendentes á implantación de modelos de custos simplificados, desde a análise oportuna ata a formación necesaria para o seu desenvolvemento.<br><br>A consecución deste obxectivo exixe un mantemento e a mellora das capacidades administrativas. Por iso, a través deste eixe de actuación desenvolveranse, así mesmo, as actuacións de formación e capacitación oportunas, que garantan a boa xestión do programa operativo.<br><br>En todo caso, fomentarase a coordinación e a participación de todos os socios pertinentes |

| Identificación | Obxectivo específico 2 |
|---|---|
| Obxectivo específico | Avaliación e estudos. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da | Mellorar o seguimento e a avaliación das accións |

| | |
|---|---|
| Unión[12] | desenvolvidas no marco do programa operativo, co fin de facer un uso eficiente dos recursos financeiros.<br><br>O resultado que se pretende alcanzar a través deste obxectivo específico é dispoñer de avaliacións e estudos de calidade e en número suficiente en relación coa poboación obxectivo, de tal forma que sexa posible determinar a validez e os resultados alcanzados por unha actuación en cuestión e decidir, en consecuencia, sobre o seu mantemento ou a súa modificación.<br><br>Para tal fin, poñeranse en marcha actuacións de seguimento e avaliación de todas as accións e programas desenvolvidos no marco do programa operativo FSE de Galicia, de modo que poidan deseñarse máis políticas e intervencións de base fáctica atendendo a aquilo que funciona, onde funciona e por que funciona, garantindo así o uso eficiente dos recursos e uns rendementos positivos do investimento.<br><br>Ademais, elaboraranse os correspondentes informes de seguimento, isto é, os informes de execución anual, informes de evolución do marco de rendemento, etc., así como o deseño do plan de avaliación do programa operativo. |

| | |
|---|---|
| Identificación | Obxectivo específico 3 |
| Obxectivo específico | Información e comunicación. |
| Resultados que o Estado membro pretende conseguir con axuda da Unión | Garantir a transparencia da axuda procedente do FSE e difundir adecuadamente o programa operativo entre os potenciais beneficiarios, grupos de interese e a cidadanía en xeral.<br><br>O resultado que se pretende conseguir baixo este obxectivo específico é que todos os potenciais beneficiarios do programa operativo, así como a sociedade no seu conxunto, estean debidamente informados sobre o desenvolvemento e as actuacións implementadas no marco do PO, e poidan actuar en consecuencia.<br><br>Para tal fin, levarase a cabo a adecuada difusión do programa operativo FSE de Galicia das actuacións que se realicen ao abeiro deste, de acordo cos artigos 115 a 117 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. A dita información irá dirixida á cidadanía da Unión Europea e á potencial poboación beneficiaria do programa, coa finalidade de destacar o papel desempeñado pola Unión Europea e o |

[12] Necesario cando a axuda da Unión para asistencia técnica no programa exceda os 15 millóns EUR.

| | |
|---|---|
| | Estado membro e garantir a transparencia da axuda procedente do FSE.<br><br>A forma en que se levará a cabo a difusión do programa quedará reflectida na Estratexia de comunicación, que conterá a planificación e o deseño de accións en materia de información e comunicación. Ademais, realizaranse o seguimento e a avaliación desta estratexia para garantir a correcta execución das medidas. |

## 2.B.5. Indicadores de resultados[13]

***Cadro 12. Indicadores de resultados específicos do programa (por obxectivo específico) (para o FSE / FSE / Fondo de Cohesión).***

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Valor de referencia | | | Ano de referencia | Valor previsto (2023) | | | Fonte de datos | Frecuencia dos informes |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | H | M | T | | H | M | T | | |
| ATR1 | Porcentaxe de gasto cuberto por verificacións "in situ" | Porcentaxe | 25 % | | | 2015 | 25 % | | | Datos propios de xestión | Anualmente |
| ATR5 | Porcentaxe de estudos e avaliacións relacionadas co programa operativo publicadas | Porcentaxe | 70 % | | | 2015 | 90 % | | | Datos propios de xestión | Anualmente |
| ATR3 | Porcentaxe de poboación xeral que coñece o financiamento de FSE polas campañas e actuacións de difusión | Porcentaxe | 68,4 % | | | 2014 | 75 % | | | Avaliación estratexia de comunicación | Cada 3 anos |

[13] Necesario cando estea xustificado obxectivamente polo contido da acción e cando a axuda da Unión para asistencia técnica no programa exceda os 15 millóns EUR.

## 2.B.6. Accións que van ser obxecto de axuda e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos (por eixe prioritario)

### 2.B.6.1. Descrición das accións que van ser obxecto de axuda e a súa contribución esperada aos obxectivos específicos

| Eixe prioritario | Eixe prioritario 8B |
|---|---|

De acordo co disposto no artigo 59 do Regulamento 1303/2013, a asistencia técnica consistirá na realización de accións vinculadas á preparación, xestión, seguimento, avaliación, información e comunicación, creación de redes, resolución de reclamacións, control e auditoría.

Deste modo, poderanse realizar accións que reduzan a carga administrativa dos beneficiarios e adoptar medidas que reforcen a capacidade das autoridades do Estado membro e dos beneficiarios para administraren e utilizaren os fondos, e reforzar a capacidade dos socios pertinentes e apoiar o intercambio de boas prácticas entre os ditos socios.

Este eixe ten a finalidade de financiar as actividades necesarias para garantir as condicións para que as distintas formas de intervención funcionen adecuadamente durante todo o ciclo da súa xestión -preparación, execución, seguimento e avaliación-, da súa certificación e pagamentos e do seu control e auditoría. Trátase, polo tanto, dun eixe instrumental que apoia o desenvolvemento das distintas funcións contidas no ciclo de implementación dos fondos, de conformidade cos requisitos regulamentariamente establecidos.

Estas categorías instruméntanse para dar soporte á xestión do programa operativo tratando de maximizar o valor engadido do FSE nas súas intervencións. Para iso prevese a realización das seguintes actuacións, que se concentran nos tres obxectivos específicos da asistencia técnica:

1) Alcanzar unha xestión e un control de calidade que permita a consecución dos obxectivos do FSE, asegurando unhas taxas de erro mínimas:

- Xestión, posta en marcha, seguimento e control do programa operativo, coa presenza de persoas expertas en igualdade.
- Asesoramento e apoio na utilización de custos simplificados, como unha das medidas clave para alixeirar as cargas administrativas na xestión do PO FSE Galicia 2014-2020.
- Formación e accións de capacitación técnica do persoal do OI, dos organismos xestores e doutros axentes clave, incluída a formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a través de medidas como cursos, estudos, seminarios, xornadas e avaliacións externas. Esta formación terá como finalidade completar a cualificación técnica en materias como a configuración de operacións, a recollida de indicadores, a elixibilidade dos gastos, os métodos de xustificación de gastos, os métodos de custos simplificados, os procedementos de verificación ou o uso da aplicación informática para o PO FSE Galicia 2014-2020.
- Actuacións que garantan unha suficiente e adecuada dotación de recursos humanos e materiais que aseguren a existencia dunha estrutura técnica de apoio nas distintas fases de xestión do PO FSE Galicia 2014-2020.
- Actuacións tendentes ao reforzo do sistema de verificacións de xestión do OI, cuxo obxecto será asegurar a calidade das verificacións administrativas mediante a prestación do apoio técnico necesario nas súas funcións de revisión.

2) Realizar estudos e avaliacións de calidade para medir a eficacia, eficiencia e impacto do programa operativo:

- Avaliacións que valoren a eficacia, a eficiencia e o impacto dos programas mellorando o seu deseño e implementación.
- Estudos periódicos de seguimento do PO.
- Implantación de sistemas informáticos fiables de supervisión, de información financeira e de recollida de datos e indicadores que, pola súa vez, estean debidamente harmonizados cos correspondentes sistemas da autoridade de xestión que garantan unha interoperabilidade adecuada e unha transmisión segura dos datos.
- Polo que se refire ás actividades de coordinación que aseguren unha adecuada participación activa dos socios, estas garántense no seo do Comité de Seguimento do PO FSE Galicia 2014-2020.

3) Conseguir que os potenciais beneficiarios, así como a sociedade no seu conxunto, estean debidamente informados sobre todos os aspectos relevantes do programa operativo e poidan actuar en consecuencia:

- Accións de información, publicidade e comunicación que garantan a adecuada difusión e impacto das actuacións do Fondo Social Europeo a través do desenvolvemento de medidas de información e comunicación, a creación de redes e intercambio de boas prácticas, a transferencia de resultados e a elaboración e aplicación do Plan de información e comunicación.
- A Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos pertence á Rede de mobilidade transnacional (TNL Mobility), a través da cal se obtiveron excelentes resultados no ámbito da mobilidade transnacional de mozos, polo que existe a intención de continuar formando parte desta no período 2014-2020.

Noutra orde de cousas, é necesario destacar que as referidas actuacións incardinadas no eixe prioritario de asistencia técnica do PO FSE Galicia 2014-2020 se complementarán co PO nacional de asistencia técnica 2014-2020, posto que estas apoiarán, así mesmo, a mellora da administración do PO FSE Galicia 2014-2020, no ámbito das funcións da autoridade de xestión, mentres que as primeiras se circunscriben ás competencias do organismo intermedio; deste modo garántese que non se producirán en ningún caso solapamentos nin duplicidades na cobertura das actuacións ao abeiro deste eixe, ao mesmo tempo que se xeran sinerxías positivas de cara á realización de intervencións conxuntas que se complementan axeitadamente na obtención de resultados que poñan en valor as intervencións do FSE.

## 2.B.6.2. Indicadores de produtividade que se espera que contribúan aos resultados (por eixe prioritario)

***Cadro 13. Indicadores de produtividade (por eixe prioritario) (para o FSE / FSE / Fondo de Cohesión).***

| Id. | Indicador | Unidade de medida | Valor previsto (2023) (opcional) | | | Fonte de datos |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | H | M | T | |
| AT05 | Actuacións de preparación, execución, seguimento e control | Número | | | 45 | Datos propios de xestión |
| AT02 | Número de estudos e avaliacións relacionadas co | Número | | | 10 | Datos propios de xestión |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | PO | | | | | |
| AT03 | Número de campañas relacionadas co PO | Número | | | 12 | Datos propios de xestión |

## 2.B.7. Categorías de intervención (por eixe prioritario)

***Cadros 14 a 16. Categorías de intervención*[14]**

***Cadro 14. Dimensión 1. Ámbito de intervención.***

| **Categoría de rexión:** *máis desenvolvida* | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 8B | 121 Preparación, execución, seguimento e inspección | 4.252.021,00 |
| Eixe prioritario 8B | 122 Avaliación e estudos | 1.700.810,00 |
| Eixe prioritario 8B | 123 Información e comunicación | 2.551.216,00 |

***Cadro 15. Dimensión 2. Forma de financiamento.***

| **Categoría de rexión:** *máis desenvolvida* | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 8B | 01 Subvención non reembolsable | 8.504.047,00 |
| Eixe prioritario 8B | 02 Subvención reembolsable | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 03 Apoio mediante instrumentos financeiros: capital risco, participacións ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 04 Apoio mediante instrumentos financeiros: préstamos ou equivalentes | 0,00 |

[14] Os importes inclúen o total da axuda da Unión (a asignación principal e a asignación procedente da reserva de rendemento).

| | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario 8B | 05 Apoio mediante instrumentos financeiros: avais ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 06 Apoio mediante instrumentos financeiros: bonificacións de xuros, subvencións de comisións de garantía, apoio técnico ou equivalentes | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 07 Primas | 0,00 |

***Cadro 16. Dimensión 3. Tipo de territorio.***

| **Categoría de rexión:** *máis desenvolvida* | | |
|---|---|---|
| Eixe prioritario | Código | Importe (en EUR) |
| Eixe prioritario 8B | 01 Grandes zonas urbanas (densamente poboadas >50.000) | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 02 Pequenas zonas urbanas (medianamente poboadas >5.000) | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 03 Zonas rurais (pouco poboadas) | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 04 Zonas de cooperación interrexional | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 05 Cooperación entre zonas de programas nacionais ou rexionais nun contexto nacional | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 06 Cooperación transnacional do FSE | 0,00 |
| Eixe prioritario 8B | 07 Non procede | 8.504.047,00 |

# 3. PLAN DE FINANCIAMENTO

## 3.1. Crédito financeiro procedente de cada un dos fondos e importes para a reserva de rendemento

***Cadro 17.***

| Fondo | Categoría de rexión | 2015 | | 2016 | | 2017 | | 2018 | | 2019 | | 2020 | | Total | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Asignación principal | Reserva de rendemento | Asignación principal | Reserva de rendemento | Asignación principal | Reserva de rendemento | Asignación principal | Reserva de rendemento | Asignación principal | Reserva de rendemento | Asignación principal | Reserva de rendemento | Asignación principal | Reserva de rendemento |
| **FSE** | Máis Desenvolvida | 68.650.191 | 4.381.927 | 43.000.987 | 2.744.744 | 44.501.064 | 2.840.493 | 44.607.718 | 2.847.301 | 45.306.054 | 2.891.876 | 48.288.380 | 3.082.237 | 294.354.394 | 18.788.578 |
| | **Total** | 68.650.191 | 4.381.927 | 43.000.987 | 2.744.744 | 44.501.064 | 2.840.493 | 44.607.718 | 2.847.301 | 45.306.054 | 2.891.876 | 48.288.380 | 3.082.237 | 294.354.394 | 18.788.578 |

## 3.2. Crédito financeiro total por fondo e cofinanciamento nacional (en EUR)

***Cadro 18a. Plan de financiamento.***

| Eixe prioritario | Fondo | Categoría de rexión | Base para o cálculo da axuda da Unión (custo total subvencionable ou custo público subvencionable) | Axuda da Unión | Contrapartida nacional | Desagregación indicativa da contrapartida nacional | | Financiamento total | % de cofinanciac. | Con fins informat. Contribuc. do BEI | Asignación principal (financiamento total menos reserva de rendemento) | | Reserva de rendemento | | Importe da reserva de rendemento como porcentaxe do total da axuda da Unión |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Financiamento público nacional | Financ. privado nacional(1) | | | | Axuda da Unión | Contrapartida nacional | Axuda da Unión | Contrapartida nacional[15] | |
| Eixe prioritario 1B | FSE | Máis desenvolvida | 121.251.615,00 | 97.001.292,00 | 24.250.323,00 | 24.250.323,00 | 0,00 | 121.251.615,00 | 80,0 % | 0,00 | 91.018.746,03 | 22.754.687,00 | 5.982.546,00 | 1.495.636,00 | 6,17 % |
| Eixe prioritario 2B | FSE | Máis desenvolvida | 104.073.585,00 | 83.258.868,00 | 20.814.717,00 | 20.814.717,00 | 0,00 | 104.073.585,00 | 80,0 % | 0,00 | 78.123.885,00 | 19.530.971,00 | 5.134.983,00 | 1.283.746,00 | 6,17 % |
| Eixe prioritario 3B | FSE | Máis desenvolvida | 155.473.457,00 | 124.378.765,00 | 31.094.692,00 | 31.094.692,00 | 0,00 | 155.473.457,00 | 80,0 % | 0,00 | 116.707.716,00 | 29.176.929,00 | 7.671.049,00 | 1.917.762,00 | 6,17 % |
| Eixe prioritario 8B | FSE | Máis desenvolvida | 10.630.059,00 | 8.504.047,00 | 2.126.012,00 | 2.126.012,00 | 0,00 | 10.630.059,00 | 80,0 % | 0,00 | 8.504.047,00 | 2.126.012,00 | | | |
| Total | FSE | Máis desenvolvida | 391.428.716,00 | 313.142.972,00 | 78.285.744,00 | 78.285.744,00 | 0,00 | 391.428.716,00 | 80,0 % | 0,00 | 294.354.394,00 | 73.588.599,00 | 18.788.578,00 | 4.697.144,00 | 6,00 % |

15 A contrapartida nacional divídese proporcionalmente entre a asignación principal e a reserva de rendemento.

***Cadro 18c. Desagregación do plan financeiro por eixe prioritario, fondo, categoría de rexión e obxectivo temático.***

| Eixe prioritario | Fondo[16] | Categoría de rexión | Obxectivo temático | Axuda da Unión | Contrapartida nacional | Financiamento total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Eixe prioritario 1B | FSE | Máis desenvolvida | Obxectivo temático 8 | 97.001.292,00 | 24.250.323,00 | 121.251.615,00 |
| Eixe prioritario 2B | FSE | Máis desenvolvida | Obxectivo temático 9 | 83.258.868,00 | 20.814.717,00 | 104.073.585,00 |
| Eixe prioritario 3B | FSE | Máis desenvolvida | Obxectivo temático 10 | 124.378.765,00 | 31.094.692,00 | 155.473.457,00 |
| Eixe prioritario 8B | FSE | Máis desenvolvida | Asistencia técnica | 8.504.047,00 | 2.126.012,00 | 10.630.059,00 |
| **Total** | **FSE** | **Máis desenvolvida** | **Total** | 313.142.972,00 | 78.285.744,00 | 391.428.716,00 |

[16] Para os fins do presente cadro, a IEX (asignación específica e axuda correspondente do FSE) considérase un fondo.

Cadro 19. Importe indicativo da axuda que se vai destinar aos obxectivos do cambio climático.

A ponderación da contribución ao obxectivo climático no FSE tómase da asignación das liñas de actuación previstas á dimensión de categorías de intervención de "Tema secundario"; neste caso pondérase cun 100 % o gasto relacionado co clima.

A horizontalidade do obxectivo de cambio climático, como se recolle no Acordo de asociación, débese a que non só son as accións que se van desenvolver propias dos eixes máis relacionados co cambio climático (OT 4, 5 e 6) as que desenvolven unha economía baixa en carbono (OT4) senón que supoñen a xeración de novos coñecementos e desenvolvemento, a creación de emprego, o impulso económico en zonas rurais, a creación ou o reforzo de novas formacións que dean resposta ás necesidades que creen, promoven a eficiencia dos recursos, etc.

No PO FSE de Galicia asignáronse recursos indicativos relacionados con este principio polas actuacións indirectas de sustentabilidade ambiental, redución de emisión de gases de efecto invernadoiro, etc., tendo en conta a mellora da empregabilidade, emprendemento e adaptación dos traballadores en empresas relacionadas co sector enerxético, forestal e do sector primario.

No eixe 3 inclúense os módulos e temáticas de prevención do cambio climático e de sustentabilidade ambiental que se inclúen na oferta formativa e na formación de voluntarios e profesionais de protección civil e emerxencias.

| Eixe prioritario | Importe indicativo da axuda que se vai destinar aos obxectivos do cambio climático (en EUR) | Porcentaxe da asignación total para o programa operativo ( %) |
|---|---|---|
| **Eixe prioritario 1B** | 1.039.604,80 | 0,33 |
| **Eixe prioritario 2B** | 0 | 0,00 |
| **Eixe prioritario 3B** | 1.348.545,18 | 0,43 |
| **Eixe prioritario 8B** | 0 | 0,00 |
| **Total** | **2.388.149,98** | **0,76** |

# 4. ENFOQUE INTEGRADO DO DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

Descrición do enfoque integrado do desenvolvemento territorial, tomando en consideración o contido e os obxectivos do programa operativo, tendo en conta o acordo de asociación e mostrando como contribúe ao logro dos seus obxectivos e resultados previstos.

A situación xeográfica de Galicia, no noroeste da Península Ibérica, sitúaa na periferia dos centros económicos europeos, pero tamén nacionais. Ademais, as conexións co resto de España (agás Asturias) e co resto de Europa son difíciles debido á orografía. Galicia está separada da Meseta Central polos Montes de León e pola Cordilleira Cantábrica co resto de Europa. Ademais, unha das peculiaridades de Galicia é a presenza de numerosas e amplas rías na costa cos puntos singulares definidos polos cabos. Desde o POL, caracterizouse a costa de Galicia en sete bisbarras costeiras: Mariña Luguesa, Rías Altas, Golfo Ártabro, Arco Bergantiñán, Costa da Morte, Rías Baixas e Costa Sur.

Por outro lado, do leste ao oeste distinguimos en Galicia catro subrexións atendendo ao seu relevo. A interior ou montañosa, onde se encontran as maiores altitudes que separan a Galicia do Bierzo e da Meseta. A segunda é unha chaira, cunha depresión lonxitudinal percorrida polo Miño e os seus afluentes e outra transversal pola cal flúe o Sil, que divide a subrexión montañosa. Despois da confluencia destes dous ríos a depresión discorre nordés-suroeste. A terceira é a dorsal galega de menor altitude que a interior ou montañosa e unha cuarta litoral onde existen contrastes como a foxa que vai desde o Val do Dubra ata Tui, o chanzo de Santiago e do interior da provincia da Coruña e as serras que separan as rías e o norte da provincia de Lugo, A Mariña. Por iso, de acordo coas tipoloxías territoriais establecidas no Acordo de asociación, Galicia non ten unha clara delimitación dado que presenta chairas litorais, cordilleiras e unha zona montañosa.

En canto á súa distribución poboacional, tampouco presenta unha zona homoxénea de sinxela catalogación, dado que ten zonas costeiras típicas do norte de España e zonas de interior con menor poboación, así como un territorio fronteirizo co norte de Portugal. Neste sentido, a nivel rexional, Galicia pode considerarse un territorio cunha densidade de poboación media, aínda que por provincias se mantén unha desigualdade notoria desde os 212,5 hab./km$^2$ de Pontevedra aos 35,1 hab./km$^2$ de Lugo.

Pero o elemento poboacional máis notorio é o da fragmentación que o número de municipios xera. Trátase dun trazo territorial moi singular de Galicia. Así, en Galicia están 3.772 das 4.920 entidades colectivas que hai en España. Ademais, Galicia conta con máis de 30 mil entidades singulares, preto da metade (48,9 %) das entidades singulares que hai en España e máis da metade dos diseminados españois. O 41,8 % destes diseminados encóntrase na provincia de Lugo e o 31,4 % na da Coruña. Así, considerando todas as entidades colectivas (en Galicia, parroquias) e as entidades singulares que non están incluídas en ningunha entidade colectiva (en diante, áreas locais) co obxectivo de cubrir todo o territorio galego, observamos que as unidades locais que teñen máis de 3.000 habitantes (131) concentran o 58 % da poboación galega. Estas 131 unidades locais só ocupan o 3 % do territorio. Polo tanto, hoxe Galicia é fundamentalmente urbana.

PROBLEMAS PRINCIPAIS DETECTADOS, RETOS QUE HAI QUE SUPERAR E FERRAMENTAS QUE SE UTILIZARÁN UTILIZAR

Por iso, Galicia ten unha marcada necesidade de atención da súa idiosincrasia territorial debido a estes elementos característicos anteriormente sinalados:

- O seu carácter periférico tanto xeográfico como en relación cos grandes centros económicos nacionais e europeos.

• A súa diversidade territorial que exixe unha multiplicidade de accións diversas segundo que zonas formulen a intervención.

• O seu hábitat diseminado, que dificulta enormemente a centralización de accións en centros poboacionais e a prestación de servizos de proximidade.

Así mesmo, o diagnóstico realizado detectou outras necesidades territoriais que serán atendidas desde a capacidade de acción do programa, como son:

1. O crecemento das desigualdades. Presenta un dato de taxa de risco de pobreza e exclusión social do 23,6 % e manifesta que a poboación en risco de pobreza se sitúa principalmente en áreas próximas ás grandes cidades das provincias de Ourense e Pontevedra.

2. O progresivo envellecemento da poboación (o 23,1 % da poboación é maior de 64 anos e o 4 % supera os 85 anos), que afecta principalmente as provincias de Lugo e Ourense e implica a crecente necesidade de servizos sociais e sanitarios.

3. A taxa de abandono educativo temperán na provincia de Ourense no período 2010-2012 foi superior á das outras provincias galegas. A nivel nacional o abandono escolar das áreas pouco poboadas supera en 40 puntos o das áreas densamente poboadas. Estes datos mostran a dimensión territorial desta variable.

4. O mercado de traballo mostra desigualdades territoriais, como pon de manifesto o seguinte indicador: número de afiliacións en alta laboral entre a poboación de 16 a 64 anos para os concellos galegos. Obsérvase que en 2014 os concellos con valores máis altos deste indicador se encontran na provincia de Lugo e na zona oriental da provincia da Coruña. Moitos destes concellos caracterízanse por contar cunha poboación moi envellecida e cunha alta porcentaxe de afiliacións na agricultura. Os seguintes gráficos ilustran esta situación.

   Afiliacións á Seguridade Social entre a poboación de 16 a 64 anos ( %)




***Fonte: Elaboración a partir dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social e o Padrón municipal de habitantes***

Se utilizamos o cociente do paro rexistrado entre a poboación de 14 a 64 anos, observamos que os concellos de Pontevedra, os do sueste de Ourense e os do norte da Coruña presentan valores elevados deste indicador.

***Paro rexistrado entre a poboación de 16 a 64 anos ( %)***




***Fonte: elaboración a partir de información da Consellería de Traballo e Benestar e do Padrón municipal de habitantes.***

O enfoque de traballo formulado no marco do programa concéntrase en prioridades sectoriais; por iso, considérase que era prioritaria a definición de actuacións sobre a base de criterios temáticos e non xeográficos. Non obstante, partindo desta orientación e tendo en conta as necesidades identificadas anteriormente e directrices establecidas no diagnóstico e en coherencia cos retos comunitarios, nacionais e rexionais, determinouse que as seguintes actuacións contribuirán a paliar os problemas detectados no ámbito territorial:

- No que respecta á inclusión social e á loita contra a pobreza, as seguintes actuacións, entre outras, das prioridades de investimento 9i, 9iii e 9iv participarán na diminución de desigualdades territoriais: medidas de apoio á inclusión sociolaboral específicas da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, incentivos á contratación para colectivos en risco de exclusión social, accións de recursos integrais para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, formación, sensibilización e concesión de axudas para servizos de promoción da autonomía, de apoio á inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero e de loita contra a explotación sexual e o tráfico de seres humanos e axudas para o acceso a servizos de promoción da autonomía a persoas con discapacidade, axudas para formación de profesionais de entidades do terceiro sector de acción social e implementación da Rede galega de atención temperá para nenos de 0 a 6 anos.

- No ámbito educativo, as actuacións das prioridades de investimento 10i, 10iii e 10 iv (como as seguintes: medidas de mellora da aprendizaxe e rendemento e programas de diversificación curricular (PDC), acreditación da competencia profesional e os ciclos formativos de grao medio da formación profesional) redundarán nun decrecemento das diferenzas territoriais.

- Polo que concirne ao emprego, todas as actuacións das prioridades de investimento 8i, 8iii e 8iv participarán na diminución de diferenzas territoriais, por exemplo, as medidas de adquisición de competencias profesionais, as de promoción do emprego autónomo, as de formación profesional para o emprego ou as iniciativas de apoio ao emprendemento.

Os resultados que se espera obter, en coherencia co diagnóstico realizado e a programación do programa operativo por obxectivo temático, están en consonancia cos que España pretende conseguir no seu conxunto coa axuda dos fondos da Unión Europea ligados á Estratexia Europa 2020. Estes resultados esperados por OT son os seguintes:

o Obxectivo temático nº 8

 Mellorar a taxa de emprego, tanto en mulleres coma en homes, fomentar o traballo por conta propia e o espírito emprendedor e adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado laboral.

o Obxectivo temático nº 9

 Diminuír a porcentaxe de poboación en risco de exclusión ou pobreza, que era do 23,6 % en 2012, e achegarse ao obxectivo Europa 2020.

o Obxectivo temático 10

 Diminuír a taxa de abandono prematuro escolar e, por outro lado, polo menos manter a porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos con nivel educativo terciario, mellorar o rendemento académico para achegalo ás rexións máis desenvolvidas de Europa e incrementar a participación na formación profesional e mellorar a súa calidade.

## 4.1. Desenvolvemento local participativo (cando proceda)

[Non procede]

## 4.2. Accións integradas para o desenvolvemento urbano sustentable (cando proceda)

[Non procede]

***Cadro 20. Accións integradas para o desenvolvemento urbano sustentable: importes indicativos da axuda do FSE.***

[Non procede]

## 4.3. Investimento territorial integrado (IT) (cando proceda)

***Cadro 21. Asignación financeira indicativa para o ITI en casos distintos dos mencionados no número 4.2 (importe agregado).***

[Non procede]

## 4.4. Medidas a favor de accións interrexionais e transnacionais, no marco do programa operativo, con beneficios situados en, polo menos, outro Estado membro (cando proceda)

[Non procede]

## 4.5. Contribución das accións previstas no marco do programa ás estratexias macrorrexionais e de bacías marítimas, suxeitas ás necesidades da zona do programa identificadas polo Estado membro (cando proceda)

En relación coas estratexias macrorrexionais vinculadas ás bacías marítimas, a Comisión Europea emitiu en novembro de 2011 a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións para o fomento dunha estratexia marítima para a zona do océano Atlántico. Como froito da dita comunicación púxose en marcha o Plan de acción para unha estratexia marítima na rexión atlántica (ou "Estratexia atlántica"), que ten por obxecto revitalizar a economía mariña e marítima na zona atlántica, establecendo unha folla de ruta que lles permita aos países da UE ribeiregos do Atlántico, ás súas rexións e á Comisión contribuír a crear un desenvolvemento sustentable nas zonas costeiras e avanzar cara á "economía azul", mantendo a estabilidade ecolóxica do océano Atlántico.

Esta estratexia proponlles aos Estados membros iniciar procesos de colaboración en ámbitos nos cales anteriormente actuaban por separado, de maneira que poidan compartir información, custos, resultados e boas prácticas ao mesmo tempo que xeran ideas para outros ámbitos de cooperación en actividades marítimas (incluíndo tanto actividades tradicionais coma a pesca, a acuicultura, o turismo e a navegación, como tamén as emerxentes, como as enerxías renovables en mar aberto e a biotecnoloxía mariña).

As prioridades fixadas na estratexia son as seguintes:

- Fomentar o emprendemento e a innovación.
- Protexer, asegurar e mellorar o medio mariño e costeiro.
- Mellorar a accesibilidade e a conectividade.
- Crear un modelo de desenvolvemento rexional integrador e sustentable.

En relación con esta estratexia, e sendo Galicia unha rexión vinculada á costa atlántica, algunhas das actuacións realizadas no marco do Programa operativo 2014-2020 FSE pódense encontrar aliñadas coas pautas fixadas na citada estratexia. Neste sentido, ningunha das actuacións identificadas como prioritarias no programa parece vincularse á estratexia. En calquera caso, non se desbota que os proxectos que no futuro se definan si poidan chegar a confluír con ela dada a importancia dos 4 eixes vertebradores da estratexia para a actividade socioeconómica de Galicia.

# 5. NECESIDADES ESPECÍFICAS DAS ZONAS XEOGRÁFICAS MÁIS AFECTADAS POLA POBREZA OU DOS GRUPOS DESTINATARIOS QUE CORREN MAIOR RISCO DE DISCRIMINACIÓN OU EXCLUSIÓN SOCIAL (CANDO PROCEDA)

## 5.1. Zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social

O risco de pobreza ou exclusión social en Galicia non afecta por igual todos os territorios nin todos os colectivos sociais. A nivel territorial, aínda que non se dispón dunha análise específica en termos de risco de pobreza, o informe diagnóstico do programa operativo territorializou a análise do mercado laboral e dos diferentes niveis de riqueza da poboación galega.

Para a análise da loita contra a pobreza considérase o risco de pobreza e exclusión social (AROPE). Este indicador corresponde á suma das persoas que están en risco de pobreza ou privadas de forma severa de bens materiais ou que viven en fogares con intensidade de traballo moi baixa. De acordo cos datos de Eurostat, no ano 2012 o número de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social na UE-28 era de 124.232.000, é dicir, un 24,8 % da poboación, e en España 13.090.000 persoas, o que representa o 28,2 % da poboación.

En 2012 o indicador AROPE é máis baixo en Galicia que en España e na UE-28 e para os tres indicadores que o compoñen a situación é diferente. A taxa de risco de pobreza é máis baixa en Galicia; a porcentaxe de persoas que viven en fogares con carencia material severa (6,9 %), é un punto máis alta que en España, aínda que moito máis baixo que na UE-28; por último, o 13,8 % de persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo é un valor moi superior á UE-28 pero medio punto inferior a España.

A análise da taxa de pobreza ou cohesión social mostra elevados niveis entre a poboación moza, así como na estranxeira, nos fogares monoparentais con nenos ou nenas a cargo e nos que teñen unha baixa intensidade de traballo. En 2012, o grupo de idade de 16 a 24 anos é o que presenta unha taxa máis elevada, lixeiramente superior nas mozas. Ao contrario, os maiores de 65 anos son os que teñen unha taxa máis reducida. As mulleres presentan unha taxa 4 décimas superior aos homes.

En canto a aspectos territoriais, a provincia de Pontevedra é a que presenta a maior taxa de risco de pobreza ou exclusión social seguida de Ourense. Por debaixo da media de Galicia están as provincias de Lugo e A Coruña. No caso dos grandes municipios, todos presentan datos inferiores á media aínda que existe unha clara diferenciación entre eles. Así, o concello de Ourense alcanza un valor do 23,2 %; Ferrol, 23,0 %; Vigo, 21,2 % e Pontevedra, 20,6 %, mentres que no resto -A Coruña, Santiago e Lugo- as taxas non chegan ao 20 %.

## 5.2. Estratexia para abordar as necesidades específicas das zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou dos grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social e, de ser o caso, contribución ao enfoque integrado recollido no acordo de asociación

Tendo en conta que os datos da poboación en risco de pobreza ou exclusión social son inferiores á media nacional e que, a pesar da maior taxa das provincias de Pontevedra e Ourense e tamén dos municipios de Ourense, Ferrol, Vigo e Pontevedra, non existen elevadas desviacións entre taxas desde unha perspectiva territorial, considérase prioritaria a definición de actuacións sobre a base de criterios temáticos e non emprender estratexias específicas asociadas a problemáticas de zonas concretas en materia de pobreza ou exclusión social.

En calquera caso, as seguintes actuacións, enmarcadas nas prioridades de investimento 9i, 9iii e 9iv, contribuirán indubidablemente a mitigar as desigualdades territoriais establecidas no diagnóstico: para as persoas en risco de exclusión social, accións individualizadas de formación e acompañamento social e proxectos de dinamización sociocomunitarios; para as mulleres en situación de vulnerabilidade, axudas a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan programas e recursos integrais dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade; para mulleres vítimas de violencia de xénero, formación, sensibilización e concesión de axudas para servizos de promoción da autonomía, de apoio á inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero e de loita contra a explotación sexual e o tráfico de seres humanos, e para persoas con discapacidade, axudas para o acceso a servizos de promoción da autonomía a persoas con discapacidade, axudas para formación de profesionais de entidades do terceiro sector de acción social e implementación da Rede galega de atención temperá para nenos de 0 a 6 anos.

***Cadro 22. Accións para abordar as necesidades específicas das zonas xeográficas máis afectadas pola pobreza ou os grupos destinatarios que corren maior risco de discriminación ou exclusión social*[17]**

| Grupo destinatario | Principais tipos de accións previstas que forman parte do enfoque integrado | Eixe prioritario | Fondo | Categoría de rexión | Prioridade de investimento |
|---|---|---|---|---|---|
| Persoas en risco de exclusión social | Accións individualizadas de formación e acompañamento social e proxectos de dinamización sociocomunitarios. | 2B | FSE | Máis desenvolvida | 9i |
| Mulleres en situación de vulnerabilidade | Axudas a entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan programas e recursos integrais dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. | 2B | FSE | Máis desenvolvida | 9iii |
| Mulleres vítimas de violencia de xénero | Formación, sensibilización e concesión de axudas para servizos de promoción da autonomía, de apoio á inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero e de loita contra a explotación sexual e o tráfico de seres humanos. | 2B | FSE | Máis desenvolvida | 9iii |
| Persoas con discapacidade | Axudas para o acceso a servizos de promoción da autonomía a persoas con discapacidade, axudas para formación de profesionais de entidades do terceiro sector de acción social e implementación da rede galega de atención temperá para nenos de 0 a 6 anos. | 2B | FSE | Máis desenvolvida | 9iv |

[17] Se o programa abrangue máis dunha categoría de rexión, pode ser necesaria unha desagregación por categoría.

# 6. NECESIDADES ESPECÍFICAS DAS ZONAS XEOGRÁFICAS QUE PADECEN DESVANTAXES NATURAIS OU DEMOGRÁFICAS GRAVES E PERMANENTES (CANDO PROCEDA)

A Comunidade Autónoma de Galicia está situada no noroeste da Península Ibérica, formada polas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Os seus límites xeográficos son: o mar Cantábrico ao norte, Portugal no sur, o océano Atlántico no oeste e as rexións do Principado de Asturias e Castela e León (concretamente as provincias de Zamora e León) ao leste.

A súa situación no noroeste da Península Ibérica sitúa Galicia na periferia dos centros económicos europeos, pero tamén na periferia dos centros económicos nacionais. Ademais, as conexións co resto de España (agás Asturias) e co resto de Europa son difíciles debido á orografía. Galicia está separada da Meseta Central polos Montes de León e do resto de Europa pola Cordilleira Cantábrica. A conexión co norte de Portugal é máis sinxela desde un punto de vista xeolóxico, ben que orograficamente se enfronta tamén a unha serie de desafíos, baixo a forma de serras de aliñación imprecisa.

En relación coa cuestión xeográfica, as características do relevo mostran un medio de orografía non extrema pero complexa, que dificulta o desenvolvemento de infraestruturas en todo o territorio e que, simultaneamente, obriga a tomar medidas complexas de protección fronte a riscos naturais. O forte investimento en infraestruturas de comunicación terrestre das últimas décadas mellorou en mobilidade, interconexión e integración do mercado rexional.

En relación co clima galego, encóntrase nun punto intermedio entre o oceánico e o mediterráneo, claramente determinado pola situación xeográfica de Galicia nas latitudes mornas da fachada europea atlántica. É un clima de tipo húmido oceánico, en xeral suave, cunha baixa amplitude térmica anual, de arredor de 11 °C na costa e 16 °C no interior; non obstante, presenta unhas precipitacións anuais elevadas, con valores que oscilan entre os 700 mm e os 1800 mm.

En termos xerais, e de acordo co diagnóstico realizado para detectar as necesidades de Galicia, non existen elementos de relevancia destacable que condicionen a situación socioeconómica de determinadas zonas xeográficas. As necesidades de Galicia como rexión, condicionadas pola súa situación xeográfica, foron estimadas nos obxectivos temáticos onde as ditas condicións se consideraron relevantes, pero non consta a necesidade de desenvolver accións específicas en función de criterios xeográficos. Non obstante, en caso de que algunha das actuacións que van ser obxecto de financiamento detecte de forma previa á súa execución e nunha análise máis detallada carencias específicas nunha rexión concreta que deriven de desvantaxes naturais ou demográficas, poderán plasmar elementos vinculados a estas debilidades nos correspondentes criterios de selección de operacións.

A poboación residente na Comunidade Autónoma de Galicia en 1 de xaneiro de 2013 ascende a 2.761.970 persoas, que representan un 5,9 % do total da poboación de España cifrada en 46.727.890 habitantes, segundo os resultados definitivos das cifras de poboación do INE. A poboación galega caracterízase por estar inmersa nun proceso de envellecemento que afecta toda Europa, pola dispersión territorial e polas consecuencias derivadas dos procesos migratorios do século pasado.

A idade media da poboación residente en Galicia en 1 de xaneiro de 2012 é de 45,4 anos, 4 anos superior á idade media de España, e presenta a terceira taxa de fecundidade máis baixa de toda Europa (a nivel de NUTS II); tan só supera outras dúas comunidades autónomas españolas, Canarias e Asturias. Ademais, a partir de 2007 a entrada de inmigrantes redúcese e aumenta a taxa de mortalidade debido ao envellecemento da poboación. Todos estes factores provocan o retorno a valores negativos das taxas de crecemento da poboación.

De cara aos próximos anos, as proxeccións de poboación a curto prazo prevén que continuará a perda de poboación, tanto en Galicia como en España; por outra parte, na UE-27 as taxas de crecemento serán cada vez máis próximas a cero, aínda que positivas. No período 2015-2020 seguirá intensificándose o proceso de envellecemento que se está a vivir en toda Europa; por grupos de idade, tanto en Galicia como en España diminuirá o colectivo de poboación menor de 45 anos; en Galicia a diminución nese período de cinco anos de poboación con idades comprendidas entre os 25 e os 44 anos será do 15 %, mentres que no total da UE-27 esta diminución estará próxima ao 3 %.

# 7. AUTORIDADES E ORGANISMOS RESPONSABLES DA XESTIÓN, DO CONTROL E DA AUDITORÍA E PAPEL DOS SOCIOS PERTINENTES

## 7.1. Autoridades e organismos pertinentes

***Cadro 23. Autoridades e organismos pertinentes.***

| Autoridade/organismo | Nome da autoridade/do organismo e departamento ou unidade | Xefe da autoridade/do organismo (posto ou función) |
|---|---|---|
| Autoridade de xestión | Unidade de Xestión da Unidade Administradora do FSE (UAFSE) - Ministerio de Emprego e Seguridade Social | Subdirección Xeral Adxunta de Xestión |
| Autoridade de certificación, se é o caso | Unidade de Certificación da Unidade Administradora do FSE (UAFSE) - Ministerio de Emprego e Seguridade Social | Subdirección Xeral Adxunta de Certificación |
| Autoridade de auditoría | Intervención Xeral da Xunta de Galicia | Interventor xeral da Xunta de Galicia |
| Organismo a que a Comisión debe facer os pagamentos | Subdirección Xeral Adxunta de Certificación da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE) dentro da Dirección Xeral do Traballo Autónomo, da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas | Subdirección Xeral Adxunta de Certificación |

## 7.2. Participación dos socios pertinentes

### 7.2.1. Accións emprendidas para que os socios pertinentes participen na preparación do programa operativo e o seu papel na execución, no seguimento e na avaliación deste

De acordo co principio de asociación establecido no Regulamento (UE) 1303/2013 de disposicións comúns e xerais relativas aos fondos do MEC 2014-2020 (art. 5) e o Código de conduta europeo sobre as asociacións no marco dos fondos EIE, establecido no Regulamento delegado (UE) 240/2014 (ats. 4, 5, 8 e 9), a elaboración dos documentos estratéxicos da política de cohesión, como é o programa operativo FSE Galicia 2014-2020, implica unha participación dos socios pertinentes na preparación, execución, seguimento e avaliación dos programas ao longo do período.

Por outra parte, todos os organismos intermedios serán designados pola UAFSE e terán un perfil que garanta o desenvolvemento dos distintos tipos de actuacións que se inclúen no programa

operativo. Máis concretamente, tratarase de organismos intermedios que actúen nos seguintes ámbitos prioritarios relacionados coa educación, a formación e o emprego.

Entre eles, poderanse designar organismos intermedios que actúen nos seguintes ámbitos:

- Emprego e formación;
- Emprendemento e autoemprego;
- Educación.

A Unidade de Xestión e Certificación do FSE da UAFSE desenvolverá os sistemas de xestión e control, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 1303/2013, do 17 de decembro de 2013.

A Autoridade de Xestión, para o período 2014-2020, vai poñer en marcha un sistema renovado de xestión para detectar de forma temperá as deficiencias nos sistemas de verificacións dos organismos intermedios, para atender as carencias formativas destes e cubrir, nalgúns casos, a insuficiente capacidade administrativa.

Dado que a falta de detección de irregularidades nas verificacións dos organismos intermedios deriva ben da inadecuación dos seus sistemas e procedementos de control ben de insuficiencias na aplicación práctica deses sistemas e procedementos, faise necesario reforzar estas medidas de verificación a través de maiores recursos e dunha maior capacitación técnica do persoal dos organismos intermedios encargado da elaboración das convocatorias de axudas, das verificacións ou da xustificación de gastos e, en concreto, dunha formación específica en materia de normativa comunitaria e nacional aplicable ao Fondo Social Europeo, incluída a relativa a axudas de Estado, na comprobación dos requisitos de subvencionabilidade dos gastos ou en procedementos de avaliación de proxectos.

Así mesmo, hai que ter en conta que a organización territorial do Estado e a distribución das competencias entre órganos da Administración xeral e das comunidades autónomas exixe mecanismos eficaces de coordinación entre os distintos xestores do Fondo Social Europeo e por iso se establecerá un plan de mellora no que respecta á coordinación entre organismos intermedios.

Neste sentido pódense mencionar as seguintes medidas, previstas no Plan de acción para a mellora da Administración do Fondo Social Europeo en 2014-2020:

1) Redución considerable dos organismos intermedios:

Na C.A. de Galicia existirá un único organismo intermedio, a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, con experiencia na coordinación da xestión de fondos estruturais europeos nos períodos precedentes.

2) Avaliación da capacidade dos organismos intermedios: a Autoridade de Xestión avaliará detidamente a súa capacidade administrativa e financeira para ter tal condición e para exercer as diferentes funcións que pode delegarlle a autoridade de xestión, en particular, a relacionada coas verificacións de primeiro nivel. Esta avaliación servirá á autoridade de xestión para asegurarse de que os organismos intermedios dispoñen de recursos suficientes e adecuados para asumir as tarefas delegadas.

Realizarase tamén unha avaliación periódica dos sistemas de xestión e control dos organismos intermedios.

3) Eficacia dos acordos de delegación de funcións: os acordos de delegación de funcións da autoridade de xestión nos organismos intermedios conterán cláusulas que os doten de maior eficacia, tales como a exixencia de responsabilidades respecto das funcións delegadas ou as causas que poderán dar lugar á revogación da delegación.

4) Entre as medidas para a mellora na actuación e coordinación dos organismos intermedios, encóntranse as seguintes:

- Harmonización das normas con outros fondos MEC:

A posibilidade que permite o Regulamento de disposicións comúns en relación coa planificación, subvencionabilidade e financiamento reduce o número de documentos estratéxicos a un documento nacional e a un da UE para os cinco fondos MEC, o que diminúe a complexidade para os beneficiarios, que se vían obrigados a familiarizarse con múltiples normas, dando pé a cometer posibles erros que poderían ter consecuencias financeiras na xestión dos fondos.

- Seguridade xurídica mediante normas máis claras:

As normas claras e sinxelas poden ser unha importante fonte de simplificación. Tomando como punto de partida as leccións aprendidas no período 2007-2013, ao longo do 2014-2020 serán informados debidamente os organismos intermedios en relación cos ámbitos máis relevantes na xestión do FSE, entre os cales se encontran: operacións, criterios de selección de operacións, seguimento trimestral da execución (financeira e de mozos), indicadores, informes anuais de execución, irregularidades, simplificación, verificacións, boas prácticas, axudas ao emprego e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e non discriminación.

As autoridades e os organismos participantes na xestión do programa operativo elaborarán as instrucións oportunas, necesarias para unha boa xestión, así como para a simplificación no acceso dos beneficiarios ás actuacións deste programa operativo.

Ademais, na medida do posible, reducirase o emprego do papel na impartición de instrucións, e fomentarase o uso dos medios telemáticos.

- Execución máis eficiente e xeración de informes máis lixeiros:

No período de programación 2014-2020 os informes anuais de carácter ordinario serán notablemente máis lixeiros e ofrecerán unicamente os datos esenciais sobre o progreso realizado. O primeiro informe anual non se presentará ata 2016 e estará composto na súa maior parte por datos procedentes do sistema de información dispoñible automaticamente e, nunha menor proporción, de texto elaborado.

A xeración de informes máis automatizados e lixeiros reducirá a carga que supón producir un informe anual, garantindo unha xestión máis proporcionada.

Ademais, as autoridades dos programas operativos FSE España deben garantir a posta en marcha e o correcto funcionamento dun sistema informático nacional de xestión capaz de subministrar á CE a información cualitativa e financeira prevista na regulación. O FSE2007 permitiu de forma satisfactoria o intercambio de información con todos os organismos intervenientes na xestión do FSE, así como co sistema SFC2007 da Comisión, recollendo todos os datos de operacións, transaccións, verificacións do artigo 13 do Regulamento (CE) 1828/2006, indicadores, controis, declaracións de gastos á Comisión Europea e ingresos recibidos. O FSE2007 respondeu con garantías aos requirimentos contidos no Regulamento 1083/2006 do Consello e no Regulamento 1828/2006 da Comisión, así como ás orientacións da Comisión para o sistema informático SFC2007 da Comisión.

Unha vez detectados e analizados os ámbitos de mellora da utilización da aplicación FSE 2007, a través dun cuestionario pormenorizado dirixido aos usuarios deste, para o período 2014-2020 poñerase en marcha un novo sistema de información "FSE 014", adaptado á nova regulación comunitaria e aos procedementos de xestión e especificidades do período 2014-2020, no cal se analizarán os datos por sexo.

A vocación do FSE 2014 é ser un sistema onde se implementen os procedementos de xestión precisos e eficientes que dean soporte ás funcións que corresponde desempeñar á UAFSE nos seus diferentes roles (autoridade de xestión, autoridade de certificación),o que lle permite ao dito centro interoperar cos demais axentes que interveñen no proceso (beneficiarios, organismos intermedios, Comisión Europea...) e que ademais sexa máis doado e sinxelo de utilizar por todas as persoas que participan na xestión do FSE.

Este sistema de información permitirá o intercambio electrónico de datos e desenvolverase de tal forma que permita a simplificación na xestión, seguimento, control e avaliación de forma áxil e sinxela para os organismos xestores.

En canto á simplificación de custos, co obxecto de seguir avanzando na súa implantación, a UAFSE ten creado un grupo de traballo específico que levou a cabo os traballos de recepción e valoración dos estudos económicos dos diferentes organismos para a implementación de medidas de custos simplificados, a redacción de instrucións/recomendacións para realizar os estudos de custos e as modificacións necesarias da normativa para conseguir a harmonización das normas de elixibilidade acorde coa regulación comunitaria.

O obxectivo último será que todos os certificados de gastos que se presenten no marco deste programa operativo se fagan empregando métodos de custos simplificados.

A evolución no emprego de custos simplificados realizarase de forma gradual, comezando polas actuacións que teñan un maior peso financeiro ou que presenten maiores dificultades na xestión.

Na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a cabo unha contratación pública para a realización dun estudo previo sobre a posibilidade da utilización de custos simplificados nos programas operativos galegos cofinanciados con Feder e FSE para o período 2014-2020, co obxectivo de explorar a fondo e aplicar estas opcións non só nos casos en que o seu uso resulte obrigado, senón cando resulte conveniente para alixeirar a carga administrativa de cidadáns e organismos de control e reducir a posibilidade de erro.

Ademais, valorarase a posibilidade de presentar plans de acción conxuntos ao longo do período de programación, co obxectivo de facer un maior uso das opcións de custos simplificados.

Por outra parte, da experiencia na xestión dos programas operativos de ámbito estatal no período de programación 2007-2013, obsérvase a importancia de involucrar debidamente todos os socios nas diferentes fases do proceso, desde a programación ata a xestión, seguimento, avaliación e control dos fondos.

Finalmente, valorarase ao longo da execución do programa operativo a pertinencia de desenvolver as asociacións público-privadas que se consideren oportunas para a consecución dos fins do programa operativo. A este respecto servirán de referencia os mecanismos desenvolvidos no PO Feder de atracción de capital privado ás políticas públicas en materia de I+D+i, aproveitando a posibilidade que ofrece o período de programación 2014-2020 de considerar elixible o gasto privado. De igual modo, aproveítanse os novos mecanismos establecidos no período 2014-2020 -como os instrumentos financeiros (IF)- que tamén xere a entrada de capital privado neste tipo de políticas.

A asistencia técnica do PO, mediante as seguintes actuacións, aumentará a capacidade administrativa e alcanzará unha xestión e un control de calidade que permitan a consecución dos obxectivos do FSE, asegurando unhas taxas de erro mínimas:

- Xestión, posta en marcha, seguimento e control do programa operativo, coa presenza de persoas expertas en igualdade.
- Asesoramento e apoio na utilización de custos simplificados, como unha das medidas clave para alixeirar as cargas administrativas na xestión do PO FSE Galicia 2014-2020.
- Formación e accións de capacitación técnica do persoal do OI, dos organismos xestores e doutros axentes clave, incluíndo a formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a través de medidas como cursos, estudos, seminarios, xornadas e avaliacións externas. Esta formación terá como finalidade completar a cualificación técnica en materias como a configuración de operacións, a recollida de indicadores, a elixibilidade dos gastos, os métodos de xustificación de gastos, os métodos de custos simplificados, os procedementos de verificación ou o uso da aplicación informática para o PO FSE Galicia 2014-2020.
- Actuacións que garantan unha suficiente e adecuada dotación de recursos humanos e materiais que garantan a existencia dunha estrutura técnica de apoio nas distintas fases de xestión do PO FSE Galicia 2014-2020.

- Actuacións tendentes ao reforzo do sistema de verificacións de xestión do OI, cuxo obxecto será asegurar a calidade das verificacións administrativas mediante a prestación do apoio técnico necesario nas súas funcións de revisión.

Os socios integrantes do partenariado seleccionáronse conforme a súa relevancia e representatividade nos distintos sectores de actividade relacionados cos ámbitos de aplicación dos fondos e cos principios horizontais. Esta pertinencia dos socios valorouse en función dos criterios seguintes:

- Competencia transversal ou sectorial, valorando tamén a experiencia nos ditos ámbitos.

- Nivel de representación adecuado a nivel territorial galego e nalgúns casos con coñecemento da realidade nacional e europea.

- Capacidade de participación activa nas mesas de debate.

- Interese nas liñas prioritarias de aplicación dos fondos no período 2014-2020.

O proceso participativo posto en marcha pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para o deseño do programa operativo do Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, constou de **varios elementos ou fitos de traballo**, iniciados tras realizar un informe diagnóstico da situación da rexión nos ámbitos de intervención do FSE.

Un primeiro proceso consistiu nas tarefas de consenso arredor do diagnóstico realizado e a súa correspondente **análise DAFO** (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades), en virtude da que se **definiría a estratexia**. Para iso, o diagnóstico estivo dispoñible na páxina web da Xunta, e foron invitados todos os axentes interesados a remitir cantas consideracións considerasen oportunas (http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/principio-de-asociacion-14-20).

Neste sentido, **máis de quince axentes remitiron unha serie de consideracións** que foron tidas en conta de cara á redacción do diagnóstico definitivo, recibidas durante un período de tempo superior a un mes, no que a posibilidade de realizar achegas estivo dispoñible para ambos os dous documentos (diagnóstico: 18/03/2014 a 30/04/2014; análise DAFO: 7/04/2014 a 7/05/2014).

En paralelo, desde a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos remitiuse a todas as persoas que participan no Comité de Seguimento do programa operativo FSE Galicia do período 2007-2013 un breve cuestionario **dirixido a recompilar as experiencias e valoracións da xestión dos fondos estruturais Feder e FSE Galicia 2007-2013 e do período de programación 2007-2013.** A información transmitida polos axentes involucrados na xestión e execución do período 2007-2013 téñense en consideración á hora de deseñar o período 2014-2020, ao detectárense leccións aprendidas e elementos de mellora.

Outro dos fitos relevantes neste ámbito tivo lugar mediante a constitución de dúas **mesas de traballo** relacionadas coa fase de preparación do programa operativo FSE de Galicia 2014-2020, co obxectivo da aplicación reforzada do principio do partenariado 2014-2020. As ditas mesas, que foron coordinadas pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, articuláronse do seguinte xeito:

- Mesa 1 FSE. Emprego. Educación e formación (OT 8 e 10). Asistentes: 36.

- Mesa 2 FSE. Inclusión social (OT 9). Asistentes 49.

A través do desenvolvemento destas mesas preténdese asegurar que a programación e implementación da Política de cohesión 2014-2020 en Galicia responda ás inquedanzas e

necesidades dos actores públicos e privados rexionais, así como da sociedade civil, polo que a súa participación no proceso é determinante, tal e como vén establecido no Regulamento (UE) nº 1303/2013 e no Regulamento delegado (UE) nº 240/2014.

Entre os temas debatidos destacan os seguintes: a Estratexia Europa 2020 e a súa relación coa situación socioeconómica e territorial de Galicia e a análise DAFO proposta, as principais novidades do período 2014-2020 respecto da anterior programación, a análise dos retos e as liñas estratéxicas estruturais FSE en Galicia e a complementariedade con outros fondos EIE.

De forma complementaria a estas mesas, e con respecto ao **obxectivo temático 1** da programación comunitaria, a Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia elaborou no seu momento a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2014-2020, que xa contou cun proceso de carácter sistémico participativo no cal interviñeron distintos departamentos da Administración autonómica, así como outras institucións e axentes económicos e sociais representativos do Sistema galego de innovación, en particular, e da cidadanía, en xeral (http://www.ris3galicia.es/?lang=es).

Tamén se habilitou unha caixa de correo web para recibir opinións e participar sobre os fondos Feder e FSE en Galicia 2014-2020 (participaciónffg@conselleriadefacenda.es).

Esta fase de participación estivo vinculada á elaboración da **versión preliminar do programa**, para o que se mantiveron varias reunións (grupais ou individuais) **con potenciais xestores**, co obxecto de concretar a súa posible participación nel, e deseñouse para o efecto un modelo de **ficha de recollida de información**.

Unha vez recibida a primeira versión das ditas fichas, establecéronse unha serie de **reunións e de ámbitos de traballo conxunto**, co obxecto de seleccionar as operacións que formarían parte do programa, deseñar e cuantificar os indicadores asociados e decidir a repartición financeira, tamén de acordo cos representantes das administracións nacional e europeas.

A última fase de participación consistiu nun **proceso de consulta pública** na web sobre a primeira versión do programa (Documento de consulta pública nº 5), desde o 11.7.2014 ao 20.7.2014, tras a cal se procedeu á redacción final deste para o seu posterior envío á Comisión Europea.

- **Participación no Comité de Seguimento.**

  **Unha selección das entidades membros máis representativas da asociación constituída para a elaboración do programa operativo participarán no Comité de Seguimento do programa, tomando parte activa nas actividades de seguimento e avaliación.**

  **Neste sentido, para garantir que estes axentes poidan cumprir coas súas funcións de xeito eficaz, cumprirase coas seguintes normas, que estarán recollidas no Regulamento interno do Comité de Seguimento:**

  - **Envío dos documentos sobre os cales resulta necesario adoptar unha decisión cunha antelación non inferior a 10 días antes da realización do Comité de Seguimento.**

  - **Facilitar o acceso a toda información, así como remitir aquela que sexa necesaria para que estas entidades poidan realizar unha correcta valoración das decisións que se van adoptar.**

  - **En caso dos procedementos de consulta por escrito, remitirase a estes organismos a información con suficiente tempo de antelación e indicaráselles expresamente o prazo de que dispoñen para realizar alegacións.**

- ◙ **Envío da acta das reunións do Comité de Seguimento.**

- ◙ **Rexistro de todas as consultas, achegas e decisións que se adopten no Comité de Seguimento.**

**En caso de que resulte necesario constituír mesas de traballo para tratar cuestións específicas impulsarase a participación daqueles axentes que constitúan o partenariado que poidan realizar achegas en relación con estas cuestións.**

### 7.2.2. Subvencións globais (para o FSE, cando proceda)

[Non procede]

### 7.2.3. Asignación dunha cantidade para o desenvolvemento de capacidades (para o FSE, cando proceda)

[Non procede].

# 8. COORDINACIÓN ENTRE OS FONDOS, O FEADER, O FEMP E OUTROS INSTRUMENTOS DE FINANCIAMENTO DA UNIÓN E NACIONAIS, ASÍ COMO CO BEI

A Comisión Europea exíxelles aos Estados membros e ás rexións da Unión Europea un **cambio no xeito de priorizar e de xestionar os fondos da política de cohesión**, cun enfoque dos fondos europeos integral e **orientado á obtención de resultados**; unha planificación e unha execución dos fondos europeos que se guíe por un **enfoque integral sólido**, que mobilice **sinerxías** e consiga un resultado óptimo; unha concentración temática que contribúa a aumentar a eficacia das intervencións públicas e a conseguir unha masa crítica necesaria para provocar un impacto real na situación socioeconómica do país, e o soporte dos fondos europeos a instrumentos financeiros que impulsen o investimento privado e, polo tanto, multipliquen os efectos dos fondos públicos.

Este enfoque integral plasmouse na aprobación do **Regulamento (UE) 1303/2013,** do 17 de decembro, onde se establecen as disposicións comúns relativas ao Feder, ao FSE, ao Feader e ao FEMP, e define un marco estratéxico común (MEC) cunha fixación clara de prioridades e de resultados. Así mesmo, establece un **mandato claro de coordinación e complementariedade entre fondos**.

Neste sentido, cabe resaltar que as necesidades relacionadas coas misións do Fondo Social Europeo en materia de promoción de altos niveis e de calidade de emprego, loita contra a pobreza e a inclusión social, elevados niveis formativos e educativos, adaptabilidade, transición da educación ao emprego, igualdade de oportunidades, etc., recollidas no artigo 2 do Regulamento (UE) 1304/2013, son moi superiores a aquelas que poden ser cubertas coa axuda comunitaria, tanto a que deriva dos programas rexionais como a dos programas de ámbito estatal.

As autoridades responsables da xestión de cada instrumento e, en especial, as autoridades de xestión dos fondos EIE deben actuar coordinadamente na determinación das estratexias e os obxectivos do Acordo de asociación e dos programas operativos en todo o período de programación. As políticas que se van coordinar cos fondos EIE 2014-2020 son as definidas no anexo I do Regulamento (UE) 1303/2013, ademais daquelas relevantes a nivel nacional:

- ❖ Crecemento intelixente e integrador
- ❖ Competitividade para o crecemento e o emprego
  - ✓ Erasmus+
  - ✓ Horizonte 2020
  - ✓ Cosme
  - ✓ Axenda social
- ❖ Cohesión económica, social e territorial
  - ✓ Feder
  - ✓ Cooperación territorial europea
  - ✓ Iniciativa de emprego xuvenil
- ❖ Crecemento sustentable: recursos naturais
  - ✓ Feader
  - ✓ FEMP
  - ✓ LIFE

Co fin de aproveitar sinerxías e maximizar o impacto conxunto dos fondos EIE e lograr unha coordinación efectiva coas correspondentes políticas rexionais, nacionais e europeas, refórzanse

os mecanismos de coordinación existentes en 2007-2013, adaptando a súa estrutura, alcance e funcionamento para dar resposta aos novos requisitos. Así, tal e como se establece no Acordo de asociación, a coordinación entre os programas plurirrexionais e rexionais, e destes con outras políticas ou instrumentos da Unión levarase a cabo a través das seguintes estruturas:

- **Comité de Coordinación de fondos EIE**.
- **Comité de Avaliación**.
- **Comités de seguimento dos programas.**
- **Redes de comunicación:** Rede de comunicación GERIP, Rede de comunicación GRECO-AXE.
- **Redes temáticas.** Considerando a experiencia e os bos resultados de períodos anteriores, mantéñense 6 redes definidas no ámbito dos fondos EIE para a coordinación e desenvolvemento de: I+D+i, igualdade de xénero, desenvolvemento sustentable, desenvolvemento urbano sustentable, inclusión social e desenvolvemento rural. Estas redes responden ao principio de coordinación, partenariado e goberno multinivel e cumpren as seguintes funcións:

  Coordinación na xestión de fondos da política de cohesión entre os distintos actores e instrumentos co obxecto de:

  i. Eliminar posibles duplicidades.
  ii. Fomentar sinerxías en distintas fases dunha mesma actuación ou en actuacións diferentes cun mesmo obxectivo.
  iii. Fomentar a coordinación entre distintas operacións con finalidades diferentes pero que perseguen un obxectivo holístico.
  iv. Análise da contribución dos fondos EIE ao desenvolvemento dos sectores e a súa coordinación con outras políticas comunitarias e nacionais.
  v. Servir de intercambio de experiencias e difusión de boas prácticas no seu ámbito.
  vi. Análise de problemas técnicos suscitados pola aplicación da lexislación comunitaria e nacional nas actuacións financiadas con fondos EIE.
  vii. Aspectos relacionados coa xestión dos fondos.

Dado este contexto, e en relación co cumprimento de boa xestión financeira e eficacia do fondo, establecéronse unha serie de mecanismos de identificación e promoción das posibles complementariedades entre programas operativos rexionais e nacionais, co fin de establecer sinerxías entre as súas actuacións e evitar duplicidades, achegando un valor engadido aos resultados finais e ao impacto do FSE.

O feito de que as autoridades de xestión e de certificación sexan comúns a todos os programas operativos do FSE actúa como un elemento que achega unha garantía suplementaria á coordinación entre programas. Nos anteriores períodos de programación dábase esta mesma circunstancia, sen se produciren incidencias destacables de dobre cofinanciamento ou de solapamento de actuacións. A isto súmase un importante labor preventivo que ten a súa orixe na propia programación, e óptase pola elección de actuacións en que houbese unha clara definición competencial e en cuxa xestión non se tivesen producido interferencias entre os distintos niveis administrativos.

Unha novidade destacable reside na constitución dun foro sobre complementariedade, cuxa primeira sesión tivo lugar durante a fase de programación, centrado na identificación, mellora e impulso de actuacións complementarias desenvolvidas polos organismos intermedios dos programas operativos rexionais e plurirrexionais.

Outro instrumento, de natureza máis temática, que propicia a complementariedade de actuacións entre programas operativos son as redes integradas, entre outras entidades, por organismos das comunidades e cidades autónomas e da Administración xeral do Estado, entre as cales destacan:

-  **A Rede de políticas de igualdade entre mulleres e homes**, na cal participan con carácter permanente os órganos responsables das políticas de igualdade de xénero e da xestión de fondos comunitarios da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, así como a Comisión Europea.

-  **A Rede de inclusión social**, integrada con carácter permanente polos órganos responsables da xestión de fondos e das políticas de inclusión social da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e a Comisión Europea, así como polos organismos intermedios que traballan para a inclusión social dos colectivos desfavorecidos.

-  **A Rede de iniciativas urbanas**, composta con carácter permanente polos órganos responsables das políticas urbanas na Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, a Federación de Municipios e Provincias e representantes de concellos con participación especialmente significada na xestión de fondos comunitarios e a Comisión Europea.

-  **A Rede de autoridades ambientais**, integrada con carácter permanente polos órganos responsables da xestión de fondos EIE e ambiente na Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e a Comisión Europea.

Os comités de seguimento dos programas, ademais do seguimento ordinario por parte do persoal da autoridade de xestión aos programas operativos rexionais, constitúen outra vía de detección de actuacións complementarias; no caso dos programas operativos plurirrexionais, as comunidades autónomas serán parte integrante destes nos termos establecidos nos seus regulamentos de funcionamento interno.

Os comités de seguimento aprobarán os criterios de selección de operacións, nos cales se prestará especial atención á complementariedade destas.

Pola súa vez, nos programas operativos plurirrexionais, a complementariedade con outras actuacións, iniciativas, programas e fondos comunitarios constitúe un dos principios reitores da selección de operacións.

Por outro lado, propiciarase o intercambio de información sobre os distintos programas operativos entre o persoal técnico das autoridades de xestión e certificación, de tal maneira que aumente o coñecemento xeral das actuacións previstas nos programas operativos rexionais e nacionais.

Así mesmo, impulsarase o intercambio de experiencias e boas prácticas entre o persoal da autoridade de xestión e certificación e o pertencente aos organismos intermedios, en forma de seminarios, talleres e xornadas prácticas, a través do Programa operativo de asistencia técnica.

- ❖ Por último, en materia de avaliación, tomaranse as cautelas necesarias, a través do Plan estratéxico de avaliación 2014-2020 e das instrucións que se emitan desde a Unidade de Programación e Avaliación para que a complementariedade sexa obxecto de avaliación, de tal maneira que, se é o caso, poidan reorientarse as actuacións dos programas operativos para o seu máis eficaz desenvolvemento. **Complementariedade con outros instrumentos da Unión:**

Desde este PO existe un gran potencial de colaboración e sinerxías con diferentes programas europeos (Erasmus +, o Programa para o emprego e a innovación social (EaSI), especialmente nos seu eixes Progress e Eures, o Fondo Europeo de Axuda para as Persoas máis Desfavorecidas, o Fondo de Asilo e Migración e o Fondo de Integración).

Respecto ao EaSI, o Regulamento 1296/2013 establece que deberá facilitar o intercambio de mellores prácticas sobre garantía xuvenil e sinala que se deberán xerar sinerxías estreitas co FSE e a Iniciativa de emprego xuvenil, dado que un dos seus grupos obxectivos son as persoas mozas. Por iso se establecerá unha estrutura estable de cooperación entre os responsables e unidades de xestión e coordinación do EaSI e do FSE (está previsto establecer un programa de actividades de colaboración conxunta que inclúa a participación en reunións e seminarios, o intercambio e difusión de información ou a redacción de propostas).

O FEAD, Fondo de Axuda Europea para as Persoas máis Desfavorecidas, que establece mecanismos para asegurar que as persoas destinatarias se beneficien non só do dereito á alimentación senón tamén doutros recursos facilitados para reducir a súa situación de vulnerabilidade social e económica, ten previsto unha serie de operacións que se complementarán con aquelas enmarcadas no obxectivo temático 9 do FSE "Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera tipo de discriminación". Máis en detalle, os mecanismos de complementariedade prevén o intercambio de información e experiencias en materia de operacións financiadas tanto polo FEAD como polo FSE para detectar ámbitos e territorios de intervención nos cales sexa posible combinalos e/ou crear posibles sinerxías entre estes e un conxunto de medidas de acompañamento (accións de sensibilización, información, intermediación social e laboral, derivación a recursos e actuacións concretas financiadas polo FSE) que palíen as condicións persoais e estruturais que xeran nas persoas destinatarias as súas traxectorias de pobreza e desigualdade.

Finalmente, co programa Erasmus+ existe un potencial de complementariedade especialmente no relacionado coas accións de mobilidade de mocidade por motivos de aprendizaxe, tanto no ámbito de educación e formación coma no de mocidade. Polo tanto, contactarase coa Axencia Nacional para o Programa Erasmus+ co obxecto de encontrar os temas comúns de traballo e articular un sistema de intercambio de información eficiente.

- **<u>Coordinación co Fondo Europeo de Adaptación á Globalización:</u>**

O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) inclúe no seu regulamento para o período 2014-2020 a posibilidade de ofrecer nas solicitudes que se presenten servizos personalizados a mozos non ocupados nin integrados nos sistemas de educación ou formación menores de 25 anos. Por iso se deseñarán as medidas de control e seguimento necesarias tanto para evitar o dobre financiamento como para crear sinerxías entre o FEAG e o FSE que faciliten a atención á poboación destinataria que reciba axudas comunitarias.

- **<u>Coordinación no marco do Sistema nacional de garantía xuvenil:</u>**

A coordinación entre este PO e o Sistema nacional de garantía xuvenil ten moito potencial, polo que se previron diferentes actuacións que permitan aproveitar ao máximo ambos os dous programas. Para evitar solapamentos con outros programas e potenciar as sinerxías, o proceso de atención ás persoas interesadas iniciarase coa constitución dunha lista única de demanda para poder beneficiarse dalgunha das medidas ou accións previstas no Sistema.

De forma transversal, terase en conta o acceso aos programas formativos e ao emprego de mozos con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, xa sexa a través do emprego ordinario ou do emprego protexido, e incorporarase a perspectiva de xénero no deseño, implementación, seguimento e avaliación das actuacións.

Ademais, as actuacións formarán parte dun itinerario integrado, que terá como obxectivo último a incorporación da persoa moza ao mercado laboral, de forma estable e duradeira no tempo. Os resultados obtidos como consecuencia das actuacións desenvolvidas tamén se rexistrarán no Sistema de nacional de garantía xuvenil, para un seguimento e unha avaliación da eficacia e eficiencia das políticas públicas desenvolvidas.

Por último, co obxecto de alcanzar a dita coordinación cos demais programas, o artigo 112 do mencionado Real decreto lei 8/2014 constitúe, no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, a comisión delegada de seguimento e avaliación do Sistema nacional de garantía xuvenil.

❖ **Complementariedade co programa LIFE**

Este PO fomentará e velará pola complementariedade e a coordinación con LIFE, en particular nas áreas da natureza, biodiversidade, auga, residuos, aire, mitigación do cambio climático e adaptación a este. Esta coordinación levarase a cabo mediante o fomento do financiamento de actividades a través do PO que complementen os proxectos integrados no marco de LIFE, así como promovendo a utilización de solucións, métodos e formulacións validados no marco de LIFE.

❖ **Complementariedade con outros PO FSE**

Por outra parte, o programa operativo FSE Galicia 2014-2020 foi deseñado de forma complementaria co resto do PO FSE en España, principalmente:

- Posto que Galicia, así como as diferentes comunidades e cidades autónomas nos seus respectivos PO FSE, desenvolverán directamente actuacións co colectivo de mozos non ocupados nin integrados nos sistemas de educación ou formación do seu territorio (a través dun organismo intermedio autonómico no POEX), deberanse establecer os mecanismos de coordinación oportunos, para evitar o solapamento ou o dobre cofinanciamento das actuacións desenvolvidas polo **PO de emprego xuvenil**.

- As actuacións previstas no **POEFE** serán complementarias coas actuacións que as comunidades autónomas executen no marco dos seus programas operativos rexionais, e sempre se optou pola elección de actuacións nas cales a repartición competencial estivese claramente definida, evitando así na xestión eventuais colisións entre os distintos niveis administrativos, como pode ser o caso das políticas de emprego estatais, ou pola aposta polo financiamento de determinadas actuacións exclusivamente con este programa nacional, utilizando as conferencias sectoriais como canle de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas; este é o caso das medidas vinculadas á prevención do abandono educativo temperán. En xeral, actuará con colectivos excluídos doutros PO nos ámbitos do emprego, da formación e da educación. Así mesmo, estableceranse os mecanismos e as instrucións oportunas para que aqueles organismos e axentes que participen na xestión do POEFE, e que no exercicio das súas funcións detecten persoas susceptible de seren beneficiarias do PO de emprego xuvenil e da garantía xuvenil que non estean a ser debidamente atendidas, poidan informar e redirixir esas persoas ás instancias oportunas.

- O **Programa operativo de inclusión social e da economía social** constitúe o principal instrumento estatal para cumprir coa concentración temática do 20 % dos recursos do FSE ao obxectivo temático 9, complementando as actuacións destinadas á promoción da inclusión social, loita contra a pobreza e calquera tipo de discriminación que realicen as comunidades autónomas, así como os esforzos que se realizan con recursos non cofinanciados. Na selección de proxectos que se realicen por convocatoria tomarase en consideración a complementariedade con outras actuacións do FSE, incluídas as desenvolvidas no ámbito rexional.

- O **PO asistencia técnica** permitirá o desenvolvemento daquelas actuacións horizontais que garantan unha xestión eficaz e eficiente do FSE en España, e completará as actuacións desenvolvidas no marco do eixe de asistencia técnica do PO FSE Galicia 2014-2020. A través deste programa impulsarase a creación e desenvolvemento de mecanismos de colaboración e complementariedade entre organismos intermedios

estatais e rexionais, e complementará as actuacións que se programen nas rexións para a mellora da xestión dos recursos do FSE, especialmente a través de capacitación en materias en que se detectasen carencias e a través do desenvolvemento das medidas recollidas no Plan de acción elaborado pola autoridade de xestión.

## COORDINACIÓN CO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (Feder)

O PO FSE 2014-2020 de Galicia elaborouse de xeito coordinado co PO Feder 2014-2020 de Galicia na súa fase de diagnóstico, programación e planificación. Por outra parte, crearanse xa na fase de execución as estruturas pertinentes para evitar a duplicidade de esforzos e para desenvolver oportunidades de financiamento coherentes e eficientes. O organismo galego a cargo é a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.

O Feder contribuirá á aplicación da RIS3 de Galicia, en cuxo financiamento intervirán, ademais do Feder, o resto de fondos FEI, fondos privados, fondos procedentes doutros programas comunitarios.

Ante todo, teranse en conta os criterios de delimitación entre os fondos FSE e Feder, en particular nos OT 9 e 10, onde operan desde diferentes ámbitos de intervención. Así mesmo, virán definidos polos criterios de selección de operacións que se establezan no marco do artigo 125.3.a do Regulamento (UE) 1303/2013, que serán aprobados polos respectivos comités de seguimento dos programas.

Por último, cabe precisar que os organismos responsables da xestión dos programas instrumentalizarán os mecanismos necesarios para evitar, en calquera caso, a existencia de actividades financiadas por ambos os dous fondos.

## COORDINACIÓN CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (Feader)

O PO FSE 2014-2020 Galicia elaborouse de xeito coordinado co PDR Feader, tratando de xerar sinerxías entre ambos os dous programas que permitan un mellor aproveitamento, así como unha maior eficacia, do financiamento europeo.

Os criterios de delimitación entre os fondos FSE e Feader virán definidos polos criterios de selección de operacións que se establezan no marco do artigo 125.3.a do Regulamento (UE) 1303/2013, que serán aprobados polos respectivos comités de seguimento dos programas.

## COORDINACIÓN COS PO FSE DE ÁMBITO ESTATAL

No período de programación 2014-2020, Galicia recibirá fondos estruturais procedentes do FSE nunha contía indicativa de 853,9 millóns de euros, incluído o FEAD. A distribución dos ditos fondos segundo o instrumento de intervención en que van ir consignados é a que se reflicte na seguinte táboa:

| INSTRUMENTO DE INTERVENCIÓN | AXUDA Millóns de € |
|---|---|
| PO FSE Galicia 2014-2020 *xestionado pola Xunta de Galicia* | 313,1 |
| PO FSE emprego xuvenil *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 97,8 |
| PO FSE emprego, formación e educación *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 299,1 |
| PO FSE inclusión social e economía social *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 112,4 |
| PO FSE asistencia técnica *xestionado pola Administración xeral do Estado* | 3,3 |

Durante a fase de programación a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos mantivo contacto directo cos impulsores dos PO plurirrexionais, a través de reunións bilaterais nas cales estiveron presentes os principais xestores de ámbito estatal e ámbito autonómico que comparten áreas de actuación, de cara a aliñar os obxectivos de cada actuación; evítase dese xeito a existencia de duplicidades e garántese a complementariedade das actuacións desenvolvidas nos diferentes PO FSE.

# 9. CONDICIÓNS *EX ANTE*

## 9.1. Condicións *ex ante*

Información relativa á avaliación da aplicabilidade e o cumprimento das condicións *ex ante.*

Na Comunidade Autónoma de Galicia son de aplicación as condicións *ex ante* temáticas relativas a todos os obxectivos temáticos do FSE, coa excepción do obxectivo temático 11.

O Acordo ASOCIACIÓN de España realizaba no seu número 2.3. un resumo da avaliación do cumprimento das condicións *ex ante*. Esta información compleméntase neste número coa información relativa ao cumprimento da condicións a nivel rexional.

Como pode comprobarse nas táboas que se detallan a continuación, Galicia cumpre coa totalidade das condicións *ex ante* establecidas no anexo XI do Regulamento (UE) nº 1303/2014. Neste cadro unicamente se incluíron aquelas condicións *ex ante* que teñen relación coas prioridades de investimento seleccionadas no marco deste programa operativo.

En consecuencia, non resulta necesario definir accións dirixidas a garantir o cumprimento destas actuacións.

***Cadro 24.1. Condicións* ex ante *aplicables e avaliación do seu cumprimento.***

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 8.1 Deseñáronse políticas activas do mercado de traballo que se aplican á luz das orientacións para as políticas de emprego. | Eixe 1B | Si | 8.1.1 Os servizos de emprego teñen capacidade de ofrecer e ofrecen:<br><br>- servizos personalizados e medidas activas e preventivas do mercado de traballo nunha fase temperá accesibles para todas as persoas demandantes de emprego, prestando especial atención ás persoas con maior risco de exclusión social.<br><br>- información exhaustiva e transparente | Si<br><br>Si<br><br>Si | Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro<br><br>Real decreto lei 8/2014 que modifica a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego<br><br>Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014<br><br>Programa Prepara<br><br>Portal do Sistema nacional de emprego http://www.sistemanacionalempleo.es/<br><br>Acordo marco de colaboración de servizos públicos de emprego con axencias privadas de colocación<br><br>http://emprego.xunta.es/cmspro/contido<br><br>http://www.boe.es/boe/dias/2014/06/24/pdfs/BOE-B-2014-22605.pdf<br><br>Portal do Servizo Público de Empreo de Galicia | O Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, establece un catálogo de servizos á cidadanía para garantir o acceso en condicións de igualdade a un servizo público e gratuíto de emprego.<br><br>A modificación da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, aprobada no Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, establece a Carteira común de servizos do Sistema nacional de emprego.<br><br>A Estratexia española de activación para o emprego 2014-2016 aborda a personalización dos servizos de emprego. Esta estratexia é o marco plurianual para a coordinación dos servizos públicos de emprego (estatal e autonómicos), para o seguimento e avaliación das súas iniciativas e para, de forma acorde, determinar o seu financiamento.<br><br>No marco do disposto na Lei 56/2003, do 16 de decembro, o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) ofrece servizos aos traballadores para encontraren un emprego adecuado ás súas características e aos empregadores para contrataren traballadores apropiados ás súas necesidades, e facilítase ademais a mobilidade profesional e xeográfica co fin de corrixir os desaxustes entre a oferta e demanda de emprego e |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | sobre novos postos de traballo vacantes e oportunidades de emprego, tendo en conta as necesidades cambiantes do mercado laboral. | | Estratexia de xuventude 2014-2016<br><br>Programa de activación para o emprego | alcanzar unhas mellores ratios de intermediación laboral.<br><br>O SPEG dispón, ademais, dunha rede de entidades colaboradoras, fundamentalmente concellos e entidades sen ánimo de lucro que engaden á rede pública un total de 270 técnicos de orientación e prospectores de emprego. |
| 8.1 Deseñáronse políticas activas do mercado de traballo que se aplican á luz das orientacións para as políticas de emprego. | Eixe 1B | Si | 8.1.2 Os servizos de emprego estableceron acordos de cooperación, formais ou informais, coas partes interesadas pertinentes. | Si | Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014<br><br>Programa Prepara<br><br>Portal do Sistema nacional de emprego<br><br>http://www.sistemanacionalempleo.es/<br><br>Portal do Servizo Público de Emprego de Galicia<br><br>Estratexia de xuventude 2014-2016 | No programa Prepara, o SEPE paga a prestación aos beneficiarios e os servizos públicos de emprego das CC.AA. imparten os itinerarios personalizados de inserción.<br><br>O Acordo marco de colaboración de servizos públicos de emprego con axencias privadas de colocación permite a colaboración para a execución das políticas activas de emprego. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 8.2.. Traballo por conta propia, espírito emprendedor e creación de empresas: a existencia dun marco estratéxico para a creación inclusiva de empresas. | Eixe 1B | Si | Existe un marco político estratéxico para a creación inclusiva de empresas, cos seguintes elementos:<br><br>8.2.1 establecéronse medidas coa finalidade de reducir o tempo e os custos de creación dunha empresa tendo en conta os obxectivos da iniciativa SBA; | Si | Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro<br><br>Lei 14/2013, do 27 de setembro<br><br>Real decreto do 22 de xaneiro de 2013<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014<br><br>Información sistema CIRCE e PAIT<br><br>Plan transmisión empresas<br><br>Plan de acción para a redución de cargas administrativas e mellora da regulación<br><br>Oficinas Portelo Único Empresarial<br><br>Liñas de apoio financeiro a pemes e emprendedores (ICO, Enisa, Garantía Recíproca, Rede Business Angels)<br><br>http://www.ico.es/web/ico/home<br><br>http://www.enisa.es/<br><br>http://www.ipyme.org/es-ES/Financiacion/SubvencionesAyudas/RedesBusinessAngels/Paginas/ImpulsoRedesBusinessAngels.aspx | A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, pretende facilitar toda a actividade emprendedora e empresarial.<br><br>Os centros de información e rede de creación de empresas (CIRCE) consisten nun sistema para a creación rápida e sinxela de empresas. Os PAIT ofrecen un servizo integral de información, asesoramento e tramitación aos emprendedores españois.<br><br>O Portelo Único é un instrumento para facilitar os trámites administrativos ás empresas.<br><br>O Plan de acción para a redución das cargas administrativas e de mellora da regulación foi aprobado en xuño de 2008 co obxectivo de identificar e eliminar as cargas administrativas.<br><br>A Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia, afonda na axilización de trámites e formula un reto de constitución de empresas en 24 horas, ademais crea a Unidade Galicia Emprende, coa súa rede de viveiros e puntos de atención ao emprendedor, como medida de coordinación das distintas iniciativas de apoio ao emprendedor en Galicia. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Lei de estímulo á creación de empresas<br><br>Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.<br><br>Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento (*Diario Oficial de Galicia* núm. 226, do 27 de novembro de 2012)<br><br>Lei galega de economía social (en tramitación)<br><br>Estratexia galega para o impulso do cooperativismo (en elaboración) | |
| 8.2. Traballo por conta propia, espírito emprendedor e creación de empresas: a existencia dun marco estratéxico para a creación inclusiva de | Eixe 1B | Si | Existe un marco político estratéxico para a creación inclusiva de empresas, cos seguintes elementos:<br><br>8.2.2 Establecéronse medidas coa finalidade de | Si | Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro<br><br>Lei 14/2013, do 27 de setembro<br><br>Real decreto do 22 de xaneiro de 2013<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014<br><br>Información sistema CIRCE e PAIT | A Dirección Xeral de Industria e da Peme dispón dun servizo para a tramitación telemática dirixida a este tipo de sociedades e aos empresarios individuais instrumentado a través do portal CIRCE.<br><br>Como consecuencia da aprobación e desenvolvemento da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, avaliouse e modificouse a normativa estatal reguladora do silencio administrativo e das licenzas locais.<br><br>Co obxecto de impulsar a eliminación de trabas e |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| empresas. | | | reducir o prazo de obtención de licenzas e os permisos para iniciar e exercer a actividade específica dunha empresa tendo en conta os obxectivos da iniciativa SBA. | | Plan de transmisión de empresas<br><br>Plan de acción para a redución de cargas administrativas e mellora da regulación<br><br>Oficinas Portelo Único Empresarial<br><br>Liñas de apoio financeiro a pemes e emprendedores (ICO, Enisa, Garantía Recíproca, Rede Business Angels)<br><br>http://www.ico.es/web/ico/home<br><br>http://www.enisa.es/<br><br>http://www.ipyme.org/es-ES/Financiacion/SubvencionesAyudas/RedesBusinessAngels/Paginas/ImpulsoRedesBusinessAngels.aspx<br><br>Lei de estímulo á creación de empresas<br><br>Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.<br><br>Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento<br><br>Lei galega de economía social (en | mellorar o ámbito para a creación e crecemento das empresas, destaca unha recente iniciativa do Goberno, o proxecto de Lei de garantía da unidade de mercado, dirixido a asegurar a libre circulación de bens e servizos en todo o territorio nacional.<br><br>A Lei 9/2013 de emprendemento e competitividade de Galicia é o principal desenvolvemento normativo para axilizar a capacidade de establecer novos negocios e favorecer o arranque efectivo destes. Tómanse medidas para a supresión de licenzas municipais de actividade, pasando a un réxime de comunicación previa. Da mesma forma, simplifícanse ou elimináronse permisos en relación coa avaliación ambiental de actividades. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | tramitación) e Estratexia galega para o impulso do cooperativismo (en elaboración). | |
| 8.2. Traballo por conta propia, espírito emprendedor e creación de empresas: a existencia dun marco estratéxico para a creación inclusiva de empresas. | Eixe 1B | Si | Existe un marco político estratéxico para a creación inclusiva de empresas, cos seguintes elementos:<br><br>8.2.3 Accións destinadas a poñer en relación servizos de desenvolvemento empresarial axeitados cos servizos financeiros (acceso ao capital), das cales se benefician, tamén en caso necesario, as zonas ou os grupos desfavorecidos | Si | <u>Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro</u><br><br>Lei 14/2013, do 27 de setembro<br><br>Real decreto, do 22 de xaneiro de 2013<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014<br><br><u>Información sistema CIRCE e PAIT</u><br><br><u>Plan de transmisión de empresas</u><br><br><u>Plan de acción para a redución de cargas administrativas e mellora regulación</u><br><br><u>Oficinas Portelo Único Empresarial</u><br><br>Liñas de apoio financeiro a pemes e emprendedores (ICO, Enisa, Garantía Recíproca, Rede Business Angels)<br><br><u>http://www.ico.es/web/ico/home</u><br><br><u>http://www.enisa.es/</u> | A rede de oficinas VUE, nas cales participan a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e as cámaras de comercio, ofrece ao emprendedor asesoramento e apoio na posta en marcha do seu negocio.<br><br>A rede física de oficinas completouse recentemente co lanzamento da VUE en liña.<br><br>Liñas de apoio financeiro a pemes e emprendedores: liñas do Instituto de Crédito Oficial (ICO); financiamento provisto por Enisa, Empresa Nacional de Innovación, S.A.<br><br>A DGIPYME dispón, ademais, dos seguintes instrumentos e programas para facilitar o acceso dos emprendedores e as peme a outras fontes de financiamento.<br><br>Financiamento ás pemes industriais desde o programa de reindustrialización (Reindus).<br><br>O CDTI (Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial) conta con diversos instrumentos para o financiamento de proxectos de I+D+i e para a creación e consolidación de |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | http://www.ipyme.org/es-ES/Financiacion/SubvencionesAyudas/RedesBusinessAngels/Paginas/ImpulsoRedesBusinessAngels.aspx<br><br>Lei de estímulo á creación de empresas<br><br>Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia<br><br>Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento<br><br>Lei galega de economía social (en tramitación) e Estratexia galega para o impulso do cooperativismo (en elaboración) | empresas de base tecnolóxica.<br><br>A Estratexia de emprendemento e emprego novo inclúe entre as súas medidas a mellora do acceso ao financiamento de autónomos e emprendedores.<br><br>A Unidade Galicia Emprende (UGE) é o principal mecanismo de información e asesoramento ao emprendedor.<br><br>O Igape dispón, ademais de financiamento propio baseado en fondos Feder que apoiará o funcionamento da UGE, e de mecanismos concretos como a Rede galega de investidores privados ou o Fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras (xestionado pola entidade de capital risco público Xesgalicia), que diminúen en boa medida as barreiras de acceso a mecanismos de financiamento para as novas iniciativas. |
| 8.5 A adaptación dos traballadores e traballadoras, as empresas e o empresariado ao cambio | Eixe 1B | Si | Existen instrumentos para axudar os interlocutores sociais e os poderes públicos ao desenvolvemento e seguimento de formulacións proactivas en | | Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (Lei 8/2013, do 9 de decembro)<br><br>Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro<br><br>Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral<br><br>Plan anual de política de emprego | A reforma do sistema educativo recollida na LOMCE responde aos obxectivos xenéricos de mellorar as competencias e atender as necesidades do mercado de traballo e impulsar o acceso ao emprego, destacando o impulso á formación profesional e a diversificación da oferta educativa.<br><br>Reforma urxente do Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores desempregados e ocupados e |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | relación co cambio e a reestruturación, que inclúen medidas:<br><br>8.5.1 Para promover a anticipación do cambio. | | Real decreto lei 20/2012<br><br>Programa Prepara<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014 | mellorar as súas competencias profesionais, así como a mellora da empregabilidade e contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas |
| 8.5 A adaptación dos traballadores e traballadoras, as empresas e o empresariado ao cambio | Eixe 1B | Si | Existen instrumentos para axudar os interlocutores sociais e os poderes públicos ao desenvolvemento e o seguimento de formulacións proactivas en relación co cambio e a reestruturación, que inclúen medidas:<br><br>8.5.2 Para | | Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (Lei 8/2013, do 9 de decembro)<br><br>Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro<br><br>Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral<br><br>Plan anual de política de emprego<br><br>Real decreto lei 20/2012<br><br>Programa Prepara<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014 | A Lei 3/2012,de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, reforma diversos aspectos relativos á intermediación laboral e á formación profesional, fomenta a contratación indefinida, impulsa a flexibilidade interna na empresa e reforma as condicións de extinción de contratos de cara a eliminar a dualidade laboral.<br><br>Xunto co PAPE e a reforma do programa Prepara avanza nunha maior vinculación entre políticas activas e pasivas para mellorar na eficiencia no mercado de traballo e na colaboración público-privada na intermediación laboral. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | promover a preparación e xestión do proceso de reestruturación | | | |
| 9.1 Existencia e aplicación dun marco estratéxico nacional para a redución da pobreza, que ten por obxecto a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral á luz das orientacións para as políticas de emprego. | Eixe 2B | Si | 9.1.1 Existe un MEN para a redución da pobreza que: | Si | Informe nacional social (INS)<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020<br><br>Estratexia integral española de cultura para todos<br><br>Estratexia para a inclusión social da poboación xitana en España 2012-2020<br><br>Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia<br><br>Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 18 de decembro de 2014<br><br>Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero<br><br>Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a | Existen dúas iniciativas principais que abordan a inclusión activa en España:<br><br>-Informe nacional social (INS), que inclúe as accións e medidas enfocadas a amortecer as consecuencias sociais da crise.<br><br>- Plan nacional para a inclusión social 2013-2016, que establece unha estratexia real de inclusión activa.<br><br>A nivel rexional, a Lei de inclusión social de Galicia foi aprobada o 27 de novembro de 2013 pola Xunta de Galicia e establece o marco legal e a base das actuacións que se van planificar neste sentido. A través desta desenvólvense e planifícanse itinerarios de inserción eficaces, con especial enfoque no acceso ao mercado de traballo das persoas en risco de exclusión.<br><br>A Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 constitúe un marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | violencia de xénero | procurar os apoios precisos para que as súas persoas destinatarias consigan a súa inclusión social e laboral |
| 9.1 Existencia e aplicación dun marco estratéxico nacional para a redución da pobreza, que ten por obxecto a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral á luz das orientacións para as políticas de emprego. | Eixe 2B | Si | 9.1.2 Ofrece datos concretos suficientes para a elaboración de políticas de redución da pobreza e o seguimento dos cambios | Si | Informe nacional social (INS)<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br><u>Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020</u><br><br><u>Estratexia integral española de cultura para todos</u><br><br><u>Estratexia para a inclusión social da poboación xitana en España 2012-2020</u><br><br><u>Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia</u><br><br><u>Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 18 de decembro de 2014</u><br><br>Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero<br><br>Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a | O Informe nacional social apoia a súa estratexia nunha análise de contexto socioeconómico ligada á protección social e á inclusión social e incorpora os indicadores de contexto nacionais e europeos máis relevantes en termos de inclusión social.<br><br>O Plan de acción da Estratexia española de discapacidade 2012-2020 configúrase en dúas etapas: unha inicial, de 2012 a 2015, a cuxo final se realizará unha avaliación, e unha final, de 2016 a 2020.<br><br>A Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 apoia a súa estratexia nunha análise de contexto e incorpora os indicadores máis relevantes en termos de inclusión social.<br><br>As taxas de pobreza e exclusión mídense territorialmente a través da enquisa de condicións de vida das familias galegas. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | violencia de xénero | |
| 9.1 Existencia e aplicación dun marco estratéxico nacional para a redución da pobreza, que ten por obxecto a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral á luz das orientacións para as políticas de emprego. | Eixe 2B | Si | 9.1.3 Contén medidas de apoio para lograr o obxectivo nacional en materia de pobreza e exclusión social | Si | Informe nacional social (INS)<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020.<br><br>Estratexia integral española de cultura para todos.<br><br>Estratexia para a inclusión social da poboación xitana en España 2012-2020<br><br>Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia<br><br>Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 18 de decembro de 2014<br><br>Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero<br><br>Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero | O Informe nacional social baséase no Programa nacional de reformas 2014 para a definición da estratexia.<br><br>A Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020 tamén está en sintonía co aumento das oportunidades de emprego dos grupos desfavorecidos definidos no Programa nacional de reformas de España.<br><br>A nivel rexional as actuacións desenvolvidas, ao igual que as actuacións a nivel nacional, baséanse no Programa nacional de reformas 2014 e responden á estratexia nacional sinalada.<br><br>A Estratexia de inclusión social de Galicia está aliñada co obxectivo nacional de reducir a taxa de risco de pobreza e exclusión social. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 9.1 Existencia e aplicación dun marco estratéxico nacional para a redución da pobreza, que ten por obxecto a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral á luz das orientacións para as políticas de emprego. | Eixe 2B | Si | 9.1.4 Implica as partes interesadas pertinentes na loita contra a pobreza | Si | Informe nacional social (INS)<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020.<br><br>Estratexia integral española de cultura para todos.<br><br>Estratexia para a inclusión social de a poboación xitana en España 2012-2020<br><br>Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia<br><br>Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada por o Consello de a Xunta de Galicia o 18 de decembro de 2014<br><br>Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero<br><br>Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero | Coa axuda do Fondo Social Europeo e en colaboración entre os ministerios de Emprego e Seguridade Social e o  de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, puxéronse en marcha instrumentos como a Rede de inclusión social, espazo de intercambio e de diálogo que ten por obxectivo xeral a articulación de vías de cooperación entre as administracións públicas e as entidades de acción social, en materia de inclusión social e, especialmente, da inclusión activa, así como o intercambio de boas prácticas e análise do impacto das achegas do FSE na mellora da inclusión social.<br><br>O terceiro sector de acción social configúrase como o principal colaborador das administracións públicas na loita contra a pobreza e a exclusión social. Para tal fin, garántese o financiamento dos programas destinados a esa finalidade mediante subvencións para garantir o mantemento das entidades.<br><br>A participación das entidades de iniciativa social está directamente relacionada coas convocatorias anuais de axudas e subvencións para o desenvolvemento de programas de inserción sociolaboral. |
| 9.1 Existencia e aplicación dun | Eixe 2B | Si | 9.1.5 Segundo as necesidades | Si | Informe nacional social (INS) | A participación e colaboración das administracións públicas, formulada no PNAIN, dá impulso e mellora |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| marco estratéxico nacional para a redución da pobreza, que ten por obxecto a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral á luz das orientacións para as políticas de emprego. | | | identificadas, inclúe medidas para cambiar a asistencia institucional por unha asistencia de carácter local. | | Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020<br><br>Estratexia integral española de cultura para todos<br><br>Estratexia para a inclusión social da poboación xitana en España 2012-2020<br><br>Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia<br><br>Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 18 de decembro de 2014<br><br>Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero<br><br>Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero | a coordinación interadministrativa, que se articulou entre os distintos niveis administrativos empregando para tal fin as diversas canles de cooperación oportunas entre a AXE, as comunidades autónomas e as entidades locais. Ademais, o plan fomenta a mobilización, o apoio e o fortalecemento do terceiro sector de acción social.<br><br>Como prioridade transversal da Estratexia de inclusión social de Galicia, figura a consolidación e mellora dos procesos de coordinación e participación. Establece pontes claras entre os dispositivos de inclusión, sobre todo os orientados ao fomento da inclusión sociolaboral, e o Servizo Público de Emprego de Galicia. Aclara as relacións existentes entre os dispositivos de carácter asistencial e os de inclusión, para a súa correcta integración desde a óptica dos itinerarios de inserción sociolaboral.<br><br>Por outra parte, impulsa mecanismos de participación que van máis alá da responsabilidade individual na toma das decisións, permitindo articular a participación dos equipos de inclusión sociolaboral da Axencia Galega de Servizos Sociais, dos servizos sociais comunitarios das corporacións locais, das organizacións sociais e das propias persoas participantes na estratexia. |
| 9.1 Existencia e aplicación dun | Eixe 2B | Si | 9.1.6. As partes interesadas | Si | Plan nacional de acción para a inclusión | A Lei 30/1992 recolle un amplo abano dos dereitos dos cidadáns ante as administracións públicas, |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| marco estratéxico nacional para a redución da pobreza, que ten por obxecto a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral á luz das orientacións para as políticas de emprego. | | | pertinentes, por petición propia, recibirán, cando estea xustificado, apoio para a presentación de propostas de proxectos e a execución e xestión dos proxectos seleccionados. | | social 2013-2016<br><br>Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020<br><br>Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia<br><br>Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero<br><br>Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero | entre os cales se conta o de obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.<br><br>No marco do Plan nacional para a inclusión social 2013-2016 prevese a existencia de mecanismos de consulta para a proposta de solicitudes de proxectos, así como para a súa execución e xestión. |
| 9.3 Saúde: existencia dun marco estratéxico nacional ou rexional en materia de saúde dentro dos límites do artigo 168 do TFUE, que garante a sustentabilidade | Eixe 2B | Si | 9.3.1 Existe un marco estratéxico nacional ou rexional en materia de saúde, que contén: | Si | Lei 14/1986 xeral de sanidade<br><br>Lei 16/2003 de cohesión e calidade do SNS<br><br>Lei 41/2002 reguladora da autonomía e dereitos do paciente<br><br>Lei 29/2006 de garantías e uso racional de medicamentos<br><br>Lei 33/2011 xeral de saúde pública<br><br>Estratexias de saúde do SNS. | Existe un marco normativo xeral que regula o Sistema nacional de saúde (SNS): Lei 14/1986 xeral de sanidade; Lei 16/2003 de cohesión e calidade do SNS; Lei 41/2002 reguladora da autonomía e dereitos do paciente; Lei 29/2006 de garantías e uso racional de medicamentos; a Lei 33/2011, xeral de saúde pública, e outra serie de reais decretos sobre gasto farmacéutico, receita médica electrónica e sobre sustentabilidade, calidade e seguridade do SNS.<br><br>A Estratexia Sergas 2014 ten como obxectivo xeral definir os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuación que debe acometer o Servizo Galego de |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| económica. | | | | | Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema nacional de saúde<br><br><u>Estratexia Servizo Galego de Saúde (Sergas) 2014</u> | Saúde nos próximos anos para lograr a transformación do seu sistema de saúde e consolidar un modelo sanitario innovador, centrado nos cidadáns, e que asegure a continuidade asistencial, a seguridade, a eficiencia e a implicación dos profesionais. |
| 9.3 Saúde: existencia dun marco estratéxico nacional ou rexional en materia de saúde dentro dos límites do artigo 168 do TFUE que garante a sustentabilidade económica. | Eixe 2B | Si | 9.3.2 Medidas coordinadas para mellorar o acceso a servizos sanitarios | Si | Lei 14/1986 xeral de sanidade<br><br>Lei 16/2003 de cohesión e calidade do SNS<br><br>Lei 41/2002 reguladora da autonomía e dereitos do paciente<br><br>Lei 29/2006 de garantías e uso racional de medicamentos<br><br>Lei 33/2011 xeral de saúde pública<br><br>Estratexias de saúde do SNS<br><br>Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema nacional de saúde<br><br><u>Estratexia Servizo Galego de Saúde (Sergas) 2014</u> | Existe un enfoque estratéxico nacional para a implantación e desenvolvemento das medidas sanitarias, que se lidera desde o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e se canaliza a través do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de España.<br><br>O Consello Interterritorial do SNS realiza o seguimento, revisión e difusión do desenvolvemento e implantación das estratexias de saúde e dos proxectos de sanidade en liña.<br><br>A Estratexia do Servizo Galego de Saúde recolle unha liña estratéxica de garantía da accesibilidade. En concreto, para mellorar a accesibilidade dos cidadáns ao sistema sanitario e a súa relación cos servizos sanitarios, e potenciar o sistema de interacción non presencial con estes, aproveitando as posibilidades que ofrecen as TIC. |
| 9.3 Saúde: existencia dun | Eixe 2B | Si | 9.3.3 Medidas destinadas a | Si | Lei 14/1986 xeral de sanidade | O Informe nacional social (INS) propón a estratexia nacional en canto á atención sanitaria e coidados de |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| marco estratéxico nacional ou rexional en materia de saúde dentro dos límites do artigo 168 do TFUE que garante a sustentabilidade económica. | | | estimular a eficiencia no sector sanitario, mediante a adopción de infraestruturas e modelos de prestación de servizos | | Lei 16/2003 de cohesión e calidade do SNS<br><br>Lei 41/2002 reguladora da autonomía e dereitos do paciente<br><br>Lei 29/2006 de garantías e uso racional de medicamentos<br><br>Lei 33/2011 xeral de saúde pública<br><br>Estratexias de saúde do SNS<br><br>Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema nacional de saúde<br><br>Estratexia Servizo Galego de Saúde (Sergas) 2014 | longa duración.<br><br>A Estratexia para a abordaxe da cronicidade no Sistema nacional de saúde 2012 é o instrumento que permitirá adaptar o Sistema nacional de saúde para poder responder aos cambios nas necesidades de atención sanitaria e sociosanitaria que ocasionan o envellecemento da poboación e o incremento da cronificación, garantindo a calidade, a seguridade a continuidade nos coidados, a equidade e a participación social.<br><br>A Estratexia do Servizo Galego de Saúde recolle medidas de mellora da eficiencia no sector sanitario. |
| 9.3 Saúde: existencia dun marco estratéxico nacional ou rexional en materia de saúde dentro dos límites do artigo 168 do TFUE que garante a sustentabilidade | Eixe 2B | Si | 9.3.4 Un sistema de seguimento e revisión. | Si | Lei 14/1986 xeral de sanidade<br><br>Lei 16/2003 de cohesión e calidade do SNS<br><br>Lei 41/2002 reguladora da autonomía e dereitos do paciente<br><br>Lei 29/2006 de garantías e uso racional de medicamentos<br><br>Lei 33/2011 xeral de saúde pública | Cada un dos sistemas de información que achega datos ao SNS mantén un proxecto asociado de estudo de calidade e avaliación das políticas acordadas: historia clínica dixital SNS; estratificación da poboación para aplicación de intervencións; receita electrónica; xestión do gasto farmacéutico; control de alertas en medicamentos; control do financiamento dos medicamentos.<br><br>A Consellería de Sanidade elaborou o Plan de prioridades sanitarias 2011-2014 e para o seu control está previsto un Sistema de indicadores, seguimento e avaliación baseado no método |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| económica. | | | | | Estratexias de saúde do SNS.<br><br>Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema nacional de saúde<br><br>Estratexia Servizo Galego de Saúde (Sergas) 2014<br><br>Plan de prioridades sanitarias 2011-2014 | Isikawa para a solución de problemas. |
| 9.3. Saúde: existencia dun marco estratéxico nacional ou rexional en materia de saúde dentro dos límites do artigo 168 do TFUE que garante a sustentabilidade económica | Eixe 2B | Si | 9.3.5 O Estado membro ou a rexión adoptaron un marco no cal se perfilan os recursos orzamentarios dispoñibles para a asistencia sanitaria con carácter indicativo e unha concentración de recursos rendible nas necesidades prioritarias. | Si | Lei 14/1986 xeral de sanidade<br><br>Lei 16/2003 de cohesión e calidade do SNS<br><br>Lei 41/2002 reguladora da autonomía e dereitos do paciente<br><br>Lei 29/2006 de garantías e uso racional de medicamentos<br><br>Lei 33/2011 xeral de saúde pública<br><br>Estratexias de saúde do SNS<br><br>Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema nacional de saúde<br><br>Estratexia Servizo Galego de Saúde (Sergas) 2014 | Existe un enfoque estratéxico nacional para a implantación e desenvolvemento das medidas sanitarias, que se lidera desde o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e se canaliza a través do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de España.<br><br>O CISNS aproba as prestacións sanitarias que se inclúen na carteira de servizos do SNS e as estratexias de saúde de ámbito nacional que se aplican nas CC.AA.<br><br>Os recursos orzamentarios destinados ás estratexias proveñen tanto das CC.AA., que xestionan a prestación sanitaria no ámbito dos seus respectivos territorios, como do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que asume o desenvolvemento e implantación das estratexias para a abordaxe da cronicidade e de sanidade en liña con cargo ao seu orzamento. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | A CC.AA. elabora un escenario orzamentario plurianual, de vixencia ata 2020, no cal se perfilan os recursos orzamentarios para os distintos programas de gasto relacionados coa asistencia sanitaria |
| 10.1 Abandono escolar prematuro: existencia dun marco estratéxico para reducir o abandono escolar prematuro (AEP) dentro dos límites do artigo 165 do TFUE. | Eixe 3B | Si | 10.1.1 Existe un sistema de recollida e análise de datos e información sobre AEP aos niveis correspondentes que ofrece datos concretos suficientes para a elaboración de políticas específicas e o seguimento dos cambios. | Si | Lei orgánica 2/2006, de educación<br><br>Real decreto 257/2012<br><br>Decreto 305/1993<br><br>Ordes EDU/295/2008, EDU 296/2008, EDU 554/2008, EDU 484/2009, ENS/56/2012<br><br>Decretos 101/2010, 181/2008, 142/2007, 143/2007, 142/2008, 284/2011, 1363/2007, 4/2009, 161/2009 | A Enquisa de poboación activa (EPA), elaborada trimestralmente polo Instituto Nacional de Estatística (INE), ofrece os datos correspondentes para o cálculo da taxa de abandono escolar segundo a metodoloxía establecida polo Eurostat.<br><br>O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrece, ademais, información estatística sobre a educación non universitaria e a universitaria, competencia que viña desenvolvendo anteriormente o INE.<br><br>A Comunidade Autónoma de Galicia recolle datos dos axentes involucrados na educación (alumnos, profesores e centros) a través da aplicación web para a xestión administrativa dos centros, denominada XADE.<br><br>A Enquisa de poboación activa (EPA) facilita información de abandono escolar temperán desagregada por CC.AA. |
| 10.1 Abandono escolar | Eixe 3B | Si | Existe un marco estratéxico en | Si | Lei orgánica para a mellora da calidade | Deseñouse un plan para a redución do abandono e un documento estratéxico que incluirá as actuacións |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| prematuro: existencia dun marco estratéxico para reducir o abandono escolar prematuro (AEP) dentro dos límites do artigo 165 do TFUE. | | | materia de AEP que:<br><br>10.1.2 Está baseado en datos concretos<br><br>10.1.3. Abrangue sectores educativos pertinentes, incluído o desenvolvemento da primeira infancia, está destinado, en particular, a grupos vulnerables co maior risco de AEP, incluídas persoas pertencentes a comunidades marxinadas, e aborda as medidas de prevención, intervención e compensación | | educativa (Lei 8/2013, do 9 de decembro)<br><br>Plan para a redución do abandono educativo temperán 2014-2020<br><br>Programa de cooperación territorial para a redución do abandono escolar temperán<br><br>Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar<br><br>Decreto 229/2011, do 7 de decembro | en materia de abandono: medidas preventivas, de atención á diversidade e compensación educativa do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.<br><br>O marco legal está configurado pola Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, que aborda o abandono escolar prematuro como obxectivo central e transversal, deseñando medidas preventivas e de intervención e medidas correctoras. No ámbito estatal deseñáronse diversas actuacións para a atención da diversidade cultural, tales como a creación do Centro de Recursos para a Atención á Diversidade Cultural na Educación, ou a Rede Intercambia, actuacións que teñen entre os seus fins previr o abandono escolar prematuro. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 10.1 Abandono escolar prematuro: existencia dun marco estratéxico para reducir o abandono escolar prematuro (AEP) dentro dos límites do artigo 165 do TFUE. | Eixe 3B | Si | 10.1.4 Implica todos os sectores de actuación e partes interesadas pertinentes para a loita contra o AEP. | Si | Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (Lei 8/2013, do 9 de decembro)<br><br>Plan para a redución do abandono educativo temperán 2014-2020<br><br>Programa de cooperación territorial para a redución do abandono escolar temperán<br><br>Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar<br><br>Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado polo Decreto 214/2003, do 20 de marzo.<br><br>Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño.<br><br>Lei 2/2003, do 22 de maio | O percorrido político e normativo desde o ano 1978 permitiu a creación e consolidación dunha serie de organismos que crean o marco político para o desenvolvemento das políticas educativas co grao de participación que se require. Entre estes organismos destacan a Conferencia Sectorial de Educación, que reúne todos os conselleiros competentes nesta materia das diferentes CC.AA., o Consello Escolar do Estado, órgano de carácter consultivo en que están representados todos os sectores da comunidade educativa, e o Consello Xeral da Formación Profesional, no cal están representados de forma paritaria os axentes sociais, as administracións educativas e as administracións. |
| 10.2 Ensino superior: existencia dun marco estratéxico nacional ou rexional para aumentar as titulacións da educación | Eixe 3B | Si | 10.2.1 Existe un marco estratéxico nacional ou rexional en materia de educación superior cos seguintes | Si | Lei 14/ 2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización<br><br>Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013/2016<br><br>Lei 14/ 2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores á a súa | No ámbito universitario, a partir de xuño de 2014 emprendeuse unha reforma universitaria que debe lograr a mellora da calidade, internacionalización e especialización da universidade española, a través do avance cara a un modelo universitario que propicie a especialización das universidades que así o desexen nalgunha das tres misións que desempeñan: educación, investigación e transferencia do coñecemento.<br>Entre 2014 e 2015 publicáronse varios reais |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| superior, así como a calidade e eficacia desta última, dentro dos límites do artigo 165 do TFUE. | | | elementos:<br><br>a) Medidas, cando proceda, destinadas a incrementar a participación e as titulacións que:<br><br>a.1) aumentan a participación na educación superior entre os grupos con ingresos baixos e outros grupos subrepresentados, con especial consideración para as persoas desfavorecidas, como as pertencentes a comunidades marxinadas<br><br>a.2) reducen as taxas de abandono ou aumentan as taxas de | | internacionalización<br><br>Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013/2016<br><br>Real decreto 43/2015, do 2 de febreiro, polo que se modifican o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.<br><br>Real decreto polo que se regula a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.<br><br>Real decreto de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.<br><br>Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.<br><br>Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia<br><br>Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma | decretos no marco da reforma universitaria.<br>No artigo 108.1) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, establécese que, sen prexuízo das competencias do Estado, a Xunta de Galicia articulará unha política en materia de axudas e bolsas ao estudo mediante convocatorias anuais, para garantir que todo o estudantado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder, en condicións de igualdade, aos estudos universitarios e poida desenvolvelos sen ser excluído por razóns económicas.<br>Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.<br>Orde do 20 de marzo de 2012, de desenvolvemento do Decreto 222/2011.<br>Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, os contidos orientados cara á adaptación da reforma universitaria provocando unha mellora da calidade, internacionalización e especialización do SUG. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | titulacións<br><br>a.3) fomentan os contidos e a elaboración de programas innovadores | | de Galicia. | |
| 10.2. Ensino superior: existencia dun marco estratéxico nacional ou rexional para aumentar as titulacións da educación superior, así como a calidade e eficacia desta última, dentro dos límites do artigo 165 do TFUE. | Eixe 3B | Si | 10.2.2. Existe un marco estratéxico nacional ou rexional en materia de educación superior cos seguintes elementos:<br><br>b) medidas destinadas a mellorar a empregabilidade e o espírito emprendedor que:<br><br>b.1) fomentan o desenvolvemento de «capacidades | Si | Lei 14/ 2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización<br><br>Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013/2016<br><br>Lei 14/ 2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización<br><br>Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013/2016<br><br>Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia | O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas subscribiron a finais de 2013 un convenio de colaboración para coñecer o grao de empregabilidade das diferentes titulacións que actualmente se ofertan en España.<br>Desde 2011 potenciáronse especialmente as medidas relacionadas coa organización das ensinanzas universitarias, así como o aumento da mobilidade dentro das universidades.<br>A natureza mesma da formación profesional e o seu deseño, no cal se toman como referentes os estándares de competencia recollidos no Catálogo nacional de cualificacións profesionais, contribúen de forma decidida ao aumento da empregabilidade.<br>Existen numerosas accións que fomentan o emprendemento nas universidades, tanto para as titulacións de grao coma de máster universitario.<br>O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, consolidando o sistema académico de Galicia dentro do Espazo Europeo de Educación Superior. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | transversais», incluído o espírito emprendedor, nos correspondentes programas de ensino superior<br><br>b.2) reducen as diferenzas de xénero en canto a opcións académicas ou profesionais | | | |
| 10.3. Mellora da igualdade de acceso á aprendizaxe permanente para todos os grupos de idade en estruturas formais, non formais e informais, e dos coñecementos, as competencias profesionais e | Eixe 3B | Si | Existe un marco estratéxico nacional ou rexional para a aprendizaxe permanente que inclúe medidas destinadas a:<br><br>- prestar apoio á creación e vinculación de servizos para a aprendizaxe permanente | Si | Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional<br><br>Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral<br><br>Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego<br><br>Programa Mentor | En canto á aprendizaxe permanente, o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, establece que o Sistema nacional de emprego, xestionará o subsistema de formación profesional para o emprego -como parte das políticas activas de emprego- no cal se enmarca a formación dirixida á aprendizaxe permanente.<br><br>Está en proceso de elaboración un Marco estratéxico nacional para a aprendizaxe permanente (MENAP) e está próximo a presentarse o Plan estratéxico de aprendizaxe ao longo da vida.<br><br>O conxunto de actuacións descritas a nivel estatal |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| as capacidades dos traballadores, así como a promoción de itinerarios de aprendizaxe flexibles, tamén a través da orientación profesional e da validación das competencias adquiridas | | | (AP), incluída a posta en práctica e a mellora das capacidades (validación, orientación, educación e formación) que consideran a participación das partes interesadas pertinentes e a cooperación con elas;<br><br>- o desenvolvemento das capacidades de diversos grupos destinatarios, cando están definidos como prioritarios nos marcos estratéxicos nacionais ou rexionais (por exemplo, os mozos en formación | | | desenvólvense en estreita colaboración e coordinación coas administracións rexionais, que se concretan no seu territorio e ámbito de competencias.<br><br>O MENAP está dirixido ao conxunto da poboación, para que poida aumentar as súas competencias. Concederase prioridade aos colectivos con baixa ou nula cualificación, aos cales, seguindo as orientacións da Unión Europea, se deben ofrecer novas oportunidades para a súa integración social e laboral.<br><br>Oferta educativa a distancia a través do Cidead (Centro de Educación a Distancia): primaria, secundaria, ESPAD (educación secundaria para adultos a distancia) e bacharelato, así como o programa de aprendizaxe de linguas estranxeiras "That's English! ", e un novo programa para a aprendizaxe de alemán.<br><br>O programa Mentor persegue a inserción sociolaboral de mozos maiores de 16 anos, tutelados en garda pola Xunta de Galicia, con medidas xudiciais ou en conflito social. O seu obxectivo é mellorar a súa calidade de vida a través dun proxecto individualizado que lles garanta unha inserción laboral e unha capacitación para a vida independente.<br><br>O Sistema nacional de cualificacións e formación profesional é un conxunto de instrumentos e accións |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | profesional, os adultos, os pais que se reincorporan ao mercado de traballo, as persoas pouco cualificadas, traballadores de máis idade, os emigrantes e outros grupos desfavorecidos, en especial as persoas con discapacidade);<br><br>- ampliar o acceso á AP mediante esforzos para aplicar de modo efectivo os instrumentos de transparencia (por exemplo, o Marco europeo de cualificacións, o Marco nacional de cualificacións, o Sistema europeo de | | | necesarios para promover e desenvolver a integración das ofertas da formación profesional, mediante o Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Así mesmo, busca promover e desenvolver a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais, de forma que se favoreza o desenvolvemento profesional e social das persoas e se cubran as necesidades do sistema produtivo.<br><br>O Real decreto 375/1999, do 5 de marzo, polo que se crea o Incual, establece que dentro da súa estrutura se situará un observatorio cunha base de datos que promova de xeito activo a cooperación do resto de observatorios sectoriais e territoriais que poidan existir.<br><br>O Observatorio Profesional é unha área dentro da estrutura do Instituto Nacional das Cualificacións (Incual) que proporciona información sobre a evolución da demanda e oferta das profesións, ocupacións e perfís no mercado de traballo.<br><br>O obxectivo fundamental do Observatorio Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte é a observación das cualificacións profesionais e a súa evolución, e proporcionar información sobre a evolución da demanda e oferta das profesións, ocupacións e perfís no mercado de traballo.<br><br>Para garantir que as titulacións obtidas permitan |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | créditos para a educación e formación profesionais, a Garantía europea de calidade en educación e formación profesional)<br><br>- mellorar a pertinencia para o mercado laboral da educación e a formación e adaptalas ás necesidades de grupos destinatarios concretos (por exemplo, os mozos en formación profesional, os adultos, os pais que se reincorporan ao mercado de traballo, as persoas pouco | | | desenvolver perfís profesionais demandados polo mercado laboral, continuarase coa revisión dos títulos de formación profesional existentes e a súa adaptación ás exixencias derivadas do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | cualificadas, os traballadores de máis idade, os emigrantes e outros grupos desfavorecidos, en particular as persoas con discapacidade | | | |
| 10.4 Existencia dun marco estratéxico nacional ou rexional para aumentar a calidade e a eficacia dos sistemas de formación profesional dentro dos límites do artigo 165 do TFUE. | Eixe 3B | Si | Existe un marco estratéxico nacional ou rexional para aumentar a calidade e a eficacia dos sistemas de formación profesional, dentro dos límites do artigo 165 do TFUE, que inclúe medidas destinadas a:<br><br>- mellorar a pertinencia para o mercado laboral dos | Si | Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e a formación profesional https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2002-12018<br><br>Sistema nacional de cualificacións e formación profesionalhttp://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice_catalogoWeb.html<br><br>Reais decretos 1538/2006, 1558/2005, 1224/2009, 3/2011<br><br>Estratexia española de emprego 2012-2014<br><br>Resolución do 24/7/2012, da Secretaría de Estado de Emprego<br><br>Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da FP | O obxectivo é promover e desenvolver a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais, de forma que se favoreza o desenvolvemento profesional e social das persoas e se cubran as necesidades do sistema produtivo. O Sistema nacional de cualificacións e formación profesional é un conxunto de instrumentos e accións necesarios para promover e desenvolver a integración das ofertas da formación profesional, mediante o Catálogo nacional de cualificacións profesionais.<br><br>O Consello Galego de Formación Profesional é o órgano consultivo, de concertación e participación social e institucional dirixido á planificación, coordinación e avaliación en materia de formación profesional regrada, ocupacional e continua. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | sistemas de formación profesional en estreita colaboración coas partes interesadas correspondentes, tamén a través de mecanismos de anticipación das necesidades en materia de capacidades, a adaptación dos programas de estudos e a creación e o desenvolvemento de sistemas de aprendizaxe nun ámbito laboral nas súas diferentes formas | | do sistema educativo.<br><br>Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual<br><br>Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) | |
| 10.4 Existencia dun marco estratéxico nacional ou | Eixe 3B | Si | Existe un marco estratéxico nacional ou rexional para | Si | Sistema nacional de cualificacións e formación profesional<br><br>Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se | O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en colaboración coas administracións educativas das CC.AA., estableceu a Rede de garantía de calidade da formación profesional do sistema educativo, cuxa |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| rexional para aumentar a calidade e a eficacia dos sistemas de formación profesional dentro dos límites do artigo 165 do TFUE. | | | aumentar a calidade e a eficacia dos sistemas de formación profesional, dentro dos límites do artigo 165 do TFUE, que inclúe medidas destinadas a:<br><br>- aumentar a calidade e o atractivo da formación profesional, tamén a través dun enfoque nacional para garantir a calidade da formación profesional (por exemplo, en consonancia co Marco de referencia europeo de garantía da calidade na | | establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia.<br><br>Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a validación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.<br><br>Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.<br><br>Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.<br><br>Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014/15. | finalidade é converter a formación profesional nun referente de calidade, de maneira que goce da máxima confianza do alumnado, do tecido empresarial e da sociedade en xeral.<br><br>A Comunidade Autónoma de Galicia publicou normativa de desenvolvemento da LOMCE: o Decreto 107/2014 polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos; a Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014/15, e a Orde de 14 de agosto de 2014 pola que se regula o acceso e a admisión aos ciclos de FPB e se autoriza a súa oferta para o curso 2014/15.<br><br>Tamén se continúa co desenvolvemento normativo de adaptación e publicación dos currículos de títulos de formación profesional ao contexto socioeconómico da Comunidade Autónoma de Galicia.<br><br>Outra actividade posta en marcha é a elaboración de materiais didácticos para a impartición de ciclos formativos na modalidade semipresencial e a distancia.<br><br>Así mesmo, a regulación sobre o desenvolvemento |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | educación e formación profesionais) e da aplicación dos instrumentos de transparencia e recoñecemento (por exemplo, o Sistema europeo de créditos para a educación e formación profesionais (ECVET)). | | | das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, así como a avaliación e a acreditación académica do alumnado que as curse, márcaa a Orde do 12 de xullo de 2011, mentres que o funcionamento e o ordenamento os determina o Decreto 114/2010, do 1 de xullo. |
| G1 Condicionalidade *ex ante* xeral: 1. Loita contra a discriminación<br><br>Existencia de capacidade administrativa para a execución e aplicación da lexislación e da política da Unión contra a discriminación | Todos | Si | 1. Disposicións acordes co marco institucional e xurídico dos Estados membros para a participación dos organismos responsables da promoción da igualdade de trato de todas as persoas durante a elaboración e aplicación dos | Si | Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (LOIEMH).<br><br>Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016.<br><br>Rede de políticas de igualdade nos fondos estruturais e no Fondo de Cohesión 2014-2020.<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>VI Plan galego para a igualdade entre | A Lei 62/2003 regula o Consello para a promoción da igualdade de trato e non discriminación das persoas por orixe racial ou étnica, en cumprimento do disposto na Directiva 2000/43/CE. A Subdirección Xeral para a Igualdade de Trato e a Non Discriminación desenvolverá un papel estratéxico de coordinación para dar cumprimento á condición *ex ante* sobre igualdade e non discriminación. Actualmente está a traballar no deseño dunha futura rede de igualdade e non discriminación que coordinará a UAFSE en colaboración coa Dirección Xeral de Servizos para a Familia e a Infancia. Ademais, a Subdirección Xeral para a Igualdade de Trato e a Non Discriminación poderá ser membro dos comités de seguimento dos |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| no ámbito dos fondos EIE. | | | programas, incluída a prestación de asesoramento sobre a igualdade nas actividades relacionadas cos fondos EIE. | | mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 | programas operativos do FSE.<br><br>Existencia do Consello Galego de Benestar, o cal, no marco da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014/2020, emitiu o informe previo favorable e ten entre as súas funcións a de avaliar políticas de servizos sociais. Non obstante, a execución das medidas é competencia da consellería competente en materia de benestar. |
| G1Condicionalidade *ex ante* xeral: 1. Loita contra a discriminación<br><br>Existencia de capacidade administrativa para a execución e aplicación da lexislación e a política da Unión contra a discriminación no ámbito dos fondos EIE. | Todos | Si | 2. Disposicións para a formación do persoal das autoridades que participa na xestión e control dos fondos EIE nos ámbitos da lexislación e da política da Unión contra a discriminación. | | Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (LOIEMH).<br><br>Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016<br><br>Rede de políticas de igualdade nos fondos estruturais e no Fondo de Cohesión 2014-2020.<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 | A Subdirección Xeral para a Igualdade de Trato e a Non Discriminación da Dirección Xeral para a Igualdade de Oportunidades desenvolverá un papel estratéxico na formación do persoal das autoridades que participen na xestión e control de fondos EIE, nos ámbitos da lexislación e da política da Unión contra a discriminación.<br><br>En proceso de formación dos xestores dos fondos deste PO, como en períodos anteriores, serán formados nos aspectos de non discriminación e igualdade de trato. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G2 Condicionalidade *ex ante* xeral: 2. Igualdade de xénero.<br><br>Existencia de capacidade administrativa para a execución e aplicación da lexislación e a política da Unión sobre igualdade de xénero no ámbito dos fondos EIE. | Todos | Si | 1 Disposicións acordes co marco institucional e xurídico dos Estados membros para a participación dos organismos responsables da igualdade de xénero durante a elaboración e aplicación dos programas, incluída a prestación de asesoramento sobre a igualdade de xénero nas actividades relacionadas cos fondos EIE. | Si | Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (LOIEMH).<br><br>Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016<br><br>Rede de políticas de igualdade nos fondos estruturais e no Fondo de Cohesión 2014-2020.<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 | España conta coas normas e directrices necesarias para levar a cabo a integración dos obxectivos de igualdade de xénero nas intervencións de todos os fondos EIE, así como co axeitado sistema de recollida e análise de datos desagregados por sexo.<br><br>O Instituto da Muller terá un papel estratéxico na supervisión, seguimento e avaliación da integración da perspectiva de xénero a través de, por exemplo, a Rede de políticas de igualdade entre mulleres e homes, como instrumento de coordinación entre administracións e/ou xestores de fondos e organismos de igualdade de ámbito nacional e rexional.<br><br>O organismo de igualdade na Comunidade Autónoma Galicia é a Secretaría Xeral da Igualdade. Esta secretaría, ademais de participar na execución directa de actuacións enmarcadas no PO FSE, e participar como tal no Comité de Seguimento, por ser o organismo de igualdade, tamén ten a súa representación no dito comité. Por outro lado, ao longo do proceso de programación, o organismo de igualdade participou coa elaboración do ditame de igualdade, preceptivo para a programación, e na consulta pública a que se someteu o PO. Terá un papel estratéxico na supervisión, seguimento e avaliación da integración da perspectiva de xénero. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G2 Condicionalidade *ex ante* xeral: 2. Igualdade de xénero.<br><br>Existencia de capacidade administrativa para a execución e aplicación da lexislación e a política da Unión sobre igualdade de xénero no ámbito dos fondos EIE. | Todos | Si | 2 Disposicións para a formación do persoal das autoridades que participa na xestión e control dos fondos EIE nos ámbitos da lexislación e da política da Unión en materia de igualdade de xénero, así como sobre integración da perspectiva de xénero. | Si | Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (LOIEMH).<br><br>Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016<br><br>Rede de políticas de igualdade nos fondos estruturais e o Fondo de Cohesión 2014-2020.<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 | En relación co período de programación 2014-2020, realizáronse actuacións de formación e desenvolvéronse ferramentas específicas enfocadas á súa aplicación. Tanto a Rede de políticas de igualdade entre mulleres e homes coma o Grupo Estratéxico de Igualdade de Xénero continuarán o seu labor no período de programación 2014- 2020, e exercerán, entre outras tarefas, as de formación do persoal das autoridades que participa na xestión e control dos fondos sobre igualdade de xénero e sobre a integración da perspectiva de xénero no ámbito de actuación dos fondos EIE.<br><br>Na Comunidade Autónoma, en todas as accións formativas dirixidas ao persoal dos organismos xestores de fondos, inclúese un módulo específico sobre a incorporación do principio transversal da igualdade e a perspectiva de xénero na xestión dos proxectos financiados con fondos europeos, entre outros temas. |
| G3 Condicionalidade *ex ante* xeral: 3. Discapacidade.<br><br>Existencia de capacidade administrativa | Todos | Si | 1 Disposicións acordes co marco institucional e xurídico dos Estados membros para a consulta e participación dos | Si | Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020<br><br>Lei 26/2011, do 1 de agosto<br><br>Real decreto 1276/2011, do 16 de setembro<br><br>O Plan estratéxico de igualdade de | En relación coa consulta e participación dos organismos responsables da protección dos dereitos das persoas con discapacidade, das organizacións que as representan e outras partes interesadas pertinentes, contouse coa colaboración da Dirección Xeral de Políticas de Apoio á Discapacidade e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imserso). |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| para a execución e aplicación da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade no ámbito dos fondos EIE de conformidade coa Decisión 2010/48/CE do Consello. | | | organismos responsables da protección dos dereitos das persoas con discapacidade, ou da organización de representación das persoas con discapacidade ou outras partes interesadas pertinentes, durante a elaboración e a aplicación dos programas. | | oportunidades 2014-2016<br><br>Rede de políticas de igualdade nos fondos estruturais e no Fondo de Cohesión 2014-2020<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 | As organizacións representativas das persoas con discapacidade no marco autonómico e estatal participaron, pola súa vez, na preparación e elaboración dos programas operativos e serán tidos en conta na aplicación e seguimento deste programa operativo.<br><br>Facilitarase a participación activa dos axentes clave no ámbito da discapacidade, a través da súa posible participación nos comités de seguimento, ou a través de calquera canle que permita o coñecemento da execución da programación 2014-2020. |
| G3 Condicionalidade ex ante xeral: 3. Discapacidade.<br><br>Existencia de capacidade administrativa para a | Todos | Si | 2 Disposicións para a formación do persoal das autoridades que participa na xestión e control dos fondos EIE nos ámbitos da lexislación e a política nacionais | | Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020<br><br>Lei 26/2011, do 1 de agosto<br><br>Real decreto 1276/2011, do 16 de setembro<br><br>Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016 | A difusión da información sobre discapacidade organízase ao redor da Rede española de información sobre discapacidade. Tamén se está a crear un grupo de traballo técnico sobre accesibilidade en colaboración coas CC.AA. que permita intercambiar boas prácticas e información sobre accesibilidade dentro do Programa de actividades de formación para o persoal encargado da xestión e control dos fondos EIE, que se desenvolverán ao longo do período de |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| execución e aplicación da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade no ámbito dos fondos EIE, de conformidade coa Decisión 2010/48/CE do Consello. | | | e da Unión aplicables en materia de discapacidade, incluídas a accesibilidade e a aplicación práctica da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, como se reflicte na lexislación nacional e da Unión, segundo proceda. | | Rede de políticas de igualdade nos fondos estruturais e no Fondo de Cohesión 2014-2020.<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013<br><br>Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, que entrou en vigor en marzo de 2014 e que ademais vai supoñer un desenvolvemento regulamentario importante nos dous próximos anos | programación 2014- 2020; incluirase a referida aos ámbitos da lexislación e da política da Unión en materia de discapacidade e, especificamente, sobre accesibilidade universal. |
| G3 Condicionalidade *ex ante* xeral: 3. Discapacidade.<br><br>Existencia de capacidade administrativa para a | Todos | Si | 3 Disposicións para garantir o seguimento da aplicación do artigo 9 da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade | | Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020<br><br>Lei 26/2011, do 1 de agosto<br><br>Real decreto 1276/2011, do 16 de setembro<br><br>Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016 | A Estratexia española sobre discapacidade propón unha acción integral a longo prazo para mellorar o benestar das persoas con discapacidade, facilitando que estas poidan gozar de todos os seus dereitos, e que tanto a sociedade como as persoas con discapacidade se poidan beneficiar da súa achega á economía e á vida social. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| execución e aplicación da Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade no ámbito dos fondos EIE, de conformidade coa Decisión 2010/48/CE do Consello. | | | en relación cos fondos EIE durante a elaboración e aplicación dos programas. | | Rede de políticas de igualdade nos fondos estruturais e no Fondo de Cohesión 2014-2020.<br><br>Plan nacional de acción para a inclusión social 2013-2016<br><br>Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 | |
| G4 Condicionalidade *ex ante* xeral. 4. Contratación pública.<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión en materia de contratación pública no | Todos | Si | 1 Disposicións para a aplicación efectiva das normas da Unión sobre contratación pública mediante os mecanismos axeitados. | Si | Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público<br><br>Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico<br><br>Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, modifica (disposición derradeira segunda) a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e crea o Tribunal Administrativo | Todas as normas UE para a contratación pública foron/serán traspostas correctamente en España e serán aplicadas por todas as administracións públicas, centrais, rexionais e locais. A norma máis relevante na actualidade é o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que determina procedementos transparentes para a adxudicación de contratos.<br><br>A Plataforma de contratación do Estado serve como punto de encontro virtual entre compradores do sector público e licitadores, garantindo a transparencia no procedemento de contratación pública. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ámbito dos fondos EIE. | | | | | de Contratación Pública da C.A. de Galicia | Existen numerosas disposicións para garantir a formación e difusión en materia de contratación pública por parte da Administración xeral do Estado e das CC.AA.<br><br>A capacidade administrativa para garantir a aplicación das normas da UE sobre contratación pública baséase especialmente na Xunta Consultiva de Contratación Administrativa. |
| G4 Condicionalidade *ex ante* xeral: 4. Contratación pública.<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión en materia de contratación pública no ámbito dos fondos EIE. | Todos | Si | 2 Disposicións que garanten procedementos transparentes de adxudicación de contratos. | Si | Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público<br><br>Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico<br><br>A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, modifica (disposición derradeira segunda) a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e crea o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da C.A. de Galicia | A Plataforma de Contratación do Estado constitúe un nodo central de intercambio de información de contratación, que serve como punto de encontro virtual entre compradores do sector público e licitadores, garantindo a transparencia no procedemento de contratación pública.<br><br>En Galicia a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e á mellora da xestión do sector público autonómico, permitindo a aplicación máis efectiva das normativas europeas e nacionais na rexión.<br><br>Así mesmo, cabe sinalar a Xunta de Galicia, que elaborou dúas guías divulgativas: Guía de boas prácticas na determinación dos criterios de adxudicación nos pregos dos expedientes de |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | contratación cofinanciados con fondos europeos; Guía de boas prácticas nos procedementos de contratación das TIC.<br><br>Así mesmo, instaurouse un portal web para a información sobre contratación pública da Xunta denominado SICON (http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/inicio)<br><br>Finalmente, a capacidade administrativa atribúeselle á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dependente da Consellería de Facenda. |
| G4 Condicionalidade *ex ante* xeral: 4. Contratación pública.<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión en materia de contratación pública no ámbito dos | Todos | Si | 3 Disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución dos fondos EIE. | Si | Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, da Lei de contratos do sector público<br><br>Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico<br><br>A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, modifica (disposición derradeira segunda) a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e crea o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da C.A. de Galicia. | Tanto o Instituto Nacional de Administracións Públicas coma a Escola Galega de Administración Pública inclúen no seu plan de formación a contratación pública.<br><br>Ademais, existe o compromiso da UAFSE de implantar un plan de formación continua tanto para o persoal das autoridades de xestión e certificación como para os organismos intermedios co fin de cualificalos específica e tecnicamente nas materias relevantes para a súa xestión. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| fondos EIE. | | | | | | |
| G4 Condicionalidade *ex ante* xeral: 4; Contratación pública.<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión en materia de contratación pública no ámbito dos fondos EIE. | Todos | Si | 4 Disposicións que garanten a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da Unión sobre contratación pública. | Si | Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, da Lei de contratos do sector público<br><br>Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico<br><br>A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, recentemente publicada no Diario Oficial de Galicia, modifica (disposición derradeira segunda) a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e crea o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da C.A. de Galicia | A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, adscrita ao Ministerio de Facenda, ten o carácter de órgano consultivo da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e demais entes públicos estatais en materia de contratación administrativa.<br><br>En todas as consellerías da Xunta de Galicia existe persoal coa formación necesaria en materia de contratación. Para iso, nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados (con carácter preceptivo) e nos negociados sen publicidade (con carácter potestativo) constitúense as mesas de contratación, compostas por persoal especializado na materia, que ten como finalidade garantir o axeitado desenvolvemento do procedemento de licitación co obxectivo de conseguir a oferta economicamente máis vantaxosa.<br><br>No período de programación 2007-2013, desde o OI organizáronse xornadas monográficas sobre contratación pública dirixidas aos centros xestores de fondos europeos e é intención seguir realizándoas no novo período de programación. |
| G5 Condicionalidade *ex ante* xeral: | Todos | Si | 1 Disposicións para a aplicación efectiva das | Si | Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións | A norma máis relevante para a aplicación efectiva das normas da Unión Europea sobre axudas estatais é a Lei xeral de subvencións. O seu ámbito |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 5. Axudas estatais.<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre axudas de Estado no ámbito dos fondos EIE. | | | normas da Unión sobre axudas estatais | | O Real decreto 1755/1987 regula o procedemento de comunicación á Comisión das CE dos proxectos das administracións ou entes públicos que se propoñan establecer, conceder ou modificar axudas internas. Aplícase a calquera medida que puidese conter elementos de axuda (incluídos os instrumentos financeiros).<br><br>No Acordo de asociación, ámbito 5, aparecen recollidas as disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución dos fondos EIE e para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da Unión sobre axudas de Estado.<br><br>http://www.dgfc.sgpg.meh.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp1420/p/pa/Documents/20140513_M_AMBITO_5_AYUDAS_ESTATALES_OCT1.pdf<br><br>Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro<br><br>Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións | de aplicación abrangue todas as administracións públicas.<br><br>Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo obxecto é o establecemento dunha regulación congruente coas peculiaridades da organización da Administración da Comunidade Autónoma e os seus mecanismos de financiamento, impulsora da xestión eficaz e eficiente dos seus recursos, pero que, ao tempo, afonde na salvagarda do interese público. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia | |
| G5 Condicionalidade *ex ante* xeral: 5. Axudas estatais.<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre axudas de Estado no ámbito dos fondos EIE. | Todos | Si | 2 Disposición para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución dos fondos EIE | Si | Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións<br><br>O Real decreto 1755/1987 regula o procedemento de comunicación á Comisión das CE dos proxectos das administracións ou entes públicos que se propoñan establecer, conceder ou modificar axudas internas. Aplícase a calquera medida que puidese conter elementos de axuda (incluídos os instrumentos financeiros).<br><br>No Acordo de asociación, ámbito 5, aparecen recollidas as disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución dos fondos EIE e para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da Unión sobre axudas de Estado.<br><br>http://www.dgfc.sgpg.meh.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp1420/p/pa/Documents/20140513_M_AMBITO_5_AYUDAS_ESTATALES_OCT1.pdf<br><br>Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos | Tanto a AXE coma as CC.AA. provén as necesidades de formación e perfeccionamento dos seus funcionarios. Incorpórase o compromiso de realizar un plan de formación específico para actualizar a formación do persoal que en España aplica a normativa sobre axudas estatais.<br><br>Polo que se refire á difusión e intercambio de información para o persoal, existen distintas canles baseadas nos mecanismos de coordinación establecidos entre as distintas administracións: asesoramento, información e apoio técnico a todas as administracións da Subdirección Xeral de Asuntos Xurídicos e Institucionais, integrada na Secretaría de Estado para a Unión Europea. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro<br><br>Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións<br><br>Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia | |
| G5 Condicionalidade *ex ante* xeral: 5: Axudas estatais.<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre axudas de Estado no ámbito dos fondos EIE. | Todos | Si | 3 Disposicións para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da Unión sobre axudas de Estado | Si | Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións<br><br>O Real decreto 1755/1987 regula o procedemento de comunicación á Comisión das CE dos proxectos das administracións ou entes públicos que se propoñan establecer, conceder ou modificar axudas internas. Aplícase a calquera medida que puidese conter elementos de axuda (incluídos os instrumentos financeiros).<br><br>No Acordo de asociación, ámbito 5, aparecen recollidas as disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución dos fondos EIE e para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da | Existen unha serie de instrumentos para garantir a capacidade administrativa para a execución e a aplicación das normas da UE sobre axudas estatais; cabe sinalar os seguintes: 1) Existencia dun procedemento único a nivel nacional para a verificación e posterior comunicación á Comisión Europea dos proxectos de concesión ou modificación de axudas; 2) Existencia dun mecanismo de coordinación AXE-CC.AA. en materia de axudas de Estado; 3) a Base nacional de subvencións; 4) A Comisión Interministerial de Asuntos Europeos; 5) A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; 6) O control financeiro das axudas públicas; a Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu título III "Do control financeiro das subvencións", establece unha regulación exhaustiva dos mecanismos de control.<br><br>A nivel rexional realízanse 2 niveis de control, un de |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Unión sobre axudas de Estado.<br><br>http://www.dgfc.sgpg.meh.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp1420/p/pa/Documents/20140513_M_AMBITO_5_AYUDAS_ESTATALES_OCT1.pdf<br><br>Real decreto 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro<br><br>Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións<br><br>Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia | carácter previo e outro tras o pagamento da axuda. |
| G6 Condicionalidade *ex ante* xeral: 6: Lexislación sobre ambiente relacionada coa avaliación de impacto ambiental (EIA) e a avaliación | Todos | Si | 1 Disposicións para a aplicación efectiva da Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello (EIA) e da Directiva 2001/42/CE do | Si | Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental<br><br>Lei 6/2010, do 24 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro<br><br>Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de | A lexislación nacional sobre avaliación ambiental de plans e programas e de proxectos unificouse mediante a aprobación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.<br><br>As CC.AA. aprobaron as súas propias normas de desenvolvemento da normativa de avaliación ambiental. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| estratéxica ambiental (EEM).<br><br>Existencia de disposicións para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre ambiente relacionada coa EIA e a EEM. | | | Parlamento Europeo e do Consello (EEM). | | xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos<br><br>Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente<br><br>Lei 6/2009, do 28 de abril, de avaliación ambiental de plans e programas<br><br>Lei 20/2009, do 4 de decembro, de prevención e control ambiental das actividades | |
| G6 Condicionalidade *ex ante* xeral: 6. Lexislación sobre ambiente relacionada coa avaliación de impacto ambiental (EIA) e a avaliación estratéxica ambiental (EEM).<br><br>Existencia de disposicións | Todos | Si | 2 Disposicións para a formación e difusión da información para o persoal que participa na execución das directivas sobre a EIA e a EEM. | Si | Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental<br><br>Lei 6/2010, do 24 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro<br><br>Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos<br><br>Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e | No ámbito da formación e difusión da información en materia de avaliación de impacto ambiental e de avaliación ambiental estratéxica, o persoal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio (Magrama) e dos seus organismos autónomos realizan, dentro do propio departamento, diversos cursos de impulso e fomento da súa formación continua, prestando especial consideración á adecuación dos seus perfís profesionais ás necesidades das distintas áreas competenciais do departamento.<br><br>A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) é o órgano desconcentrado sobre o cal recae a competencia da formación dos empregados públicos na Administración autonómica. Baixo a súa |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| para a aplicación efectiva da lexislación da Unión sobre ambiente relacionada coa EIA e a EEM. | | | | | programas no ambiente<br><br>Lei 6/2009, do 28 de abril, de avaliación ambiental de plans e programas<br><br>Lei 20/2009, do 4 de decembro, de prevención e control ambiental das actividades | dependencia realízanse cursos sobre a materia. |
| G7 Condicionalidade *ex ante* xeral: 7. Sistemas estatísticos e indicadores de resultados. Existencia dunha base estatística que permita avaliar a eficacia e o impacto dos programas.<br><br>Existencia dun sistema de indicadores de resultados que permita seleccionar as medidas que | Todos | Si | Existen disposicións para a recompilación e agregación oportunas de datos estatísticos cos seguintes elementos:<br><br>1 A identificación de fontes e mecanismos para garantir a validación estatística; | Si | Eurostat, Instituto Nacional de Estatística, FSE 2014<br><br>- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (BOE 3-10-1988) (DOG 3-8-1988).<br>- Sistema de planificación estatístico Lei 8/2011, do 9 de noviembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 (BOE 06-12-2011) (DOG 24-11-2011).<br><br>Recollida de datos en aplicación informática en liña para incorporar os microdatos completos por participante por cada operación, coa inclusión de todos os indicadores comúns do anexo I do Regulamento 1304/2013, do FSE e dos específicos do PO, nos momentos fixados pola "Guía de seguimento e avaliación da CE", inicio da operación, saída, catro | Os indicadores de resultado seleccionados inclúense ou proceden directamente de operacións estatísticas oficiais incluídas nos correspondentes plans estatísticos de ámbito nacional e rexional, levadas a cabo polo Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estatística ou os departamentos e entidades públicas sectoriais competentes. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| contribúan máis eficazmente a obter os resultados esperados, facer un seguimento dos avances e realizar a avaliación de impacto. | | | | | semanas despois, aos seis meses. | |
| G7 Condicionalidad *ex ante* xeral: 7. Sistemas estatísticos e indicadores de resultados. Existencia dunha base estatística que permita avaliar a eficacia e o impacto dos programas.<br><br>Existencia dun sistema de indicadores de resultados que | Todos | Si | 2 Existencia dun sistema eficaz de indicadores de resultado | Si | - Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (BOE 3-10-1988) (DOG 3-8-1988).<br>- Sistema de planificación estatístico estatístico Lei 8/2011, do 9 de noviembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 (BOE 6-12-2011) (DOG 24-11-2011). | A metodoloxía que se seguiu para a cuantificación dos indicadores, así como para a configuración do marco de rendemento do programa operativo, é a establecida nas instrucións elaboradas pola unidade de programación do FSE en España, polas que se acorda a "Metodoloxía para o establecemento dos valores de referencia e os valores obxectivo, relativos aos indicadores de execución e de resultado no período de programación 2014-2020". Na elaboración do documento tivéronse en conta todas as indicacións da Comisión Europea proporcionadas no resto de documentos guía en materia de indicadores e avaliación. |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| permita seleccionar as medidas que contribúan máis eficazmente a obter os resultados esperados, facer un seguimento dos avances e realizar a avaliación de impacto. | | | | | | |
| G7 Condicionalidad *ex ante* xeral: 7. Sistemas estatísticos e indicadores de resultados. Existencia dunha base estatística que permita avaliar a eficacia e o impacto dos programas.<br><br>Existencia dun | Todos | Si | 3 Existencia de procedementos para que en todas as operacións financiadas polo programa se adopte un sistema de indicadores eficaz | Si | - Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (BOE 3-10-1988) (DOG 3-08-1988).<br>- Sistema de planificación estatístico estatístico Lei 8/2011, do 9 de noviembro, do Plan galego de estatística 2012-2016 (BOE 6-12-2011) (DOG do 24-11-2011). | Tal e como se establece na metodoloxía para o establecemento dos valores de referencia e os valores obxectivo, relativos aos indicadores de execución e de resultado no período de programación 2014-2020, os procedementos para a adopción dun sistema de indicadores eficaz son basicamente os seguintes:<br><br>De acordo co establecido na Guía de seguimento e avaliación da política de cohesión Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, de xuño de 2014, todos os indicadores comúns de execución deben rexistrarse en todos os casos e deberán ser incluídos nos informes anuais (o primeiro será en 2016 e abranguerá financeiramente os anos 2014 e |

| Condición *ex ante* | Eixes prioritarios aos cales aplica a condición | Cumprimento da condición *ex ante* | Criterios | Cumprimento dos criterios | Referencia | Explicacións |
|---|---|---|---|---|---|---|
| sistema de indicadores de resultados que permita seleccionar as medidas que contribúan máis eficazmente a obter os resultados esperados, facer un seguimento dos avances e realizar a avaliación de impacto. | | | | | | 2015). |

## 9.2. Descrición das accións para cumprir as condicións *ex ante*, organismos responsables e prazos[18]

As autoridades españolas documentaron o cumprimento das condicións *ex ante* de todos os obxectivos temáticos con ocasión da presentación do Acordo de asociación (AA). Neste apartado remitímonos, polo tanto, ao AA e ao documento extenso que o acompañaba nesta materia.

***Cadro 25. Accións para cumprir as condicións* ex ante *xerais aplicables***

[Non procede]

***Cadro 26. Accións para cumprir as condicións* ex ante *temáticas aplicables***

[Non procede]

[18] Os cadros 25 e 26 só se refiren ás condicións *ex ante* xerais e temáticas aplicables que se incumpriron totalmente ou se cumpriron parcialmente (véxase o cadro 24) no momento da presentación do programa.

# 10. REDUCIÓN DA CARGA ADMINISTRATIVA PARA OS BENEFICIARIOS

Durante o período de programación 07-13 foron varias as fontes de carga administrativa para as persoas e organismos beneficiarios do programa. Por un lado, en materia de contratación, a exixencia de conservación de toda a documentación vinculada aos procedementos de contratación. Por outro lado, en materia de subvencións e convenios, a presentación das solicitudes de financiamento presencialmente e en formato papel, así como a cuantiosa documentación que se deberá achegar tanto no momento da solicitude da axuda como para a xustificación dos gastos realizados.

A partir da xestión dos fondos comunitarios no período 07-13, identificáronse oportunidades de mellora e medidas tendentes a conseguir unha redución da carga administrativa para os beneficiarios.

Os regulamentos dos fondos para o período 14-20 inclúen unha serie de medidas cuxa adopción supoñerá efectos moi positivos na simplificación administrativa e redución de cargas para os xestores e beneficiarios. Definirase un maior abano de posibilidades para o uso dos custos simplificados e manteranse as opcións xa aplicadas en 07-13.

Estas opcións, introducidas no período 07-13, ofrecen posibilidades para reducir a carga asociada coa xestión financeira, o control e as auditorías tanto para os beneficiarios coma para as autoridades. Permitirán unha importante redución da carga administrativa soportada polos beneficiarios e os xestores de proxectos, en especial para os de menor volume, así como un aumento na orientación ao rendemento da política de cohesión.

A continuación detállanse as medidas recollidas no Plan de acción para a mellora da administración do Fondo Social Europeo en España 2014-2020 da UAFSE para mellorar o goberno, lograr unha xestión máis eficaz e establecer un sistema reforzado de verificacións de xestión e evitar fraudes en relación co Fondo Social Europeo.

Na inmensa maioría dos casos as irregularidades detectadas que deron lugar, no pasado, á interrupción ou suspensión de pagamentos non estaban relacionadas con condutas fraudulentas, senón que consistían en incumprimentos das normas de subvencionabilidade de gastos do FSE. Non obstante, as irregularidades orixinaron, tanto no período 2000-2006 coma no 2007-2013, importantes correccións financeiras nos programas operativos.

A modo de resumo, as causas desta situación residen, entre outras, nas seguintes debilidades:

A) Complexidade da xustificación de gastos: os organismos intermedios vense obrigados a realizar a verificación administrativa do 100 % de todo o conxunto de gastos; criterios de elixibilidade fixados nas convocatorias de axudas; excesiva fragmentación dos proxectos seleccionados; volume de proxectos aprobados nas convocatorias e heteroxeneidade na tipoloxía de operacións.

B) Lentitude na aplicación dos plans correctores: tanto no período 2000-2006 como no 2007-2013 elaborouse un bo número de plans de actuación para resolver os problemas que orixinaran as interrupcións ou suspensións dos pagamentos. Isto supuxo unha considerable carga administrativa adicional para as autoridades de xestión e certificación, encargadas de supervisar a elaboración dos plans e de realizar o seguimento da súa aplicación. A insuficiente capacidade administrativa dos organismos intermedios e da autoridade de xestión deu lugar a longos períodos de suspensión dos pagamentos intermedios da Comisión Europea.

C) Melloras de coordinación para maior homoxeneidade das operacións cofinanciadas: a falta de uniformidade na tipoloxía de operacións supuxo dificultades para o seguimento de resultados e, en ocasións, aumento das taxas de erro.

Por iso, co fin de abordar as debilidades expostas neste diagnóstico, prevense unha serie de medidas que afectan as autoridades de xestión e certificación e os organismos intermedios, fundamentalmente.

As medidas que se expoñen a continuación agrúpanse en tres epígrafes e contribuirán eficazmente á redución das cargas administrativas.

**1) Goberno adecuado.**

a) Co fin de garantir unha homoxeneidade na tipoloxía de operacións cofinanciables, a autoridade de xestión elaborará un documento de definición de operación e de tipoloxía de operacións cofinanciables que proporcione un criterio homoxéneo e uniforme para todos os programas operativos e aclare as numerosas dúbidas que esta cuestión suscita nos organismos intermedios. A definición de operación e os tipos de operación terán a súa plasmación na estrutura común de datos do sistema informático FSE 2014-2020.

b) Supervisión da selección de operacións (convocatorias). Establecerase un procedemento específico de revisión de todas as convocatorias cuxos gastos se vaian presentar a cofinanciamento do FSE.

**2) Xestión máis eficaz**

c) Uso xeneralizado das opcións de custos simplificados. No período 2014-2020, a simplificación constitúe unha das claves para permitir alixeirar as cargas administrativas da xestión do Fondo Social Europeo e para reducir significativamente as taxas de erro dos programas operativos.

Co fin de aproveitar ao máximo esta oportunidade de simplificación, vaise promover un uso xeneralizado en todos os programas das opcións de custos simplificados previstas na normativa comunitaria.

Ademais, valorarase a posibilidade de presentar plans de acción conxuntos ao longo do período de programación, co obxectivo de facer un maior uso das opcións de custos simplificados

Unha das principais deficiencias observadas no período 07-13 é a dificultade no acceso á información dos beneficiarios. Por iso, poñeranse en marcha medidas que garantan que os potenciais beneficiarios están plenamente informados, o que facilitará o seu acceso ás medidas e permitirá a redución das cargas administrativas na súa participación.

De cara ao período 14-20, máis alá das directrices xerais impulsadas desde a Xunta de Galicia, tense previsto continuar avanzando na liña de reducir a carga administrativa que soportan as persoas e organismos beneficiarios das actuacións, especialmente nas executadas mediante convocatorias de subvencións nas cales se permita xustificar custos indirectos. Neste sentido, habilítaselles aos organismos xestores a posibilidade establecida nos regulamentos comunitarios de utilizar mecanismos de simplificación de custos. Especialmente, analizarase e implantarase (sempre que sexa posible) o uso dos sistemas de métodos de custos simplificados que prevé o R (UE) nº 1303/2013 e, en particular, de acordo co Regulamento (UE) nº 1304/2013, a obrigada xustificación a prezo fixado do 40 % dos custos de persoal e a xustificación a través de opcións de custos simplificados para operacións de importe inferior a 50.000 euros.

Na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a cabo unha contratación pública para a realización dun estudo previo sobre a posibilidade da utilización de custos simplificados nos programas operativos galegos cofinanciados con Feder e FSE para o período 2014-2020, co obxectivo de explorar a fondo e aplicar estas opcións non só nos casos en que o seu uso resulte obrigado senón cando resulte conveniente para alixeirar a carga administrativa de cidadáns e organismos de control e reducir a posibilidade de erro.

d) Reforzo do seguimento da execución dos programas. A autoridade de xestión realizará un estreito seguimento da execución financeira en cada un dos programas co fin de dispoñer dun tempo de reacción suficiente para proceder a eventuais reasignacións ou reprogramacións e evitar así as liberacións automáticas de compromisos. Prevese que esta medida estea operativa en xaneiro de 2016.

e) Evolución e reforzo do sistema informático FSE 2014-2020. Ao longo do proceso de desenvolvemento da aplicación FSE 2014-2020 manteranse informados os organismos intermedios co fin de que adapten os seus propios sistemas, de tal forma que exista unha

interoperabilidade adecuada e poidan transmitir doadamente os datos pertinentes. O novo sistema considerará, entre outras cousas, unha conexión adecuada mediante interfaces cos sistemas da autoridade de auditoría e con SFC2014. Tamén ofrecerá alertas temperás de riscos de descompromiso dos programas.

O sistema informático permitirá un adecuado rexistro e almacenamento de datos e de indicadores para o seguimento e a avaliación que aseguren a calidade da información e a oportuna valoración dos resultados e do impacto do investimento do FSE. Incluirase un rol específico na aplicación informática para os beneficiarios de maneira que poidan introducir a información relativa aos destinatarios finais. Ademais, na selección dos beneficiarios valoraranse especialmente os sistemas de recollida de información.

Por outro lado, convén engadir que a aplicación recolle os datos a nivel de operación. Para garantir un axeitado rexistro de datos no programa, xa que se trata dun programa multirrexión, con moitos organismos intervenientes, a aplicación recollerá os datos a través dunha codificación única (código global de operación) da operación para evitar así que se dupliquen rexistros. Prevese que esta medida estea operativa en novembro de 2015.

Desde a Administración autonómica xa se puxeron en marcha, neste período, medidas de modernización administrativa dirixidas á posibilidade de relacionarse telematicamente coas administracións públicas con todas as garantías, aforrando custos e tempo. O Goberno galego puxo en marcha, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Plan de modernización da Administración pública, articulado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, desde a cal cidadáns/ás e empresas poden exercer, en condicións totalmente seguras, o seu dereito de acceso á información e aos servizos electrónicos da Administración.

Esta web está operativa desde setembro de 2011, co obxectivo de que se converta, de xeito progresivo, no punto de acceso único a toda a Administración na internet, ofrecendo a mesma información e os mesmos servizos que ten agora á súa disposición a cidadanía en calquera dos portelos das consellerías. No marco deste plan, numerosas liñas de axudas encóntranse dispoñibles para a súa tramitación electrónica.

Así mesmo, a consolidación da Axenda dixital de Galicia 2014 supón outra aposta decidida pola simplificación nas relacións entre a Administración e a cidadanía, pois un dos eixes estratéxicos da Axenda é a consolidación dunha Administración intelixente, que replique nos medios electrónicos todo o catálogo de servizos dispoñibles nas súas sedes físicas.

En 14-20 prevese a utilización do sistema de información Fondos 2020, cuxo desenvolvemento parte da actual aplicación Fondos 2007, e será capaz de relacionarse coas ferramentas que defina a Comisión Europea, así como coas dos organismos intermedios.

Fondos 2020 será unha aplicación que, por un lado, funcionará como sistema integral da xestión do FSE, onde se implementarán os procedementos que dean sustento ás funcións da DXFC e das diversas autoridades (xestión, certificación e auditoría). Por outro lado, actuará como "hub" (concentrador) no que, ademais de recibir a información que remitan os organismos intermedios, facilite a todos os participantes nas diferentes fases da xestión dos fondos FSE as interconexións precisas coas ferramentas que garantan unha axeitada xestión, como a utilización de medidas antifraude nacionais e comunitarias (como por exemplo Arachne, ofrecida pola Comisión Europea). Fondos 2020 estará integrado no Esquema nacional de interoperabilidade e integrará unha codificación máis detallada en aspectos como os propios programas operativos, tal e como se exixe nos regulamentos, así como nos criterios de selección de operacións e nos informes anuais.

Considerarase a opción dun sistema de información común para todos os organismos intermedios, que estará dispoñible mesmo na "nube” e que ten por fin reducir os custos totais de propiedade e asegurar a plena dispoñibilidade das aplicacións, seguindo as liñas de avance da Administración electrónica en España.

**3) Sistema reforzado de verificacións**

f) Para poder acometer boa parte das tarefas relacionadas nas medidas expostas e para facilitarlles aos organismos intermedios dos programas o necesario apoio e soporte, a autoridade de xestión contará coa axuda dunha oficina técnica ou estrutura de apoio técnico que reforzará as súas actuais capacidades.

Así mesmo, prevese tamén o reforzo das verificacións de xestión a través da contratación dun servizo específico. Preténdese evitar así as altas taxas de erro nos programas, suplindo as insuficiencias detectadas nas verificacións de xestión nos programas dos períodos anteriores. O obxectivo do servizo será prestar apoio técnico aos organismos intermedios para que dispoñan dun adecuado sistema de xestión e control e completar as verificacións dos ditos organismos intermedios.

g) Prevese a creación dun equipo especializado de control co fin de:

- Supervisar o servizo externo de verificacións da autoridade de xestión.
- Establecer criterios interpretativos sobre elixibilidade de gastos.
- Realizar un seguimento cualitativo das conclusións dos controis de auditoría e da prevalencia de erros sistémicos.

h) Por último, prevese ter para xaneiro de 2016 un sistema reforzado de comprobacións da autoridade de certificación. Reforzarase o sistema de comprobacións da autoridade de certificación co fin de evitar duplicidades nas verificacións xa realizadas pola autoridade de xestión e orientar o seu traballo cara á análise da calidade das verificacións de xestión realizadas.

Estes últimos puntos contribuirán eficazmente a paliar posibles fraudes, deficiencias e irregularidades en procedementos de contratación. O artigo 125.4.c) do Regulamento UE 1303/2013 establece como función da autoridade de xestión a de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas, tendo en conta os riscos detectados e, en cumprimento diso, prevese reforzar os mecanismos non só de verificacións senón tamén de actuacións de control.

Describirase un marco que garanta que se realizarán exercicios de xestión de risco adecuados, sempre e cando sexa necesario e, en particular, en caso de modificacións importantes das actividades. Todo iso tendo moi presente o principio de proporcionalidade que, evidentemente, vai asociado ao nivel de axuda asignada.

Este marco de xestión de riscos recollerá, á vez, novos procedementos (modelo de avaliación ou autoavaliación de riscos, que pola súa vez ten a derivación das medidas antifraude) e procedementos xa utilizados con anterioridade (sistema de verificacións).

A aplicación dun modelo de xestión de riscos e o afondamento nas verificacións de xestión persegue un beneficio superior: a detección e redución das irregularidades asociadas á xestión e, na dita medida, a mitigación do impacto da actividade fraudulenta. Por iso, hai que entender os riscos de fraude como unha categoría dentro das irregularidades. Canta maior prevención e maior control, maior incidencia na diminución de irregularidades e, por conseguinte, menor probabilidade de fraude.

Este marco quedará plasmado nos manuais e fichas de procedementos xerais de xestión.

No que respecta á estratexia antifraude, a autoridade de xestión constituirá un equipo especializado en avaliación de risco. Desde o dito equipo estableceranse a coordinación e os mecanismos homoxéneos que deben operar nos modelos de xestión de riscos. Estableceranse as directrices e o desenvolvemento destas, e servirá de elemento unificador entre as diferentes organizacións con modelos de xestión de riscos. As accións de formación e sensibilización non só axudarán a conseguir que unha estratexia de xestión de riscos poida alcanzar os resultados previstos senón que tamén servirán para concienciar da importancia do desenvolvemento dunha cultura antifraude.

Ademais, o Estado español, mediante Real decreto 802/2014, do 19 de setembro, creou o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, ao cal corresponden, sen prexuízo das competencias da Axencia Estatal da Administración Tributaria, as seguintes funcións:

- Dirixir a creación e posta en marcha das estratexias nacionais e promover os cambios lexislativos e administrativos para protexer os intereses da UE.
- Identificar as posibles deficiencias dos sistemas nacionais para a xestión de fondos da UE
- Establecer as canles de coordinación e información sobre irregularidades e sospeitas de fraude entre as diferentes institucións nacionais e a Oficina Europea de Loita contra a Fraude.
- Promover a formación para a prevención e loita contra a fraude.

O Servizo Nacional de Coordinación Antifraude contará coa autoridade de auditoría para a avaliación dos sistemas de xestión e control para o marco de programación 2014-2020 no relativo ao establecemento das medidas máis eficaces e proporcionadas. Así mesmo, este servizo reforzará a coordinación institucional e a comunicación para mellorar a prevención e a loita contra a fraude no ámbito dos fondos europeos.

Ademais, convén mencionar outros aspectos que contribuirán á redución de cargas administrativas para os beneficiarios:

- Harmonización das normas con outros fondos MEC:

  A posibilidade que permite o Regulamento de disposicións comúns en relación coa planificación, subvencionabilidade e financiamento reduce o número de documentos estratéxicos a un documento nacional e a un da UE para os cinco fondos MEC, o que diminúe a complexidade para os beneficiarios, que se vían obrigados a familiarizarse con múltiples normas, o que daba pé a cometer posibles erros que poderían ter consecuencias financeiras na xestión dos fondos.

- Seguridade xurídica mediante normas máis claras:

  As normas claras e sinxelas poden ser unha importante fonte de simplificación. Tomando como punto de partida as leccións aprendidas no período 2007-2013, ao longo do 2014-2020 serán informados debidamente os organismos intermedios en relación cos ámbitos máis relevantes na xestión do FSE, entre os cales se encontran: operacións, criterios de selección de operacións, seguimento trimestral da execución, indicadores, informes anuais de execución, irregularidades, simplificación, verificacións, boas prácticas, axudas ao emprego e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e non discriminación.

  As autoridades e os organismos participantes na xestión do programa operativo elaborarán as instrucións oportunas, necesarias para unha boa xestión, así como para simplificación no acceso dos beneficiarios ás actuacións deste programa operativo.

  Por outra parte, na medida do posible, reducirase o emprego do papel na impartición de instrucións, fomentando o uso dos medios telemáticos.

  Prevese, polo tanto, a elaboración dunha norma de elixibilidade que compile as principais normas de elixibilidade, así como unha guía coas pautas de implementación dos programas. Así mesmo, en liña coas recomendacións da Comisión en materia de anticorrupción, seguiranse as indicacións das estratexias antifraude establecidas a nivel europeo e nacional.

- Execución máis eficiente e xeración de informes máis lixeiros:

No período de programación 2014-2020 os informes anuais de carácter ordinario serán notablemente máis lixeiros e ofrecerán unicamente os datos esenciais sobre o progreso realizado. O primeiro informe anual non se presentará ata 2016. A xeración de informes máis automatizados e lixeiros reducirá a carga que supón producir un informe anual, garantindo unha xestión máis proporcionada.

Por outra parte, da experiencia na xestión dos programas operativos de ámbito estatal no período de programación 2007-2013, obsérvase a importancia de involucrar debidamente todos os socios nas diferentes fases do proceso, desde a programación ata a xestión, seguimento, avaliación e control dos fondos.

A modo de conclusión, é importante destacar que as medidas expostas serán financiadas con cargo ao Programa operativo de asistencia técnica FSE 2014-2020, cuxa asignación financeira ascende a 35.000.000 €. Con iso ponse de manifesto, unha vez máis, a complementariedade entre programas operativos, tal e como se mencionou en epígrafes anteriores.

Levaranse a cabo todas estas medidas nos prazos indicados no cronograma recollido no Plan de acción da UAFSE.

No referente ao desenvolvemento sustentable, a autoridade ambiental rexional ditou un informe favorable á non inclusión da avaliación ambiental na programación do FSE. Do mesmo modo, a nivel nacional, a UFASE someteu algún dos programas plurirrexionais á análise da autoridade ambiental, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Ambiente, pertencente á Secretaría de Estado de Medio Ambiente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que determinou que o programa operativo non se encontra incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 decembro, de avaliación ambiental e, polo tanto, non é necesaria para este unha avaliación de impacto ambiental; sendo esta lexislación de aplicación nacional enténdese que ningún dos programas operativos do FSE se encontra incluído neste ámbito.

| **Iniciativas de redución da carga administrativa para os beneficiarios** | **Calendario estimativo de implementación da medida** | **Observacións** |
|---|---|---|
| Redución do número e adecuación dos organismos no período 2014-2020 | Xa implementada | O PO prevé un único organismo intermedio na Comunidade Autónoma |
| Harmonización das normas con outros fondos EIE | Xa implementada | A simplificación normativa xa deriva dos regulamentos comunitarios que regulan os fondos EIE |
| Seguridade xurídica mediante normas máis claras | En proceso de implementación ao longo do ano 2015 | Actualmente está en trámite o proceso para a designación das autoridades competentes, e encóntranse en fase de elaboración os documentos descritivos do sistema de xestión e control.<br><br>Ao longo de 2015 elaboraranse os manuais, directrices e demais documentos descritivos dos procedementos para os organismos implicados na xestión e beneficiarios. |
| Execución máis eficiente e xeración de informes máis lixeiros | Maio de 2016 | O primeiro informe anual de execución presentarase non máis tarde do 31 de maio de 2016 (arts. 50 e 111 do Regulamento (UE) nº 1303/2013) |
| Redución da carga administrativa para os beneficiarios mediante metodoloxías de custos simplificados | A partir do ano 2015 | En fase de elaboración polo organismo intermedio un estudo sobre posibilidades de utilización de metodoloxías de custos simplificados en distintas actuacións do PO. Xa se elaboraron métodos para actuacións concretas. |
| Sistemas de información | En proceso de implementación desde | A autoridade de xestión está a desenvolver na actualidade a aplicación informática FSE 2014-2020, que avanzará |

| | | |
|---|---|---|
| | 2014 | modularmente ao longo do ano 2016.<br><br>Paralelamente, o organismo intermedio está a traballar no deseño dunha ferramenta informática de xestión compatible con FSE 2014-2020. |
| Extensión da xestión electrónica dos expedientes | Decembro de 2015 | De acordo co exixido no art. 122.3 do Regulamento (UE) nº 1303/2013) |

# 11. PRINCIPIOS HORIZONTAIS

## 11.1. Desenvolvemento sustentable

No artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 establécese que nos programas do FSE os Estados membros e a Comisión Europea velarán por que a preparación e a execución dos acordos de asociación e os programas operativos contribúan ao desenvolvemento sustentable e á conservación, protección e mellora da calidade do ambiente, e apoien o cambio a unha economía de baixa emisión de carbono, adaptada ao cambio climático, que faga un uso eficaz dos recursos e sexa ambientalmente sustentable. Iso pódese facer mediante a mellora dos sistemas de educación e formación que se precisan para a adaptación das capacidades e cualificacións necesarias, a mellora das competencias profesionais e a creación de novos postos de traballo en sectores relacionados co ambiente e a enerxía.

No marco normativo que se especifica no citado acordo, as actuacións executadas ao abeiro deste programa determinaranse procurando minimizar os riscos de impacto ambiental de maneira que, a igual resultado, se priorizarán aquelas que máis favorezan o desenvolvemento sustentable.

En liña co Acordo de asociación, as actuacións responderán aos obxectivos específicos sinalados na sección 2 e, pola súa vez, de modo transversal, aos seguintes:

- Principio de eficiencia enerxética, en busca dunha redución do consumo enerxético.
- Fomento de enerxías renovables.
- Economía baixa en carbono, coa redución de gases de efecto invernadoiro (GEI).
- Mitigación e adaptación ao cambio climático 19.
- Prevención e xestión de riscos (incendios, desertización, inundacións, etc.).

Así, na selección de operacións de acordo cos obxectivos específicos e prioridades de investimento que se sinalan na sección 2, fomentaranse, entre outros aspectos, os seguintes:

- Formación en servizos enerxéticos, orientación e mellora da capacitación profesional cara a este tipo de servizos.
- Formación en enerxías renovables xa consolidadas ou con alto potencial de desenvolvemento (solar, eólica, biomasa, xeotérmica).
- Fomento de novos viveiros de emprego nas zonas con recursos de alto potencial (recursos mariños e xeotermia).
- Realización de estudos sobre as enerxías renovables.
- Fomento da contratación e do autoemprego no sector da eficiencia enerxética (especialmente para pemes) e de servizos enerxéticos.
- Aproveitamento de redes de profesionais e empresas xa formadas e con experiencia no sector.
- Priorización de actuacións que reduzan as emisións directas de GEI e indirectas polo uso de enerxía.
- Apoio ao emprendemento e á consolidación do sector empresarial no ámbito da economía verde, a saber: xestión de residuos, biodiversidade, turismo de natureza, xestión e uso eficiente de recursos hídricos, etc.
- Conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais 20.

---

[19] Utilizarase, como referente, o terceiro programa de traballo (2014-20) adoptado no marco do Plan nacional de adaptación ao cambio climático (PNACC, 2006).

No caso do programa operativo FSE de Galicia 2014-2020 non resultan de aplicación os requisitos da Directiva EAE. Esta circunstancia será acreditada pola autoridade ambiental competente na materia.

A seguir cítanse algúns **exemplos** sobre como o programa atenderá esta exixencia normativa:

- Nos programas mixtos de emprego e formación da prioridade de investimento 8.1, a prospección que se realice pode incluír a identificación dos sectores con maior potencial de creación de emprego, entre os cales se poden encontrar os ligados ao ambiente.

- Dentro das actuacións que se incluíron no programa operativo vinculadas ao obxectivo temático 2, desenvolveranse accións de apoio a través de incentivos á creación de empresas con base tecnolóxica (iniciativas de emprego de base tecnolóxica). Deste xeito, fomentarase a implantación de novos medios produtivos tecnoloxicamente máis avanzados que comportan un efecto positivo para o ambiente.

## 11.2. Igualdade de oportunidades e non discriminación

O artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 establece que nos programas de FSE os Estados membros e a Comisión Europea velarán por que se teñan en conta e se promovan a igualdade entre homes e mulleres e a integración da perspectiva de xénero ao longo da preparación e a execución dos programas, entre o que se inclúe o que se refire ao seguimento, a presentación de informes e a avaliación. Así mesmo, exixe que os Estados membros e a Comisión tomen as medidas oportunas para evitar calquera discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual durante a preparación e execución dos programas. En particular, durante a preparación e aplicación dos programas terase en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade.

Os programas poden apoiar medidas específicas mediante as cales se propoña loitar contra calquera tipo de discriminación, mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade, favorecer a integración no emprego e na educación e a formación das persoas máis vulnerables, reducir as desigualdades en termos de estado de saúde e acceso aos servizos sociais, etc., sempre tendo en conta os ámbitos de intervención do FSE establecidos no artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1304/2013.

Neste sentido, o programa operativo, na súa prioridade de investimento 9.1 enfocado á inclusión activa, considera de forma específica actuacións dirixidas a persoas en situación ou risco de exclusión coa finalidade de favorecer a súa inserción laboral. En particular, prevese a posta en marcha de accións de apoio a mozos con medidas de protección ou de responsabilidade penal, a mulleres vítimas da violencia de xénero, así como a outros colectivos en situación ou con potencial risco de exclusión social (poboación beneficiaria ou demandante de asilo, refuxio e outras formas de protección internacional, poboación xitana, persoas con discapacidade, etc.).

Así mesmo, no marco da prioridade de investimento 9.4 inclúense actuacións enfocadas a mellorar o acceso aos servizos sociais e sanitarios, así como a atención a persoas pertencentes a colectivos especialmente vulnerables.

A seguir cítanse varios exemplos concretos que mostran o enfoque das accións nesta materia:

---

[20] Os ecosistemas forestais constitúen os principais sumidoiros de carbono, de aí a súa importancia na mitigación e adaptación ao cambio climático.

- Formúlanse intervencións de atención a colectivos específicos como a menores con medidas de protección ou de responsabilidade penal consistentes en desenvolver un itinerario personalizado de inserción que teña en conta a situación de vulnerabilidade e que contribúa a paliar os déficits identificados.

- Así mesmo, as actuacións do programa operativo diríxense a fortalecer o Plan de inclusión social activa de Galicia 2014-2020, co obxectivo de promover os procesos de (re)integración social e laboral de persoas e familias en situación ou en risco de exclusión social a través de accións sociais específicas, que sexan complementarias daquelas que se prestan con carácter xeral para a formación e o emprego. Neste sentido, no marco do obxectivo temático 9, eixe prioritario 2, desenvolveranse accións individualizadas de formación e acompañamento social coas persoas en situación ou risco de exclusión social, así como accións cos colectivos desfavorecidos e proxectos de dinamización sociocomunitaria en áreas en exclusión territorial.

Prevese, así mesmo, un programa de formación e asesoramento para as persoas con discapacidade, en que se levarán a cabo actividades formativas adaptadas ás necesidades, en función do itinerario personalizado establecido para cada participante, que incluirá as seguintes áreas: área de desenvolvemento persoal e social (alimentación e hábitos, habilidades do coidado persoal relacionadas coa hixiene, comida, vestido, aseo e aparencia persoal, apoio social…); área básicá e prelaboral (formación prelaboral e formación básica).

- As intervencións tamén se dirixen a facilitar a implementación dando continuidade e concreción das políticas definidas na Estratexia galega de discapacidade para a integración, na Estratexia galega de envellecemento desde a innovación, no Programa galego para a promoción da accesibilidade, no Plan galego de persoas maiores, no Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia e na Estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia.

- Ademais, desenvolveranse accións para a formación do persoal responsable da implementación das carteiras de servizos sociais. Neste sentido, esta actuación diríxese a mellorar os servizos provistos a colectivos con necesidades especiais (persoas maiores, persoas dependentes e persoas con discapacidade) e, deste xeito, facilitar a súa integración nos servizos sociais.

- No marco do obxectivo temático 9, eixe prioritario 2, do programa operativo, naquelas actuacións dirixidas a facer efectivo o modelo de accesibilidade, púxose de manifesto a posta en marcha de accións específicas dirixidas a diferentes colectivos con necesidades especiais en materia de accesibilidade e de autonomía persoal. Nesta liña, poñeranse en marcha medidas para facilitar a formación dos profesionais das entidades prestadoras de servizos sociais a persoas con discapacidade, axudas para o acceso aos servizos de promoción da autonomía persoal para as persoas con discapacidade, xunto coa implantación da Rede galega de atención temperá, baseada na prestación de servizos integrados, sociais, sanitarios e educativos, principalmente, para a poboación infantil (ata os 6 anos) con discapacidade ou outras situacións de vulnerabilidade que freen o seu desenvolvemento.

## 11.3. Igualdade entre homes e mulleres

O artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 establece que os programas FSE os Estados membros e a Comisión Europea velarán por que se teñan en conta e se promovan a igualdade entre homes e mulleres e a integración da perspectiva de xénero ao longo da preparación e da execución dos programas, entre o que se inclúe o que se refire ao seguimento, a presentación de informes e a avaliación. Así mesmo, exixe que os Estados membros e a Comisión tomen as medidas oportunas para evitar calquera discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual durante a preparación e execución dos programas.

Actualmente, o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 desenvolve os seguintes eixes de actuación: acción integral para combater a violencia de xénero; mellora do goberno a favor da igualdade; cambio de valores e modelos para a igualdade; aproveitamento do talento feminino; conciliación corresponsable e calidade de vida, e participación activa das mulleres na sociedade.

Este enfoque integral do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 trasladouse ao programa operativo. Para iso contouse coa participación clave da Secretaría Xeral da Igualdade.

Na **fase de programación** considérase o principio de igualdade entre homes e mulleres como un elemento de aplicación transversal a todas as actuacións incluídas no programa operativo.

- O programa ten en conta as fendas de xénero existentes en Galicia e analiza todos os datos por sexo, sinala os principais resultados esperados para homes e mulleres, e fixa criterios de selección de operacións que garantan que os recursos alcanzan por igual a ambos os dous sexos.

- O programa recolle accións específicas en materia de emprego e relacións laborais desde a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Na **fase de implementación** adoptaranse as seguintes medidas:

- Potenciarase o uso de cláusulas sociais en convenios, convocatorias de subvencións e contratacións públicas que promovan a igualdade entre mulleres e homes.

- Estableceranse criterios de selección de operacións que integren a promoción da igualdade de xénero.

- Os informes de execución anuais incluirán información sobre a execución relativa á promoción da igualdade entre homes e mulleres.

- A estratexia de comunicación do programa visibilizará a achega das mulleres e o seu acceso ao FSE.

- Tanto a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza continuarán participando activamente na Rede de políticas de igualdade.

Na **fase de seguimento e avaliación** adoptaranse as seguintes medidas:

A avaliación *ex ante* xa valorou a adecuación das medidas planeadas para promover a igualdade entre mulleres e homes, e o programa contará cun ditame na materia. Ademais:

- Os sistemas informáticos de seguimento do FSE permitirán recoller todos os datos desagregados por sexo.

- A Secretaría Xeral da Igualdade formará parte do Comité de Seguimento do programa, no cal se velará por unha participación equilibrada de mulleres e homes.

- Definirase un sistema de seguimento específico que permita valorar a existencia de novas fendas ou agrandamento das actuais, a posible vinculación das accións desenvolvidas no marco do programa operativo en relación ás fendas de xénero en Galicia e o grao de aplicación de medidas correctoras que se determinasen no marco do ditame.

- Nas avaliacións que se realicen analizarase a integración transversal do principio de igualdade de xénero no programa.

Na **fase de implementación** adoptaranse as seguintes medidas:

A igualdade entre mulleres e homes non só se promoverá a nivel de programa, incorporando transversalmente o xénero nas distintas fases de execución tal e como se describiu anteriormente, senón tamén a nivel de operación.

Velarase por que cada proxecto cofinanciado teña en conta no seu deseño e implementación as fendas de xénero existentes no seu ámbito de intervención. A seguir cítanse varios exemplos:

- Dentro do OT 8, eixe 1, formúlase a posta en marcha de medidas para promover a igualdade laboral entre as pequenas e medianas empresas. Neste sentido, fomentaranse as accións de formación sobre igualdade e a elaboración e implantación de plans de igualdade. Finalmente, promoveranse axudas para combater a infrarrepresentación da muller e promover a conciliación da vida laboral e privada.

- No marco do OT 9, eixe 2, desenvolveranse actuacións dirixidas especificamente á mellora da igualdade:

  - Accións para promover a igualdade nas entidades locais mediante a elaboración de plans de igualdade.

  - Medidas específicas para mellorar a situación social e de emprego das mulleres rurais a través da mellora da súa empregabilidade.

  - Medidas de conciliación da vida laboral e privada, así como a corresponsabilidade.

- Así mesmo, no presente PO propóñense actuacións dirixidas especificamente ás mulleres vítimas de violencia de xénero, así como das vítimas da trata de mulleres con fins de explotación sexual.

# 12. ELEMENTOS INDEPENDENTES

## 12.1. Grandes proxectos que se van executar durante o período de programación

A programación definida para o período 2014-2020 non recolle proxectos que poidan ter a consideración de gran proxecto, segundo queda definido no artigo 100 do Regulamento (UE) nº 1303/2013[21].

***Cadro 27. Lista dos grandes proxectos***

## 12.2. Marco de rendemento do programa operativo

***Cadro 28. Marco de rendemento por fondo e categoría de rexión (cadro recapitulativo).***

| Eixe prioritario | Fondo | Categoría de rexión | Indicador ou etapa clave de execución | Unidade de medida, cando proceda | Fito para 2018 | Meta final (2023)[22] | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | H | M | T |
| Eixe 1B | FSE | Máis desenvolvida | Desempregados, incluídos os de longa duración | Número | 9.458 | 17.235 | 10.089 | 27.324 |
| Eixe 1B | FSE | Máis desenvolvida | Financeiro | Euros | 30.628.600 | | | 121.251.615 |
| Eixe 2B | FSE | Máis desenvolvida | Participantes en situación ou risco de exclusión social | Número | 8.338 | 11.742 | 11.066 | 22.808 |
| Eixe 2B | FSE | Máis desenvolvida | Financeiro | Euros | 26.581.450 | | | 104.073.585 |
| Eixe 3B | FSE | Máis desenvolvida | Persoas con estudos de ensino primario (CINE 1) ou secundario (CINE 2) | Número | 6.867 | 13.034 | 12.030 | 25.064 |
| Eixe 3B | FSE | Máis desenvolvida | Financeiro | Euros | 35.429.756 | | | 155.473.456 |

[21] *Operación que comprenda unha serie de traballos, actividades ou servizos e que estea dirixida a efectuar unha tarefa indivisible dunha natureza económica ou técnica precisa con obxectivos claramente definidos e para a cal o custo subvencionable total sexa superior a 50 000 000 EUR e, no caso das operacións que contribúan ao obxectivo temático previsto no artigo 9, parágrafo primeiro, apartado 7, cando o custo subvencionable total sexa superior a 75 000 000 EUR"*

[22] Os valores previstos poden presentarse en forma de total (homes + mulleres) ou desagregados por xénero.

## 12.3. Socios pertinentes que participan na preparación do programa

A seguir identifícanse as organizacións que participaron na preparación do programa:

- Administración autonómica da Xunta:
    - Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.
    - Dirección Xeral de Emprego e Formación.
    - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
    - Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
    - Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
    - Secretaría Xeral de Universidades.
    - Secretaría Xeral de Traballo e Benestar.
    - Secretaría Xeral da Igualdade.
    - Secretaría Xeral de Política Social.
    - Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
    - Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.
    - Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
    - Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
    - Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
    - Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
    - Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
    - Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
    - Secretaría Xeral da Emigración.
    - Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes.
    - Secretaría Xeral do Mar.
    - Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.
    - Servizo Galego de Saúde (Sergas).
    - Instituto Galego de Estatística (IGE).

- Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
- Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp).
- Axencia Galega de Innovación (GAIN).

- Administración xeral do Estado:
  - Ministerio de Emprego e Seguridade Social
    - Subdirección Xeral da UAFSE.
  - Ministerio de Facenda e Administracións Públicas
    - Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.
- Administración local:
  - Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).
- Organizacións económicas e sociais:
  - CC.OO.
  - UGT
  - Confederación de Empresarios de Galicia.
  - Consello Económico e Social.
  - Consello Galego de Cámaras.
  - Confederación Intersindical Galega.
  - Confederación Galega de APA de Centros Públicos (Confapa Galicia).
  - Confederación Galega de Asociacións de Pais de Alumnos (Congapa).
  - Cogami.
  - Fundación Érguete-Integración.
  - ONG Ecos do Sur.
  - Médicos del Mundo.
  - Cáritas.
  - Fundación Secretariado Xitano (FSG).
  - EAPN Galicia.
  - Cruz Vermella.

  - CERMI Galicia.
  - Federación Territorial de Asociacións Provinciais de Pensionistas e Xubilados de Galicia (Fetega).
  - Confederación Galega de Organizacións de Maiores.
  - ATEGAL. Aulas da Terceira Idade.
  - Unión de Cooperativas de Traballo Asociado (Ugacota).
  - Federación de Empresas Cooperativas Sinerxia.

- Institucións educativas:
  - Universidade de Vigo.
  - Universidade da Coruña.
  - Universidade de Santiago de Compostela.
  - Centro Integrado de Formación Profesional A Farixa (Ourense).

# 13. ANEXOS DO PROGRAMA OPERATIVO

## 13.1. Informe da avaliación *ex ante*, xunto cun resumo executivo

## 13.2. Documentación relativa á avaliación da aplicabilidade e o cumprimento das condicións *ex ante*

## 13.3. Ditame do organismo responsable de igualdade

## 13.4. Resolución da autoridade ambiental da C.A. de Galicia

## 13.5. Indicadores de resultado

## 13.6. Metodoloxía do sistema de indicadores

# 14. RESUMO FINANCEIRO PREVISTO DO PROGRAMA OPERATIVO POR OBXECTIVO TEMÁTICO, PRIORIDADES DE INVESTIMENTO, OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E CAMPOS DE INTERVENCIÓN

| EIXE / OBXECTIVO TEMÁTICO | PRIORIDADE DE INVESTIMENTO | OBXECTIVO ESPECÍFICO | CAMPO DE INTERVENCIÓN | AXUDA FSE (€) |
|---|---|---|---|---|
| **Eixe1B / OT8. Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral** | | | | **97.001.292** |
| | **PI.8.1 Facilitar o acceso ao emprego dos desempregados e persoas inactivas, incluídas as persoas paradas de longa duración e persoas afastadas do mercado laboral, incluídas as iniciativas locais de emprego e apoio á mobilidade laboral** | | | **11.600.000** |
| | | 8.1.2.- Mellorar a empregabilidade, especialmente das persoas desempregadas e/ou demandantes de emprego, a través da adquisición e/ou actualización de competencias profesionais. | | 3.600.000 |
| | | | 102 Acceso ao emprego dos solicitantes de emprego e persoas inactivas, incluídos desempregados de longa duración e persoas afastadas do mercado laboral, incluídas as iniciativas locais de emprego e o apoio á mobilidade laboral | 3.600.000 |
| | | 8.1.3.- Aumentar a contratación de carácter estable das persoas desempregadas e/ou demandantes de emprego, incluídas as de longa duración e aquelas de máis idade. | | 2.000.000 |
| | | | 102 Acceso ao emprego dos solicitantes de emprego e persoas inactivas, incluídos desempregados de longa duración e persoas afastadas do mercado laboral, incluídas as iniciativas locais de emprego e o apoio á mobilidade laboral | 2.000.000 |
| | | 8.1.5.- Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente daquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, incluídas as iniciativas locais de emprego. | | 6.000.000 |
| | | | 102 Acceso ao emprego dos solicitantes de emprego e persoas inactivas, incluídos desempregados de longa duración e persoas afastadas do mercado laboral, incluídas as iniciativas locais de emprego e o apoio á mobilidade laboral | 6.000.000 |
| | **PI.8.3 Promover o traballo por conta propia, o espírito empresarial e a creación de empresas, incluídas as pemes e as microempresas innovadoras** | | | **58.960.240** |
| | | 8.3.1.- Aumentar as competencias emprendedoras e incrementar o número de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables creadas, facilitando o seu financiamento e mellorando a calidade e eficiencia dos servizos de apoio e de consolidación. | | 58.960.240 |

| EIXE / OBXECTIVO TEMÁTICO | PRIORIDADE DE INVESTIMENTO | OBXECTIVO ESPECÍFICO | CAMPO DE INTERVENCIÓN | AXUDA FSE (€) |
|---|---|---|---|---|
| | | | 104 Traballo por conta propia, espírito emprendedor e creación de empresas, incluídas as microempresas e as peme innovadoras | 58.960.240 |
| | **PI.8.4 A igualdade entre homes e mulleres en todas as áreas, incluído o acceso ao emprego e á carreira profesional e a conciliación da vida laboral e a privada, así como a promoción do salario igualitario pola realización do mesmo traballo** | | | **10.141.132** |
| | | 8.4.1.- Aumentar a contratación de mulleres, especialmente en sectores económicos que presentan un alto potencial de emprego con escasa presenza feminina. | | 3.452.132 |
| | | | 105 Igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos, sobre todo no acceso ao emprego, o desenvolvemento da carreira e a conciliación do traballo e a vida privada, e promoción da igualdade de retribución para un mesmo traballo | 3.452.132 |
| | | 8.4.2.- (Re)integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral. | | 6.689.000 |
| | | | 105 Igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos, sobre todo no acceso ao emprego, o desenvolvemento da carreira e a conciliación do traballo e a vida privada, e promoción da igualdade de retribución para un mesmo traballo | 6.689.000 |
| | **PI.8.5 Fomentar a adaptación ao cambio dos traballadores, as empresas e os empresarios** | | | **16.299.920** |
| | | 8.5.1.- Adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado laboral, así como mellorar a súa situación contractual para garantir o seu mantemento no emprego e permitir a súa progresión profesional. | | 16.299.920 |
| | | | 106 Adaptación ao cambio de traballadores, empresas e emprendedores | 16.299.920 |
| **Eixe2B / OT9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación** | | | | **83.258.868** |
| | **PI.9.1 A inclusión activa, en particular con vistas a fomentar a igualdade de oportunidades, a participación activa e a mellora da empregabilidade** | | | **54.400.000** |
| | | 9.1.1.- Mellorar a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, a través da activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción. | | 54.400.000 |

| EIXE / OBXECTIVO TEMÁTICO | PRIORIDADE DE INVESTIMENTO | OBXECTIVO ESPECÍFICO | CAMPO DE INTERVENCIÓN | AXUDA FSE (€) |
|---|---|---|---|---|
| | | | 109 Inclusión activa, sobre todo para promover a igualdade de oportunidades e a participación activa, e mellorar a capacidade de inserción profesional | 54.400.000 |
| | **PI.9.3 A loita contra toda forma de discriminación e o fomento da igualdade de oportunidades** | | | **21.858.868** |
| | | 9.3.1. Aumentar a integración sociolaboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, evitando pola súa vez a discriminación múltiple. | | 21.858.868 |
| | | | 111 Loita contra toda forma de discriminación e fomento da igualdade de oportunidades | 21.858.868 |
| | **PI.9.4 O acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral** | | | **7.000.000** |
| | | 9.4.1.- Mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables a servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación, incluíndo a eliminación dos estereotipos. | | 7.000.000 |
| | | | 112 Facilitar o acceso a servizos accesibles, sustentables e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral | 7.000.000 |
| **Eixe 3B / OT10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente** | | | | **124.378.765** |
| | **PI.10.1 A prevención e redución do abandono escolar temperán, o fomento da igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de calidade, incluídos itinerarios formativos (formais, non formais e informais) para a reintegración na educación e formación** | | | **76.170.256** |
| | | 10.1.2.- Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos, especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizadas e de proxectos dos centros ou os organismos competentes. | | 76.170.256 |
| | | | 115 Reducir e previr o abandono escolar e promover a igualdade de acceso a unha educación infantil, primaria e secundaria de calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe da educación formal, non formal e informal para reintegrarse na educación e na formación. | 76.170.256 |

| EIXE / OBXECTIVO TEMÁTICO | PRIORIDADE DE INVESTIMENTO | OBXECTIVO ESPECÍFICO | CAMPO DE INTERVENCIÓN | AXUDA FSE (€) |
|---|---|---|---|---|
| | **PI.10.2 A mellora da calidade, a eficacia e o acceso da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para persoas desfavorecidas** | | | **12.000.000** |
| | | 10.2.1.- Aumentar o número de alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres. | | 12.000.000 |
| | | | 116 Mellorar a calidade e a eficiencia do ensino superior e ciclos equivalentes e facilitar o seu acceso, co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente dos grupos desfavorecidos | 12.000.000 |
| | **PI.10.3 Mellorar o acceso á aprendizaxe permanente para todos os grupos de idade, na súa vertente formal, non formal e informal, actualizando o coñecemento, habilidades e competencias das persoas traballadoras e fomentar a flexibilidade dos itinerarios formativos a través, entre outros, da orientación profesional e acreditación de competencias adquiridas** | | | **3.840.000** |
| | | 10.3.2.- Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de competencias profesionais ou certificación de experiencia laboral ou de nivel educativo. | | 3.840.000 |
| | | | 117 Mellorar a igualdade de acceso á aprendizaxe permanente para todos os grupos de idade nunha actividade formal, non formal e informal, mellorar os coñecementos, as aptitudes e as competencias da poboación activa, e promover itinerarios flexibles de aprendizaxe permanente mediante medidas de orientación profesional e validación de competencias adquiridas | 3.840.000 |
| | **PI.10.4 Mellorar a importancia dos sistemas de educación e formación para o mercado laboral, facilitando a transición desde a escola ao traballo e fortalecendo os sistemas de educación e formación profesional e a súa calidade, a través, entre outros, de mecanismos de anticipación de destrezas e habilidades, adaptación de títulos profesionais e o establecemento e desenvolvemento de sistemas de aprendizaxe no lugar de traballo, con inclusión do sistema de formación dual e dos programas de aprendizaxe** | | | **32.368.509** |
| | | 10.4.1 Aumentar a participación na formación profesional de grao medio e superior e mellorar a calidade da formación profesional. | | 32.368.509 |

| EIXE / OBXECTIVO TEMÁTICO | PRIORIDADE DE INVESTIMENTO | OBXECTIVO ESPECÍFICO | CAMPO DE INTERVENCIÓN | AXUDA FSE (€) |
|---|---|---|---|---|
| | | | 118 Mellorar a adecuación ao mercado laboral dos sistemas de educación e formación, facilitando a transición da educación ao traballo e reforzando os sistemas de educación e formación profesional e a súa calidade, mesmo a través de mecanismos para anticipar a necesidade de cualificacións, a adaptación dos plans de estudo e o establecemento e desenvolvemento de sistemas de aprendizaxe no traballo, con inclusión de sistemas duais e de aprendizaxe | 32.368.509 |
| **Eixe 8B. Asistencia técnica** | | | | **8.504.047** |
| | **PI.99.99 Asistencias técnicas** | | | **8.504.047** |
| | | 99.99.1 Preparación, execución, seguimento e inspección | | 4.252.021 |
| | | | 121 Preparación, execución, seguimento e inspección | 4.252.021 |
| | | 99.99.2 Avaliación e estudos | | 1.700.810 |
| | | | 122 Avaliación e estudos | 1.700.810 |
| | | 99.99.3 Información e comunicación | | 2.551.216 |
| | | | 123 Información e comunicación | 2.551.216 |
| **Total xeral** | | | | **313.142.972** |